ESPAZOS SEN MEMORIA

OS ASENTAMENTOS XUDEU-CONVERSOS EN GALIZA



escola superior gallaecia

MESTRADO INTEGRADO EN ARQUITECTURA E URBANISMO

Patricia Armada Iglesias

VILANOVA DE CERVEIRA_XANEIRO DE 2021

escola superior gallaecia

MESTRADO INTEGRADO EN ARQUITECTURA E URBANISMO
Unidade Curricular A50 Projeto Dissertaçao|10º Semestre, 2020/21

ESPAZOS SEN MEMORIA:
OS ASENTAMENTOS XUDEU–CONVERSOS EN GALIZA

DISSERTAÇÃO DE MESTRADO INTEGRADO

Candidata: **PATRICIA ARMADA IGLESIAS**
Orientadoras: **Profesora Doutora Mariana Correia**
Profesora Doutora Goreti Sousa

PREÁMBULO

Logo de varias propostas de estudo e ante a posibilidade de indagar sobre cuestións descoñecidas, ocultadas primeiro e esquecidas posteriormente, causa interese e curiosidade a investigación sobre a arquitectura con trazos xudaicos e toda a rede que se enlaza en torno ó xudaísmo, así como a mestura que tivo coa nosa arquitectura e cultura.

Realizo o traballo na lingua que me viu nacer, e que igual que o xudaísmo na Galiza, sufriu tamén o intento de disimulación por parte de políticas centralizadoras que, incriblemente, aínda hoxe non admiten o enorme valor, potencial e utilidades que ten o idioma galego, entre elas, a aproximación coa lingua do país veciño, Portugal.

AGRADECEMENTOS

A todos os Simóns.

Ós que me abriron as súas portas, as das súas vivenzas e tradicións, as dos seus coñecementos entorno ó mundo xudeu-converso, rodeado de tanto misterio ó longo dos séculos, e ós que debemos parte da nosa historia.

Á Profesora Doutora Mariana Correia e a Profesora Doutora Goreti Sousa, que como coordinadoras desta investigación, souberon dirixirme neste camiño para que non me desalentara. Agradecida sempre polo seu saber e implicación neste traballo, e por axudarme a facer posible a materialización dunha proposta complexa.

Ós demais docentes da ESG, polo aportación de diferentes puntos de vista sobre como proxectar a arquitectura.

Finalmente, á familia e amigos, polo apoio incondicional, pola confianza e sobre todo, polo cariño.

RESUMO | Português

A cultura judaica é caracterizada por ter uma identidade muito acentuada e estritamente regida por preceitos religiosos. A experiência da diáspora e a condição de minoria, levaram o povo judeu a lutar para que sua identidade prevalecesse, apesar da repressão. Essa resistência e a forte adesão à sua religião, vão condicionar os diferentes espaços por onde passou a sua vida, o que leva a considerar a possibilidade de que haja uma singularidade que caracteriza a sua arquitetura e urbanismo.

A escassez de documentação referente à comunidade judaica convertida na Galiza, bem como a falta de investigação nesta área, do ponto de vista arquitetónico, condicionam a constituição de uma base bibliográfica. Por outro lado, os poucos vestígios que permanecem são na sua maioria desvalorizados, e encontram-se em mau estado de conservação e sem estarem inventariados, o que dificulta a pesquisa por características urbanísticas e arquitetónicas únicas da cultura judaica.

Esta dissertação nasceu com o objetivo de contribuir com conhecimentos para uma área ainda pouco estudada da arquitetura e urbanismo galegos. O objetivo é identificar a forma e a estrutura particular dos assentamentos urbanos judeus conversos, além de diferenciar os elementos arquitetónicos da casa judaica-conversa.

A metodologia que estrutura esta pesquisa baseia-se no método histórico. Este é composto por pesquisas documentais cujas informações são de fontes escritas e não escritas, realizando-se através da seleção de dados fornecidos por diversas entrevistas exploratórias e semiestruturadas. Uma observação direta dos locais também é realizada com o apoio de duas técnicas: fotografia e notas de campo. Foi também realizada análise urbana e análise arquitetónica, e posteriormente análise comparativa. Será na última parte onde todos os resultados do trabalho serão expostos após observação e interpretação.

Apesar das dificuldades encontradas neste campo de estudo, foi possível identificar padrões urbanos característicos, definindo que os assentamentos urbanos de bairros judeus na Galiza, tendem a estar localizados ao redor de uma rua principal, perto dos muros e seus portões, bem como centros de poder. Além disso, a malha urbana ainda permanece hoje relacionadas com a existência dos assentamentos judaicos, caracterizada por ruas sinuosas e estreitas, com acesso limitado e que passam intencionalmente despercebidas. Por outro lado, será necessário inventariar mais estruturas, elementos e símbolos arquitetónicos únicos. Serão necessários estudos mais profundos para que esta herança não desapareça.

Palavras-chave: Galiza, simbologia judaica, herança judaica, urbanismo, arquitetura.

LIMIAR | Galego

A cultura xudaica caracterízase por posuír unha identidade moi forte e rexida estritamente polos preceptos relixiosos. A vivencia na diáspora e a condición de minoría, levou ó pobo xudaico a loitar para que a súa identidade prevalecera a pesar da represión. Esta resistencia e a forte adhesión á súa relixión, condicionarán os diferentes espazos nos que transcorre a súa vida, o que leva a considerar a posibilidade de que exista unha singularidade que caracterice a súa arquitectura e o seu urbanismo.

A escaseza de documentación referente á comunidade xudeu-conversa en Galiza, así como a falta de investigación neste ámbito, dende un punto de vista arquitectónico, condicionan a constitución dunha base bibliográfica. Por outro lado, os poucos vestixios que perduran están na súa maioría infravalorados, atópanse en mal estado de conservación e sen inventariar, o que dificulta a busca de características urbanísticas e arquitectónicas únicas da cultura xudaica.

Esta *dissertação* nace co obxectivo de aportar coñecemento a unha área aínda pouco estudada da arquitectura galega e do urbanismo galego. O obxectivo é identificar a forma particular dos asentamentos de xudeus convertidos, así como diferenciar os elementos arquitectónicos da casa xudeu-conversa.

A metodoloxía que estrutura a presente investigación, baséase no método histórico. Este está composto por unha investigación documental, cuxa información provén, tanto de fontes escritas como de fontes non escritas, realizándose a través da selección de datos aportados por diversas entrevistas exploratorias e semi-estruturadas. Realízase tamén unha observación directa dos sitios co apoio de dúas técnicas: fotografía e notas de campo. Levouse a cabo unha análise urbana e unha análise arquitectónica, e posteriormente análise comparativa. Será na última parte onde se expoñen todos os resultados despois da súa observación e interpretación.

Pese ás dificultades atopadas neste campo de estudo, foi posible identificar padróns urbanos característicos, definindo que os asentamentos urbanos dos barrios xudeus en Galiza, tenden a situarse en torno a unha rúa principal, preto das murallas e das súas portas, así como de centros de poder. Ademais, a malla urbana aínda permanece hoxe visible relacionada coa existencia dos asentamentos xudaicos, caracterizada por posuír rúas sinuosas e angostas, con accesos limitados que pasan intencionadamente desapercibidos. Por outra parte, é necesario inventariar máis estruturas, elementos e símbolos arquitectónicos únicos. Serán necesarios estudos máis profundos para que esta herdanza non desapareza.

Palabras chave: Galiza, simboloxía xudía, patrimonio xudaico, urbanismo, arquitectura.

RESUMEN |Castellano

La cultura judaica se caracteriza por poseer una identidad muy fuerte y regida estrictamente por los preceptos religiosos. La vivencia en la diáspora y la condición de minoría, llevó al pueblo judaico a luchar para que su identidad prevaleciese a pesar de la represión. Esta resistencia y la fuerte adhesión a su religión, condicionarán los diferentes espacios en los que transcurre su vida, lo que llevará a considerar la posibilidad de que exista una singularidad que caracterice su arquitectura o su urbanismo.

La escasez de documentación referente a la comunidad judía-conversa en Galiza, así como la falta de investigación en este ámbito, desde un punto de vista arquitectónico, condicionan la constitución de una base bibliográfica. Por otro lado, los pocos vestigios que perduran están su mayoría infravalorados, se encuentran en mal estado de conservación y sin inventariar, lo que dificulta la búsqueda de características urbanísticas y arquitectónicas únicas de la cultura judía.

Esta *dissertação* nace con el objetivo de aportar conocimiento a un área todavía poco estudiada de la arquitectura gallega y del urbanismo gallego. El objetivo es identificar la forma particular de los asentamientos de judíos convertidos, así como diferenciar los elementos arquitectónicos de la casa judío-conversa.

La metodología que estructura la presente investigación, se basa en el método histórico. Este se compone de una investigación documental cuya información proviene, tanto de fuentes escritas como de fuentes no escritas, realizadas mediante la selección de datos aportados por diversas entrevistas exploratorias y semiestructuradas. Se realiza también una observación directa de los sitios con el apoyo de dos técnicas: fotografía y notas de campo. Se llevó a cabo un análisis urbano y un análisis arquitectónico, y posteriormente un análisis comparativo. Será en la última parte donde se expondrán todos los resultados del trabajo después de su observación e interpretación.

Pese a las dificultades encontradas en este campo de estudio, ha sido posible identificar patrones urbanos característicos, definiendo que los asentamientos urbanos de los barrios judíos en Galicia, tienden a situarse en torno a una calle principal, cerca de las murallas y de sus puertas, así como de centros de poder. Además, la malla urbana todavía permanece hoy visible, relacionada con la existencia de los asentamientos judaicos, caracterizada por poseer calles sinuosas y angostas, con accesos limitados hacia las mismas que pasan intencionadamente desapercibidas. Por otra parte, será necesario inventariar más estruturas, elementos arquitectónicos y símbolos únicos. Serán necesarios estudios más profundos para que este patrimonio no desaparezca.

Palabras clave: Galicia, simbología judía, patrimonio judío, urbanismo, arquitectura.

ABSTRACT | English

Jewish culture is characterized by a very strong identity and strictly governed by religious precepts. Experience in the diaspora and minority status led the Jewish people to fight for their identity to prevail despite repression. This resistance and the strong adherence to its religion, will condition the different spaces in which their life takes place, which will lead to the possibility that there is a singularity that characterizes its architecture or its urbanism.

The scarcity of documentation concerning the Jewish-convert community in Galiza, as well as the lack of research in this field from an architectural point of view, conditions the constitution of a bibliographic basis. On the other hand, the few remaining vestiges are mostly undervalued, in poor condition and without been inventoried, making difficult to find unique urban and architectural characteristics of Jewish culture.

This *dissertacão* was born with the aim of providing knowledge to a still little studied area of Galician architecture and Galician urbanism. The objective is to identify the particular shape of the settlements of converted Jews, as well as to differentiate the architectural elements of the Jewish-convert's house.

The methodology that structures this research is based on the historical method. This is composed of documentary research whose information is from written and unwritten sources, being carried out through the selection of data provided by several exploratory and semi-structured interviews. A direct observation of the sites is also carried out with the support of two techniques: photography and field notes. Urban analysis and architectural analysis were performed, and comparative analysis was later performed. It will be in the last part where all the results of the work will be exposed after observation and interpretation.

Despite the difficulties encountered in this field of study, it was possible to identify characteristic urban patterns, defining that the urban settlements of Jewish neighborhoods in Galicia tend to be located around a main street, near the walls and its gates, as well as centers of power. In addition, the urban mesh still remains today related to the existence of Jewish settlements, characterized by meander and narrow streets, with limited access and that go intentionally unnoticed. On the other hand, it will be necessary to inventory more unique architectural structures, elements and symbols. Further studies will be needed to make this inheritance not disappear.

Keywords: Galiza, Jewish symbology, Jewish heritage, urbanism, architecture.

ÍNDICE DE CONTIDOS

PREÁMBULO

AGRADECEMENTOS

RESUMO

LIMIAR

RESUMEN

ABSTRACT

CAPÍTULO 1. INTRODUCIÓN 24

1.1 Identificación e xustificación da problemática 24

1.2 Obxectivos da investigación 25

1.3 Metodoloxía 25

1.3.1 Técnicas de recollida de datos 26

1.3.2 Instrumentos da recollida de datos 27

1.3.3 Método de análise e tratamento da información 30

1.4 Estruturación de contidos 31

CAPÍTULO 2: ENCADRAMENTO HISTÓRICO 35

2.1 Contexto histórico da comunidade xudía na Península Ibérica 36

2.2. A comunidade xudía no contexto histórico galego 40

CAPÍTULO 3. FUNDAMENTACIÓN TEÓRICA 47

3.1 Contexto urbano e arquitectónico 48

3.1.1 Contexto urbano 48

3.1.2 Contexto arquitectónico 57

3.2 Estado da arte 69

CAPÍTULO 4. ANÁLISE URBANA 75

4.1 Introdución 76

4.2 Fichas de análise urbanística individual 76

4.3 Análise comparativa 121

CAPÍTULO 5. ANÁLISE ARQUITECTÓNICA 127

5.1 Introdución 128

5.2 Fichas de análise arquitectónica individual 129

5.3 Análise comparativa 192

CAPÍTULO 6. SISTEMATIZACIÓN 201

6.1 Sistematización da análise urbana 202

CAPÍTULO 7. CONSIDERACIÓNS FINAIS 216
7.1 Consideracións xerais 217
7.2 Consideracións específicas 219

GLOSARIO 226
REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS 230
ÍNDICE DE FIGURAS 238

ANEXOS 245
ANEXO I: Ficha de recollida de datos 246
ANEXO II: Transcrición de entrevistas 249
ANEXO III: Recollida de datos documentais 263



CAPÍTULO 1

CAPÍTULO 1. INTRODUCIÓN

Ao longo dos séculos, o pobo hebreo tivo unha continua migración que historicamente o levou a vivir na diáspora, implicando a súa adaptación a culturas, nas cales, polo xeral, aprendía a convivir co poder dominante, que non sempre o aceptaba socialmente. A fe tan marcada e que rexía todos os aspectos da súa vida, condicionou enormemente a integración completa do pobo hebreo nas diferentes comunidades, tal e como ocorreu no caso do territorio Ibérico. Por outra parte, a adhesión a ditos preceptos relixiosos así como o valor que lle dan á memoria colectiva que posúen e á vontade de querer transmitir dita herdanza cultural, fixo, a pesar da persecución e da opresión sufridas, que a súa identidade seguira viva co paso dos séculos.

Esta *dissertação* pretende ser unha aportación á preservación do patrimonio da colectividade xudía, dende o punto en que tamén forma parte da historia da comunidade galega. O legado xudaico é unha realidade cultural, histórica e social de Galiza, que axudou a construción e consolidación da súa sociedade, mais é tamén un patrimonio aínda por rehabilitar e valorizar.

Este estudo pretende contribuír para a identificación do patrimonio xudeu, mediante o tratamento de diversos temas dende un punto de vista arquitectónico, intentando en todo momento realizar unha abordaxe rigorosa así como fundamentada, para chegar a identificar a influencia da presenza xudaica nos aglomerados urbanos e na arquitectura dos lugares onde se estableceron.

1.1 Identificación e xustificación da problemática

A busca dun carácter histórico-cultural hebraico reflectido nas edificacións e que permita definir unha arquitectura xudaica como tal, está chea de ambigüidades e dúbidas, o que confirma que se trata dunha área pouco estudada. De aí a necesidade de investigacións máis profundas sobre o tema, que deben levar consigo a toma de certa prudencia en torno ós fundamentos históricos que se poidan atopar, xa que "nos últimos anos asistimos a un desaforado proceso de identificación de elementos, edificios ou barrios xudeus, en moitas ocasións sen evidencias científicas que o sustentan" (Eiroa Rodríguez, 2016, p.90).

Tanto a perda de documentación medieval, como as destrucións por mor das invasións militares e incluso as sucesivas modificacións arquitectónicas do patrimonio urbano, condicionan o coñecemento do alcance que tivo a presenza hebrea. Este cúmulo de factores, sumados á falta de estudo, de concreción e de rigorosidade, poderían ser a causa directa da ausencia de plans de abordaxe que establezan pautas de conservación e valorización das xuderías en Galiza. A maioría dos plans de protección dos cascos históricos limítanse á catalogación das edificacións de maneira individual, dando directrices da súa preservación

Figura 1. (Páx. 22) Biblia Kennicott. Fonte: wikipedia.org

ambiental, estrutural ou integral, dependo da súa importancia histórica, sen diferenciar entre edificacións pertencentes á unha xudería ou non.

1.2 Obxectivos da investigación

A importancia dos obxectivos que orientan esta investigación, reside na aportación tanto científica como cultural que xeraría a presentación e elaboración dos diferentes datos colectados, incluíndo tamén fotografías, notas de campo, etc., o que permitiría polo tanto definir a situación e reconstitución dalgunhas das comunidades xudeu-conversas en Galiza, máis alá das xa coñecidas e estudadas por outros autores, así como as características da súa arquitectura.

A definición destes obxectivos faise nunha busca de dar voz a un patrimonio abandonado durante un longo tempo e tamén pretendendo obter unha catalogación de morfoloxías, símbolos e estruturas urbanas e arquitectónicas, axudando así a formar un contexto arquitectónico máis preciso. Preséntanse a continuación, os obxectivos que rexen esta *dissertação*:

1. Identificar e caracterizar a forma particular dos asentamentos xudeu-conversos en Galiza.

   Coñecer que conxuntos de actuacións urbanísticas puideron favorecer a proliferación de elementos tipicamente xudeus no parcelario urbano, como cemiterios, sinagogas e espazos colectivos, así como intentar descifrar en como, cando e en función de que precedentes se forman os ditos espazos.

2. Distinguir os elementos arquitectónicos da casa xudeu-conversa en Galiza.

   Partindo da base de que o modo de vida xudeu réxese estritamente por preceptos relixiosos, isto leva a considerar a posibilidade da existencia de condicións morfolóxicas e espaciais que caractericen e singularicen as súas edificacións.

1.3 Metodoloxía

A metodoloxía asumida ten unha finalidade chave nesta investigación ao proporcionar unha ferramenta creada pola cohesión e complementariedade de varias técnicas. Definir e aplicar unha metodoloxía permitirá analizar, estruturar e identificar de maneira científica, os asentamentos xudeu-conversos e os seus elementos arquitectónicos singulares, co fin de valoralos e situalos dentro da sociedade galega e do seu patrimonio.

O presente estudo consiste nunha investigación de tipo histórica, documental e descritiva, para a cal se empregaron diversas fontes de información, tanto primarias como secundarias, e se realizou unha análise cualitativa de datos.

O plan metodolóxico que se leva a cabo, integra dous bloques de traballo. Por un lado faise unha procura documental, coa selección de textos e artigos referentes ó obxecto de estudo, e, por outro lado, realízase un traballo de campo, representado mediante levantamentos, fotografías e mapas topográficos. Estes dous bloques de traballo poderíanse resumir en dous conceptos: un abarca unha idea xeral de costumes, maneiras de vivir e de relacionarse da comunidade xudía, e o outro corresponde ao corpo da investigación, baseado nun traballo de campo, coa súa pertinente selección e catalogación.

1.3.1 Técnicas de recollida de datos

- **Investigación documental** (Albarello *et al*., 1997). Consistirá na recollida, revisión e verificación da información, dando lugar a un proceso composto de tres partes, como son a selección, tratamento e interpretación de todos os datos recompilados. Desta, obteranse as bases para unha catalogación e contraste do atopado na investigación. Así, empregaranse fontes documentais tanto escritas como non escritas, onde as primeiras proveñen de:

  a) **Fontes escritas oficiais**, son as máis formais, como por exemplo a cartografía antiga das vilas obxecto do estudo, e que contribuirán á interpretación do espazo urbano e á comprensión da súa evolución histórica.

  b) **Fontes escritas non oficiais**, trátanse de documentos menos formais e de orixe diversa como libros, teses doutorais, información dixital, artigos impresos e dixitais, etc.

  E as fontes non escritas que proveñen de:
  Entrevistas (Ghiglion & Matalon, 1997) realizadas co fin de obter unha información oral dos informantes que permita aumentar os datos sobre a localización, propiedade e demais características da arquitectura presente nos casos de estudo.

  a) **Exploratorias** a partir de informantes-chave, como son os propietarios de edificacións sitas nos barrios xudeus de interese.

  b) **Entrevistas semi-estruturadas** definidas como instrumentos de recolección de datos e que, aínda podendo variar para adaptarse ó suxeito entrevistado e á área, son efectuadas mediante un esquema de preguntas estruturadas, có obxectivo de obter información concreta e concisa, que axude a precisar o obxecto de estudo.

Estas entrevistas van permitir obter datos para identificar peculiaridades dos asentamentos e edificacións, así como outra información relacionada coas historias do lugar, a súa toponimia, lendas etc. Serán tamén fundamentais para saber onde procurar e continuar a investigación, chegando a acceder a outros lugares e estruturas edificatoriais de interese.

- **Observación directa** (Gil, 1994) do entorno, é un método efectivo para entender as relacións espaciais e cun gran aporte documental. Realízase mediante a análise das diversas compoñentes tipolóxicas das edificacións, vías, equipamentos, etc., que permiten a aproximación da información de maneira directa para a investigación; e tamén mediante a visita ós distintos asentamentos xudeus do ámbito xeográfico obxecto de estudo, e arredores.
  Como soporte da observación directa, serán usadas as seguintes técnicas:

  - **Fotografías** usadas como complemento anexo, en moitas ocasións, a descricións detalladas e planos. Nalgúns casos proveñen de fontes de información secundaria, que amosan diferentes épocas e contextos, e noutros casos son propias, inseridas coa finalidade de representar mellor visualmente diferentes situacións, elementos morfolóxicos, edificios e tipoloxías destacadas.

  - **Notas de campo** é unha técnica de recollida de información importante para a investigación, que consiste nas anotacións realizadas das distintas áreas rurais e urbanas, á fin de obter información sobre a diversidade de tipoloxías e elementos.

1.3.2 Instrumentos da recollida de datos

O instrumento de recollida de datos considerado como adecuado para o presente estudo, foi unha ficha de catalogación individual. O seu fin principal é servir como documento no cal se anotan os datos pertinentes, que en liñas xerais, están relacionados co traballo de campo e as entrevistas realizadas. A súa conformación farase mediante categorías analíticas de interese para a consecución dos obxectivos do estudo.

A agrupación de varias fichas individuais dará lugar a un *corpus*, un inventario que reflectirá o conxunto de edificacións e asentamentos estudados. Tras o cotexo realizado entre elas, será posible identificar de maneira máis sinxela os trazos comúns, así como detectar as particularidades de cada unha.

Neste estudo creáronse dous modelos de fichas que difiren entre si, tanto en canto a área de investigación á que se de dirixen, pero tamén en canto ás categorías analíticas que se insiren en cada unha delas. Pretendeuse, en ámbalas, reflexar de maneira visual, as características máis relevantes de cada edificación e asentamento.

É importante especificar que a análise urbana non puido realizarse tamén en tramas rurais, posto que non se atopa aquí documentación de asentamentos xudeus e os vestixios que permanecen, pertencen só a vivendas illadas. Neste senso, realizouse unha análise arquitectónica só no espazo rural, onde as edificacións non foron tan alteradas como no espazo urbano, e onde aínda subsiste simboloxía de interese para a investigación.

Fichas de análise urbana

Realizouse unha investigación de diversos lugares, ós cales foron inspeccionados e os seus datos recollidos nas notas de campo. Dentro destes, diferéncianse os investigados e os analizados.

Polo que se refire ós investigados, a súa información non foi analizada pero aparece recollida no Anexo III así, como exposta unha mostra no capítulo seis de sistematización.

En canto ós analizados, son os dez asentamentos escollidos para o estudo e representados nas dez fichas de análise urbana creadas. Este documento trata a información con respecto a ditos asentamentos, correspondentes a núcleos nos que se atoparon suficientes vestixios ou datos para poder conformar unha análise.

Nunha primeira parte preséntase un levantamento cartográfico coa situación das rúas e edificacións singulares das xuderías ou barrios xudeus, identificables e interpretables grazas á lenda que o acompaña. Así mesmo, realízase nesta parte unha pequena introdución ás primeiras referencias sobre os asentamentos xudeus de cada localización, ademais dalgún dato de interese sobre o mesmo.

Na segunda parte desta ficha poden atoparse catro categorías de análise. Mediante estas, exponse toda a información recollida sobre a situación dos asentamentos xudeus en cada un dos lugares, así como as características da súa trama, edificacións destacables dentro da mesma e a simboloxía atopada. As fotografías acompañarán a cada unha destas catro categorías, para unha mellor representación do descrito, e un mellor entendemento da ficha no seu conxunto.

Polo tanto, este documento de análise urbana supón situar no mapa toda aquela información que foi posible recoller e analizar sobre cada un dos lugares seleccionados, integrando a información doutros autores con levantamentos topográficos e fotografías.

Estas fichas serán numeradas do 1 ó 10, inserindo diante destes a letra U, facilitando así a súa correlación co “urbanismo”.

Categorías	Situación ou implantación	Características da trama	Edificacións destacables	Simboloxía
Indicadores	Rúa principal		Sinagoga	
	Límites		Cemiterio	
	Muralla		Casa da Inquisición	
	Centros de poder		Tribunal	
	Orientación			

Fichas de análise arquitectónica

Inspeccionouse un amplo número de edificacións que poden dividirse en investigadas, aquelas que non foron pormenorizadas pero si inseridas no capítulo seis de sistematización; e analizadas, que representan as edificacións seleccionadas para o seu estudo, e materializadas nas fichas arquitectónicas individuais.

Estas fichas, foron creadas nun primeiro momento coa premisa de mostrar, de maneira visual, todo o recollido en cada edificación, así como a súa situación, estado de conservación e levantamento da súa estrutura.

Creouse, finalmente, un *corpus* ou inventario constituído por quince fichas de análise, conformadas seguindo o mesmo criterio de selección que nas urbanísticas, prevalecendo aqueles emprazamentos con maior cantidade de datos ou vestixios físicos atopados.

Estas permitirán coñecer os aspectos ou características máis relevantes de cada edificación mediante dúas partes diferentes.

A primeira parte alberga unha presentación da información máis xeral sobre a edificación, sempre cunha fotografía da fachada principal, ademais de cinco categorías de análise que son: situación e emprazamento mediante dous levantamentos topográficos, elaborados sobre base dunha cartografía catastral; tipoloxía, materiais e sistemas construtivos; organización espacial e características da arquitectura xudaica.

A segunda parte está composta por planos de levantamento de plantas, alzados e sección, elementos arquitectónicos singulares definidos e fotografados, así como simboloxía atopada, fotografada e representada mediante debuxos, para unha correcta interpretación da mesma. Por último, explícase tamén como se chegou ata a edificación e o porque da súa seleccción.

A pesar de que o obxectivo principal era poder rexistrar o interior das vivendas analizadas, non foi posible acceder a tres das quince edificacións, por motivos alleos relacionados coa localización e os permisos dos propietarios.

Estas fichas serán numeradas do 1 ó 15, inserindo diante destes a letra A, facilitando así a súa correlación coa “arquitectura”.

Categorías	Indicadores
Tipoloxía	
Materiais e sistemas construtivos	Muros, vans, cuberta, interior, outro
Organización espacial	
Características da arquitectura xudaica	
Planta, alzados e sección	
Elementos arquitectónicos singulares	
Simboloxía	

1.3.3 Método de análise e tratamento da información

Posteriormente á recollida de datos a través das distintas técnicas previamente expostas e dos instrumentos seleccionados, levouse a cabo un tratamento da información, mediante un proceso de síntese e de análise cualitativa.

Tendo en conta isto, pode dividirse a investigación en catro etapas.

Teórico-conceptual

Expóñense os termos xerais, así como conceptos e definicións que delimitan o tema de estudo, e crean unha base teórica para o correcto desenvolvemento do mesmo.

Imperativo-Analítico

Tras unha toma de contacto coa información documental e a bibliografía recompilada e posteriormente consultada, é posible comezar a contrastala sobre o terreo.

Iníciase tamén nesta etapa, un proceso de análise interpretativo individual dos *corpus* de fichas construídos. A información aportada por estas fichas dará lugar a unha análise xeral cualitativo e a unha posterior análise comparativa. Neste contexto, cabe destacar o uso da cartografía como deseño esencial para aportar información relevante á investigación.

Tras realizar un estudo das edificacións inventariadas e dos lugares analizados, é posible presentar unha descrición detallada dos mesmos.

Produtiva

Trátase dunha etapa marcada pola produción de coñecemento para a investigación. Despois de realizar as análises xa mencionadas, identifícanse padróns urbanísticos e características arquitectónicas singulares.

Obtéñense resultados mediante o cruce das evidencias desas comparacións, coa información extraída da revisión bibliográfica, así como cos datos obtidos nas entrevistas.

Reflexiva

Despois de ter rematado a investigación como tal, realízase unha avaliación final sobre todo o coñecemento xerado durante o proceso, así como se reflexiona sobre a efectividade acadada.

1.4 Estruturación de contidos

A estruturación da presente *dissertação*, está relacionada co tipo de investigación a realizar, é dicir, científica, así como coa metodoloxía utilizada para chegar a responder ós obxectivos propostos. Está disposta de maneira que se aborda a problemática dende o máis xeral ó máis específico, estruturándose en sete capítulos que se esquematizan a continuación.

Capítulo 1: Introdución
Preséntase a temática a abordar e, en sub-capítulos exponse: *1.1 Identificación e xustificación da problemática, 1.2 Obxectivos da investigación* e *1.3 Metodoloxía.* Dentro deste último, diferéncianse as técnicas de recollida de datos, así como os instrumentos utilizados para dito fin, ademais da análise e tratamento da información que se levará a cabo.

Capítulo 2: Encadramento histórico
Este capítulo está formado polo apartado *2.1 Contexto histórico,* e os sub-apartados *2.1.Contexto histórico da comunidade xudía na Península Ibérica* e *2.2 A comunidade xudía no contexto histórico galego***.**

Capítulo 3: Fundamentación teórica
Insírese dentro do mesmo o *3.1 Contexto urbano e arquitectónico* e *3.2 Estado da arte*. O primeiro, divídese á súa vez en varios sub-capítulos como son *3.1.1 Contexto urbano*, que alberga o *3.1.1.1 Conceptos urbanos e 3.1.1.2 Xuderías na Península Ibérica, e* o *3.1.2 Contexto arquitectónico* onde se definirá os trazos da mensaxe xudaica na arquitectura e os símbolos xudeus.

Capítulo 4: Análise Urbana
No sub-capítulo *4.1 Introdución,* faise unha breve introdución dos casos a analizar e no sub-capítulo *4.2 Ficha de análise de asentamentos urbanos,* expóñense un total de dez fichas urbanísticas individuais que posteriormente, no *4.3 Análise comparativa,* se estudan e se contrastan detidamente, para coñecer padróns urbanísticos comúns.

Capítulo 5: Análise Arquitectónica

Nesta sección do estudo, achéganse no sub-capítulo *5.1 Introdución,* unha breve introdución dos casos a analizar, e no sub-capítulo *5.2 Fichas de análise arquitectónica individual,* toda a información tanto descritiva como visual, sobre as edificacións achadas e os seus símbolos. Posteriormente, no *5.3 Análise Comparativa,* como o seu propio título indica, realízase unha confrontación da información recollida, que axudará na posterior creación de conclusións fundamentadas e de valor.

Capítulo 6: Sistematización

Preséntanse as conclusións de ambas análises realizadas nos capítulos tres e catro, conformando dous sub-apartados que levan por título *6.1. Conclusión análise urbana* e *6.2 Conclusión análise arquitectónica.*

Capítulo 7: Consideracións finais

Este capítulo da cabida ó *7.1 Consideracións Xerais* e ó *7.2 Consideracións Específicas.* No primeiro propóñense as implicacións e o contribúo deste traballo para o coñecemento, e no segundo, responderase ós obxectivos expostos con anterioridade.

A investigación é concluída mediante a citación das referencias bibliográficas utilizadas, o glosario con termos necesarios para a investigación, así como varios anexos, que albergan outros recursos utilizados para levar a cabo o estudo.



CAPÍTULO 2

CAPÍTULO 2. ENCADRAMENTO HISTÓRICO

2.1 Contexto histórico da comunidade xudía na Península Ibérica

Co propósito principal de enmarcar a problemática tratada, preséntase a continuación unha introdución do contexto histórico, social e cultural da comunidade xudía, sempre resaltando os acontecementos que poden permitir establecer un contexto cultural-arquitectónico coherente. Para a realización dunha análise do contexto urbano, é necesario, tal e como refiren Azulay e Israel (2009), un coñecemento previo da relación entre o individuo e o seu entorno, observando como os cambios acaídos sobre unha agrupación de habitantes poden influír no desenvolvemento do mesmo espazo.

A comunidade xudía coñécese por posuír unha identidade cultural, lingüística e relixiosa propia e moi acentuada. A pesares diso, a súa historia está marcada por migracións e persecucións, nas que se atopan épocas de convivencia con outras relixións, en moitas ocasións, relegando á comunidade xudía á situación de minoría. Este condicionante, derivou tamén nunha percepción restritiva por parte da sociedade, o que influirá nos asentamentos urbanos así como na morfoloxía arquitectónica resultante.

Polo que se refire á súa historia na Península Ibérica, denominada como *Sefard* nos libros sagrados, esta caracterizouse ó longo da Idade Media por unha hostilidade tardía, posto que con respecto a países de Europa como Francia, houbo unha demora na aplicación das leis segregacionistas. Estas comunidades posuían unha autonomía organizativa propia, que se viu reflexada en forma de institucións xurídico-administrativas denominadas *Alhamas*.



Figura 3. Rei Alfonso X (1221-1284), soberano de tres culturas. Fonte: Jular (2016).

Figura 2. (Páx. 34) Pintura atopada na Igrexa parroquial de Xurenzás, Concello de Boborás. Fonte. Juan José Álvarez González (2019).

Ata o século XIII, a sociedade hispana dividíase en comunidades relixiosas, onde cristiáns, mouros (a outra minoría étnica) e xudeus representaban entidades autónomas, tanto política como socialmente, coexistindo entre elas. Un historiador do século XX, Américo Castro, expresaba a convivencia harmoniosa

deses tres grupos sociais que colaboraban en actividades sociais e políticas. Pola contra, outros autores como Joseph Pérez (2005, p.83), discernía desas afirmacións e reclamaba que a realidade de España fora moi distinta, que "nunca houbera respecto ó outro, ó disidente relixioso". Por que esta condición era diferente que no resto de territorios cristiáns europeos onde reinaba o antisemitismo? Porque na Península existía unha necesidade de explotar economicamente os territorios que a Reconquista estaba a por a disposición dos Reis Católicos, mediante a concesión de foros a todos os extractos e etnias da sociedade (Ruiz Gómez, 1993; Díaz-Mas, 1996; Antonio Rubio, 2009; Álvarez Chillida, 2015).

A expansión do Cristianismo desencadeou os estereotipos antisemitas presentes no imaxinario colectivo da sociedade da Castela medieval, que estaban relacionados con valores particulares de carácter físico, relixioso, sociolóxico e económico, e que remataron por ser valores universais atribuídos ós xudeus segundo a conciencia cristiá. En xeral, as acusacións exercidas ían máis alá dunha caracterización externa relacionada cun aspecto diabólico e de burla. Así mesmo, ó estaren recoñecidos os xudeus como indutores da morte de Cristo, caracterizábanos como soberbios e traidores. Outra acusación exercida era a de usureiro, polo que se atribuía á súa figura a avaricia e a astucia (Álvarez Chillida, 2015; Antonio Rubio, 2015). Dito odio, en xeral, tiña a súa base en que se trataba de persoas cunha formación obrigatoria, e polo tanto moi cultas, ademais de que os préstamos económicos que podían realizar posuían intereses moi altos.

Sería no século XIV, cando comezarían os conflitos e tensións dentro do territorio Español, levando á súa expulsión no 1492 d.C., e á posterior persecución dos conversos por non posuír a pureza da sangue que si tiñan os cristiáns, sendo así discriminados socialmente e sendo tamén, obxecto de violencia. O inicio destes conflitos deuse no 1391 (Madrigal Castro, 2017), coa destrución das *alhamas* e a execución de numerosas matanzas, máis acusadas no arco mediterráneo, que conseguiron que a meirande parte de xudeus supervivientes se converteran. A incomodidade e a violencia da clase baixa urbana contra dita comunidade foi incentivada pola inestabilidade política presente nos Reinos da Península, a precariedade económica e pola labor dalgúns xudeus en postos significativos, como administradores gobernamentais e señoriais. Cabe destacar que ditos comportamentos sociais tamén se viron en demais partes de Europa Occidental, pero a repercusión dos mesmos na Península tivo maior alcance, posto que dito territorio albergaba o maior número de comunidades xudías da época (Díaz-Mas, 1996; Gomes, 2013; Álvarez Chillida, 2015; Madrigal Castro, 2017).



Figura 4. Pogroms de Barcelona do ano 1391, representado por Josep Segrelles. Fonte: Todocoleccion

Neste contexto, a Inquisición Española comeza a ser xestionada polos Reis Católicos, e entre o seu propósito de erradicar a herexía, atopábase eliminar todo vestixio de elementos xudaizantes, posto que "a mera existencia de núcleos xudeus comprometía a verdadeira asunción do dogma cristián por parte dos conversos" (Madrigal Castro, 2017, p.137). Mediante esta institución,



Figura 5. A queima de xudeus por Hartmann Schedel, Crónica de Nuremberg 1493. Fonte: Koyama, M.; Jedwab R. & Johnson, N. (2020).

perseguíase o obxectivo de unidade relixiosa, buscando solucionar o problema converso que a Igrexa non fora capaz de afrontar durante a súa previa xestión de dito tribunal eclesiástico. A Inquisición tivo unha enorme influencia na fuxida, conversión e desaparición do xudaísmo da Península, aínda que en Portugal non serían expulsados ata o 1496 d.C. A presión exercida, mediante procedementos de xustiza caracterizados por torturas e penas de morte, creou unha época de terror e desconfianza, onde calquera cristián era chamado a declarar contra os pertencentes a "castas manchadas", axudando á sociedade a crear o imaxinario colectivo xa mencionado (Díaz-Mas, 1996; Rubio, 2009; Gomes, 2013).



Figura 6. Autos de fe realizados pola Inquisición en Lisboa, 1715. Fonte: Museu de Lisboa

A cuestión dos **falsos conversos**, é dicir, xudeus que se convertían ó cristianismo de maneira pública, pero continuaban practicando os seus ritos na intimidade, foi adquirindo moita importancia co paso do tempo, ata que a "contaminación relixiosa" de dito grupo se fixo intolerable, e xustificou en gran parte a súa expulsión (Gómez, 1993).



Figura 7. Espazo de Orixe dos conversos, séculos XVI e XVII. Fonte. Ing. Héctor Andrés Castro P. en Navarrete Peláez (2010).

Baixo o Reinado de Felipe V de España (1700 - 1746), a mera existencia dos xudeu-conversos na sociedade española da época, implicaba unha ameaza cara a súa propia integridade. Isto supuxo ocultar as súas crenzas publicamente, cesar as prácticas máis visibles como eran por exemplo, o uso da lingua hebrea ou a circuncisión, e relegar as súas cerimonias ó ámbito privado. Esta intolerancia perpetuada co paso dos séculos, permaneceu durante incluso a historia da Idade Contemporánea do país, mediante a

sucesión de gobernos políticos antagónicos, que definiron a inestabilidade do rexurdir xudaico, pero si cabe destacar a existencia de comunidades xudías non tan reducidas como se pensaba (Rozenberg, 2010; Madrigal Castro, 2017).

A Revolución da Gloriosa, insurrección militar que puxo fin ao polémico reinado de Isabel II, nun contexto económico e social moi complexo, cedeu a liberdade de cultos en 1869. Comeza así, unha posta en valor da cultura sefardí (é dicir, da cultura hebrea peninsular) e da súa reivindicación, aínda que este feito, non supuxo a desaparición dos estereotipos negativos cara a comunidade (Álvarez Chillida, 2015; Medici de, 2020).

Posteriormente, a comezos do século XX, vólvese a un antisemitismo, é dicir un rexeitamento cara os xudeus baseándose nun ideario "público", que tivo a súa máxima expresión durante a Segunda Guerra Mundial e o Holocausto, e que terá cabida tamén na Península, coas ditaduras Franquista en España (Álvarez Chillida, 2015) e de Salazar en Portugal.

Tralo Concilio Vaticano II (1945), a Igrexa Católica deixou de lado un anti-sionismo político, entendendo este como un rexeitamento á ideoloxía sionista, é dicir, á lexitimidade do Estado Israelí a existir como nación xudía (Wistrich, 2004; Álvarez Chillida, 2015).

Dende a súa creación relixiosa fai máis de 4.000 anos ata a actualidade, os xudeus sobreviviron nunha oscilación de rexeitamentos, exilios, persecucións e tentativas de exterminación.



Figura 8. Comunidade de xudeus en Israel. Fonte: Balilti (2017).

2.2. A comunidade xudía no contexto histórico galego

A presenza xudía en Galiza está documentada a partir do ano 1044, coa aparición dunha comunidade hebrea dedicada ó comercio téxtil na contorna de Celanova, Ourense, cunha duración oficial que se estende ata o século XV, concluíndo coa expulsión ou reconversión ordenada polos Reis Católicos (Andrade Cernadas, 1995; Estévez Pérez e Antonio Rubio, 2000; Antonio Rubio, 2009).

No século XI, comeza a vivirse un auxe no comercio medieval do Reino de Galiza, da man de innovacións económicas que permitiron o renacemento urbano deste territorio. Estas mellorías atraeron a comerciantes francos e hebreos, destacando estes últimos pola súa gran presenza. Así, existía unha clara asociación entre o comercio e a comunidade hebrea, a cal importaba produtos coma seda, papel, especias ou xoias, para darlles saída nun comercio local e esencialmente señorial (Barros Guimeráns, 2009).



Figura 9. Localización dos xudeus en Galiza. Fonte. Raíces Doces.

O Camiño de Santiago sofre entón unha internacionalización co protagonismo innegable da comunidade hebrea, que se situaba nas cidades episcopais e vilas do Camiño, sobre todo do camiño Francés, así como noutras localidades próximas, exercendo actividades de mercadores e participando do proceso de urbanización da Galiza do Alto Medievo. Esta ruta relixiosa, serviu de lazo co resto do continente, e a Península beneficiouse dela a nivel económico, cultural e arquitectónico, coa introdución de novas maneiras de pensar. Neste senso, o

Xudaísmo posuía o que Espinosa Villegas (1995) definía como "o seu propio camiño da cultura: as relacións comercias e a peregrinación" (p.123) mediante o cal se mantivo o nexo de dita comunidade cos seus orixes ó logo da súa historia, preservando unha traxectoria dispersa pero arraigada (Ferreira Priegue, 1986; Espinosa Villegas, 1993; Barros Guimeráns, 2009).

Nesta liña, a comunidade xudía estaba sempre relacionada con certas actividades sociais así como profesionais, sendo algo común dentro da Península. A **profesión** que destacaba era a de arrendador ou recadador de impostos ó servizo de reis, nobreza e Igrexa, debido á súa estreita vinculación co bo desempeño de tarefas económicas. Esta profesión "caracterizou a imaxe tradicional do xudeu, posiblemente por ser a que máis beneficios económicos lle aportaba, aínda que só fora un pequeno sector" (Rubio, 2009, p.31). Varios documentos recollen tamén a súa actividade laboral como servidores de casas nobiliarias galegas. Así mesmo, a medicina, as actividades artesanais relacionadas co coiro e o téxtil, o comercio en tendas con panos ou pescado, tamén eran outras das actividades coas que se lles relacionaba. Así mesmo, a artesanía, sobre todo de pratería e a zapatería, a gandaría e explotación de viñedos na zona do Ribeiro, eran actividades moi relacionas cos posteriores xudeus-conversos (Barros Guimeráns, 1998; Antonio Rubio, 2007; Antonio Rubio, 2009).



Figura 11. Escena dunha zapatería. Retablo de San Marcos. Fonte: García (2002).



Figura 10. Botica dun xudeu, Cantigas de Santa María. Fonte: García (2002).

Aínda que a documentación sobre a existencia de comunidades xudías durante a Idade Media en Galiza sexa escasa e atoparse dispersa en diferentes institucións por todo o territorio nacional, existen referencias ata o século XV, que permiten afirmar a presenza desta comunidade en diversas zonas como: Allariz, Ribadavia, Ourense, A Coruña, Caldas de Reis ou Pontevedra.

Esta escaseza de datos, só permite facer unha aproximación do número de xudeus presentes no territorio, mediante unha revisión das contribucións especiais, e establecidas só para a comunidade xudía:

- "*Servicio y servicio medio*", imposto aplicado ás xuderías.
- "*Servicio de castellanos de oro*", gasto recadado e que exceptuaba ós xudeus de participar nas guerras do Reino dos Reis Católicos.

Así, a comunidade xudía galega a finais do século XV estaría composta, segundo Antonio Rubio (2006), por entre 100 e 200 familias, tendo só en conta ós xudeus que tributaban, polo que o número sería lixeiramente superior. Tratábase así mesmo dunha poboación marxinal dentro dunha gran comunidade cristiá (Antonio Rubio, 2007; 2009).

Polo que se refire ó seu reparto xeográfico, pódese afirmar, tendo en conta a documentación divulgada por Antonio Rubio (2009), que se distribuían en torno a varios núcleos:

- As Rías Altas: A Coruña, Pontedeume, Ferrol e Betanzos

- Lugo: Mondoñedo, Monforte e Ribadeo
- Zona de Santiago de Compostela, mais Noia e Caldas de Reis.
- As Rías Baixas: Pontevedra, Baiona e Tui
- Ourense: Ourense, Allariz, Celanova, Monterrei e Ribadavia



Figura 12. Distribución da poboación xudía en Galiza. Fonte. Antonio Rubio (2009).

A pesar desta distribución, só se pode afirmar a existencia dunha xudaría en Ourense, Allariz, Ribadavia e A Coruña, pero pola contra, dita afirmación non se pode estender ó resto de vilas e cidades, por falta de referencias documentais. Así mesmo, Antonio Rubio (2007) opina, en base a eses impostos mencionados con anterioridade, que non puido haber grandes xudarías.

A presenza hebrea en Galiza tivo varias **particularidades**. Por un lado, a converxencia de tres etnias relixiosas como se estaba a dar en España, non pode ampliarse ó territorio galego, posto que aquí, a presenza árabe era practicamente inexistente. Así mesmo, a tolerancia dominou na convivencia entre cristiáns e xudeus ata a primeira metade do século XV, e foi tamén ata este momento no que non existiron conversións forzadas. Debe mencionarse, que a imaxe negativa que rodea ó xudeu en Galiza, é un fenómeno máis tardío, vinculado a falsas crenzas sobre rituais e á persecución da Inquisición (Barros Guimeráns, 2014; Antonio Rubio, 2016).

Por outro lado, neste territorio o antisemitismo non tiña tanta cabida posto que se estaba levando a cabo a Revolta dos Irmandiños (1467-1469), un movemento social anti-señorial incentivado pola inestabilidade social e política (Aira Pardo, 2019).

Coa instauración da Inquisición, moitos xudeus buscaron refuxio en zonas máis afastadas das vilas, concretamente nas aldeas das montañas, onde se atopaban máis protexidos para poder exercer os seus rituais . A presenza desta Institución en Galiza é tardía, case un século despois da súa implantación en Castela, e a súa actividade presenciouse só nalgúns núcleos de poboación como por exemplo, Pontevedra. A presenza dun Tribunal non foi continuada e a xestión de ditos territorios acabouse relegando ó tribunal máis próximo situado en Valladolid (Andrade Cernadas, 1995; Antonio Rubio, 2007; Antonio Rubio, 2009; Barros Guimeráns, 2014).

A partir do 1480 a presión era de tal magnitude, que a maior parte dos xudeus galegos non chegaron a saír do país, se non que se converteron. Moitos dos novos cristiáns con poder económico, valoran a compra de cargos públicos como vía de escape ás persecucións inquisitoriais. Xeralmente os conversos ocupaban cargos moi importantes, o que lles permitía esa estabilidade económica. Por outra parte, tendían a casar con cristiáns vellos por interese económico, e eles servíanse da liberdade de persecución dos seus conxugues (Andrade Cernadas, 1995 ; López Cortiñas & Varela Barrios, 2000; Aira Pardo, 2019).

Existía tamén, segundo Pérez Méndez (2009), unha protección baixo autoridade laboral naqueles casos de xudeus que traballaban para diversos monarcas ou personaxes con posicións de influencia, sobre todo nos casos de administradores, conselleiros, tesoureiros etc. Este papel importante que os xudeus estaban a exercer no desenvolvemento económico, atrasaba segundo o autor, a súa expulsión.

As **historias de escarnio** que rodeaban a figura do xudeu, poden verse representadas nunha lenda que aínda existe a día de hoxe en Ribadavia, onde se dicía que varios conversos ían á capela da súa propiedade e dedicábanse a azoutar a imaxe do Crucificado. Esta e outras afirmacións heréticas podían chegar a condenar á morte a un xudaizante. Calquera acusación que puidera ser delatora das costumes dos conversos xudaizantes, supuña unha intervención da Inquisición e os seus métodos de xustiza. Para isto, era fundamental a delación das persoas máis achegadas, que coñecían as súas actividades e costumes diarias. Así, a Igrexa promovía nos seus fieis a importancia de denunciar ós seus veciños conversos, tendo como referencia os Edictos de Fe, e aplicaba a excomuñón a aqueles que non o fixeran. Dentro desta sociedade, os conversos destacaban en xeral, por unha capacidade económica superior que se traducía en boas roupaxes, xoias, servizo doméstico e estudo en escolas de prestixio (Aira Pardo, 2019).



Figura 13. Retablo de San Francisco de Moure con escena de circuncisión, en Monforte de Lemos. Fonte: Lahornacina

Cabe mencionar que existiron familias “conversas” de orixe portugués, na súa maioría comerciantes que, fuxindo da Inquisición, chegaron a Galiza, onde conseguiron ser donos dunha gran riqueza, así como unha boa posición social, espertando o rexeitamento e odio por parte da veciñanza. A fuxida de moitos

dos membros destas familias cara diversas localizacións europeas, suporía a desaparición da credibilidade do cristianismo dos conversos. Así mesmo, os cristiáns novos vivían a ambos lados da fronteira galego-portuguesa e existía comunicación entre eles, polo xeral por mor de lazos familiares (Barros Guimeráns, 1998; Vila, 2013).

A **histórica relación entre Galiza e Portugal**, medrou durante a Alta Idade Media polas rutas comerciais que discorrían entre ambos territorios, e que se estendían paralelas ó Camiño Portugués que tiña como destino Santiago de Compostela, dando lugar a xuderías que se erguían nas inmediacións do Camiño, tal e como expón Valdeón Baruque (2002).

Estableceuse así, á par que unha conexión comercial, unha **conexión cultural** de maior actividade na zona do río Douro cara arriba. Neste contexto, o rei Manuel I de Portugal diríxese a Santiago e ó seu paso crea iniciativas de construcións e de melloras de edificacións, dando lugar a levantamentos que merecen ser destacados, como por exemplo a Igrexa Nosa Señora da Concepción. Tamén, mediante ditas rutas, moitos canteiros galegos e vascos foron traballar a obradoiros portugueses nos séculos XV e XVI (Valle Pérez, 1995), sendo testemuñas de maneiras de traballar e de elementos decorativos diferentes en ambos lados da fronteira. Tal e como refiren Días *et. al* (2017) a arquitectura reflexou as relacións con Galiza e Biscaia, por ser os construtores oriúndos de ditos lugares. Neste punto, nace a explicación á presenza das influencias manuelinas no territorio galego.



Figura 14. Lumieira de estilo manuelino, na aldea portuguesa de Sortelha. Fonte: Aldeas Históricas de Portugal.

A aparición de xanelas con **lumieiras de estilo Manuelino** en aldeas galegas apartadas dos centros, en lugares remotos, e fóra dese contexto de arquitectura culta, é, cando menos, interesante. Fonseca Moretón (2004) explica este feito co regreso a Galiza dos conversos portugueses que foran expulsados do Reino de Castela, posto que ditas lumieiras son características das casas dos xudeus conversos en Portugal. Mediante todos estes elementos, é posible fortalecer nesta investigación, a relación establecida entre o estilo manuelino en Galiza.

Como remate a este contexto histórico da Galiza xudía, pódese afirmar, tal e como o fai a historiadora María Gloria de Antonio Rubio (2009, p.35) que:

> *As comunidades xudías galegas seguiron na súa distribución polos núcleos urbanos que as acolleron na súa vida cotiá, os mesmos usos que as comunidades xudías do resto de reinos hispánicos e europeos. A razón desta semellanza hai que buscala no cumprimento por parte de calquera comunidade xudía das normas básicas de organización e convivencia recollidas na Torah e o seu complemento, o Talmud.*

O contexto no que vivían, dentro dunha sociedade cristiá que os sometía, así como a estrita adhesión a ditos preceptos, condicionábaos enormemente en canto a comportamentos e crenzas.

PENÍNSULA

GALIZA

S. X - XI
Época máis brillante dos xudeus

1044
Primeira referencia a unha comunidade xudeu-galega en Celanova, Ourense.

1391
Pogroms
Levaron a destrución de *Alhamas* e matanzas. Iníciase unha longa etapa de violencia que non cesará ata finais do século XV.

Galiza permaneceu ó marxe dos *pogroms.* As súas comunidades toleraban a convivencia cos xudeus.

1467
Revolta Irmandiña
A sociedade estaba máis implicada nun proceso de reforma social que nunha tendencia antisemita.

1480
Segregación espacial
Ordenación de apartamento dos xudeus en barrios separados dos cristiáns

1483
Santo Oficio
Comezo da actividade intensa da Inquisición.

Aínda non presente en Galicia

1492
Expulsión
dos xudeus do territorio español

Moitos dos xudeus galegos diríxense a Portugal.

1496
Expulsión dos xudeus do territorio portugués

1520
Santo Oficio
1ª alusión á Inquisición en Galiza

1522
Entran en Galiza xudaizantes portugueses

1580
Infiltración de conversos portugueses en España

1821
Abolición da Inquisición



CAPÍTULO 3

3.1 Contexto urbano e arquitectónico

3.1.1 Contexto urbano

3.1.1.1 Conceptos urbanos

Para comprender os cambios acaídos no tecido urbano ó longo do tempo, realízase unha abordaxe a partir dos elementos considerados como **compoñentes** esenciais do mesmo. Neste caso, e tendo en conta o estudo que se leva a cabo, establécese unha aproximación a conceptos como son: a **trama,** a **rúa,** o **rueiro,** a **parcela** e o **edificio.**



Figura 16. Cidade medieval. Fonte: Dicionario Visual da Construción. COAG (2004).

8. castelo
9. intra muros
10. muralla
11. extra muros, fóra de portas
12. trazado sinuoso

Entendendo o territorio dende unha perspectiva urbanística da Europa Medieval, establecéronse elementos considerados como primordiais para dar lugar á cidade creada nos séculos XIII e XIV, seguindo un arquetipo de programa[1], constituído para dar resposta a tres necesidades:

1. A defensa de corpos e bens, realizada mediante a implantación de estruturas coma o **castelo** ou a **muralla.**
2. O apoio espiritual, que toma forma na **igrexa.**
3. As estruturas de soporte ó poboamento, materializadas nun conxunto de **parcelas**, tanto urbanas como rurais.

Cada un deles responde a unha cuestión específica e, como conxunto, non son produto dunha concepción global onde a disposición de cada un dependen dos outros. Polo que se refire ó primeiro elemento, a **muralla,** a relación entre ela e as rúas, establécese a través das **portas**, inseridas naqueles puntos de conexión con outros núcleos de poboación veciños, ou onde fora máis sinxelo vencer as características naturais do terreo. Da relación entre a muralla e os eixos, xorde a configuración da mancha formada polo casarío, o cal se establece preferentemente ó longo da vía principal. En segundo lugar, cabe destacar que a localización da **igrexa** non interfire no tecido edificado, se non que xorde á marxe do mesmo.

Con respecto ós compoñentes do tecido urbano, tendo en conta o seu establecemento dentro das murallas como nos arrabaldes, cabe destacar en primeiro lugar a **trama**, que está formada polas rúas e as edificacións, e pode definirse como o tecido residencial, é dicir, un conxunto de parcelas e rueiros. A pesar da diversidade topográfica, establécense dous mecanismos comúns de ordenación da trama: lineal e cruzada. A primeira pode definirse como unha rúa única onde as fachadas se suceden ó longo da mesma, que é bordeada a ambos lados por casarías. Pola contra, a ordenación da trama cruzada é un sistema máis complexo, que da lugar a dous niveis diferentes de vías, as de circulación e as que dan acceso á mancha residencial.

Figura 15. (Páx. 46) Call Jueu, na Xudería de Girona, Cataluña. Fonte: Fotocommunity

Dentro da trama, sitúase tamén a **rúa**, definida como "compoñente morfolóxico lineal e continuo do espazo público da cidade, ó mesmo tempo

[1]Elementos imprescindibles á existencia da cidade.

ruta e morada, itinerario e lugar" (Dias, 2015, p.101). A súa dobre función, polo tanto, reside en ser paso e tamén soporte da edificación. Aínda que as designacións das rúas son moi diversas, pódense clasificar en torno a tres familias de topónimos segundo teña orixe

- na súa posición topográfica (o alto, a costa, a rampla, o regueiro, a explanada)
- na súa función urbana (a avenida, a estación, o camiño, o paseo, a vila, vía de servizo)
- na súa forma, podendo reflectir o trazado (o canal, a circular, a rúa, a ruela, a calella, a calella sen saída) ou os elementos de composición (a alameda, o arco, a calzada, a escada, a estrada).

O **rueiro** é outro compoñente que ocupa un espazo singular na morfoloxía urbana, vincúlase, por un lado, á grande escala do trazado, podendo ser sistema xerador ou resultado do mesmo, como tamén se vincula á pequena escala do habitar privado. Neste sentido, representa unha "relación entre a tipoloxía edificada e a arquitectura singular" (Dias, 2015, p. 124), entre o espazo público e o privado.

Como elemento infra-estrutural esencial é preciso mencionar a **parcela**, escenario morfolóxico resultado de constantes cambios desarticulados entre si e que, polo tanto, representa unha ferramenta importante para chegar a comprender os procesos de cambio da morfoloxía, producidos ó longo da historia. Fisicamente representa a división da propiedade e pode configurarse de modo planeado ou aleatorio, sendo, neste último caso, froito de operacións illadas.

Por último, como unidade básica da trama urbana, álzase o **edificio**. Se é notable e destaca pola súa presenza (sen referirse esta á súa decoración ou monumentalidade), estarase a expor o **edificio singular**. Se pola contra, se aborda a tipoloxía de casa residencial máis usual dun lugar en concreto, estarase a referir a un **edificio común**.

Dentro das cidades existen **equipamentos**, entendendo estes como o conxunto de recursos e instalacións prestados polo Estado ou outros, para satisfacer diferentes necesidades da comunidade. Dentro dos equipos urbanos, cabe destacar os relixiosos, do cal formaría parte a **igrexa**, e a praza mercado. Por outra parte, existen servizos como sería o **cemiterio** ou os matadoiros, necesarios para o funcionamento e hixiene do centro urbano.

3.1.1.2 As xuderías na Península Ibérica

A xudería, construída sobre unha planta e constitución greco-romana, obterá a súa diferenciación ó albergar un modo de vida hebreo tanto en canto a leis e organización, como á continúa condición de pobo desterrado, dando lugar ó que Espinosa Villegas (1993) denomina un urbanismo espiritual xudeu-cristiá. Esta nova organización planimétrica, tivo como consecuencia a eliminación e

transformación de rúas e casas, e con elas, do trazado e da organización urbana. A situación de xudeus e mudéxares en lugares desfavorecidos realizouse a miúdo, co obxectivo principal de sacar proveito das vivendas que se viron forzados a deixar. Polo tanto, a aparición de xuderías, que eran propiedade dos reis, podería ser o resultado da xestación urbana ou pola contra, consecuencia lóxica desta conformación da sociedade medieval por grupos sociais, étnicos e económicos diferenciados. As xudarías eran tamén o resultado de se agrupar nunha parte concreta da cidade a un grupo específico (Espinosa Villegas, 1993; Redondo Jarillo, 2010).

En época do Imperio Romano, pódese pensar que as diferenzas urbanísticas non ían máis alá das impostas. Por outra parte, nos séculos XIII e XIV, podíase diferenciar entre xuderías pequenas, nas que se integraban vivendas de xudeus e de cristiáns, e xuderías medianas, propias de cidades máis grandes e en ocasións pechadas por unha cerca, que servía de fronteira entre ambas comunidades. Foi posteriormente, trala relegación de xudeus en barrios pechados, como pode ser en cidades de importancia coma Málaga, cando apareceu un novo fenómeno social e urbanístico: a creación dunha cidade dentro das cidades, estando antes unida ó resto do plano (Gómez, 1993; Espinosa Villegas, 1997; Hinojosa Montalvo, 2000).

A transformación de cidades pagás cara **cidades cristiás** produciuse no Alto Medievo, momento no que se comeza a introducir na morfoloxía urbana as sinagogas e os barrios dos xudeus que non mostran nun principio unha estruturación suburbana, pero cuxa extensión topográfica xa se viu limitada naquel entón por políticas anti-xudías. De todas maneiras, pódese afirmar que a aportación económica desta comunidade ó urbanismo foi destacable, e que esta mantivo a súa inmutabilidade estrutural tralo Alto Imperio, en "relación con cidades clásicas e cristiás" (Helal Ouriachen, 2011, p.7).

Autores coma Eiroa Rodríguez (2018), dende o punto de vista da arqueoloxía, negan a presenza de trazos dispares das zonas de asentamentos xudeus e afirman a imposibilidade de poder identificalas dentro do núcleo urbano medieval, algo que quedaría relegado ás sinagogas e cemiterios. Ese mesmo autor, tamén recalca a necesidade de incorporar novos indicadores arqueolóxicos ás escavacións, como por exemplo estudos arqueo-zoolóxicos, que poidan arroxar luz sobre a identificación dos asentamentos das comunidades xudías hispanas.

Sen embargo, Espinosa Villegas (1993) referíase xa a un urbanismo xudeu, apoiándose en moitos dos planos de xudarías como parte das cidades medievais hispánicas, afirmando a existencia da "cidade xudía" como dimensión física. Así, neste capítulo da investigación, pártese da premisa de que "**resulta máis fácil negar a existencia dun modo peculiar xudeu de asentamento que intentar definilo**" (Espinosa Villegas, 1997, p.8).

A falta de evidencias claras e a necesidade, por tanto, dunha maior investigación no tema, leva en moitas ocasións a determinar a súa inexistencia antes que afirmarse en aspectos estudados vagamente.

Para marcar a ruta xeográfica dunha xudería española, Aldana Fernández (2007) refírese a unha división tridimensional do espazo urbano, onde a vivenda representa a zona privada, a praza a pública, e a rúa, o eixe de comunicación entre ambas.
Por outra parte, a xestación dos barrios xudeus hispanos entre os séculos XI e XIV, de **morfoloxía cerrada e autárquica**[2], deu lugar a características propias en canto á ordenación do espazo, derivada das estritas directrices e tradicións relixiosas. Dos asentamentos localizados afastados dos cristiáns, residindo en casas, rúas e barrios, xurdiu o que se denomina **xudaría**. Dentro dos sectores urbanos, a implantación destes barrios ven motivada por cuestións de seguridade, de aí que elixiran sempre o interior das fortalezas e a proximidade co perímetro amurallado, así como a proximidade coa autoridade máxima, nunha busca de protección (Espinosa Villegas, 1997; Vila, 2013).



Figura 17. Cidade Medieval de Marvão, Portugal. Fonte. VisitPortugal.

A **cidade hispana medieval** situábase polo xeral nun alto, onde o castelo trazaría os límites da xudaría e esta estableceríase así, nunha ladeira natural que permitía á choiva limpar o asentamento seguindo as normas de hixiene do xudaísmo, que se estendían tamén a nivel urbano. Naquelas cidades sen elevación de terreo, este barrio situábase preto de cursos naturais de auga, onde se realizaban actividades artesanais e servían como desaugue e fronteira. Aínda así, este límite fluvial era moi común e cabe mencionar o exemplo de Zaragoza, onde entre as súas rúas discorría un rego (Espinosa Villegas, 1997; Blasco Martínez, 2005).



Figura 18. Porta de entrada á xudería de Toledo. Fonte: Andreu & Paños (2012).

Dependendo do núcleo de poboación no que se encontre, ben sexa unha grande cidade, unha vila, etc., a xudaría vai ocupar un espazo físico diferente no territorio. Neste senso, atópanse disparidades entre as xudarías implantadas en Europa e as españolas, posto que estas últimas formaban parte de cidades máis pequenas e eran habitadas por un menor número de xudeus (Aldana, 2007). Neste contexto, a noción de espazo vai depender non só do concepto de propiedade e uso derivados da lexislación relixiosa (Espinosa Villegas, 1993), senón tamén da adaptación a un entorno hostil e estrito.

O seguinte paso á **delimitación das xuderías** mediante edificacións ou barreiras naturais, foi a creación de cercas para pechalas. É neste contexto, cando a porta da xudería aparece como a entrada cara a vida dentro da muralla, a modo de protección. Aínda que na tradición hebrea a porta represente "espazo da xustiza" e "porta do Templo" segundo Espinosa Villegas (1993. p.320), este autor chega a consideralo coma un conxunto arquitectónico en si, pola súa importancia simbólica, máis alá dun mero elemento de construción.

[2] autosuficiente, que se autoabastece e non precisa axuda externa.

Cabe mencionar as “portas da carnicería” como representación da existencia das Carnicerías Rituais que frecuentaba esta comunidade, e a praza como eixe de ordenación da *Alhama*. Esta actividade e outras como curtidoiros, deberían atoparse “polo menos a cincuenta *codos* da cidade e no lado oriental da mesma” (Espinosa Villegas, 1993, p.323). Posuían forno propio para preparar o *maçot* e tabernas que ofrecían o viño “*judiego*”, pero pola contra acudían ás tendas da cidade para adquirir froita, peixe, etc.



Figura 19. Calexón interior dende o que se accede á xudería de Montalbán, Aragón. Fonte: Moreno Koch (2005).

Por outra parte, e debido á alta presión demográfica e a falta de espazo, tendas e talleres chegaron a desenvolverse en casas-vivenda, polo xeral situadas na rúa principal que adquiría a toponimia de Rúa Nova. Esta condición demográfica deu lugar tamén á formación de irregularidades nas vías (Espinosa Villegas 1993; Espinosa Villegas, 1997; Blasco Martínez, 2005).

A creación de calellos sen saída deu como resultado mazás cerradas con interiores abertos, que servían como almacenaxe ás actividades, así como lugar de reunión entre veciños. No caso do traslado da xudería dentro das murallas, comprobouse que esta obtiña un trazado de rúas paralelas e regulares, como aconteceu en Zaragoza ou en Extremadura.



Figura 20. Rúa do Rosario. Xudería de Fraga, Aragón. Fonte: Motis Dolader (2004).

As rúas estreitas, recordos e adarves eran os protagonistas nas xuderías españolas, como por exemplo na de Lorca (Murcia), onde un adarve con chan de area e grava dispúñase na parte sur da xudería e baixo el existía unha rede de condución de augas residuais. Nesta mesma localización existe unha ausencia de planificación das rúas na que o trazado acomódase á disposición de terrazas, con pequenas prazas que condicionan a distribución das vías, sendo a sinagoga o punto central distribuidor (Gallardo Carrillo & González Ballesteros, 2006).

A asociación feita entre estes barrios e tramado de calellos, non sempre é a acertada, posto que as variantes urbanas de cada lugar influirán na súa disposición, coma por exemplo ocorría nas xuderías de montaña. Polo tanto si se podería definir, de maneira xeral, unha xudaría sefardí coma aquela que se desenvolve dentro dun espazo limitado e amurallado. Non se trata dunha estrutura inmutable, se non que se adaptaba ós cambios veciñais precisos (Espinosa Villegas, 1993; Calero & Carmona, 2005; Monterreal Gil, 2015).

A nivel organizativo interno, as **xuderías galegas** seguían a mesma distribución que as comunidades xudías casteláns, posuían unha Sinagoga, un Tribunal e un Consello. A nivel organizativo urbano, existía unha tendencia a nivel urbano, cara a súa agrupación nunha rúa concreta, en torno á sinagoga. Esta tendencia ocorría polo rexeitamento sufrido pero tamén pola concentración natural que as minorías levan a cabo para manter a súa identidade e as súas costumes. Tamén tendían a situarse dentro das murallas ou en espazos seguros preto dalgunha porta. Esta separación do centro da cidade, así como con proximidade a unha saída ó exterior, era unha vantaxe para todos. Por exemplo, cando era preciso trasladar un corpo ó cemiterio, o seu transporte

sen pasar polas rúas cristiáns, evitaba conflictos sociais (González Romero en Monterreal Gil, 2015; Antonio Rubio, 2016).

Esa rúa concreta normalmente adquiría a toponimia de "Rúa Nova", tanto en Galiza como en Portugal, e tería moita importancia, correspondéndose nas diferentes vilas coa rúa principal, en caso de habela, ou coa única rúa existente onde se asentarían as familias xudías, ata a súa separación en barrios diferentes a partir de 1480 (Antonio Rubio, 2009; Antonio Rubio, 2016).

Moitas das rúas habitadas por eles ou nas que se insería a sinagoga, posuían toponimia relacionada coa cultura xudaica e co paso do tempo foron substituídas por nomenclaturas cristiás como Rúa da Cruz (Aira Pardo, 2019), co fin de borrar toda sinal de presenza xudía.

O **número** tamén podería considerarse un condicionante das morfoloxías das rúas, posto que na tradición hebrea, posuía gran importancia como "principio da orde e de calquera relación de harmonía entre diferentes compoñentes" dando lugar a unha arquitectura xudía "precisa, limpa, ordenada e harmónica" derivada de "configuracións numéricas cuxa consecuencia lóxica son uns volumes e unhas formas xeométricas de iguais características, simples e regulares" (Espinosa Villegas, 1993, p. 141).

No tramado urbano, erguíase a **sinagoga**, lugar de gran importancia para a comunidade xa que servía, ademais de lugar de culto, como lugar de reunión, e de estudo ou aprendizaxe (Vila, 2013). Segundo Monterreal Gil (2015) dito centro cultural acostumaba xestionar tamén a biblioteca e a escola. Por outra parte, trátase dun espazo que se sacralizaba con cada uso, e cuxa construción era obrigatoria en comunidades con 10 ou máis familias, onde a cerimonia se oficiaría sen rabino pero si coa presencia do *minyan* (10 varóns adultos). No caso de que dito número fose menor ca 10, realizaríanse oratorios nunha casa coñecida como *bet-ba-jeneset*, ou santuario pequeno, sempre oficiada por homes.

O protagonismo das mulleres era inexistente no culto ata tal punto que, se o espazo e as restricións das cidades cristiáns o permitían, situaríanse separadas nunha galería e entrarían ó edificio por unha porta diferente, aínda que ditos mandatos non se vexan reflexados nos textos antigos (Díez Jorge & Espinosa Villegas, 2000; Redondo Jarillo, 2010; Trindade, 2013; Monterreal Gil, 2015).

A Sinagoga, nas xuderías españolas, non se **implantaba** polo xeral nunha praza central como pasaba no caso da Igrexa nas cidades cristiás medievais. De todas maneiras, igual que a Igrexa era o centro do trazado urbano de ditas cidades, a Sinagoga representaba tamén o centro de ordenamento da *alhama*, como punto que artellaba o urbanismo da xudería, de forma que as vivendas dos encargados da súa xestión, coma o rabino ou o escribán, así como as do resto de familias da xudaría, se alzaban próximas a ela, evitando contradicir a lei establecida polo *Talmud* sobre desprazamentos durante o *shabat* (Espinosa



Figura 21. Sinagoga de Castelo de Vide, Portugal. Fonte: Turismoenportugal.



Figura 22. Hipotética sinagoga de Óbidos, Portugal. Fonte: Historiaseviagens.



Figura 23. Sinagoga do Tránsito, Toledo. Fonte: Archnet.

Villegas, 1997; Díez Jorge & Espinosa Villegas, 2000; Aldana, 2007; Redondo Jarillo, 2010; Trindade, 2013; Monterreal Gil, 2015).

Para o **levantamento** da sinagoga, eran precisos o pago das taxas impostas pola Igrexa e permisos de construción. Tanto esta institución coma os monarcas, anularon o impacto urbanístico de ditas edificacións coa prohibición, por exemplo, do levantamento de edificios por encima dos da contorna, o cal desembocou nun rebaixamento do pavimento por debaixo do nivel da rúa así como un exterior sobrio, que pasaba desapercibido e contrastaba co seu interior moi ornamentado. O dominio doutra relixión fai a súa aparición en forma de prohibicións das dimensións do urbanismo. Neste senso, as sinagogas da Península eran "de modestas dimensións que non pasaban, con frecuencia, de vivendas comúns" (Trindade, 2013; Monterreal Gil, 2015).

Vinculados á sinagoga atopábanse outros **edificios relixiosos**, como o baño ritual ou *micvé-tahará,* e sociais, coma os hospitais. No *micvé* procedíase tradicionalmente á limpeza de impurezas mediante auga da chuvia ou dun manancial (Blasco Martínez, 2005; Vila, 2013; Monterreal Gil, 2015). Cabe mencionar que segundo Eiroa Rodríguez (2018) non se atoparon restos de ningunha estrutura identificable e en clara relación con ese *micvé* nas grandes xuderías españolas*,* o que pode facernos pensar que as "prácticas rituais puideron levarse a cabo sen a utilización de espazos construídos para tal efecto" mediante unha interpretación menos ríxida das leis sagradas (Eiroa Rodríguez, 2016, p.95).



Figura 24. Micvé en Besalú, Girona. Fonte: Visitpirineus.

Moitas das sinagogas da Península foron derrubadas e queimadas cos *pogroms* do 1391, xa mencionados no contexto histórico desta *dissertação*, e así mesmo, se unha era abandonada, sería usurpada pola relixión imperante. Na España cristiá, existiron casos de sinagogas transformadas en igrexas tralo abandono das xuderías ou pola expropiación das mesmas. A transformación de dito espazo realizábase engadindo unha ábside (Gómez, 1993; Bango García, 2002; Monterreal Gil, 2015).

En **Galiza** carécense de vestixios físicos que identifiquen as sinagogas aquí situadas, aínda que si que aparecen referencias documentais. No caso de Allariz, a existencia da sinagoga non está documentada pero si a do Rabino, figura xudía que xeralmente indica a proximidade de dita edificación relixiosa, xa que o "*Talmud* atribúe o control das contribucións á sinagoga ó gran Rabino da cidade" (Espinosa Villegas, 1997, p.15). Existen tamén referencias sobre a existencia dunha sinagoga en Ourense, A Coruña, Tui e Ribadavia (Antonio Rubio, 2009).

Aínda que non existen evidencias físicas, pode suporse que as sinagogas galegas deberían designarse máis ben como casas de culto, tendo en conta que no contexto peninsular a maior parte delas eran edificios comúns de poucas dimensións (Bango García, 2002).

Outro emprazamento destacable son os **cemiterios**, os cales debían seguir os preceptos do *Talmud*, situándose fóra da xudería e da muralla a unha distancia mínima de 50 pasos da última casa, é dicir, fóra dos límites construídos das cidades e, coma todo cemiterio hebreo, en caso de existir, erguíase en terreo elevado e virxe, próximo a un curso de auga e supostamente delimitado por una cancela ou muro (Espinosa Villegas, 1993; Cantera Montenegro 1998; Antonio Rubio, 2007; Blasco Martínez, 2005).



Figura 25. Cemiterio hebreo de Sagunto, Valencia. Fonte: Valenciabonita (2020).

Trindade (2013) defende a existencia dunha diferenza clara entre os cemiterios xudeus e o das necrópoles cristiáns, ó contrario destas, "o espazo dos mortos nunca se sobrepuña ó dos vivos" (p.548). Pola contra, Cantera Montenegro (1998) mantiña que estes só se poden diferenciar pola súa localización e no caso de ter restos materiais. Neste sentido, Eiroa Rodríguez (2016) aporta que, dende o punto de vista arqueolóxico, é complicado establecer diferenciacións, posto en ocasións a topografía non permitía cumprir todos os preceptos de situación mencionados anteriormente. Este mesmo autor, expón que pola contra si é distintivo a profundidade das tumbas e o "illamento que se fai do defunto no fondo mediante un sistema de cerramento subterráneo [...] como a cubrición mediante un *lucillo* ou unha prancha de madeira" (Eiroa Rodríguez, 2018, p.247). Ademais, dábaselle prioridade á orientación das escavacións das tumbas oeste-este, cos pés cara o suroeste.



Figura 26. Cemiterio hebreo de Ávila, Castela e León. Fonte: Terranostrum.

Na **Península** atópanse varios cemiterios como son Toledo, Sevilla, Lérida, Faro ou Braga (Casanovas Miró, 1993) mentres que en Galiza coñécese documentación da existencia dun cemiterio xudeu en Allariz, Tui e Monterrei,

mais só se obtiveron evidencias físicas dos situados en A Coruña e Pontevedra (Antonio Rubio 2007; Antonio Rubio, 2009).

A xudaría da **Coruña** transformouse co paso dos séculos, as súas rúas e casas resultan hoxe en día pouco recoñecibles. En **Betanzos** si se atopa algo característico como é un falso ingreso a unha casa, que en realidade leva a unha pequena rúa. Neste sentido, **Mondoñedo** posúe unha porta cara un conxunto de vivendas, algo que pode estar moi relacionado coa conexión dos patios e a necesidade de pasar desapercibidos ou agocharse en caso de persecución. Destacan nesta localización, as rúas estreitas e, igual que en **Ribadavia**, as escaleiras abruptas. Sen embargo, en **Tui**, **Allariz** e **Monforte**, "a xudaría adopta a tipoloxía dun barrio cristián e [...] situada ó abrigo da Catedral" (Aldana Fernández, 2007).

A pesar desta permanencia de máis de catrocentos anos, as evidencias físicas nos barrios históricos das vilas nas que se asentaron, son escasas ou nulas. Neste sentido, "en Galiza, coma nos demais territorios das coroas afectadas, o éxodo non eliminou de todo a pegada da presenza xudía, pero si a minorou, borrando o seu verdadeiro alcance na arquitectura e no urbanismo" (Pardo de Guevara en Antonio Rubio, 2006, p.18), e a expulsión do 1492 supuxo a fin a máis de cinco séculos de presencia xudía en Galicia (Antonio Rubio, 2007; Barros Guimeráns, 2014; Antonio Rubio, 2016; Aira Pardo, 2019).

Cos edictos de expulsión, os asentamentos foron abandonados e ocupados por cristiáns e eclesiásticos, nos que se instalaron modificando a morfoloxía das súas rúas, ancheándoas. Polo tanto, os asentamentos dos xudeus que permaneceron despois da expulsión, céntranse en aldeas afastadas dos núcleos urbanos, dando lugar a unha dispersión da comunidade, motivados polo feito de que "aínda convertidos, xudaizaban, é dicir, seguían practicando a súa relixión e [pelo facto de estaren dispersos] desa forma escapaban á persecución implacable da Inquisición" (Fernández Sendín, 1995, p.33). Estes lugares normalmente situábanse preto de rutas de arrieiros e en serras montañosas, como foi o caso da Serra de Faro en Galiza, e a Serra da Estrela en Portugal (Blasco Martínez, 2005; Tavares, 2010).

3.1.2 Contexto arquitectónico

Para establecer un contexto arquitectónico coherente, é primordial introducir dúas edificacións singulares, que son elementos clave nesta investigación, a sinagoga, en canto a construción emblemática das xuderías, e a casa, en canto a eixe da vida xudaica.

3.1.2.1 A sinagoga

En canto á **configuración arquitectónica** da sinagoga, non existía un modelo estrutural obrigatorio e adaptábase ó entorno construtivo así como "ás costumes arquitectónicas locais" (Cantera Montenegro, 1998, p.154), aínda que a maioría das plantas analizadas eran basilicais ou rectangulares. Pola contra, debía situarse próxima a un recurso natural de auga, as súas xanelas posuirían pouca dimensión e ademais, a orientación da parede de oración sería cara o Este, cara Xerusalén (Monterreal Gil, 2015; Trindade, 2013).

En canto á **distribución interior**, na meirande parte dos casos, a Sala de Oración ocupa a totalidade do espazo interior da sinagoga e, como o seu propio nome indica, serviría de lugar de reunión da comunidade para orar, con bancos (*safsalím)* dispostos por todo o espazo e situados de maneira que os asistentes se atopaban cara a cara. No centro desta sala emprazaríase un estrado (*bimáh*) para a lectura da *Torah,* e cabe destacar tamén neste emprazamento, o armario no que se gardaría o Rolo da *Torah*: o ***Hejal*** (Osório, 2009).



Figura 27. Distribución interior da sinagoga de Lorca. Fonte: Lorca, luces de Sefarad (2009).

1. Vestíbulo
2. Galería de mulleres
3. Sala de oración
4. Bimá
5. Hejal



Figura 28. Reconstrución da Sinagoga de Lorca. Fonte: Minube.

Este armario estaría situado na parede oriental da sinagoga e xeralmente decorado con "motivos xeométricos de estilo gótico e arcos *polilobulados* apoiados en dúas columnas" (Gallardo Carrillo & González Ballesteros, 2006).



Figura 29. Armario de pedra documentado en Vila Maior, Portugal. Fonte: Osório (2009).



Figura 30. Armario de pedra documentado en Sabugal, Portugal. Fonte: Osório (2009).

En diversas zonas de Portugal, como no Sabugal, atopouse o dito armario encaixado nas paredes interiores de diferentes casas e que, segundo as súas características, "serían interpretados como os armarios sagrados da liturxia xudaica" (Osório, 2009, p.75).

Por outra parte, Magro (2011) expuña varios armarios atopados en Vila Maior. "Este altar de pedra servía para a realización do culto xudaico (p.116). Nel gardaríanse, tradicionalmente, tanto líquidos como os aceites necesarios para as lámpadas como os libros sagrados ou manuscritos do *Torah*. Tal e como interpreta a autora, estes armarios son comúns ás sinagogas pero "unha vez que culto xudaico foi prohibido e estes foron obrigados a exiliarse ou a converterse ó cristianismo, xorden armarios destes en casas de particulares, cristiáns novos que continuaban a facer o culto xudaico ocultamente" (p.117).

A luz é un elemento moi importante na relixión, como símbolo da presenza divina pero tamén como fonte de beleza, que incide sobre certos materiais e provoca cambios de forma e cor. No caso das sinagogas, a parte superior próxima á cuberta, é a zona que máis luz natural recibe. Ademais, diversos vans dispóñense na parte superior do muro facendo que a iluminación quede nesta zona e non chegue ó piso. Esta distribución dos focos de luz, tendo en conta o contexto hostil no que se construían, e a necesidade de illar os seus ritos fronte ó exterior, fainos cuestionar si perseguía unha busca da simboloxía ou, pola contra, da funcionalidade, xa que nos seus textos establécese a recomendación de rezar nun espazo cerrado para sentir de maneira máis intensa a presenza de Deus (Espinosa Villegas 1993; Monterreal Gil, 2015).

3.1.2.2 Concepto de casa para o Xudaísmo

Durante esta investigación e tendo en conta puntualizacións de diversos autores coma o arqueólogo Francisco Reyes (1998), enténdese a casa como espazo íntimo e como elemento definidor dunha comunidade. Na súa construción veranse reflexados aspectos que responden a cuestións de adaptación á localización e ó clima, pero tamén a cuestións vitais como son as crenzas e os pautas culturais, en moitas ocasións perpetuadas nas edificacións de maneira "inconsciente".

Para entender o concepto de casa na cultura xudaica, hai que ter en conta a importancia da relixión e do Talmud como condicionantes da forma de vida e tamén da proxección da casa, dos seus usos, formas e materiais. Neste senso, Espinosa Villegas (1998) fai un símil entre o corpo humano e a casa xudía para expresar os coidados que a casa precisa como estrutura orgánica que posúe alma, e que debe estar limpa de impurezas, é dicir, santificada. Destaca a casa como lugar de reunións, pero tamén de culto, que representa valores e emblemas para a comunidade xudía como é a hospitalidade, debendo seguir os preceptos relixiosos da mesma forma que os seus habitantes. Entre este espazo e a familia que o habita, existe unha relación moi forte, elementos que

Azulay e Israel (2009) definen como estruturas básicas para a conformación da identidade do xudeu.

3.1.2.3 Trazos da mensaxe xudaica na arquitectura civil

Para a comunidade, tal e como regulan os textos sagrados, é máis importante ós ollos de Deus un comportamento adecuado a nivel de expresión verbal que visual, algo que se verá materializado na pouca importancia que posúe arquitectonicamente a expresión artística, entendendo esta como beleza física. Así, a "beleza" no contexto hebreo, alberga dous conceptos substanciais: o práctico e o moral (Espinosa Villegas, 1995).

É importante entender que as prescricións relixiosas pesan, polo xeral, máis que as normas de expresión estética e á vez, esta afirmación está suxeita ó contexto no que se desenvolve. Espinosa Villegas (1995) define a arquitectura xudía como a arquitectura do "decoro" no sentido de que non ten unha connotación exclusivamente simbólica. No caso do territorio español, a arquitectura xudía debe convivir coa tradición relixiosa cristiá, proceso que dará lugar non só a unha interpretación por parte dos xudeus de conceptos arquitectónicos xa establecidos, como a luz, se non incluso a unha intencionalidade expresiva simbólica. (Espinosa Villegas, 1995; Azulay & Israel, 2009)

Tradicionalmente, o Xudaísmo está caracterizado pola acentuación de irregularidades, polos desaliñamentos, así como pola tendencia non axial e asimetría, presentes nas fachadas das vivendas. Dita asimetría, destaca como unha característica compartida entre a arquitectura rural e urbana, presente tamén de maneira interna, na distribución. Outras peculiaridades da mensaxe xudaica plasmadas na arquitectura son o anti-plano, o *organicismo* e a temporalización do espazo. O xudaísmo atópase reflexado en forma de arquitectura orgánica e viva, opóndose ó clasicismo, e consecuentemente á cultura occidental do espazo. Espinosa Villegas (1998) establece unha característica destacable e común ás casas hebreas, máis alá de condicionantes xeográficos e como reacción a un contexto de ameaza de transitoriedade: sobriedade e sinxeleza exterior. Non tende a ser unha arquitectura ostentosa en canto a decoración, pero tampouco en canto a materiais e técnicas. Polo tanto, a arte na arquitectura xudía non se dirixe ó exceso, nin a ser emblemático, posto que o seu principal fin, non é a permanencia no tempo (Espinosa Villegas, 1995; Afonso, 2008; Gomes, 2013; González, 2014).

Os principios do xudaísmo plasmados na arquitectura civil, segundo o arquitecto Bruno Zevi (en Afonso, 2008) son, ademais da asimetría xa mencionada e tratada por outros autores:

- **Relativismo**, no sentido cultural. Entendendo este como a vivencia na diáspora da comunidade xudía e a súa consecuente adaptación a varios pobos e contextos.

- **Disonancia** como aspecto que representa a cultura xudía a través da súa arquitectura, e que permite unha evolución e transformación da mesma.
- **Diversidade, diferenza e irregularidade**, nunha busca de liberar o diferente.

A cultura xudaica introduciu en occidente unha ruptura do espazo estático, outorgándolle a este a dimensión movemento, plasmada na arte arquitectónica en forma de edificacións con conciencia temporal, é dicir, que teñen en conta a dimensión tempo (Afonso, 2008). A pesares de posuír a súa arte uns trazos "orientais", como define Espinosa Villegas (1995), no contexto hispano-xudaico, este orientalismo materialízase como un clasicismo reinterpretado. Así, realízase unha decoración de trazos naturalistas, pero sen exceder a bi-dimensionalidade, mantendo a *organicidade* arquitectónica propia do xudaísmo, supeditada á simetría do Clasicismo.

3.1.2.4 A arquitectura vernácula hebrea

Facer unha definición da arquitectura vernácula hebrea, é ardua tarefa por tratase o pobo xudeu dunha comunidade na diáspora, que precisou adaptarse ó contexto cultural e histórico no que se atopaba. Tendo en conta que a aparición deste tipo de arquitectura pode establecerse en Israel, pero que o seu percorrido histórico abarca unha extensa xeografía (de Exipto a Persia), exemplifícase a súa arquitectura vernácula mediante a vivenda do Val de Xordania e a de Israel.



Figura 31. Representación de vivendas xordanas. Fonte: Espina (2014).

A **vivenda** xordana, asentada nun entorno dedicado á produción agrícola, sería terrea, con teito plano, unha soa porta de entrada e pequenas aberturas a modo de ventás. A estrutura da cuberta sería de madeira que, xunto cun tramado de cañas, ambas estarían recubertas con materiais como a arxila, a palla e pequenas pedras, nunha busca do illamento e do control térmico. Destaca desta vivenda que forma parte, dentro dun recinto, dun conxunto máis grande constituído por dous ou cinco módulos dispostos uns ó lado dos outros e destinados a albergar animais ou como bodega. En numerosos casos existe un módulo cos lados abertos e que se presenta como patio cuberto, que albergará diversas actividades realizadas ó aire libre. Para a construción desta edificación, usábanse materiais dispoñibles no entorno, sendo os mesmos que os presentes na cuberta (Baglioni, 2012).

Unha referencia que pode axudar a ampliar a definición de arquitectura vernácula hebrea, é a Biblia, que contextualiza as edificacións Israelitas en torno ó I a.C.. As casas máis humildes, serían cadradas e compostas dunha planta baixa, que no interior albergaría unha diferenza de nivel, estando situados o comedor e o dormitorio na parte máis elevada, e a corte ou taller na inferior. Esta vivenda non posuía cheminea se non que había un braseiro no centro da habitación.

As ventás eran escasas, situadas moi altas e con barras de madeira e postigos que permiten pechalas polas noites. Tanto estes elementos coma as portas, eran feitos en madeira de sicómoro, podendo permitirse os máis ricos facelas en cedro.
En canto ós materiais de construción, estarían elaboradas de caña ou ladrillos de adobe, e recubertas con cal, algunhas veces a esta engádeselle o lodo que, secado ó sol, endurece. O teito facíase nun tramado entre vigas de madeira e ramas que, recubertos con arxila, permitía a creación dese teito que era moi utilizado para diversas actividades, dende secar legumes ou froitas, ata durmir en épocas de calor.

Cabe diferenciar destas, ás casas dos máis acomodados economicamente, feitas en pedra e argamasa, eran unha agrupación de varios volumes tendo como elemento central o patio. Este, estaba ó aire libre, posuía plantacións de árbores e sobre el estendíase, en ocasións, un toldo. Neste mesmo espazo era común atopar as cisternas cavadas, para recoller a auga da choiva. Outro elemento destacable nestas construcións é unha habitación situada máis arriba que o resto de módulos, un lugar máis fresco que, no caso de posuír máis dun, chamaríaselle casa de verán.
A porta de entrada cara esta agrupación, tamén denominado *zaguán*, permitía a visión dende dentro pero que ninguén da rúa puidera ver que acontecía no interior. Coma toda morada xudía, depositaríase a *Mezuzah* na xamba da porta (Espina, 2014).

3.1.2.5 Casa-vivenda dos asentamentos xudeus na Península

Existe a hipótese, exposta por Gomes (2013) na súa tese, de que, debido a presenza xudía nun "ambiente" puramente cristiá e á influencia do clasicismo romano, moi presente en Portugal e tamén en Galiza, as características xudaicas de asimetría e tendencia non axial xa mencionadas, puideron verse alteradas. Nesta mesma investigación, tamén se afirma que "existen diferenzas na composición xeométrica da fachada entre a arquitectura vernácula e a arquitectura xudaica" (p.74), e que nalgún contexto rural portugués, no que a presenza cristiá non era tan maioritaria, esa simetría convértese en irregularidade.

Nas xudarías españolas, as casas eran tradicionalmente cerradas e pequenas, nas que os patios interiores posuían moita importancia. A fachada era estreita pero a parte de atrás que acostumaba dar cara a horta ou o patio, era máis ancha. Derivado do escaso espazo nas xudarías, existía unha tendencia de casas contiguas, onde se respectaban corredores que permitían acceso ós **patios**, estrutura tamén presente **nas xudarías portuguesas**. Nestas últimas, eran habituais os quintais con árbores, así como os "eirados e azoteas dispostas nas casas, sobre o celeiro ou o sobrado" (Tavares, 2010, p.40; Cantera Montenegro, 1998).

Neste senso, a arquitectura xudía posuía unha gran capacidade, observada a través da historia, de crear espazos de sociabilidade. Afirmación que pode verse reflexada a través da comunicación das súas casas mediante o espazo do **patio**, compartido nalgunhas festividades relixiosas como o sábado ou *Shabat.* Os eirados servían, tamén, como lugar de festexo para as familias, ampliando así o concepto de casa e de familia de gran importancia para esta comunidade.



Figura 32. Patio na Xudería de Toledo. Fonte: Patiosdetoledo.

Os edificios estilaban apoiarse uns nos outros mediante as súas traseiras, e estar comunicados por portas ou conxuntos de arcos. En moitas ocasións existían tabiques a modo de división, que permitirían unha fuxida en caso de persecución. Ese medo á persecución, presente en forma de presión exterior, deu tamén lugar á escavación de niveis subterráneos, tanto **sotos** coma covas, que poderían funcionar como compartimentos secretos (Espinosa Villegas, 1998; Díez Jorge & Espinosa Villegas, 2000; Tavares, 2010; Gomes, 2013).

Nas xudarías portuguesas e segundo Tavares (2010) as **casas terreas** eran moi comúns, podendo variar estas na súa distribución interna, tendo un único compartimento para diversas funcións, ou ben estar divididas aparecendo:

- Un sobrado onde se atoparía a estancia para durmir
- Un soto
- División do espazo entre a casa dianteira e unha cámara ó fondo

Por outra parte, poderíamos ter casas de dúas ou máis alturas, podendo chegar ata os 4 andares. Algunha das casas da xudaría grande de Lisboa, reflexaba o seu *status* social mediante a presenza dun escudo no interior ou exterior do edificio. Cabe mencionar tamén as casas-torres, menos comúns, pero tamén presentes e interpretadas como un sinónimo de *status* social (Tavares, 2010). No caso concreto de **Porto,** Gomes (2013) afirma que só existían dúas tipoloxías, as terreas e as de dous pisos.

As casas de dúas plantas eran edificios sinxelos e moi funcionais, na súa maioría sen decoración. En xeral, estaban **distribuídas** de maneira que o andar inferior dedicábase ó almacenamento ou á tenda, onde ademais era común un soto para almacenaxe ou que servía como adega de viño e o superior servía de

vivenda no sentido estrito da palabra. Nesta, localizábase a cociña, aínda que podía ser un elemento independente, cuxo punto central e máis importante era o chamado "fogar ou cheminea", e as habitacións ou "cambras". Podía haber de unha a tres habitacións e estar separadas por paredes de xeso. No caso de Lorca, atopáronse accesos a ditas estancias, dispostas a diferente altura, mediante pequenas escaleiras, adaptándose ó relevo. Por último, xunto ás habitacións había unha porta con acceso ó sanitario, aínda que este, se existía, acostumábase situar no patio traseiro da casa (Cantera Montenegro, 1998; Fonseca Moretón, 2004; Gallardo Carrillo & González Ballesteros, 2006; Gomes, 2013).



Figura 33. Casa dun artesán na Idade Media. Fonte: Buxaweb.

Este tipo de casa era utilizada por xudeus relativamente acomodados como médicos, escribáns, comerciantes etc., no territorio do **norte de Portugal e Galiza** a partir do século XV, tal e como expón Fonseca Moretón (2004). A parte baixa dedicábase ás actividades profesionais, podendo haber un comercio ou taller, e posuía unha porta máis ancha. Ó lado desta atoparíamos outra con acceso ás escaleiras que levarían á vivenda, situada no andar superior.

Pola contra, nas xudarías portuguesas, non todas as casas posuían unha porta autónoma, diferente á da tenda, que comunicaría o acceso á casa-vivenda coa rúa, senón que nalgúns edificios accedíase ó interior mediante a tenda. "Outras veces o acceso era exterior, por unha escaleira en pedra que remataba en balcóns abertos" (Tavares, 2010, p.42).

As **dimensións da casa** modularíanse de maneira diferente se era habitada por un núcleo familiar pequeno, ou máis extenso e múltiple en canto a número e parentesco dos seus membros (Azulay & Israel, 2009). Neste senso, cabe mencionar que existiu unha evolución dunha casa xudía cara unha de

conversos ou novos-cristiáns, na que habitaba un núcleo máis extenso e, consecuentemente, *"a casa deixaría de ter unha tipoloxía meramente nuclear e pasaba a revestirse dunha dimensión máis ampla*" (Cordeiro, 2015, p. 83).

En canto ós **elementos construtivos exteriores** son dignos de mención as portas e as fiestras que, polo xeral, posuían un desaliñamento acentuado nos seus vans (Afonso, 2008). Contrariamente, Fonseca Moretón (2004) afirma que as ventás do primeiro andar sitúanse de maneira vertical ás portas da planta baixa. Por outro lado, Tavares (2010) recolle as distintas tipoloxías atopadas que podían ser de sacada, xeminadas ou ferradas.

Aínda que a ausencia de decoración é notable, si é habitual atopar elementos estilísticos como, por exemplo, as portas biseladas, nas que aparecerían símbolos relixiosos, tanto na lumieira coma nas xambas. Polo que se refire á mesma porta, é un símbolo relacionado coas portas do Templo, que separa o ámbito público do privado, e interprétase como protector doméstico. A porta da planta terrea tendía a ser de dúas follas, é dicir, "o dobre da largura normal da porta da entrada" (Martinho & Domingos, 2018, p.112), posto que esta parte da casa-vivenda serviría como almacén, feito relacionado coa profesión de mercadores estendida na comunidade xudía. A partir do século XIII, a casa xudía medieval "*dispuña ventás con postigos de madeira ou algún tipo de cerramento*" (Gallardo Carrillo & González Ballesteros, 2006, p.133).

Existían ventás "a ras do chan", tal e como as designa Tavares (2010), cuxa redución dimensional ou cuberta foi ordenada polas autoridades no século XV, de maneira que se viron acoutadas a niveis nos que si permitiran a entrada da luz e aire pero non facilitase ningún tivo de conversa ou comunicación.



Figura 34. Edificación con disposición asimétrica dos seus vans en Acinhoso, Portugal. Fonte: Questom Judaica (2016).

Así mesmo, o **tamaño das aberturas** nunca fora amplo, algo que axudaba a protexer a casa do frío. Dita característica, non destacaría demasiado da arquitectura tradicional galega, na que as aperturas da casa tendían a ser de pequeno tamaño. Outros elementos exteriores peculiares e destacables da casa xudía son a terraza, utilizada durante a festividade do *Sukkôt,* e os balcóns, presentes na xudaría de Lisboa e que servirían para a comunicación entre os primeiros pisos das casas contiguas (Espinosa Villegas, 1998; Fonseca Moretón, 2004; Afonso, 2008; Tavares, 2010).

En canto a **elementos interiores** destacables, é preciso falar dos armarios de pedra, que en certas zonas teñen o alcume de "armario de lei" e que servían para gardar, habitualmente, "as velas do *Shabat* ou outras celebracións, entre as cales estarían os recordos dos defuntos" (Martinho & Domingos, 2018, p.150). Polo xeral, divídense en dous compartimentos, o máis alto tería como finalidade gardar a lámpada perpetua (*Ner Tamid)*, e o de abaixo os libros sagrados (Osório, 2009), como xa se mencionou dentro do contexto das sinagogas. A súa decoración podía variar ou ser inexistente, e ás veces aparecen acompañados de pequenos orificios na base do nicho inferior,

dedicados probablemente a soster os pergamiños da *Torah* ou ben para aloxar auga.

Os **materiais construtivos** utilizados**,** dependerían do medio físico e do nivel socio-económico da familia. Era frecuente o uso de terra arxilosa, en forma de ladrillo ou adobe, e presente nos pilares, nas fachadas así como en paredes medianeiras. A madeira quedaba relegada a vigas, teitos e elementos construtivos exteriores como ventás, portas e lumieiras dos vans. A pedra, pola contra, era un material usado por xudeus máis acomodados, debido ó seu prezo elevado. Na xudaría grande de Lisboa, os máis ricos tiñan a costume de pavimentar os eirados, aparecendo ás veces o mármore como solado escollido. Na construción dos muros das casas resalta o emprego de diferentes tipos de fábricas, algo que destacaría como elemento diferencial da arquitectura doméstica da xudería. Esta mestura, pode verse como o resultado de remodelacións ou polo máximo aproveitamento doutras estruturas preexistentes, así como dos materiais dispoñibles no medio (Cantera Montenegro, 1998; Fonseca Moretón, 2004; Gallardo Carrillo & González Ballesteros, 2006; Tavares, 2010).



Figura 35. Cruces nas xambas dunha porta en Santibáñez, Extremadura. Fonte: Barroso Gutiérrez (2020).

3.1.2.5 Os símbolos xudeus

Un aspecto importante na determinación e identificación específica da presenza xudía ou xudeu-conversa, son diferentes marcas, xeralmente relixiosas. Están presentes tanto en espazos rurais como urbanos, tanto en arquitectura civil de uso e artesanal, como en arquitectura relixiosa e militar. Ditas marcas, clasifican ós edificios arquitectónicos nos que se encontran, como pertencentes ó pobo xudeu. Trátase dunha simboloxía diversa que, segundo Afonso (2008, p.19) aparecen con frecuencia "nas xambas biseladas e nos marcos das portas das casas, con tramos desaliñados de portas e xanelas", é dicir, dispóñense en lugares moi visibles (Cruz Sánchez & Ruiz Trueba, 2019). Preséntase a continuación unha recompilación dos mesmos:

- **Gravados Cruciformes.** Esta simboloxía é moi común nalgunhas vilas e cidades peninsulares. Trátanse de marcas abertas na parede situadas maioritariamente nas xambas das portas, estando dispostas polo xeral na parte dereita e a altura de onde se colocaba a *Mezuzah*; tamén se poden atopar na lumieira e nas fachadas das casas.

  En Portugal existe unha gran tradición oral sobre a conexión entre estes cruciformes e os xudeus conversos que, nunha busca de fuxir das persecucións e tentando ensinar socialmente a súa adhesión ó cristianismo, colocaban estes símbolos nas xambas das portas das súas vivendas. É por isto que o arquitecto Fonseca Moretón (2004) as designa nas súas investigacións como "cruz do converso ou cruz de sobremesa" (p.434).



Figura 36. Gravado estilo Meronah en Seia, Portugal. Fonte: Martinho & Domingos (2018).

Dita hipótese é apoiada tamén polo arquitecto Afonso (2008), o cal engade que a pesar deste cruciforme ser símbolo de casa habitada por xudeus, non ten porque "*esa mesma casa, ser expresión de linguaxe arquitectónica con mensaxe da cultura xudaica*" (p.19). Existen outras hipóteses, sobre a súa función como protectores da casa fronte ó mal, así como ou unha exteriorización da fe, ou ben para sacralizar o espazo habitado (Cruz Sánchez, 2014).



Figura 37. Marca onde se insería a Mezuzah en Castelo de Vide, Portugal. Fonte: López (2018).

É importante ter en conta que a identificación e análise destes gravados, ó tratarse a cruz dun símbolo universal, debe estar intrinsecamente unida ó contexto no que está sendo usada. Por isto, é necesaria a súa ligazón con outros elementos arquitectónicos que poidan estar presentes nas construcións. Estes gravados cruciformes, poden consistir en dous trazados a modo de cruz simple, pero tamén poden semellar unha cruz sobre un soporte, sendo neste caso, moi similar ó emblema da Inquisición (Fonseca Moretón, 2004; Afonso, 2008; Gomes, 2013; Osório, 2014; Cruz Sánchez & Ruiz Trueba, 2019).

A **Menorah** é un símbolo relixioso moi representativo do Xudaísmo e corresponderíase cun candelabro de sete brazos, que foi atopado como gravado en portas de vivendas que se supoñen de antiga pertenza a familias xudías. Sen embargo, e tal e como dispón Fonseca Moretón (2004) nas súas investigacións, os xudeu-conversos non posuían polo xeral unha instrución relixiosa, polo que en moitas ocasións pode verse a cruz de converso con trazados propios da *menorah,* como por exemplo unha base que a sustenta, nunha tentativa de imitar a cruz cristiá (Martinho & Domingos, 2018).



Figura 38. Rebaixe pulido na porta da muralla de Melgaço, Portugal. Fonte: Fonseca Moretón (2004).

- **Marcas Mezuzah,** que en hebreo significa xamba da porta, corresponde coa obriga relixiosa dos xudeus de realizar unha concavidade para mostrar a adhesión a dito culto e a pertenza á fe de Moisés. Este pequeno oco situado preferentemente na parte dereita da xamba e que polo xeral posuía 10cm de altura e 2cm de anchura, é un símbolo relacionado co pobo hebreo que non só lembraba á familia habitante da casa a presenza de Deus, se non que tamén simbolizaba a protección deste. Tradicionalmente, nesta concavidades aloxábase un pequeno pergamiño no que estarían escritos uns versículos del Deuteronomio (Fonseca Moretón, 2004).

- **Trazos lonxitudinais** ou **rebaixes pulidos.** Trátase de trazos afiados na pedra que se dispuñan, polo xeral, verticalmente e na parte dereita da xamba da porta, podendo atoparse de forma illada ou en conxunto, tanto en casas-vivenda como en edificios sagrados. As hipóteses que se manexan son, dende desgaste da pedra polo seu uso de afiadoira por parte de, por exemplo, zapateiros, mais tamén se sustenta a súa relación con unha práctica tradicionalmente xudía. Neste sentido, Fonseca Moretón (2004) defíneos como "afiados rituais", que estando colocados á

altura da *Mezuzah* e presentes en casas da época Medieval, poderían ser consecuencia de usar a aresta como pedra de afiar e así poder preparar a carne *kasher* de maneira correcta.

- **Lumieira Manuelina.** Trátase da parte superior da porta con influencias do estilo arquitectónico portugués coñecido como Manuelino, en relación ó seu creador, o rei de Portugal, Manuel I (Días, Rodríguez, Grilo & Vasallo e Silva, 2017).
  En moitas ocasións un **arco conopial** moi apaisado decora as lumieiras manuelinas das portas e fiestras, sendo este conxunto característico das vivendas xudeu-conversas, e derivado, como o seu propio nome indica, da época manuelina pero que perdurou no tempo (Fonseca Moretón, 2004). Llano (1996) analiza a presenza de "arquitectura culta", como podería ser un arco conopial presente nunha lumieira, dentro de casas-vivenda populares galegas. Algo que tamén se vería representado na arquitectura propia dos conversos portugueses.

  Dentro da corrente arquitectónica manuelina, atópanse tamén **falsos arcos escarzanos**, presentes en novas construcións a partir do século XVIII (Fonseca Moretón, 2004).



Figura 39. Arco conopial nunha casa en Belmonte, Portugal. Fonte: Turistrela.

- **Biselado** dos **cantos** dos ocos de portas e ventás que, segundo Fonseca Moretón (2004), corresponderían a unha definición estilística moi aceptada na casa do xudeu-converso portugués, e que pertencería ó manuelino.



Figura 40. Santos en nichos en Salzedas, Portugal. Fonte: Questom Judaica (2013).

- **Cornisas nas fachadas** das casas (Martinho & Domingos, 2018).

- ***Postigo*** normalmente situado por enriba da porta e que se utilizaría para observar quen estaba chamando e, no caso de que fora alguén non grato para a familia xudía, non abrir (Martinho & Domingos, 2018).

- **Santos en nichos**, situados polo xeral nas fachadas e que pretenderían mostrar socialmente a cristiandade dos conversos que alí habitaban. Polo xeral, as ornamentacións destas características atopábanse na parte máis alta das fachadas (Fonseca Moretón, 2004; Cruz Sánchez & Ruiz Trueba, 2019).



Figura 41. Peana en Monçao. Fonte. Fonseca Moretón (2004).

- **Peanas** situadas a un ou a ambos lados dunha ventá do andar superior e ás que Fonseca Moretón (2004) lle outorga a función de "soporte para a lámpada conmemorativa da *Januká* ", a cal debía estar situada, segundo os textos sagrados nun "lugar visible, preto dunha ventá si se vive nun piso, ou na parte esquerda da porta da entrada, para indicar coa súa luz ós viandantes que se encontran ante un fogar xudeu" (Fonseca Moretón, 2004, p.434; Bango García, 2002). Tamén se lle podería atribuír a función de soporte da *Menorah* prendida, debendo estar situada hasta 10,8 m do



Figura 42. Estrela de David na Xudería de Úbeda, Jaén. Fonte: Francisco Miguel Merino Laguna (2012).



Figura 43. Estrela de David con flor no centro en Tudela, Navarra. Fonte: Red de Juderías de España.

nivel da rúa. Se a casa posuía patio, entón dito soporte estaría na entrada do mesmo (Eider, s.f).

- **Estrela de David,** de seis puntas e comunmente asociada co pobo xudeu, aínda que non aparece referenciada no Talmud. Esta asociación cultural, apóiase no feito de que nalgunhas casas medievais habitadas por xudeus existía dito símbolo. Aparece por primeira vez na tumba dun xudeu italiano no século III da era común, mais non foi ata o século XV que se converteu nun emblema do Xudaísmo.

  Na historia contemporánea, esta estrela aparece como unha imposición dos Nazis a dita etnia pero tamén, posteriormente, o Estado de Israel a usa, en cor azul, na súa bandeira. Esta asociación automática, fixo quizais esquecer que existen outros "usuarios" da tratada estrela, que pode ter dende 4 a 8 puntas, como pode ser o cristianismo, e o islam (Salvatierra Cuenca, 2003; Sefarad Aragón, s.d.).

  En Betanzos atópase unha inscrita no lateral esquerdo da porta da Igrexa de Santa María do Azougue, e foi interpretada por Fonseca Moretón (2004, p.454) como unha "benvida á igrexa ós conversos e un aliciente e ánimo a converterse para os xudeus residentes e os comerciantes desta relixión que concorrían ó mercado [...] situado na praza xusto diante da Igrexa". En Toledo, existe unha inscrita no teito da Igrexa de Santa María La Blanca. Outorgaríanselle tamén noutros contextos connotacións xudaizantes, ou incluso esotéricas, en relación con prácticas de bruxería, tal e como dispón. Así mesmo, interprétase este vestixio como un signo de protección, como o atopado en Corcubión, A Coruña (Rivera, 2000; Aira Pardo 2019). Outros autores coma Sobrado Pérez (2020), identifícano con elementos decorativos relacionados coa Orde do Santo Sepulcro.

  Considérase necesario mencionar que é esta simboloxía é compartida polo cristianismo e a masonería e tamén que non se debe confundir coa dobre estrela *hexalfa*, de raíz celta e tradición castrexa, moi presente en Galiza.

- **Estrela de cinco puntas** que representaría para os xudeus os cinco libros do Pentateuco e que xa na idade media se recoñecía como o Selo de Salomón (Aira Pardo, 2019). Pode atoparse tamén representada como símbolo relacionado co pobo xudeu.

3.2 Estado da arte

Na descrición das xudarías galegas como espazo de existencia dos xudeus, intentouse dispoñer, aínda que só fose como aproximación, unha abordaxe á morfoloxía urbana e a un organismo que se xestou ó longo do tempo. Azulay e Israel identifican o xudaísmo *"como un modo de vida que caracteriza a significación do espazo e as relacións dos individuos entre si e co feito urbano"* (2009, p.13), podendo recoñecer así as xudarías como estruturas sociolóxicas de habitantes cunha maneira particular de vivir, de percibir, de ocupar e de moverse a través do espazo e do tempo.

Diferentes autores teñen investigado sobre as comunidades xudías en Galiza, pero sempre dende o punto de vista histórico, como é o caso de Otero Pedrayo (1980) e de Martínez Risco (1952), que abordan en particular a historia de dito territorio. Autores máis recentes coma Antonio Rubio (2006, 2009) consegue facer unha análise máis rigorosa, estudando a demografía e os personaxes máis sobresaíntes de dita comunidade, así como as profesións e relacións coas distintas institucións e grupos sociais da época. A aportación de diferentes teses doutorais onde se identifica a presenza xudía en Galiza, tamén se limitan ó establecemento dunha análise histórica e un breve estudo urbanístico dun lugar en particular, como son a de Armas Castro (1992) sobre a cidade de Pontevedra e a realizada por López Carreira (1998) sobre a cidade de Ourense.

Dende o punto de vista da arqueoloxía, a ausencia de estudos feitos en Galiza sobre este tema, fai remitir ós elaborados en España, como por exemplo o estudo feito na xudaría baixomedieval do Castelo de Lorca, Murcia (Eiroa Rodríguez, 2016). Eiroa Rodríguez afirma que a arqueoloxía xudía en España, tivo a súa orixe no século XVIII e recoñece a limitación da análise arquitectónica dos espazos xudeus. O autor céntrase máis nos espazos sagrados como son as sinagogas, quizais por teren chegado á actualidade algunhas en aceptable estado de conservación, ou quizais porque presentan características máis monumentais, como son os casos das sinagogas de Santa María la Blanca e Nosa Señora del Tránsito, en Toledo. Os baños rituais e os cemiterios tamén son outros dos espazos máis estudados e, no caso dos últimos, establecéronse pequenos trazos significativos que os diferencian dos cristiáns.

Partindo da base de que moitos autores rexeitan a posibilidade de poder referirse a unha "arquitectura xudaica" como tal, e polo feito de que a análise da influencia xudaica na arquitectura civil da Península Ibérica é practicamente inexistente, o resultado é un campo teórico escaso. Neste senso, o historiador americano Steven Fine (s.d.) alude a un interese pola "arte xudía" relativamente recente, tanto nos Estados Unidos coma en Europa. Verifica que se está comezando a valorar a cultura visual do xudaísmo como nicho académico pero, como xa se mencionaba anteriormente, relegado ás edificacións relixiosas. Pola contra, o arquitecto José da Conceição Afonso (2008), influenciado polo arquitecto xudeu-italiano Bruno Zevi, manifesta que non se pode negar a enorme influencia do xudaísmo en Portugal, no cal se produciu unha auténtica

revolución urbana en canto a tipoloxías de vivenda. A posibilidade de que unha rúa, casa, barrio, etc. poida reflectir a linguaxe e influencia da mensaxe xudía, a pesar de nunca ter sido habitada(s) por xudeus, é unha posibilidade real. Trátase dunha idea que non se pode negar, posto que *"negalo, sería negar que no devir da historia do urbanismo e a arquitectura do occidente, [non existe] a mensaxe da cultura xudaica, a través de aquilo que máis a caracteriza, a temporalización do espazo"* (Afonso, 2008, p.9). En oposición á proxección do espazo estático do clasicismo, o xudaísmo outorgaríalle ó mesmo unha visión dinámica, temporalizada e incluso cuatridimensional.

Dentro da revisión crítica e revalorización da cultura xudaica que se está levando a cabo nos últimos anos, existen numerosas publicacións (Horowitz, 2001; Jarrassé, 2006), que fan unha abordaxe da temática da arte xudía, particularmente na procura de argumentos históricos e teóricos que sosteñan a idea dunha arte hebrea diferenciada e claramente definida ao longo do tempo. Resulta obvio que esta temática máis global sobre a arte, está fóra do desenvolvemento e obxectivos deste traballo, pero a arquitectura como forma parte fundamental das manifestacións artísticas dunha comunidade, tamén está envolvida no contexto ideolóxico das diferentes correntes plásticas contemporáneas e reflectirá na súa linguaxe e concepción a cultura e os valores da sociedade que a crea.

O problema de fondo presentado de saber se ten sentido falar dunha arte xudía (fóra do relacionado directamente con temas relixiosos) é abordado polo historiador francés Dominique Jarrassé no libro: *"Existe-t-il un art juif?"* (2013) onde fai unha busca histórica durante os dous últimos séculos da identidade artística xudía nas diferentes manifestacións plásticas. Nesta obra recolle ideas doutros autores para caracterizala e preséntao como unha arte esencialmente bidimensional, con tendencia á abstracción e onde o movemento é un modo de representación. Ademais, introduce a idea de que a corrente expresionista das vangardas ten unha orixe xudía en tanto que supón unha visión non clasicista. Entre as conclusións destaca a afirmación de que a existencia da arte xudía está estritamente ligada á problemática da verdadeira identidade do pobo xudeu.

Polo que se refire á casa-vivenda, relegada a un último lugar na liña de investigación, establécense pequenas diferenzas en canto á comparativa coas casas ocupadas por membros da relixión maioritaria (musulmáns ou cristiáns), referíndose sempre ao mesmo período e contexto xeográfico. Neste punto discrepan varios autores, como Eiroa Rodríguez (2016) refire, non existen elementos diferenciais nas unidades domésticas empregadas polos xudeus en España, con respecto ó resto dos habitantes do mesmo lugar, afirmación defendida tamén por Gallardo Carrillo e González Ballesteros (2006). Por outra parte, Cantera Burgos (1972, p.13) expón que:

> *xa se dixo que a arquitectura dun grupo étnico ou cultural ven determinada por a súa posición xeográfica, o clima, condicións de vida,*

> *etc.: e o grado de orixinalidade do arte da edificación é o resultante, non só dos aludidos acontecementos, senón do ambiente intelectual e relixioso.*

Polo tanto, o dito autor, fai mención á importancia que exerce o contexto social sobre o desenvolvemento da arquitectura específica dunha comunidade. Por outra parte, Roth diferenciaba a casa xudía da cristiá no norte de Europa expoñendo que *"a veces unha diferenza na arquitectura desta parte da cidade podía notarse inmediatamente. [...] As súas casas, ben edificadas, contrastaban en ocasións abruptamente coas moradas de táboas e xeso que as rodeaban"* (1965, p.133), e Espinosa Villegas (1998) establece a existencia de algo propio nas casas xudías: sobriedade e sinxeleza exterior. Segundo este mesmo autor, as xuderías supuxeron a nivel urbano, unha novidade no tramado da cidade medieval, posto que coa súa aparición creouse unha cidade dentro doutra. O crecemento acoutado das edificacións viuse condicionado por dous factores clave: a densidade demográfica e a falta de espazo (Espinosa Villegas, 1997).

Partindo da base de que, a nivel urbano, unha xudería está caracterizada por unha forma, unha arquitectura e unha estrutura particular, en todos estes traballos publicados, recoñécese a existencia das xudarías, pero non se chega a dar unha definición exhaustiva e documentada dos elementos que as compoñen. Dentro do contexto da investigación, a noción de espazo vai depender, antes que nada, do concepto de propiedade e uso do xudaísmo (Espinosa Villegas, 1993), pero tamén da adaptación a un entorno hostil, nunha condición, en moitas ocasións, de minoría.

Á hora de coñecer a extensión do impacto dos xudeus na arquitectura da Península, acódese a miúdo, á análise de elementos, como os nichos de pedra inseridos nas paredes das vivendas, que son interpretados como armarios sagrados da liturxia xudaica (Osório, 2009), como tamén se acode ós símbolos gravados en edificacións de carácter civil, relixioso e incluso militar. Fonseca Moretón (2004) afirma que os ditos gravados eran realizados comunmente nas casas habitadas por conversos, para mostrar á sociedade a súa adhesión ó cristianismo e evitar así o rexeitamento e a persecución. Entre eles destacan polo seu considerable número, gravados cruciformes no interior da xamba dereita da porta, lugar que correspondería á *Mezuzah* Na mesma liña, Afonso asegura que dita simboloxía debe ser analizada, sen ter en conta a fortísima tradición oral que a rodea *"como indicadores potenciais de 'casa habitada por xudeus' aínda que non todas o sexan"* (2008, p.19). Pola contra, Osório (2014) expón que dita hipótese non pode corroborarse na súa totalidade e, polo tanto, prefire determinar que ditos símbolos son a sinxela expresión da devoción relixiosa ou unha acción protectora para espazos públicos e privados.

Como base fundamental para poder chegar á definición de todos estes espazos xudeus, é primordial centrarse no aspecto da crenza relixiosa e na existencia do comportamento e pensamento xudeu. Esta abordaxe é defendida por Azulay e Israel, cando aluden a que *"a crenza que xera un sistema de valores e ideais, hábitos, tradicións e formas de vida, historia e memoria desa historia"* (2009,

p.50), así como por Jabés (1990), que afirma que un dos factores que caracteriza a vivencia xudía é a estrita adhesión e adecuación aos preceptos do *Torah*.

A descrición, clarificación e identificación destes espazos físicos, que en moitas ocasións reciben un tratamento superficial nos que se mesturan erros, que se estenden a través da poboación, permitirán a salvagarda deste patrimonio xudeu, desvalorizado e oculto polas ideas medievais cristiás, e que ó mesmo tempo levará a un intento de asegurar a transmisión do coñecemento para futuras xeracións.

En síntese, mediante esta revisión do estado da arte preténdese formar unha visión ampla do campo teórico que existe sobre o tema que nos concirne, evidenciando os coñecementos e estudos realizados, así como os debates aínda existentes. De maneira que, expondo unha visión ampla sobre a investigación da pegada dos xudeus en Galiza, se poida facer unha reflexión con respecto ó tema. Tendo en conta toda a bibliografía consultada e as entrevistas realizadas, verifícase a escaseza de documentación así como de referentes que expoñan o tema dunha forma xeral, sen ter que acudir a investigacións de zonas concretas. Desta maneira, usando as referencias atopadas como pilar teórico desta investigación, faise unha distinción interpretación e análise dos vestixios físicos que poderán dar resposta ós obxectivos desta investigación, desenrolados nos capítulos que seguen.



CAPÍTULO 4

CAPÍTULO 4. ANÁLISE URBANA

4.1 Introdución

Co fin de levar a cabo unha análise urbanística rigorosa, considérase primordial a escolla e rexistro de información plasmada en datos, fotografías, localizacións e morfoloxías. Nesta investigación, dito rexistro de información insírese en fichas de análise urbana, instrumento creado para unha catalogación individual e meticulosa dos lugares seleccionados no presente estudo.

Os elementos escollidos para formar parte da ficha son os que, tendo en conta o contexto urbanístico e baixo criterio da autora, parecen relevantes, tanto para coñecer se existen padróns[3] urbanísticos comúns entre as diferentes comunidades e así como para recoller os vestixios de edificacións e simboloxía que aínda se conserva.

Resulta necesario recoñecer as dificultades do presente conxunto informativo, xa que se abrangue unha ampla extensión de territorio, que xunto coa xa mencionada falta de documentación, complica a tarefa de realizar un inventario destas características.

É preciso indicar que se presenta unha mostra dalgunhas das vilas e cidades galegas investigadas. De todas aquelas nas que existen indicios da presenza xudía, seleccionáronse os núcleos que poden aportar datos que axudarán a establecer modelos de asentamentos urbanos característicos, sempre tendo en conta as limitacións documentais existentes. O resultado a este criterio de selección son dez fichas de análise urbanística que se presentan a continuación.

Procedeuse a analizar só os emprazamentos urbanos posto que, no ámbito rural, non se atopa documentación de asentamentos xudeus, e os vestixios existentes pertencen só a vivendas illadas, o que imposibilita facer unha análise dunha trama rural.

*Se non se menciona o contrario, as imaxes son de autoría propia.

Figura 44. (Páx 74) Canella en Salón. Fonte: Juan José Álvarez González (2020).

[3]Modelo a partir do cal se fan cousas semellantes (RAG).

4.2 Fichas de análise urbanística individual



Asentamentos xudeu-conversos en Galiza

Análise urbano

- Analizado: *Materializados nas fichas de análise urbano.*
- Investigado: *Inspeccionados pero non analizados, presentes no ANEXO III.*

FICHA U1

ALLARIZ



Os asentamentos xudeus nesta vila representan a primeira xudería documentada de Galiza e unha das máis importantes da mesma ata o século XV. Tense constancia da presenza da comunidade xudeu-alaricana dende o 1186 (Blanco Rodríguez, 2012). Ó longo da súa historia, e por mor das tensións entre xudeus e cristiáns, afincáronse en diferentes partes da vila, como pode verse representado no mapa. A historia dos xudeus en Allariz pode dividirse en tres etapas marcadas por dúas localizacións urbanas diferentes.

LENDA

MURALLA

- TRAZADO ESTIMADO MURALLA
- (1) PORTA DE SANTO ESTEVO
- (2) PORTA DE VILANOVA

ESTABLECEMENTOS XUDEOS

1ª etapa (mesturados)

- BARRIO DE SAN PEDRO-PORTA VILANOVA
  rúas lobariñas, s. lázaro, sur, das hortas, vilanova

2ª etapa (apartados) XUDARIA

- BARRIO DE SUB-CASTELO
  a_rúa nova (antiga rúa da sinagoga)
  b_rúa socastelo
  d_rúa das aceñas
- BARRIO DO COUTO
  d_rúa do couto

3ª etapa (conversos)

- RUA DE S.ESTEVO

SINAGOGA

- ubicada na rúa nova

CEMITERIO

- UBICACIÓN (documentado)

MERCADO

- Campo dos Brancos o carniceros (documentado)

- Antiguas fábricas de curtidos

Autoría: Armada Iglesias, 2020



Fig. U1.1. Arcos conopiais na Rúa de Vilanova, 16

Situación ou implantacións

Nunha primeira etapa (s. XII), a comunidade situábase dentro do perímetro amurallado, no Barrio de San Pedro, actuais rúas de San Lázaro, Porta de Vila Nova, Portelo da Barreira e Rúa Arroleiro. Non se pode considerar este barrio como xudería posto que a poboación xudía cohabitaba cos cristiáns. Na segunda etapa (s. XIII), tras asinar a Carta de Avinza, desprázanse os xudeus fóra da muralla, vivindo separados dos cristiáns. E por último, na terceira etapa (s. XV), a maior parte dos xudeus alaricanos convertéronse e pasaron a vivir dentro do perímetro amurallado, na contorna de Santo Estevo (López Cortiñas & Varela Barrios, 2000).

Os **límites** da xudería, constituída como tal na segunda etapa, atópanse moi ben definidos e analízanse a continuación:

Respecto da **muralla** e das súas portas:
Emprazamento situado abrazado á muralla no seu vértice noreste, na zona máis alta e próxima da Porta de Santo Estevo. A maior parte dos xudeus vivirían en Socastelo, e uns poucos no Barrio do Couto. A rúa principal da xudería sería a "Rúa Nova" (López Cortiñas & Varela Barrios, 2000), toponimia relacionada co establecemento de edificacións xudías (Barral Rivadulla, 1996).

Respecto dos **centros de poder:**
O asentamento localízase preto dun centro de poder, neste caso, do castelo medieval.

Orientación

Norte–sur.

Características da trama

No barrio de Socastelo, as rúas dispóñense de forma alineada e paralelas á muralla.
En canto ó Barrio do Couto, este posúe forma alargada posto que responde á súa disposición con respecto ó Campo da Barreira (Rumbao, 1984).

As vivendas agloméranse en torno ás rúas Nova e Socastelo, con ausencia de balcóns na Rúa Nova, pero presentes na súa parte posterior de cara á rúa Aceñas. É destacable o uso de pedra na parte baixa e pallabarro nos sobrados (material máis económico).

As construcións caracterízanse por posuír un ancho de parcela similar, así como unha disposición parecida dos seus ocos nas fachadas. É importante destacar que predomina a vivenda sinxela entre medianeiras.



Fig. U1.3. Rúa Nova, contigua á muralla medieval.

Edificacións destacables

Sinagoga

Non está recollida a existencia dunha como tal, mais sábese da presenza do Rabino, figura xudía que xeralmente indica a proximidade de dita edificación relixiosa, xa que o Talmud atribúe o control das súas contribucións (Espinosa Villegas, 1997).
López Cortiñas e Varela Barrios (2000) sitúana na actual parroquia de Santo Estevo, aínda que non se atopan vestixios da mesma xa que foi desmantelada trala expulsión.

Cemiterio

Aparece referenciado no 1487 e a súa suposta ubicación sería á altura do castelo, fóra da muralla (Antonio Rubio, 2006), no terreo coñecido como Campo da Mina, á dereita da rampa de baixada á Acearrica (Madoz, 1846).

Casa da Inquisición.

Descoñécese a súa existencia.

Tribunal

Descoñécese a súa existencia.

Simboloxía

As marcas como cruces de conversos e inscricións, atópanse dispersas pola zona vella da vila, existindo áreas de maior concentración e que se corresponden con lugares de situación da comunidade, como son a rúa Socastelo e o barrio do Couto. Aparecen arcos conopiais noutras rúas coma a de Vilanova (nº 16 e 18).



Fig. U1.2. Cruz de converso na xamba dereita da porta. Barrio do Couto.



Fig. U1.4. Vivenda con inscrición na xamba esquerda. Rúa do Cárcere.



Fig. U1.5. Inscrición "Año 1713" invertida, na Rúa Arroio, 13.

Deseño da malla urbana de Allariz



Autoría: Armada Iglesias, 2020

FICHA U2

RIBADAVIA



A presenza documentada de xudeus en Ribadavia remóntase ó 1386, aínda que non se pode afirmar que naquel entón existira a xudería como tal, por non aparecer así referido. No século XIV alúdese a unha comunidade plenamente asentada e numerosa, aínda que sen cifras exactas, rodeada dos tópicos que lle precedían socialmente na época (Antonio Rubio, 2009).

LENDA

MURALLA

TRAZADO ESTIMADO MURALLA

1 PORTA NOVA

2 PORTA FALSA OU DO POSTIGO

3 PORTA DA CERCA

ESTABLECEMENTOS XUDEOS

Rúa principal e documentada

a_ RÚA DA XUDERIA ou rúa da Cruz, (actual rúa Merelles Caula)

Outras rúas segundo Meruendano e Fernández Alonso

b_ rúa porta nova de abaixo
c_ rúa porta nova de arriba
d_ travesa da porta nova
e_ barrio dos ferreiros e da corredoira (oficios e industrias) onda a estación do tren

SINAGOGA

Posibles ubicacións (documentada)

CEMITERIO

Tradición oral

MERCADO

Praza da Magdalena

Casa da Inquisición

Autoría: Armada Iglesias, 2020



Fig. U2.1. Arcos correspondes á localización da suposta sinagoga, na Praza da Magdalena.

Situación ou implantacións

Os límites documentados da xudaría de Ribadavia pódense definir de maneira clara, iniciándose na "*Rúa de la Judairía*", posteriormente nomeada como Rúa da Cruz e actualmente como Rúa de Merelles Caula, vía principal onde estaría situada tamén a sinagoga. Estenderíase dende a Praza Maior ata a Igrexa da Magdalena, discorrendo así dende a parte máis alta da vila cara abaixo.

Respecto da **muralla** e das súas portas: Segundo Meruéndano (1981) e Fernández Alonso (1904), outras rúas nas que habitaban serían a Porta Nova de Abaixo, Porta Nova de Arriba, Travesa da Porta Nova e Barrio dos ferreiros e da corredoira. Así, atoparíase o seu emprazamento entre dúas portas da muralla: a Porta Nova e a Porta Falsa ou do Postigo.

Respecto dos **centros de poder:**
Situados preto do castelo, buscando neste a protección, así como da Casa dos Sarmiento, Condes de Ribadavia, que ademais tiñan empregados a moitos membros da comunidade xudía.

Orientación

A zona na que vivían estría situada na parte suroeste da vila, e a Rúa *de la Judairía* está orientada suroeste–leste.


Fig. U2.2. Estrela de David na Rúa Porta Nova de Abaixo, 27.

Características da trama

Polo xeral atópase unha trama medieval, con rúas irregulares e adaptadas á topografía, en pendente e ás veces con escaleiras para salvar os desniveis. Esta mesma morfoloxía adóptaa a rúa principal da xudería, que na praza da Magdalena aínda se conservan os soportais, onde posuirían os xudeus os seus negocios.

As edificacións alíñanse coas rúas na fachada principal e na parte posterior acostumaban a ter patios, aínda que a penas se conservan vestixios.


Fig. U2.3. Porta Falsa ou do Postigo.



Fig. U2.4. Vivenda con arco de medio punto e rebaixe pulido. Rúa Porta Nova de Abaixo, 8.

Edificacións singulares

Sinagoga

Recibiría o nome de "Tora" e refírense sobre ela dúas posibles localizacións, ambas situadas na antiga *"Rúa de la Judairía"*. Unha está documentada pero sen vestixios físicos (Antonio Rubio, 2009), e a outra, denominada como tal segundo a tracidión oral e aceptada por diversos autores coma Eiján (1992), da que se conservan piares formando os soportais e un arco de medio punto no interior. Esta última atópase comunicada cunha edificación contigua a través dunha porta na planta baixa.

Cemiterio

Descoñécese a súa existencia.

Casa da Inquisición

Séguese conservando coa escudaría intacta na súa fachada e álzase na parte histórica da vila, na actual rúa de San Martiño.

Tribunal

Desconécese a súa existencia.

Simboloxía

Concéntrase na zona habitada por hebreos, nas proximidades das dúas portas da muralla xa mencionadas. Este pequeno conxunto está formado por rebaixes pulidos no lado dereito da Porta Nova da muralla medieval, e algunha vivenda con arco de medio punto e rebaixe pulido.


Fig. U2.5. Casa da Inquisición

Deseño da malla urbana de Ribadavia



Autoría: Armada Iglesias, 2020

FICHA U3

OURENSE



Autoría: Armada Iglesias, 2020

LENDA

MURALLA

- TRAZADO ESTIMADO DA CERCA
- (1) PORTA-FOSO DA RÚA NOVA
- (2) PORTA DE S. MIGUEL (DOS ARCEDIANOS?)
- (3) PORTA DA CORREDOIRA OU DE STO. DOMINGO
- (4) PORTA DA AIRA
- (5) PORTA DO VILAR
- (6) PORTA DA BURGA
- (7) PORTA DA HORTA DO CONCELLO
- (8) PORTA DA FONTE DO BISPO OU DO REI

ESTABLECEMENTOS XUDEOS

1ª etapa (mesturados) < 1484

DISTRIBUÍDOS POR TODA A CIDADE
a_rúa nova (maioritariamente). Actual Lamas Carvajal
b_rúa das tendas e rúa da paz (antiga r/sapateiros)
c_rúa dos Arcedianos
d_rúa da Barreira
f_praza do Campo, (vivían e tiñan as súas tendas)
g_rúa Corredoira, (actual sto. domingo)
h_rúa Carnicaria, (actual hernán cortés)
i_rúa do Pumar, antes rua do "Pelouriño" ou Picota (actual colón)

2ª etapa (supostamente tiñan que estar apartados) 1484 - 1487

RÚA NOVA, (s.XV vivia a xente máis rica)
unha parte desta rúa convértese en xuderia, s/Rubio (2007)

3ª etapa (Aínda non se fixera efectivo o apartamento.
Xudeos ocupan vivendas de cristiáns) Despois de 1487

RÚA FONTE DO OBISPO/DO REI 1489, Pixotaria, Pescaderia
(actual r/San Miguel)

SINAGOGA

ubicada na rúa nova

CEMITERIO

Descoñecese a sua existencia

MERCADO

Praza do Campo (documentado)

ENTRADA CAMIÑO REAL

† Gravados cruciformes

Aínda que os vestixios da comunidade xudaica presentes hoxe en día son escasos, esta cidade alberga a xudería mellor documentada do territorio galego e que permitiu, ademais de coñecer a historia xudeu-ourensana, facer tamén aproximacións sobre o resto de asentamentos xudeus de Galiza (Antonio Rubio, 2012).



Fig. U3.1. Soportais da Praza Maior.

Situación ou implantacións

Nun primeiro momento sitúanse mesturados cos cristiáns, con predominio da presenza hebrea na Rúa Nova, actual Lamas Carvajal. Coa orde de apartamento no 1480, esta vía pasaría a conformar a xudaría de Ourense, posto que é o espazo no que se lles recluíu, aínda que na última referencia documental atopada (1487), non se fixera efectivo dito apartamento (Antonio Rubio, 2004; 2007) .

Os **límites** da xudaría, situada nunha das zonas baixas da cidade medieval, abranguían dende a parte da Rúa Nova máis próxima ó muro ata a actual Praza Maior, lugar no que comerciaban (Antonio Rubio, 2004).

Respecto da **muralla** e das súas portas:
Non se podía considerar que esta cidade tivera unha muralla como tal, xa que o seu peche perimetral levouse a cabo mediante muros discontinuos de pallabarro incrustados nas casas, e unha cerca no caso da catedral e a Igrexa de Santa María (Paz, 2020).

A xudería situábase preto do recinto amurallado e no interior do mesmo, que a protexía polo oeste, así como das portas: (1) Porta-Foso da Rúa Nova, (7) Porta Horta do Concello e (8) Porta Fonte do Bispo ou do Rei.

Respecto dos **centros de poder**:
A xudería estendíase tamén cara a catedral, que a protexía polo leste.

Orientación

A Rúa Nova discorre norte–sur.

Características da trama

A Rúa Nova estaba bastante despoboada, pouco urbanizada e era de terra, con terreos libres (Antonio Rubio, 2009). Na actualidade non se conserva a trama medieval orixinal, só unha pequena canella que conecta as antigas Rúa Nova coa Horta das Oliveiras, actual Xardíns do Bispo Cesáreo. Podería ser esta unha representación de cómo se caracterizarían as rúas da trama: estreitas e con escalóns, ou en pendente para salvar o desnivel entre dúas vías.

A maior parte das edificacións que conformaban as rúas medievais desapareceron e con elas, aqueles trazos e elementos singulares que as poderían diferenciar.

Simboloxía

Apenas se atopa simboloxía nin elementos singulares nas edificacións da trama urbana e tampouco na rúa considerada xudería como tal, coa salvedade de dúas cruces sinxelas e arcos conopiais, situados en edificacións isoladas no interior da cerca.


Fig. U3.2. Cruz na fachada dunha vivenda na antiga Rúa da Carnicería.
Segunda inspección a Ourense (16/12/2020).

Edificacións destacables

Sinagoga

Referénciase por primeira vez en 1345, aínda que non se especifica a súa situación ata o século XV, estando entón na Rúa Nova. Trataríase dun edificio con aspecto externo que pasaba desapercibido e de pouco valor arquitectónico segundo Antonio Rubio (2017), xa que foi derrubado despois da expulsión dos xudeus. Hai constancia de que posuíría un forno e un pozo na parte posterior.
Na actualidade non se conservan vestixios.

Cemiterio

Descoñécese a súa existencia e situación.

Casa da Inquisición

Descoñécese a súa existencia.

Tribunal

Das xuderías galegas, a de Ourense é a única sobre a cal se coñece a existencia deste organismo que, xunto coa sinagoga e o consello, constituirían unha *alhama* (Antonio Rubio, 2017).


Fig. U3.3. Arcos conopiais no Pazo dos Armada
Segunda inspección a Ourense (16/12/2020).

Deseño da malla urbana de Ourense



Autoría: Armada Iglesias, 2020

FICHA U4

A CORUÑA





Autoría: Armada Iglesias, 2020

LENDA

MURALLA

- TRAZADO ESTIMADO DA CERCA
- LIÑA DE COSTA ÉPOCA MEDIEVAL
- ① PORTA DOS AIRES
- COLEXIATA DE SANTA MARÍA

ESTABLECEMENTOS XUDEOS

Intramuros

Rúa principal e documentada

- z_RÚA SINAGOGA

Outras rúas segundo Sefarad Galicia

- a_ rúa santa maría
- b_ rúa ferrarías
- c_ travesía de ferrerías
- d_ rúa porta de aires
- e_ rúa zapaterías
- f _ rúa curtidoira

Extramuros

- A RABIADA (zona hipotética dos Arrabales) cando lle prohiben vivir en intramuros
- PESCADERIAS (zona onde supostamente tiñan negocios)

SINAGOGA

- POSIBLE UBICACIÓN (documentado)

MERCADO

- POSIBLE UBICACIÓN (documentado)

CEMITERIO

- UBICACIÓN (documentado)

Non se coñece o ano exacto no que aparece a comunidade xudía na cidade da Coruña, tal e como afirma Antonio Rubio (2017). Ata o momento, non se atoparon referencias previas ó século XIV aínda que é posible que xa estiveran afincados con anterioridade, en torno ó século XII (Barral Rivadulla, 1996). A importancia histórica da xudería coruñesa reside, sobre todo, na conservación dunha Biblia hebrea, escrita e atopada nesta cidade (Barral Rivadulla, 1996).



Fig. U4.1. Debuxo da sinagoga en 1894, de José A. García González Fonte. Antonio Rubio (2009).

Situación ou implantacións

Segundo Fernández Caamaño (2018), a xudería coruñesa podería estar situada fóra da muralla, onde se afincaron trala lei de segregación espacial (1480), máis concretamente no Barrio de Santa Lucía, situado no arrabal da cidade. Outra hipótese sitúaos na Rúa Nova, pola relación desta toponimia coa presenza de edificacións hebreas (Barral Rivadulla, 1996).

Con respecto á **muralla** e ás súas portas:
Segundo unha carta foral estaría situada dentro da muralla e próxima á "Porta dos Ares" (Antonio Rubio, 2012). A súa extensión abarcaría ademais as rúas Zapatería, Ferreiría, Curtidoria, Porta dos Aires e a Travesía das Ferrerías (Galiza, Sefarad, 2015).

Con respecto á **rúa principal:**
Considerando que Gallardo Carrillo & González Ballesteros (2006) definen a sinagoga como o centro das xudarías, establécese que a posible rúa principal da xudería coruñesa sería a Rúa da Sinagoga.

Con respecto ós **centros de poder**
Situaríanse preto da Colexiata de Santa María, estando esta na rúa principal da xudería.

Orientación

As vías nas que se asentaban oriéntanse Nor-noroeste - Nor-noreste. Exceptuando a principal e a da Curtidoira que o fan Norte - Sur.

Características da trama

Na actualidade non é posible diferenciar a trama destas implantacións das do resto da parte vella da cidade. Seguramente as vías orixinais resultaran moi modificadas co paso do tempo.
Obsérvanse casas con xambas biseladas e asimetría en fachadas.



Fig. U4.2. Asimetría na fachada lateral da suposta sinagoga.

Outros

A **Biblia Kennicott** escribiuse na Coruña no 1476. Recolle os 24 libros da Biblia hebrea, con decoracións. Dende o punto de vista arqueolóxico, a existencia e calidade desta Biblia implica a importancia que puido ter a xudaría Coruñesa (Barral Rivadulla, 1996).



Fig. U4.3. Biblia Kennicott exposta no Museo Centro Gaiás en Santiago de Compostela (febreiro, 2020).

Edificacións destacables

Sinagoga

Posiblemente sita na "Rúa da Sinagoga", vía perpendicular á Rúa da Zapatería (Antonio Rubio, 2017). Na fachada da edificación, obsérvase un escudo heráldico do século XV e supostamente relacionado coa familia Vilaousaz (?).

Cemiterio

Sábese da súa existencia polo descrubrimento de dúas lápidas hebreas.
Cumpre dous dos preceptos do xudaísmo para a súa construción como son estar afastado do núcleo habitado, zona que hoxe se coñece como A Palloza, e preto dun manantial de auga (Afeirán, 2019).
Actualmente atópase catalogado.

Casa da Inquisición

Descoñécese a súa existencia.

Tribunal

Descoñécese a súa existencia.

Simboloxía

Non se atopa.



Fig. U4. 4. Lápida de 'Seti'. Fonte. Rodríguez (2019).

Deseño da malla urbana de A Coruña



Autoría: Armada Iglesias, 2020

FICHA U5

BETANZOS



LENDA

MURALLA

- TRAZADO ESTIMADO DA CERCA
- 1 PORTA DA PONTE VELLA
- 2 PORTA DA VILA
- 3 PORTA DO CRISTO

ESTABLECEMENTOS XUDEOS

Barrio Cruz Verde

- a_rúa cruz verde/rua xudeos
- b_ruela cruz verde
- c_rúa dos xudeos

SINAGOGA

- Descoñecese a súa existencia

CEMITERIO

- Descoñecese a súa existencia

MERCADO

- Praza de Azougue (documentado)

- Casa da Inquisición

Betanzos foi unha das 7 capitais do antigo Reino de Galiza e que albergaba unha gran cantidade de artesáns e comerciantes (Fonseca Moretón, 2004). Segundo Antonio Rubio (2012), non se pode afirmar máis alá dunha presenza de personaxes xudeus vivindo illados da comunidade cristiá e unha das primeiras referencias sobre eles atópase no 1375.

A pesar disto, si se supón unha comunidade xudía importante, posto que a Inquisición se instalou na cidade de maneira temporal por mor dos xudeu-conversos (As Xuderías Galegas, 2002).

Autoría: Armada Iglesias, 2020



Fig. U5. 1. Calexón dos xudeus



Fig. U5. 2. Escaleiras do calexón dos xudeus



Fig. U5.3. Porta do Cristo

Situación ou implantacións

Dúas das súas posibles situacións son:

1.Dentro da muralla: Barrio da Ponte Vella, onde posuirían os seus negocios. Referénciase na documentación a presenza de xudaizantes no s.XVI (Martínez Santiso, 1892).

2.Fóra da muralla: Barrio Cruz Verde, toponimia relacionada comúnmente cos lugares nos que se realizaron actividades inquisitoriais (Fonseca Moretón, 2004; As Xuderías Galegas, 2002).

Segundo o catálogo de exposición "As Xuderías Galegas" (2002), transladaríanse ás rúas da zona alta, onde terían os seus negocios, como son: Rúa Cortaduría, Ferreiros e Pescadería.

Con respecto á **muralla** e ás súas portas:
O barrio da Cruz Verde, situaríase fóra da muralla medieval, nos arrabaldes da cidade e preto de tres portas como son a Porta do Cristo, a Porta da Ponte Vella e a Porta da Vila.

Respecto dos **centros de poder**
Comunidade xudía ó abrigo do Mosteiro de Vilanova.

Orientación

As rúas que conformaban o Barrio da Cruz Verde, dispóñense norte-sur.

Características da trama

O Barrio Cruz Verde, podería definirse como intencionalmente pouco chamativo, pasando desapercibido. A entrada é unha porta exterior que semella dunha casa, pero que no interior alberga un pasadizo con varias casas. Ademais, atópase neste acceso, unha concavidade pulida como pasa tamén en Melgaço, Ribadavia ou Monterrei. Existen tamén outras canellas estreitas como o "calexón dos xudeus".



Fig. U5.4. Na esquerda da edificación, a entrada ó Barrio Cruz Verde.
Primeria inspección a Betanzos (22/12/2019).



Fig. U5.5. Peana na Rúa dos Anxos, punto de acceso ó Barrio da Cruz Verde. Primeria inspección a Betanzos (22/12/2019)

Edificacións destacables

Sinagoga

Descoñécese a súa existencia.

Cemiterio

Descoñécese a súa existencia.

Casa da Inquisición

Fonseca Moretón (2004) expón a posibilidade de que estivera situada na Rúa da Cruz Verde, pola relación desta toponimia cos autos de Fe e, polo tanto, coa actividade inquisitorial. No catálogo de exposición "As Xuderías Galegas" (2002) divúlgase a hipótese de que estivera no nº9 da Rúa da Cerca.

Tribunal

Descoñécese a súa existencia.

Simboloxía

Os vestixios actuais están relegados a dúas casas góticas, pero si se advirten dous símbolos destacables:
- Estrela de David na fachada da Igrexa de Santa María do Azougue.

- Estatua que supostamente correspondería a un médico xudeu da época, situada na Igrexa de Santa María.

Así mesmo, poden atoparse rebaixes en xambas de portas e peanas en diferentes vivendas dos séculos XV ou XVI (Fonseca Moretón, 2004).



Fig. U5.6. Estrela de David.
Primeria inspección a Betanzos (22/12/2019).

Deseño da malla urbana de Betanzos



Autoría: Armada Iglesias, 2020

FICHA U6

MONFORTE
DE LEMOS



Autoría: Armada Iglesias, 2020

A delimitación e caracterización da comunidade xudía en Monforte é complicada pola falta de documentación previa ó século XV e a case total inexistencia de vestixios físicos. Aínda así, son abundantes as historias de tradición oral.

A primeira referencia sobre a súa presenza nesta vila é de 1449 (Aira Pardo, 2017). Converteuse en lugar de refuxio para moitos xudeus que escapaban de Castela-León polas represalias que se estaban levando a cabo.

LENDA

MURALLA
- TRAZADO ESTIMADO DA CERCA
- 1 PORTA DE PEIXARIAS OU CARNICERIAS
- 2 PORTA NOVA
- 3 PORTA DA ZAPATERIA
- arrabal de regoa

SINAGOGA
- POSIBLE UBICACIÓN (tradición oral)

MERCADO OU AZUOGUE
- PRAZA DO AZOUGUE
- ARTESÁNS XUDEOS, actual Praza España

ESTABLECEMENTOS XUDEOS

Intramuros
- a_rúa falagueira, antes r/da cruz
  b_rúa pescaderías
  c_rúa zapaterías
  d_rúa vella
- casa dos Gaybor (familia conversa)
  Cristo dos Azoutes e da Colada

Extramuros, s/Sefarad inicio dos establecementos xudeos
- e_a calexa, despois r/nova
  (actual r/abelardo branante e r/sto. domingo)
  f_rúa dos ferreiros



Fig U6.1 Porta da Carnicaría. Fonte: Concello de Monforte de Lemos

Situación ou implantacións

A comunidade xudía vivía misturada coa cristiá, polo que non existía unha zona concreta entorno á cal se concentraban. Residían en diversas rúas da vila, que poderían denominarse, segundo Aira Pardo (2017), como rúas de ámbito xudeu.
Establécense dous posibles lugares de asentamento:

1. Dentro da muralla, en rúas como:
(a) Rúa da Cruz (actual Rúa da Falagueira)
(b) Rúa Pescaderías
(c) Rúa Zapaterías

2. Fóra da muralla, a partir do decreto de 1480, nas antigas Rúas dos Ferreiros e Rúa Nova (Aira Pardo, 2017).

Aínda que non había unha rúa apartada dos cristiáns, si existían algunas nas que se situaban marioritariamente os xudeus, como poder ser a Rúa da Cruz (Aira Pardo, 2017). Era común esta toponimia relixiosa aplicada a rúas de antigas xuderías, trala expulsión dos xudeus (Antonio Rubio, 2009).

A Rúa da Cruz estaría sita no interior da **muralla** e discorre paralela á mesma. Comezaría onda a Porta denominada como de Peixarías ou Carnicerías, rematando preto da Porta Nova.

Respecto dos **centros de poder:**
Asentamentos próximos á Igrexa de Santa María de Regoa.

Orientación

A rúa principal insírese oeste-leste no tramado urbano-medieval.

Características da trama

Adáptase á topografía, dando lugar a rúas estreitas e empinadas.
Unha edificación a destacar é a Casa dos Gaibor, familia xudeu-conversa de Monforte, no século XV, que chegou a obter unha posición social relevante, sendo finalmentre acusados por xudaizantes (Aira Pardo, 2017).



Fig. U6.2. Casa dos Gaibor con lumieira manuelina na porta.
Primeira inspección a Monforte (7/07/2020)

Simboloxía

Atopánse símbolos lapidarios (ou marcas de canteiros), entre os que abunda a estrela de cinco puntas, tamén coñecida como selo de Salomón. Gravadas na torre Homenaxe, construída entre os séculos XIII e XIV, momento no que os hebreos desempeñaban labores na casa de Lemos (Aira Pardo, 2019).



Fig. U6.3. Estrela de cinco puntas ou Selo de Salomón.
Fonte. Aira Pardo (2019)

Edificacións destacables

Sinagoga

Existen referencias populares sobre dous hipotéticos emprazamentos, divulgdas por Aira Pardo (2017):
- Rúa Falagueira (antiga Rúa Cruz) existiría unha parcela con covas labradas na rocha e, no muro de peche do terreo, insírese unha inscrición. Destaca tamén que a comunicación coa rúa faise mediante un patio aberto.
- Emprazamento preto do anterior, onde se situaría un estanque que, segundo o historiador, trataríase dun suposto baño ritual xudeu, edificación complementaria á sinagoga.

Cemiterio

Non existe documentación, só unha tradición popular do século XIX.

Casa da Inquisición

Descoñécese a súa existencia.

Tribunal

Descoñécese a súa existencia.



Fig. U6.4. Inscrición na entrada da suposta sinagoga.
Fonte. Dorado Vedia (2014)



Fig. U6.5. Suposta sinagoga. Fonte. Parguiña (2014)

Deseño da malla urbana de Monforte



Autoría: Armada Iglesias, 2020

FICHA U7

TUI



Esta vila está situada no camiño Portugués de peregrinación cara Santiago de Compostela, punto estratéxico para o comercio. O asentamento xudeu de Tui, representa unha excepción dentro da distribución urbana galega, pola dispersión dos seus habitantes mezclándose cos cristiáns. Sábese da presenza dunha comunidade no s. XII, aínda que a maior parte das referencias aparecen nos s. XIV e XV (Vila, 2013).

LENDA

MURALLA

- TRAZADO ESTIMADO DA CERCA
- 1 PORTA DA PIA

ESTABLECEMENTOS XUDEOS

Intramuros

- a_rúa da oliveira (actual rúa das monxas)
- b_rúa da Triparía (actual entrefornos)
- c_rúa canicouba (actual bispo castadón)
- d_rúa da corredoura

- casa dos capeláns
- casa de salomón
- san benitos

CARNICERIA

- UBICACIÓN (sen vestixios)

SINAGOGA_MIKVÉ

- UBICACIÓN (sen vestixios)

MERCADO OU AZUOGUE

- PRAZA DO AZOUGUE

CEMITERIO

- UBICACIÓN (sen vestixios)
- TORRE DO XUDEO
- † Gravados cruciformes

Autoría: Armada Iglesias, 2020



Fig.U7.1 Arcos conopiais en vivendas de Tui.

Situación ou implantacións

Establécese que estiveron espallados por toda a cidade, mesturados cos cristiáns, sen ter un barrio fixo, pero dentro do perímetro amurallado (Antonio Rubio, 2006).

A antiga Rúa da Oliveria, actualmente Rúa das Monxas, era onde se situaba a sinagoga (Vila, 2013). Por este motivo, podería considerarse dita vía como a principal da xudería, xa que existía a tendencia de que a sinagoga fose o punto central da mesma (Gallardo Carrillo & González Ballesteros, 2006).

Outras das rúas nas que se documentan os seus asentamentos, segundo Sefarad Galicia (?) e Vila (2013) son:
- Rúa da Triparía, actual rúa Entrefornos.
- Rúa Canicouba, actual rúa Bispo Castañón
- Rúa da Corredoura

Respecto da **muralla** e das súas portas:
A rúa da Oliveira estaría situada dentro do trazado amurallado, discurrindo paralela ó mesmo e preto da Porta da Pía.

Respecto dos **centros de poder**:
Dita vía implántase próxima á residencia episcopal e, polo tanto, atoparíase baixo protección do obispado (Vila, 2013).

Orientación

As rúas nas que se documentou a existencia de xudeus, de maneira individual, discorren de Oeste a Leste, estando algunhas orientadas Norte-Sur.



Fig. U7.2. Ménsula na Casa dos Capeláns, coa cara gravada dun suposto xudeu.

Características da trama

Esta comunidade vivía mezclada cos cristiáns, polo que a trama non sería característica e adoptaría a tipoloxía dun barrio medieval cristián (Aldana, 2007), con rúas estreitas e adaptadas á topografía.

As fachadas dalgunhas edificacións presentan ocos dispostos aleatoriamente e sen respetar simetría algunha.

Edificacións singulares

Sinagoga

Situada na Rúa da Oliveira, xunto á muralla, denominaríase na documentación como "Toura" (Antonio Rubio, 2017). Existía no mesmo recinto, un posible **micvé** ou baño ritual, escavado na rocha (Vila, 2013).

Cemiterio

Disposto segundo os preceptos do *Torah*. A tradición popular, aceptada por autores como Avila y La Cueva, sitúano preto do barrio da Saravia, cun pequeno oratorio nas súas inmediacións, o cal se supón como sinagoga (Vila, 2013).

Ambas localizacións pasaron a mans da Igrexa e foron reutilizadas.

Casa da Inquisición

Descoñécese a súa existencia.

Tribual

Descoñécese a súa existencia.



Fig. U7.3 Suposta parcela onde estaría a sinagoga.

Simboloxía

Sambenitos: Letreiros colocados na fachada da catedral, nun lugar visible, cos nomes daqueles que eran acusados de xudaizantes, advertindo do seu pasado penitenciado (Vila, 2013).



Fig. U7.4. Sambenitos.

Menorah gravada no claustro gótico da Catedral, que pode relacionar a construción do mesmo, coa aportación económica dos xudeus para o seu levantamento (Vila, 2013).



Fig. U7.5 *Menorah*. Fonte. Atlántico (2019).

Peanas, lumieiras manuelinas con **arcos conopiais** e cruces en varias casas da trama medieval.



Fig. U7.6. Vivenda na Rúa San Telmo, con arco conopial con cruz e asimetría na disposición dos ocos na fachada.

Deseño da malla urbana de Tui



Autoría: Armada Iglesias, 2020

FICHA U8

PONTEVEDRA



Autoría: Armada Iglesias, 2020

A aparición da comunidade xudeu-pontevedresa vese referida en torno ó 1304. Aínda que a existencia dunha xudería como tal non está documentada, diversas mencións levan a afirmar a presenza dunha comunidade nesta localización (Antonio Rubio, 2017).

A partir do 1560 aséntase na cidade unha comunidade de cristiáns novos portugueses, caracterizados pola súa gran calificación profesional (Galiza Sefarad, 2015).

LENDA

MURALLA

TRAZADO ESTIMADO DA CERCA

① PORTA DE STA. MARÍA

② PICOTA DOS XUDEOS

SINAGOGA

POSIBLE UBICACIÓN (SANTUARIO DAS APARICIÓNS)

MERCADO (AZOGUE)

POSIBLE UBICACIÓN (documentado)

CEMENTERIO / CAMPA DOS XUDEOS

POSIBLE UBICACIÓN (documentado)

③ APARICIÓN LÁPIDAS HEBREAS

ESTABLECEMENTOS XUDEOS

Entre o parador de turismo e a Igrexa de Santa María

a_rúa alta
b_rúa amargura
c_rúa prateria vella
d_rúa tristán de montenegro
f_rúa san martiño (ALFOLIES DE SAL)
g_rúa do rego (actual r/real)



Fig. U8.1. Debuxo de Celso García da Pontevedra do s. XV.

Situación ou implantacións

Segundo o historiador García Iglesias (2017), o asentamento xudeu estaría entre a basílica de Santa María e o Parador de Turismo, onde se incluiría o espazo denominado tradicionalmente como "Campa dos Xudeos". Todos os calellóns preto da rúa Formigueiras conformarían o barrio xudeu de Pontevedra, que se situaba na parte máis alta da trama urbana.

De todas maneiras, a ausencia de documentación impide corroborar esta hipótese.

Con respecto á **rúa principal**
Descoñécese se existía unha rúa principal en torno á cal habitaría a comunidade.

Con respecto á **muralla** e ás súas portas:
As vías relacionadas cos xudeus sitúanse á beira da muralla e preto de dúas das súas portas, entre elas a de Santa María.

Con respecto ós **centros de poder**
Nos arredores da Basílica de Santa María a Maior.

Orientación

Estando situados na zona nor-noreste dentro da muralla, ás rúas nas que habitaban discorren norte-sur.

Edificacións destacables

Sinagoga

García Iglesias (2017) menciona que o Santuario das Aparicións sería onde se ubicaba a sinagoga xudía na Idade Media. O seu emprazamento nunha estreita rúa do casco antigo da cidade, con posteriores remodelacións pero con elementos demostrativos desa orixe medieval, e a súa proximidade ó "Lampan dos Xudeos", fai apoiar dita hipótese

Cemiterio

No ano 2002 descóbrense dúas lápidas hebreas que poñen de manifesto a existencia dun cemiterio. O seu emprazamento, que seguiría todos os preceptos dispostos na *Torah* (Antonio Rubio, 2003), non pode ubicarse de maneira exacta, aínda que se estuda a hipótese de estar ubicado nunha explanada próxima ás Torres Arzobispais.

Casa da Inquisición

Descoñécese a súa existencia.

Tribunal

Descoñécese a súa existencia



Fig. U8.2. Eirado dasTorres (1873) coa basílica de Sta. María ó fondo. Fonte: Vellapontevedra (2011)

Características da trama

A maior parte das edificacións que conformaban as rúas medievais desapareceron e con elas, aqueles trazos e elementos singulares que as poderían diferenciar.

Simboloxía

Arcos conopiais situados en diversas edificacións da parte histórica da cidade. Unha delas é o Santuario das Aparicións, suposta sinagoga. Atópase asimetría nas fachadas dalgunhas vivendas.



Fig. U8.3. Casa das Campás con arcos conopiais. Fonte. Lorenzo y Macías (2020).



Fig. U8.4. Santuario das Aparicións con arco conopial. Primeira inspección a Pontevedra (6/11/2019)

Deseño da malla urbana de Pontevedra



Autoría: Armada Iglesias, 2020

FICHA

U9

SANTIAGO DE COMPOSTELA



Autoría: Armada Iglesias, 2020

LENDA

MURALLA

- TRAZADO HIPOTÉTICO MURALLA ÉPOCA MEDIEVAL
- (1) PORTA DA PENA
- (2) PORTA DO CAMIÑO
- CAMIÑO FRANCÉS

ESTABLECEMENTOS XUDEOS

1ª hipótese
- a_ ruela xerusalen
- b_ rúa troia
- c_ rúa algaia de arriba
- d_ rúa truques
- e_ rúa algaia de abaixo

2ª hipótese
- f_ rúa nova (toponimia)
- g_ entrerúas
- h_ rúa dos bautizados (toponimia)

SINAGOGA

- POSIBLES UBICACIÓNS
- POSIBLE CASA DO RABINO

MERCADO

- UBICACIÓN (documentado)

(3) PICOTA DOS XUDEOS

Casa da Inquisición

Como destino final do camiño de peregrinación máis coñecido da Península, Santiago de Compostela albergou, igual que as vilas e aldeas situadas ós pés do Camiño, unha rede económica e loxística en torno ó comercio. Esta ubicación e a xa mencionada relación entre hebreos e a profesión de comerciantes, fixo florecer unha comunidade xudía (Galiza Sefarad, 2015). A primeira referencia a esta, documéntase no 1420 (Antonio Rubio, 2004).



Fig. U9.1. Ruela de Xerusalén

Situación ou implantacións

A comunidade xudía estaría situada dentro da muralla e por detrás da Catedral, na zona de Praterías. Os seus límites trazaríanse dende a Praza de Cervantes, Rúa Troia e Rúa das Algalias, ata a actual Capela das Ánimas, limitando no sur co tramo pertencente á parroquia de San Miguel (Sefardies, s.f.).

Non se teñen referencias documentais da existencia dunha rúa principal, mais é destacable a conservación da Ruela de Xerusalen, situada a maior altitude que a Catedral.

Pola toponimia de ditas vías e a súa historia no resto de comunidades xudías galegas, existe a hipótese de que puideran vivir nas zonas de :
(f) Rúa Nova
(g) Entrerúas
(h) Rúa dos Bautizos

Con respecto á **muralla** e ás súas portas:
A zona de Praterías estaría situada preto da parte norte da muralla e da Porta do Camiño, pola que discorrería o Camiño Francés, así como da Porta da Pena.

Con respecto ós **centros de poder**
Dito emprazamento localizaríase a poucos metros da Catedral, e ó lado do Mosteiro de San Martiño Pinario, segunda fonte de poder da Compostela do medievo.

Orientación

As vías nas que se implantarían as súas vivendas oriéntanse norte-sur.

Características da trama

Dentro da trama destaca a Ruela de Xerusalen pola súa clara relación co pobo xudeu, ademais da súa configuración estreita; e a Rúa Troia, relacionada coa denominación orixinal de *Torah* (Galiza Sefarad, 2015).
Nesta zona a trama caracterízase por ser estreita e sinuosa, existindo varias edificacións con ocos dipostos sen respetar unha simetría.


Fig. U9.2. Entrada á Rúa de Xerusalén.
Segunda inspección a Santiago (18/01/2020).


Fig. U9.3. Peixe gravado.
Segunda inspección a Santiago (18/01/2020).


Fig. U9.4. Estrela de David. Terceira inspección a Santiago (14/01/2021)

Edificacións destacables

Sinagoga

Suso Martínez, guía turístico en Santiago, refire que a posible sinagoga estaría ubicada na actual Rúa da Algalia de Abaixo, ó lado da suposta casa do Rabino, aínda que non se atopa documentación sobre o seu emprazamento.

Casa da Inquisición

No século XVIII estaría situada na casa Grande do Hórreo ou de Calo, e realizarían os Autos de Fé na Praza de Cervantes (Galiza Sefarad, 2015).


Fig. U9.5. Casa Grande do Hórreo.
Fonte. Galiza Sefarad (2015).

Cemiterio

Descoñécese a súa existencia.

Tribunal

Descoñécese a súa existencia.

Simboloxía

Posto que un símbolo de Santiago de Compostela é a súa **catedral**, é mencionable que no Pórtico da Gloria, as referencias ós xudeos son varias, dende representacións do "Vello Testamento", á suposta participación de canteiros xudeos na súa construción (Galiza Sefarad, 2015).
Atópase tamén unha estrela de David, un peixe, e un suposto gravado hebreo na trama medieval da cidade.

Deseño da malla urbana de Santiago de Compostela



Autoría: Armada Iglesias, 2020

FICHA U10

MONDOÑEDO



LENDA

MURALLA

TRAZADO ESTIMADO DA CERCA

1 PORTA DA RÚA NOVA

2 PORTA DE BATITALES

3 PORTA DA RÚA DOS FERREIROS

ESTABLECEMENTOS XUDEOS

Intramuros (toponimia)

a_rúa nova
b_rúa de batitales

Extramuros, por tradición oral

e_rúa congruas (pasadizo)
f_rúa da fonte
ARTESÁNS XUDEOS

Na Idade Media Mondoñedo foi capital dunha das sete provincias do antigo Reino de Galiza. A súa ubicación estratéxica no Camiño do Norte, o cal comunicaba o territorio galego con Asturias, outorgoulle sempre unha posición relevante no territorio galego (Galiza Sefarad, 2015).

Antonio Rubio (2006) expón que coa documentación actual, só é posible afirmar a existencia de pequenos grupos de xudeus.

Autoría: Armada Iglesias, 2020



Fig. U10.1 Barrio dos Muíños

Situación ou implantacións

Poden establecerse dúas posibles implantacións:

1.Dentro da muralla: Na Rúa Batitales, que significa bautizados e está tradicionalmente relacionada cos conversos, e tamén na Rúa Nova, toponimia relacionada con asentamentos de xudeus.

2.Fóra da muralla: Segundo Galiza Sefarad (2015) situaríanse na Ruela da Leña, popularmente denominada como Barrio Xudeu, próxima á catedral. Tamén na Rúa Congrúas, detrás da Fonte Vella, á que se accede por unhas escaleiras estreitas.
Poderían ubicarse, por outra parte, no barrio dos muíños que, por tradición popular, é onde terían os talleres os artesáns.

Non se coñece se existía unha **rúa principal**.

Con respecto á **muralla** e as súas portas
Nas localizacións dentro da mesma, cada rúa na que se sitúan ten saída a unha das portas.

Con respecto ós **centros de poder**
Preto da catedral, baixo protección do bispo (Galiza Sefarad, 2015).

Orientación

Polo xeral, norte-sur, aínda que algunhas se insiren oeste-leste.

Características da trama

Na implantación fóra da muralla, na Ruela da Leña, a trama configúrase cunha única entrada que se bifurca deixando unha illa de edificacións no centro, e discorre baixo un pequeno pasadizo. A rúa ten forma de círculo estreito con casas agrupadas (Galiza Sefarad, 2015).

Por outra parte, a entrada á Rúa Congrúas, posúe a apariencia de entrada a unha casa.
Atópanse varias edificacións con cantos biselados e asimetría nas fachadas.



Fig. U10.2. Rúa Congrúas, 10



Fig. U10.3. Entrada á Rúa Congrúas

Edificacións destacables

Sinagoga

Non existen referencias á sinagoga como tal pero si ó **"escario de sinagoga"**, que segundo Antonio Rubio (2006), podería estar referíndose á limpeza de terreos comúns de cultivo que tiñan as comunidades xudías.

Cemiterio

Descoñécese a súa existencia.

Casa da Inquisición

Descoñécese a súa existencia.

Tribunal

Descoñécese a súa existencia.

Simboloxía

Atópanse dúas cruces sinxelas gravadas en ambas xambas da porta dunha edificación na Rúa Congrúas.



Fig. U10.4. Cruz gravada.
Segunda inspección a Mondoñedo (15/02/2020)

Deseño da malla urbana de Mondoñedo



Autoría: Armada Iglesias, 2020





















CARACTERÍSTICAS DO ASENTAMENTO XUDEU EN GALIZA:

As características urbanísticas dos asentamentos xudeus nestes dez lugares, analizáronse en base a catro categorías, cos seus correspondentes indicadores, axudando a determinar unha serie de padróns que poden resumirse como:

Emprazamento:
Existe unha tendencia dos xudeus en Galiza a optar por un emprazamento en torno a unha rúa principal, separados dos cristiáns, así como preto das murallas, das súas portas e dos centros de poder.

Trama:
As características da trama das posibles zonas nas que vivían, só poden identificarse a pequena escala, estando formada por rúas estreitas, con escaleiras abruptas e, nalgunhas ocasións, con entradas cara os seus barrios intencionalmente agochadas.

Edificacións_Servizos singulares:
A Sinagoga, o Cemiterio e o Tribunal, serían edificacións e equipamentos ou servizos destacables dentro da organización urbana desta comunidade, así como a casa da Inquisición polo seu enorme condicionamento cara a sua presenza.

Simboloxía:
Atopase simboloxía diversa nos dez lugares analizados, situada naquelas vías nas que vivían ou traballaban, así como naquelas grandes obras da arquitectura culta da que formaron parte como canteiros ou como inversores.

4.3 Análise comparativa

Estas fichas de análise urbana individual permiten, tendo en conta os obxectivos marcados, recoller e sintetizar a información máis destacable para a investigación. Ademais disto, posibilitan a exposición das peculiaridades dos lugares examinados, mediante varias **categorías de análise** utilizadas como son: situación ou implantación, características da trama, edificacións destacables e simboloxía.

Para unha mellor comprensión da situación na que se insiren os asentamentos previamente pormenorizados, é necesario matizar que a característica común a todos eles é a súa configuración pasada e actual como zona urbana. Esta enténdese como núcleo de poboación mediano ou grande, e cunha ampla extensión construída, nos que se atopan, polo xeral, edificacións alteradas e que difiren das orixinais.

Os dez núcleos de poboación seleccionados atópanse dispersos por todo o territorio galego, polo que o seu estudo permitirá tamén coñecer as disparidades urbanísticas que xorden entre eles. Realizarase unha análise comparativa que se fundamenta seguindo os seguintes conceptos utilizados.

- **Situación ou implantación**

A falta de documentación xa mencionada, así como a grande tradición oral que se desenvolveu co paso dos séculos entorno á comunidade xudía, dificulta establecer unha implantación correcta dos asentamentos xudeus.

Obsérvase unha tendencia xeral dos xudeus a agruparse en zonas urbanas apartadas do resto da poboación. A formación de barrios xudeus, entendendo estes como emprazamentos onde vivían maioritariamente hebreos, aínda que mesturados cos cristiáns, repítese nas localizacións analizadas.

No caso de Allariz (ficha U1), a **segregación espacial** por relixións realizase antes da lei promulgada polos Reis Católicos, situándoos nunha xudería fóra da muralla, aínda que contigua á mesma, e na que quedarían recluídos separados dos cristiáns. En canto ás outras xuderías galegas, a de Ourense (ficha U3) quedaría relegada á unha soa vía, a Rúa Nova, igual que acontecería en Ribadavia (ficha U2) coa Rúa *de la Judairía*. No caso da Coruña (ficha U4), suponse que se produciría unha situación similar, en torno á Rúa da Sinagoga. Pola contra, en canto ó resto de cidades e vilas, poderíase designar que os seus asentamentos conformaron un barrio xudeu. A excepción a ámbolos dous casos sería Tui (ficha U7), por estar a súa comunidade semita dispersa por toda a trama urbana e mesturada cos cristiáns.

Pódese afirmar unha clara tendencia a establecerse dentro das **murallas** medievais e vinculados a algunha das súas portas, exceptuando o caso de

Allariz (ficha U1), que coincidiu cun período de apartamento. Nos casos de Betanzos (ficha U5) e Mondoñedo (ficha U10) atópanse emprazamentos fóra das murallas, pero descoñécese se nalgún período de maior tolerancia, conviviron cos cristiáns no interior das mesmas.

Nos casos onde existe documentación, as **rúas principais** nas que se asentan os hebreos desígnanse, polo xeral, con toponimia relacionada coa cultura xudaica, como sería a Rúa da *Judairía* en Ribadavia (ficha U2), a Rúa da Sinagoga na Coruña (Ficha U4) e en Allariz (ficha U1), Rúa da Oliveira en Tui (ficha U7) e a Ruela de Xerusalén en Santiago de Compostela (ficha U9). Existiu unha clara tendencia a eliminar todo vestixio xudeu e esta toponimia foi substituída con nomes de connotación cristián, como por exemplo Rúa da Cruz en Ribadavia (ficha U2), ou Rúa das Monxas en Tui (ficha U7), e outras co nome de Rúa Nova, como aconteceu en Ourense (ficha U3) e Allariz (ficha U1).

Tamén se observa tras esta análise que existe unha estreita relación entre as implantacións dos xudeus en vías ou portas da muralla que adquirirían unha toponimia relacionada cos oficios que desempeñaban, como Curtidoiras en Monforte (ficha U6), e Peixerías ou Carnicerías en Betanzos (ficha U5) e Tui (ficha U7).

Dentro da trama da cidade medieval, a tendencia xeral é escoller emprazamentos naquelas rúas con maior **altitude**, aínda que se atopan excepcións coma en Monforte (ficha U6), Ourense (ficha U3), ou Betanzos (ficha U5).

Por outra parte, con respecto ós **centros de poder,** obsérvase tamén unha preferencia cara aquelas rúas inseridas nas inmediacións de edificacións importantes da sociedade cristiá, como poden ser as catedrais, igrexas, así como outras relacionadas con dita institución: mosteiros, coma en Santiago de Compostela (ficha U9), ou colexiatas, coma en A Coruña (ficha U4). É común tamén a busca dun emprazamento preto do castelo medieval, como en Ribadavia (ficha U2) ou Monforte (ficha U6), ou de vivendas da nobreza, que lles serviría como protección.

Por último, en canto á situación e implantación, non se observa que as rúas nas que se establecían tiveran unha **orientación** definida, aínda que si se pode destacar que a rúa principal, en caso de habela, estaría orientada norte-sur, exceptuando os casos de: Monforte de Lemos (ficha U6) e Ribadavia (ficha U2).

- **Características da trama**

A falta de vestixios físicos e o probable cambio que sufriron as diferentes rúas onde se inseriron os asentamentos xudeus, fai que sexa difícil caracterizar de maneira precisa a forma medieval dos barrios nos que se emprazaban. De todas maneiras, en case todos os casos analizados atópase unha pequena mostra de rúas e edificacións que manteñen o trazado que se supón orixinal,

axudando a debuxar unhas liñas xerais en canto á súa morfoloxía, podendo afirmar que a trama adáptase á topografía, dando lugar a rúas estreitas e en pendente.

Existen canellas moi sinuosas e angostas, como por exemplo a Rúa de Xerusalén en Santiago de Compostela (ficha U9) ou o popularmente coñecido como "Calexón dos Xudeus" en Betanzos (ficha U5), que mostran unha configuración irregular do barrio.

Curiosos son os casos de Mondoñedo (ficha U10) e Betanzos (ficha U5), onde o acceso parece querer pasar desapercibido, xa que se fai mediante o que aparentemente semella unha entrada a unha casa, pero que en realidade son canellas estreitas e con escaleiras abruptas.

É destacable, por outra parte, a disposición asimétrica das fachadas que conforman o conxunto da rúa ou rúas, debido a unha colocación aleatoria dos ocos nas mesmas, sendo esta característica visible en diversas edificacións das áreas correspondentes ós asentamentos xudeus de Allariz (ficha U1), A Coruña (ficha U4), Santiago de Compostela (ficha U9), Betanzos (ficha U5), Mondoñedo (ficha U10) e Tui (ficha U7).



Figura 56. Calexón dos xudeos en Betanzos. Fonte: Autoría propia (2020).

- **Edificacións destacables**

Mediante esta categoría de análise, búscase recoller aquelas edificacións importantes para a cultura xudaica, e que chegaron a formar parte do urbanismo medieval de diversas vilas e cidades galegas, ben sexa de maneira hipotética e por coñecemento popular, ou por estar a súa situación referida na documentación.

En canto á **sinagoga**, edificación que rexe a vida relixiosa da comunidade hebrea, situaríase polo xeral na rúa principal da xudería ou barrio xudeu, e debido ó seu importante rol na comunidade, suponse que en torno a ela disporíanse as vivendas dos xudeus. Sábese da súa implantación en Ourense (ficha U3), Tui (ficha U7), A Coruña (ficha U4) e Ribadavia (ficha U2). Segundo a tradición popular e hipóteses de diversos autores, podería ter existido tamén en Monforte (ficha U6), Santiago (ficha U9) e Pontevedra (ficha U8). En canto a Allariz (ficha U1), suponse tamén a súa construción pola existencia da figura do Rabino. As referencias documentais fan ver que non foi un edificio que resaltara dentro da trama, máis ben serían baixos das casas adaptados para a oración. Na actualidade non se atopou ningún vestixio físico.

Outra edificación destacable, por simbolizar e albergar unha constante represión cara os xudeus e xudeu-conversos, é a **casa da Inquisición**, que se atopa aínda hoxe na zona histórica de Ribadavia (ficha U2), Santiago (ficha U9) e Betanzos (ficha U5).

Por outra parte, o **cemiterio**, que representa a posible existencia dunha importante comunidade xudía, podería estar disposto fóra das murallas de Allariz (ficha U1), Tui (ficha U7) e A Coruña (ficha U4), e dentro no caso de Pontevedra (ficha U8). Atopáronse varias lápidas hebreas tanto en a Coruña coma en Pontevedra, que fixeron reafirmar a existencia do *fosario* dos xudeus. A localización de todos eles seguiría os preceptos da *Torah,* exceptuando Pontevedra, xa que se insiren fóra da cidade medieval, preto dun manancial de auga e seguramente en terra virxe e nun lugar elevado.

En canto á última edificación destacable, o **tribunal**, só se atopan referencias sobre a existencia do mesmo en Ourense (ficha U3), pero descoñécese, en caso de ter unha edificación propia, onde estaría inserida dentro da trama urbana.

- **Simboloxía**

A simboloxía representa un dos vestixios físicos máis recorrentes á hora de documentar a existencia e localización da comunidade xudía, posto que tende, polo xeral, a sufrir menos modificacións que as vías ou as edificacións.

Nos dez casos analizados, atopouse simboloxía escasa e limitada, seguramente, polas mudanzas morfolóxicas.

Atópanse **arcos conopiais** en Pontevedra (ficha U8), Ourense (ficha U3), Monforte (ficha U6), Allariz (ficha U1) e Tui (ficha U7); **Estrelas de David** en Santiago (ficha U9), Betanzos (ficha U5) e Monforte (ficha U6); **Cruces de converso** en Allariz (ficha U1), Mondoñedo (ficha U10), Ourense (ficha U3) e Tui (ficha U7); **Peanas** en Tui e Betanzos (ficha U5); **Rebaixes pulidos** nas xambas das portas en Betanzos e Mondoñedo (ficha U10), e nas portas de entrada da muralla como é o caso de Ribadavia.

A vila de Tui (ficha U7) merece especial atención en canto a vestixios atopados. Entre eles, os Sambenitos que se colocarían na fachada da catedral, unha *menorah* gravada tamén no claustro gótico da catedral e diversas peanas, arcos conopiais en lumieiras de estilo manuelino, así como cruces de conversos, fan denotar a importancia e extensión que puido posuír a súa comunidade xudía no medievo.



CAPÍTULO 5

CAPÍTULO 5. ANÁLISE ARQUITECTÓNICA

5.1 Introdución

Para levar a cabo unha análise arquitectónica correcta é primordial a escolla e rexistro de información plasmada en datos, referencias catastrais, fotografías, localizacións, morfoloxías e materialidades. Nesta investigación, dito rexistro realizouse mediante complexas fichas de catalogación individual, instrumentos creados exclusivamente para a ocasión, tendo en conta as particularidades do presente estudo.

Os indicadores arquitectónicos escollidos para o estudo son os que, tendo en conta o contexto urbanístico e arquitectónico a nivel peninsular, pero sobre todo a nivel da Galiza, parecen relevantes para coñecer se se trata de edificacións con características comúns, que poderían revelar trazos arquitectónicos propios da comunidade xudía e poder realizar finalmente unha análise comparativa.

Á hora de conformar o presente conxunto informativo, divísanse unhas dificultades que é preciso mencionar. A ampla extensión de territorio revisada, así como a falta de documentación e estudos relacionados co tema, complica conformar un inventario destas características.

Exponse nesta investigación unha mostra dalgunhas das edificacións investigadas nas diversas zonas rurais do territorio galego. De todas aquelas nas que se atoparon indicios de presenza xudía, segundo a simboloxía presente nas mesmas, só se escolleron para analizar aquelas que poden aportar datos que axudarán a mostrar elementos arquitectónicos singulares.

Os núcleos seleccionados para investigar neste estudo son:

Figura 57. (Páx. 126) Porta de entrada a patio en Salón. Fonte: Juan José Álvarez González e Patricia Armada Iglesias (2019).

5.2 Fichas de análise arquitectónica individual



Asentamentos xudeu-conversos en Galiza

Análise arquitectónico

- Analizado: *Materializados nas fichas de análise arquitectónica.*
- Investigado: *Inspeccionados pero non analizados. Mostra no capítulo 6.*

FICHA A1

A1

Monterrei

Casa nº 17



E: 1/5000

Localización	Ourense	Data inspección	05/10/2020
Ref. Catastral	000499000PG24D0001EU		23/09/2020
Propietario	Concello de Monterrei (actual)	Estado Conservación	Rehabilitada
Uso orixinal	Vivenda unifamiliar e carnicería	Uso Actual	Museo
Protección	Sen catalogar. Incluída dentro do ámbito de protección do Camiño de Santiago.	Data construción	--

Tipoloxía

Edificación tradicional de dous andares en ladeira, co piso terreo parcialmente escavado e adxacente á muralla no vento leste.

Planta trapezoidal con volumetría orixinal.

Materiais e sistemas construtivos

Muros	De cachotaría de granito de 60 cm. de grosor. Encintado con morteiro de cemento.
Vans	Enmarcados por pezas de granito de maior tamaño. Fiestras e portas de madeira pintada.
Cuberta	A catro augas con tella cerámica curva sobre entramado de madeira.
Interior	Entramado horizontal alterado, actualmente de forxado de formigón. Separacións verticais alteradas, actualmente de ladrillo.
Outro	Cheminea e parladoiros.

Organización espacial

Piso terreo dedicado a negocio (carnicería) e primeiro andar a vivenda, sen comunicación interior entre eles.

O acceso á edificación faise directamente dende a rúa mediante dúas portas independentes.

División interior na planta terrea e no primeiro andar a base de muro de cachotaría de 60 cm.

Características da arquitectura xudaica

Presenta certa simetría na fachada sur e no desenrolo das estancias ó longo do eixo do trapecio.

En contraposición, no espazo principal os ocos dispóñense de maneira independente ó eixe.

Resulta destacable a existencia dunha cheminea que a pesar de ter unha presenza física importante, distribúese tamén sen aparente relación coa simetría e sen imporse no espazo.

Márcase a importancia da porta de entrada á planta terrea, tanto polas dimensións como pola simboloxía.

Emprazamento



E: 1/1000



Planta, alzados e sección

a. negocio
b. vivenda





ALZADO SUR



ALZADO NORTE



SECCIÓN

Simboloxía

Cruces ao redor da porta principal na planta baixa.





Figura 1. Combinación de diversas inscricións con cruz sinxela no medio, situadas na fachada da casa.

Figura 2. Combinación de diversas cruces sinxelas, dúas con base circular, gravadas na xamba dereita da porta.

Figura 3. Cruz sobre dúas circunferencias, situada no interior da xamba esquerda da porta.

Figura 4. Dúas cruces sinxelas, gravadas no interior da xamba dereita da porta.





Elementos arquitectónicos singulares

1. Parladoiro en vento sur.
2. Cheminea en planta baixa e primeiro andar.

Selección da edificación

Durante a realización da investigación documental, coñeceuse a existencia dun cemiterio hebreo en Monterrei. Ó mesmo tempo, a UNED organizou a actividade "Aportación da comunidade xudía á historia da vila de Monterrei", no mesmo lugar, onde o historiador Xosé L. Sobrado Peréz, coñecedor da zona, fixo un recorrido pola vila e ensinou a presente edificación analizada, como suposta carnicería hebrea. Todo isto levou á selección e levantamento da mesma, tras ter observado diversas cruces gravadas ó redor da súa porta principal. A día da presente investigación descoñécese se a edificación se menciona noutras publicacións.

Outras imaxes





FICHA A2

A2



Laxoso

Casa Bouza Rica

Localización	Pontecaldelas - Pontevedra	Data inspección	05/11/2020
Ref. Catastral	36043A027003040000JK		
Propietario	Juan Boullosa Martínez (actual)	Estado Conservación	Malo
Uso orixinal	Vivenda (médicos)	Uso Actual	Sen uso
Protección	Sen catalogar	Data construción	Inscrición de 1697

Tipoloxía

Trátase de dous conxuntos de edificacións en L ó redor dunha eira, e que pola factura da pedra suponse que de distinta data de construción.

O primeiro volume nuclear en L é de planta terrea, e ten acaroado ó mesmo varias edificacións dedicadas a cortes.

O segundo volume trátase tamén dunha edificación tradicional, que no corpo principal conta con dous andares, un semi-soterrado e que albergaba as cortes e na planta alta a vivenda.

O nexo de unión entre as dúas edificacións é unha porta que leva ó resto da parcela onde se atopa o canastro e a fonte, e antigamente, o pombal hoxe en día derrubado cando ampliaron a estrada.

A eira atópase pechada polas edificacións e por un muro de altura variable con un van de acceso onde se dispón un portalón.



E: 1/4000

Materiais e sistemas construtivos

Muros	De cachotaría de granito de 60 cm de grosor. Sen encintar.
Vans	Enmarcados por pezas de granito de maior tamaño. Carpintería metálica.
Cuberta	Onde existe é a catro e a dúas augas con tella cerámica curva sobre entramado de madeira.
Interior	No volume principal entramado horizontal alterado, acrualmente de forxado de formigón. Separacións horizontais derrubadas, actualmente existe unha de ladrillo.

Organización espacial

O acceso á vivenda principal faise a través dun patio pechado mediante dúas portas independentes, unha dá á cociña e outra á sala e ós cuartos. Estas dependencias estarían comunicados tamén interiormente.

Na cociña atópanse dous fornos, varias lacenas, un vertedoiro e un mesado de pedra. Dende esta existe unha bufarda que comunica á súa vez cun cortello, dende ela votábaselle os restos da comida ós animais.

O grande número de depencias e edificacións auxiliares coas que conta, lévanos a concluír que se trata de un núcleo familiar amplo e con grande capacidade económica.

Características da arquitectura xudaica



E: 1/1000

Trátase dunha organización dinámica que, partindo dunha disposición en L, vai xirando e se adapta ao terreo e ás distintas necesidades funcionais. Os patios creados coa ortogonalidade da formas en "L" péchanse cun muro totalmente irregular e desaliñado; ademais, a conexión entre eles tamén segue unha lóxica que fuxe da regularidade e dunha lectura estática.







Plantas, alzados e sección

a. corte
b. cuarto
c. cociña
d. sala
e. cortello
f. adega
g. lagar
h. alpendre
i. antiga vivenda
l. eira
k. hortas





Elementos arquitectónicos singulares

1. posible armario hejal
2. lagar
3. forno
4. fonte
5. canastro
6. lumieira con inscrición


1


2


3


4


5


6

Simboloxía

7. Inscricións e dúas cruces de converso na xamba dereita da porta.
8. Símbolo situado na xamba esquerda da porta.
9. Tres cruces sinxelas na lumieira da porta.

Selección da edificación

A presente edificación incorpórase á investigación pola súa simboloxía, así como pola súa historia, referida na entrevista XI (Anexo II).








7


8


9

FICHA A3



E: 1/5000

A3

Barcia

Localización	Melón - Ourense	Data inspección	15/10/2020
Ref. Catastral	32047A008011100001BO		
Propietario	--	Estado Conservación	Regular
Uso orixinal	Vivenda unifamiliar	Uso Actual	Palleira
Protección	Ambiental, sen considerar os símbolos	Data construción	--

Tipoloxía

Edificación tradicional de dous andares en ladeira, entre medianeiras e semiexcavada. Planta trapezoidal con volumetría orixinal.

Materiais e sistemas construtivos

Muros	De cachotaría de granito de 60 cm de grosor. Encintado con morteiro de cal e barro. No interior atópanse encalados.
Vans	Enmarcados por pezas de granito de maior tamaño. Portas de madeira, actualmente de alumino natural.
Cuberta	A dúas augas con placas de fibrocemento sobre entramado de madeira.
Interior	Entramado horizontal alterado de forxado de madeira. Non existen separacións verticais.

Organización espacial

Piso terreo dedicado a corte e primeiro andar a vivenda cunha soa estancia, sen comunicación interior entre elas.

O acceso á vivenda faise directamente dende a rúa mediante unha porta.

Pola fachada oposta accedese á corte

A destacar unha porta, actualmente pechada, que comunicaba a vivenda no primeiro andar coa vivenda lindeira.

Características da arquitectura xudaica

Caracterizada pola regularidade e simetría. É probable que pola súa elementariedade, pequena escala econtexto, non lle dera para singularidade.



E: 1/1000







Planta, alzados e sección

a. corte
b. casa-vivenda



ALZADO SUR



ALZADO NORTE



SECCIÓN



Simboloxía

Figura 1. Cruz con base, situada no interior da xamba dereita da porta.

Figura 2. Cruz con base triangular e topes nos extremos dos brazos, gravada no interior da xamba dereita da porta.

Figura 3. Cruz con base e topes nos extremos, gravada no interior da xamba esquerda da porta.

Figura 4. Gravado na xamba dereita da porta.

Elementos arquitectónicos singulares

1. Balcón
2. Porta de comunicación entre dúas vivendas

Selección da edificación

Documentalmente exponse que, unha vez expulsados de España, moitos dos xudeus convertidos refúxianse en aldeas pequenas e zonas de montaña, ademais disto, Barcia, representa un núcleo próximo a Ribadavia, lugar onde existiu unha xudería importante. Procedeuse, polo tanto a inspeccionalo en busca de simboloxía singular, motivo polo cal se escolle a presente edificación para o seu levantamento e análise.

Outras imaxes



FICHA A4

A4

Codesás

Localización	Melón - Ourense	Data inspección	12/07/2020
Ref. Catastral	32047A014004130000LK		24/11/2020
Propietario	--	Estado Conservación	Malo
Uso orixinal	Adega. Descoñécese se chegou a ser vivenda	Uso Actual	Ruína
Protección	Sen catalogar. Sitúase no entorno de protección dun peto de ánimas.	Data construción	--



E: 1/5000

Tipoloxía

Edificación tradicional de dous andares en ladeira, entre medianeiras e semiexcavada. Planta rectangular con volumetría orixinal.

Materiais e sistemas construtivos

Muros	De cachotaría de granito de 60 cm de grosor. Sen encintados.
Vans	Enmarcados por pezas de granito de maior tamaño. Só existen na fachada principal. Sen carpintería.
Cuberta	Atópase derrubada. Era de lousa de pedra sobre entramado de madeira.
Interior	Descoñecese se tivo unha separación horizontal Non existen separacións verticais.

Organización espacial

Piso terreo dedicado a adega

O acceso á edificación faise directamente dende a rúa mediante dúas portas a distinta altura.

A destacar un oco na parede medianeira, segundo a altura a que se atopa semella que era un oco onde podería estar a viga do lagar.

Características da arquitectura xudaica

A simpleza da peza contrasta coa ausencia de aliñamento nos ocos, tanto nas fachadas como entre eles dous. En casos tan elementales, a disposición ordenada é a resposta inmediata que satisface o desexo de equilibrio en termos formais, así que, a súa ausencia pódese explicar non tanto por desinterés senón porque atende a outros requerimentos.



E: 1/1000









Planta, alzados e sección

a. bodega



ALZADO SUR



SECCIÓN

Simboloxía







Figura 1. Cruz con base triangular gravada na xamba dereita da porta.

Figura 2. Dúas cruces sinxelas case continuas, situadas no interior da xamba dereita da porta.

Figura 3. Cruz sinxela de pouca profundidade, situada na xamba esquerda.

Figura 4. Rebaixe pulido na xamba dereita.











Elementos arquitectónicos singulares

1. Peana situada na fachada principal, no lado dereito da porta.

Selección da edificación

Documentalmente exponse que, unha vez expulsados, moitos dos xudeus xa conversos refúxianse en aldeas pequenas e zonas de montaña, ademais disto, Codesás, representa un núcleo próximo a Ribadavia, lugar onde existiu unha xudería importante. Procedeuse, polo tanto a inspeccionalo en busca de simboloxía singular, motivo polo cal se escolleu a presente edificación.

Outras imaxes



FICHA A5

A5

A Carixa

Casa nº4



E: 1/1500

Localización	Avión - Ourense	Data inspección	08/11/2020
Ref. Catastral	000901100NG59A0001EK 32005A101017140001QP		20/12/2020
Propietario	--	Estado Conservación	Regular
Uso orixinal	Vivenda unifamiliar, obradoiro de zapateiro	Uso Actual	Palleira
Protección	Non ten, pero atópase dentro do contorno de protección dun forno comunal.	Data construción	--

Tipoloxía

Edificación tradicional de dous andares en ladeira, medianeira por un lateral e semi-escavada.

Planta rectangular con volumetría orixinal.

Materiais e sistemas construtivos

Muros	De cachotaría de granito de 60 cm de grosor. Sen encintar.
Vans	Enmarcados por pezas de granito de maior tamaño. Portas de madeira.
Cuberta	A dúas augas con lousas de xisto sobre entramado de madeira. Actualmente as lousas están tapadas por placas de fibrocemento.
Interior	Entramado horizontal de forxado de madeira. Non existen separacións verticais.
Outros	No vento norte posúe un engadido a modo de palleira aberta. Descoñécese se tivo peche de madeira.

Organización espacial

Piso terreo dedicado a corte e primeiro andar a vivenda e oficio cunha soa estancia e sen comunicación interior entre elas.
O acceso á vivenda faise dende a eira mediante unha porta. Polo vento norte, e tamén dende a eira, accédese á corte.

Características da arquitectura xudaica

Volume elemental con simetría definida pola cuberta e a forma rectangular da planta.
Posición central dos ocos con respecto ós eixes.
Modesta e austera.



E: 1/1000







Planta, alzados e sección

a. corte
b. vivenda e obradoiro de zapateiro
c. palleira





ALZADO LESTE



ALZADO NORTE



SECCIÓN







Simboloxía

Figura 1. Cruz sinxela.

Figura 2. Cruz sinxela pouco escabada na xamba dereita da porta principal.

Figura 3. Dúas cruces simples de liñas verticáis contínuas, gravadas na xamba dereita da porta da planta baixa.









Elementos arquitectónicos singulares

1. Lacena orientada ó Leste, posible armario *Hejal*.

Selección da edificación

Chégase ata esta edificación pola súa localización, xa que se atopa entre a Serra do Suído e o val do Avia, e tamén por estar preto da mesma unha antiga fábrica de curtidos, actividade profesional moi relacionada cos xudeus, feito que se documenta, por exemplo, en Allariz. Cabe destacar a proximidade xeográfica coa histórica xudería de Ribadavia.

Inspecciónase a zona e selecciónase a presente edificación pola súa simboloxía característica, así como por ter sido unha vivenda e obradoiro de zapateiro, oficio artesanal tamén relacionado cos xudeus.

Outras imaxes



FICHA A6

A6

Vilanova dos Infantes

Rúa Arrabaldo, 3



E: 1/5000

Localización	Celanova - Ourense	Data inspección	01/03/2020
Ref. Catastral	6490305NG8669S		06/12/2020
Propietario	--	Estado Conservación	Bo
Uso orixinal	Vivenda unifamiliar	Uso Actual	Habitada
Protección	Ambiental, sen considerar os símbolos	Data construción	--

Tipoloxía

Edificación tradicional de dous andares en ladeira, co piso terreo semiexcavado e adxacente a outra edificación no vento este.

Planta trapezoidal con volumetría orixinal, agás pequeno engadido no vento oeste.

Materiais e sistemas construtivos

Muros	De cachotaría de granito de 60 cm de grosor. Encintado con morteiro de cemento.
Vans	Enmarcados por pezas de granito de maior tamaño. Fiestras e portas alteradas, actualmente de alumino natural.
Cuberta	A dúas augas con tella cerámica curva sobre entramado de madeira.
Interior	Entramado horizontal alterado, actualmente de forxado de formigón. Separacións horizontais alteradas, actualmente de ladrillo.

Organización espacial

Piso terreo dedicado a corte e primeiro andar a vivenda, sen comunicación interior entre eles.

Conta cunha **eira** adxacente a un dos lados. A través dela accedese á planta terrea.

O acceso á vivenda faise directamente dende a rúa mediante dúas portas independentes.

Descoñécense as dependencias orixinais da edificación, pero pódese supoñer que polo menos existía unha división vertical no primeiro andar, debido a que conta con dúas portas de entrada na mesma fachada.

Características da arquitectura xudaica

Volume elemental de planta rectangular, que presenta unha total aletoriedade na súa disposición dos ocos (posiblemente por motivos funcionais).



E: 1/1000



Planta e alzados



a. casa-vivenda
b. eira



ALZADO SURLESTE



ALZADO SUROESTE

Simboloxía



Figura 1. Rebaixes pulidos na xamba esquerda da porta principal.

Figura 2. Cruz con base circular e tope no extremo superior. Trazado de corpo regular, marcada e situada no interior da xamba dereita da porta.





Elementos arquitectónicos singulares

Non foron identificados elementos arquitectónicos singulares.

Selección da edificación

Documentalmente refírese que Vilanova era unha vila de zapateiros e, durante a investigación identifícase esta edificación no website de Sefarad Galiza, que chama a atención pola súa simboloxía marcada. É por esta última indicación que se selecciona para incorporala á investigación, aínda que o propietario non autorizou o levantamento do interior, polo que non foi posible realizar a planta cero, só a cobertura.

Outras imaxes





FICHA A7

A7

Ordelles

Edificación 1



E: 1/5000

Localización	Esgos - Ourense	Data inspección	07/07/2020
Ref. Catastral	--		18/12/2020
Propietario	--	Estado Conservación	Bo
Uso orixinal	Vivenda unifamiliar	Uso Actual	Alpendre
Protección	Carece. Nun entorno de protección do campo de hórreos e da fonte-lavadoiro	Data construción	--

Tipoloxía

Edificación tradicional de planta terrea e sobrado, e adxacente a outra edificación polo vento norte.

Planta trapezoidal con volumetría orixinal.

Materiais e sistemas construtivos

Muros	De cachotaría de granito de 60 cm de grosor. Encintado de morteiro de cemento cor gris.
Vans	Enmarcados por pezas de granito de maior tamaño. Fiestras e portas de madeira e de ferro pintadas en diferentes cores.
Cuberta	A dúas augas con tella cerámica plana sobre entramado de madeira.
Interior	Entramado horizontal de madeira formando o sobrado. Sen separacións verticais.

Organización espacial

Piso terreo dedicado a corte e sobrado a vivenda, actualmente sen comunicación interior entre eles. Suponse que na súa orixe tería unha escaleira elemental de madeira para comunicar a planta terrea e o sobrado.

O acceso á vivenda faise directamente dende a rúa a través dunha escaleira exterior que desembarca nun pequeno patín

O acceso ás cortes faise pola fachada contraria a través dunha porta de dobre folla.

Características da arquitectura xudaica

Os espazos dispóñense ó longo do eixe lonxitudinal da vivenda, non entanto, os dous ocos principais están aliñados entre si, atópanse desprazados respecto do mesmo, provocando unha clara asimetría nas fachadas.



E: 1/1000







Planta, alzados e sección

a. corte
b. vivenda



ALZADO SUR



ALZADO NORTE



SECCIÓN



Simboloxía

Figura 1. Rebaixes pulidos na xamba esquerda da porta principal.

Figura 2. Cruz sinxela. Trazado de corpo regular con profundidade de escavación, situada no interior da xamba esquerda da porta.

Figura 3. Cruz sinxela, gravada con pouca profundidade no interior da xamba dereita da porta.



Elementos arquitectónicos singulares

Non foron identificados elementos arquitectónicos singulares.

Selección da edificación

A edificación foi referida por Saúl Rodríguez Balboa [asociado do Grupo de Investigación Chamoso Lamas e entrevistado nesta investigación (Anexo II: Entrevista IV)], a propósito do estudo que refire a presente investigación , este mesmo é o que mostra a presente edificación. A selección desta edificación para a súa incorporación ó corpus de análise, reside tamén na simboloxía que posúe.

Outras imaxes





FICHA A8

A8

Ordelles

Edificación 2



E: 1/5000

Localización	Esgos - Ourense	Data inspección	07/07/2020
Ref. Catastral	--		18/12/2020
Propietario	--	Estado Conservación	Malo
Uso orixinal	Vivenda unifamiliar	Uso Actual	Sen uso
Protección	Sen catalogar	Data construción	--

Tipoloxía

Edificación tradicional de dous andares en ladeira, medianeira por un lateral e semi-escavada.

Planta trapezoidal con volumetría orixinal.

Materiais e sistemas construtivos

Muros	De cachotaría de granito de 60 cm de grosor. Sen encintar.
Vans	Enmarcados por pezas de granito de maior tamaño. Portas orixinais de madeira, substituída a da planta baixa por unha metálica.
Cuberta	A tres augas con tella curva sobre entramado de madeira.
Interior	Entramado horizontal de madeira. Na actualidade existe unha separacións vertical na planta baixa de granito e madeira,
Outros	Posúe parladoiros na ventá orientada ó norte.

Organización espacial

Piso terreo dedicado a corte e cortello e primeiro andar a vivenda e actualmente con unha soa estancia. Sen comunicación interior entre eles.

O acceso á vivenda faise dende a eira mediante unha porta. Polo vento norte, e tamén dende a eira, accédese á corte.

Existen dúas portas tapiadas no muro medianeiro e en cada andar que servían de comunicación coa vivenda á que está pegada.

Características da arquitectura xudaica

A pesar de ser un volume elemental cunha simetría definida pola cuberta e a forma lixeiramente rectangular, presenta unha total aletoriedade na disposición e tamaño dos ocos, posiblemente por motivos funcionais.

Na planta refléxase a importancia da porta de entrada á planta terrea, tanto polas dimensións como polo marcado da simboloxía e biselado dos cantos.



E: 1/1000





Planta, alzados e sección

a. corte
b. cortello
c. vivenda



ALZADO LESTE



ALZADO OESTE



SECCIÓN

Simboloxía



Figura 1. Cantos biselados.

Figura 2. Semella unha letra "P" gravada na fachada.

Figura 3. Cruz con base triangular situada no interior da xamba dereita da porta.





Elementos arquitectónicos singulares

1. Porta de comunicación entre dúas vivendas

Despois de ter atopada a primeira edificación en Ordelles, realízase unha inspección na mesma aldea, nunha busca de simboloxía e elementos arquitectónicos singulares. É durante esta exploración que se atopa a presente edificación, e decídese incluila no estudo pola súa simboloxía característica.

Selección da edificación

Outras imaxes





FICHA A9

A9



E: 1/5000

Tipoloxía

Lucenza

Localización	Cualedro - Ourense	Data inspección	22/10/2020
Ref. Catastral	--		14/11/2020
Propietario	--	Estado Conservación	Bo
Uso orixinal	Vivenda unifamiliar	Uso Actual	Alpendre
Protección	Sen catalogar. Dentro dunha área de cautela	Data construción	--

Edificación tradicional de planta terrea e sobrado, en ladeira, co piso terreo parcialmente escavado e adxacente a outra edificación polo vento oeste.

Planta trapezoidal con volumetría orixinal.

Materiais e sistemas construtivos

Muros	De cachotaría de granito de 60 cm de grosor. Sen encintar.
Vans	Enmarcados por pezas de granito de maior tamaño. Fiestras e portas de madeira pintada.
Cuberta	A dúas augas con planchas de fibrocemento sobre entramado de madeira.
Interior	Entramado horizontal de madeira. Sen separacións verticais.

Organización espacial

Piso terreo dedicado á corte e sobrado á vivenda, actualmente sen comunicación interior entre eles, é de supoñer que existiu unha escada elemental de madeira que faría posible a conexión interior entre os andares.

Conta cunha **eira** adxacente a un dos lados. A través dela accedese á planta terrea.

O acceso á vivenda faise directamente dende a rúa e pola fachada contraria accedese ó piso terreo.

Características da arquitectura xudaica

Os espazos dispóñense ó longo do eixe lonxitudinal da vivenda, non entanto, os dous ocos principais, que están aliñados entre si, atópanse desprazados respecto do mesmo, provocando unha clara asimetría nas fachadas.



E: 1/1000







Planta, alzados e sección

a. corte
b. vivenda





ALZADO SUR



ALZADO NORTE



SECCIÓN





Simboloxía

Figura 1. Rebaixes pulidos na xamba esquerda da porta principal.

Figura 2. Cruz sinxela gravada na lumieira da porta.

Figura 3. Conxunto de cruces sinxelas, marcadas e situadas na lumieira dunha antiga porta agora tapiada.
Presentan trazado de corpo regular.
Unha delas, ten base triangular. Outra semella estar dentro dun féretro.









Elementos arquitectónicos singulares

1. Inscrición na lumieira dunha pequena ventá, na que se pode ler "Ano".

Selección da edificación

O historiador Xosé L. Sobrado Pérez, do Grupo Chamoso Lamas, menciona que na aldea de Lucenza existen algunhas casas con cruces. Pola súa situación case na fronteira con Portugal, así como a súa presenza na serra do Lauroco, realízase unha inspección a dito lugar e atópanse varias edificacións con simboloxía e elementos arquitectónicos característicos. Decídese escoller a presente pola cantidade de simboloxía que se identifica así como a peculiaridade da mesma.

Outras imaxes





FICHA A10

Salón



E: 1/5000

Tipoloxía

Localización	Boborás - Ourense	Data inspección	28/05/2020
Ref. Catastral	--		03/10/2020
Propietario	--	Estado Conservación	Malo
Uso orixinal	Vivenda unifamiliar	Uso Actual	Abandonada
Protección	Sen catalogar	Data construción	--

Edificación tradicional de dous andares en ladeira, co piso terreo semiexcavado e adxacente a outra edificación no vento este.

Planta trapezoidal con volumetría orixinal, agás pequeno engadido no vento oeste.

Materiais e sistemas construtivos

Muros	De cachotaría de granito de 60 cm de grosor. Sen encintar.
Vans	Enmarcados por pezas de granito de maior tamaño. Fiestras e portas de madeira.
Cuberta	A dúas augas con tella cerámica curva sobre entramado de madeira.
Interior	Na actualidade non presenta divisións.

Organización espacial

Piso terreo dedicado a corte e primeiro andar a vivenda, sen comunicación interior entre eles.

O acceso á casa-vivenda faise a través dun patio pechado.

Á planta terrea pódese acceder por dúas portas, situadas en distintas fachadas. Ó primeiro accédese a través dunhas escaleiras con patín.

Descoñécense as dependencias orixinais da edificación. No primeiro andar consérvase o enlousado de pedra que podería ser para albergar a lareira.

Características da arquitectura xudaica

Volume case cúbico pero que non ten ningún elemento que favoreza a pureza ou claridade da forma. O aliñamento dos vans no alzado leste é a única regularidade que posúe, aínda así, por mor do desprazamento respecto do eixe e da contiguidade coa fachada sur, sen ocos homoxéneos e aliñados, forman un conxunto disonante que se contrapón cunha lectura máis cartesiana do volume da vivenda.

É probable que a distribución interior e os usos foran determinantes na posición dos vans xa que a apariencia exterior non parece responder a unha búsca dunha orde ou estética determinada.



E: 1/1000





Planta, alzados e sección

a. corte ou adega
b. vivenda



ALZADO SUR



ALZADO LESTE



SECCIÓN

Simboloxía





Figura 1. Símbolo con base circular e sete extremidades das que 5 se dispoñen cara arriba, e dúas cara abaixo.

Figura 2. Cruz sinxela escavada e situada na xamba esquerda da porta.







Elementos arquitectónicos singulares

1. Lacena orientada ó leste, posible armario *Hejal.*

Selección da edificación

Salón é unha aldea do Val do Avia, na contorna de Ribadavia, vila que albergou na Idade Media unha xudería de gran importancia. O seu nome característico, posiblemente relacionado co saúdo hebreo ***"Shalom",*** levou a investigar a zona.

A presente edificación foi escollida pola súa localización, xa que se atopa resgardada, ademais de pola súa simboloxía.



Outras imaxes

FICHA A11

A11

Pazos

Lugar de Figueiredo



E: 1/5000

Localización	Boborás - Ourense	Data inspección	10/10/2019
Ref. Catastral	--		13/12/2020
Propietario	--	Estado Conservación	Ruína
Uso orixinal	Vivenda unifamiliar	Uso Actual	Sen uso
Protección	Sen catalogar	Data construción	--

Tipoloxía

Edificación tradicional de dous andares en ladeira, illada e semi-escavada.
Planta trapezoidal con volumetría orixinal.

Materiais e sistemas construtivos

Muros	De cachotaría de granito de 60 cm de grosor. Sen encintar.
Vans	Enmarcados por pezas de granito de maior tamaño. Portas orixinais de madeira, substituída a da planta baixa por unha metálica.
Cuberta	A orixinal era a tres augas. Actualmente carece da mesma.
Interior	Entramado horizontal de madeira. Na actualidade existe unha separación vertical na planta baixa. Descoñécese se había divisións.
Outros	Conserva os catro canzorros que suxeiran un balcón orientado ó sur.

Organización espacial

Piso terreo dedicado a corte e cortello primeiro andar a vivenda. Sen comunicación interior entre eles.

O acceso á vivenda faise dende a rúa a través dunhas escaleiras hoxe desaparecidas. Polo vento sur, e tamén dende a rúa, accédese á corte.

Características da arquitectura xudaica

Presenta só certa simetría na planta baixa en canto aliñación da porta de entrada co eixo do trapecio.

Os restantes ocos están colocados de maneira aleatoria, respondendo seguramente a criterios funcionais.



E: 1/1000





PLANTA BAIXA



PLANTA SEMISOTO

Planta, alzados e sección

a. corte
b. vivenda



ALZADO LESTE



ALZADO NORTE



ALZADO SECCIÓN







Simboloxía

Figura 1. Cruz con base circular situada na xamba dereita da porta, cunha escavación máis profunda no fondo.

Figura 2. Cruz con base circular situada na xamba esquerda da porta.

Figura 3. Símbolo na parte inferior da xamba esquerda da porta. Posible *Menorah*.

Figura 4. Abertura vertical e con profundidade de escavación, no interior da xamba dereita. Posible oco para a *mezuzah*.











Elementos arquitectónicos singulares

1. Lacena orientada ó Leste, posible armario *Hejal*.

Chégase a Pazos por estar situado no Val do Avia e preto de Ribadavia así como por indicacións de Juan José Álvarez González, integrante do Grupo de Investigación Chamoso Lamas. A escolla da presente edificación faise en base á simboloxía, que destaca pola súa peculiaridade.

Selección da edificación

Outras imaxes





FICHA A12

A12

Quintanela



E: 1/5000

Localización	Carballiño - Ourense	Data inspección	07/07/2020
Ref. Catastral	32020A050012210000RY		20/12/2020
Propietario	Señores de Moscoso (antes) Elvira (agora)	Estado Conservación	Malo
Uso orixinal	Vivenda unifamiliar e adega	Uso Actual	Abandonada
Protección	Sen catalogar	Data construción	--

Tipoloxía

Edificación tradicional de dous andares en ladeira e semi-escavada.
Planta rectangular con volumetría orixinal.

Materiais e sistemas construtivos

Muros	De perpiaño de granito de 60 cm de grosor. Sen encintar.
Vans	Enmarcados por pezas de granito de maior tamaño. Portas orixinais de madeira.
Cuberta	Actualmente carece de cuberta.
Interior	Vestixios de entramado horizontal de madeira. Descoñécense as separacións verticais.
Outros	Posúe parladoiros na ventá orientada ó sur.

Organización espacial

Piso terreo dedicado a adega e primeiro andar a vivenda.
Sen comunicación interior entre eles.

O acceso á vivenda faise dende a rúa. Polo vento leste e dende un patio pechado, faise o acceso á adega que contaba cun lagar.

Características da arquitectura xudaica

Volume case cúbico sen ocos homoxéneos nen aliñados. É probable que a distribución e os usos determinaran a posición dos vans.



E: 1/1000







Planta, alzados e sección

a. adega con lagar
b. vivenda
c. patio





ALZADO LESTE



ALZADO NORTE



SECCIÓN







Simboloxía

Figura 1. Cara masculina, con barba e sombreiro, labrada na pedra e situada no arco esquerdo da lumieira.

Figura 2. Estrela de David con Flor de Loto no medio, situada na lumieira da porta principal.

Figura 3. Cara feminina, labrada na pedra e situada no arco dereito da lumieira.

Figura 4. Cara dun neno, labrada nunha pedra que forma parte do lagar.















Elementos arquitectónicos singulares

1. Peana situada á esquerda da porta principal.

2. Fonte.

3. Laceniña orientada ó Leste.

Selección da edificación

A inspección de Quintanela realízase por ser unha aldea situada no Val do Avia, próxima a Ribadavia, así como por identificar información desta edificación no website Questom Judaica. Selecciónase a mesma tamén pola simboloxía tan característica que posúe, así como polos datos obtidos durante a entrevista realizada (Anexo II: Entrevista II), na que se afirma a denominación popular desta edificación como "Casa dos Xudeus".

Outras imaxes





FICHA A13

A13

Marín

Rúa Calzada, 45



E: 1/5000

Localización	Pontevedra	Data inspección	01/03/2020
Ref. Catastral	6490305NG8669S		
Propietario	--	Estado Conservación	Bo
Uso orixinal	Vivenda unifamiliar	Uso actual	Habitada
Protección	Ambiental, sen considerar os símbolos	Data construción	--

Tipoloxía

Orixinalmente tratábase dunha edificación tradicional de dous andares, con acceso interior ó andar superior. Aséntase nun terreo en pendente e acaróase a outra edificación polo vento leste.

De planta trapezoidal con volumetría modificada co engadido dun terceiro andar.

Materiais e sistemas construtivos

Muros

De cachotaría de granito de 60 cm de grosor.
Encintado con morteiro de cemento.

Vans

Enmarcados por pezas de granito de maior tamaño. Observanse o remate de ocos da planta baixa a modo de mostrador para o despacho de produtos.

Fiestras e portas alteradas, actualmente de alumino lacado.

Cuberta

Actualmente presenta unha auga soa e atópase rematada con tella cerámica curva.

Interior

Entramado horizontal alterado, actualmente de forxado de formigón.

Separacións horizontais alteradas, actualmente de ladrillo.

Organización espacial

O acceso á vivenda faise directamente dende a rúa mediante dúas portas independentes.

Comunicación interior entre os distintos andares.

Descoñécense as dependencias orixinais da edificación.

Características da arquitectura xudaica

Non se aprecia ningunha característica, apenas un lixeiro desprazamento dos ocos do vento sur, que se podería considerar raro.



E: 1/1000



Planta, alzados e sección





ALZADO LESTE



ALZADO SUR

Simboloxía













Figura 1. Conxunto de dous símbolos: unha cruz con base triangular e unha estrela pentagonal, ambos gravados na xamba dereita da porta.

Figura 2. Cruz sinxela situada na xamba dereita da porta.

Figura 3. Dúas cruces, unha con base triangular e outra con base recta, ambas atopadas na xamba esquerda da mesma porta.

Elementos arquitectónicos singulares

Non foron identificados elementos arquitectónicos singulares.

Selección da edificación

Marín é unha das zonas investigadas, á que se chega buscando certas premisas como son edificacións situadas na parte máis histórica da cidade e en rúas estreitas. Escóllese a presente para a súa análise en función da simboloxía gravada na súa fachada.

Outras imaxes





FICHA A14

A14

Celanova

Rúa Nova, 6



E: 1/5000

Localización	Ourense	Data inspección	06/03/2020
Ref. Catastral	6575407NG8667N0001BH		20/11/2020
Propietario	--	Estado Conservación	Regular
Uso orixinal	Vivenda unifamiliar e obradoiro de ferreiro	Uso actual	Deshabitada
Protección	--	Data construción	--

Tipoloxía

Edificación entre medianeiras que orixinalmente sería de dous andares e con acceso exterior ó andar superior.

De planta trapezoidal con volumetría modificada co engadido dun terceiro andar con corredor.

Materiais e sistemas construtivos

Muros	De cachotaría de granito de 60 cm de grosor. Con monteiro de cemento. No frente dos andares superiores a base de pallabarro con acabado pintado.
Vans	Enmarcados por pezas de granito de maior tamaño. Portas orixinais de madeira, substituída a da planta baixa por unha metálica.
Cuberta	A duas augas e rematada con tella cerámica curva.
Interior	Entramado horizontal de madeira. Separacións horizontais supostamente alteradas, actualmente de pallabarro.
Outros	Posúe parladoiros na ventá orientada ó norte.

Organización espacial

O acceso á vivenda faise directamente dende a rúa mediante unha escaleira exterior.
Posúe unha porta independente para acceso ó baixo.
Comunicación interior entre o segundo e o terceiro andar.
Descoñécense as dependencias orixinais da edificación.

Características da arquitectura xudaica

Apréciase asimetría nos ocos, acentuada pola entrada lateral á vivenda.

Podería tratarse dunha apropiación xudía sobre algo que xa existía, xa que semella que o peche do primeiro andar estaría retranqueado do plano da planta terrea, e que o acceso a este andar faríase a través dun balcón aberto.



E: 1/1000





Planta, alzados e sección

a. forxa
b. adega
c. estar
d. cuarto
e. estar
f. baño
g. cociña



ALZADO NORTE



Simboloxía





Figura 1. Dúas cruces gravadas na fachada principal. Unha delas de trazos sinxelos e outra cunha pequena base.



Elementos arquitectónicos singulares

1.Balcón.

Selección da edificación

Documentalmente, atópanse referencias á existencia dunha comunidade xudía en Celanova, polo que se realizou unha inspección en dita vila. Por outra parte, esta edificación está situada na Rúa Nova, vía tradicionalmente relacionada coa presenza da comunidade hebrea en Galiza. A selección desta edificación realízase en base a este dato, que se considera de importancia, así como pola simboloxía gravada na súa fachada.

Outras imaxes



FICHA A15

A15

As Achas



Tipoloxía

Localización	Esgos - Ourense	Data inspección	07/07/2020
Ref. Catastral	6490305NG8669S		
Propietario	Familia de orixe portugués	Estado Conservación	Malo
Uso orixinal	Vivenda unifamiliar	Uso actual	Sin uso
Protección	Sen catalogar	Data construción	--

Edificación tradicional de planta terrea e adxacente a outra edificación polo vento sur. Conta cunha eira e un canastro na parte posterior.

Planta rectangular con volumetría orixinal agás un engadido na zona posterior.

Materiais e sistemas construtivos

Muros	De cachotaría de granito de 60 cm de grosor, agás o engadido, que se compón de bloques de granito de 25 cm de grosor. Sen encintar.
Vans	Enmarcados por pezas de granito de maior tamaño. Vestixios de portas de madeira.
Cuberta	Actualmente non se conserva. A orixinal era a dúas augas.
Interior	Actualmente sen separacións verticais. Suponse que existiu alo menos unha, xa que ten dúas portas na mesma fachada.

Organización espacial

Piso terreo dedicado a corte e a vivenda.

O acceso á vivenda e a corte faise directamente dende a rúa a través de dúas portas.

Suponse que existía unha división interior entre ambas. Na zona da vivenda aínda se conserva un forno pequeno.

Na parte posterior posúe unha porta que dá acceso á eira na que se sitúa o canastro.

Características da arquitectura xudaica



Disposición sen unha regra evidente dos vans, tanto no interior como cara ao exterior. Neste caso, é curioso que a porta principal non se singularice, nin en tamaño nin posición, na fachada.





Planta, alzados e sección

a. corte
b. vivenda
c. eira





ALZADO LESTE



ALZADO OESTE



SECCIÓN

Simboloxía



Figura 1. Rebaixes pulidos na xamba de ámbolos dous lados.

Figura 2. Cruz sinxela gravada na xamba dereita da porta.







Elementos arquitectónicos singulares

1. Forno de pan.

Selección da edificación

Documentalmente exponse que, unha vez expulsados, moitos dos xudeus xa conversos refúxianse en aldeas pequenas e zonas de montaña. Ademais, As Achas, representa un núcleo próximo a Ribadavia, lugar onde existiu unha xudería importante. Procedeuse, polo tanto a inspeccionalo en busca de simboloxía singular, así como a preguntar á xente do lugar.
A selección desta edificación para incorporala á investigación reside na simboloxía presente na mesma.

Outras imaxes



5.3 Análise comparativa

Despois de ter presentado as fichas de análise arquitectónico individual, expóñense os pormenores dos elementos que foron examinados nas mesmas. Estes, permitiron recoller información destacable para a investigación, axudarán a afirmar ou rexeitar a existencia de padróns así como características arquitectónicas destacables. Serán tamén un elemento importante no establecemento de conclusións, con posibilidade de aplicalas a futuros estudos relacionados co patrimonio xudeu-converso galego.

Aínda que as edificacións seleccionadas se distribúen polas provincias de Ourense e Pontevedra, algo común a trece delas é que están situadas nun entorno rural, exceptuando as fichas A13 e a A14, que o fan nun entorno máis urbano.

En canto á zona rural, enténdese esta como aquel núcleo de poboación reducida e con pequena extensión construída, no que se atopan, polo xeral, edificacións de arquitectura vernácula, moi relacionadas e adaptadas á estrutura de produción así como ás formas de propiedade da rexión, que no territorio que nos concirne, se resume ó traballo no campo e a vida familiar.

As construcións máis próximas a unha zona urbana, é dicir a un núcleo tanto de poboación como de edificacións máis extenso, están inseridas no extra radio da mesma.

A selección das vivendas neste tipo de zonas é realizada co obxectivo principal de analizar e explicar os asentamentos xudeu-conversos galegos máis alá dos centros de vilas e cidades, que en liñas xerais posuían xudarías ou comunidades hebreas menos dispersas e estudadas con anterioridade.

- **Localización ou emprazamento**

O emprazamento analízase primeiramente de maneira máis xeral, é dicir, tendo en conta a aldea na que se insire o obxecto de estudo concreto, e posteriormente a unha escala maior, vías e construcións próximas ó mesmo.

A localización permite coñecer se existe un padrón común á hora de situarse na trama rural, como ocorría na trama urbana, ocupando espazos próximos a centros de poder tanto sociais como relixiosos e tamén permite establecer por comparación se os criterios de localización son diferentes no entorno rural.

Nas edificacións analizadas, obsérvase unha clara tendencia cara a situación afastada do núcleo central da trama e tamén do edificio emblemático do lugar. No caso de Salón (ficha A10), Laxoso (ficha A2) e Cabanelas (investigado), ademais de situarse nun lugar máis afastado, o acceso dende a rúa cara a

entrada da construción faise a través dun patio pechado que comunica varias edificacións. Outras das analizadas como o caso de Vilanova (ficha A6), Ordelles 2 (ficha A8) , As Achas (ficha A15) e A Carixa (ficha A5), posúen unha eira contigua que comunica directamente coa vivenda a través dunha porta. No caso de Coruxal (investigado), o acceso á edificación faise a través dunha canella moi estreita, asemellándose ós barrios xudeus urbanos.

No caso das zonas con trazos máis urbanos, como xa se mencionaba anteriormente, sitúanse nos arrabaldes das vilas, exceptuando o caso de Monterrei (ficha A1), que se atopa contigua á muralla ó lado dunha porta de entrada da mesma, pero afastada da Torre do Homenaxe, centro de poder da época medieval.

- **Data de construción**

En moitas ocasións existe a imposibilidade de poder concretar ou estimar unha datación das edificacións.

Nalgúns casos descoñécese o dono ó que poder dirixir preguntas relativas a estes datos, ó tratarse a maioría de zonas rurais, é común que as propiedades estean divididas entre varios familiares. Por outra parte, existe unha falta de fontes documentais que recollan o rexistro das edificacións e as épocas nas que se realizaron.

Nas fichas catastrais moitas non aparecen recollidas e nas demais, a data non figura. Ningún dos informantes puido aportar información sobre a creación das edificacións analizadas, para incluír nas fichas da presente catalogación.

No caso de que a datación fora complicada de realizar de maneira precisa, recorreuse ó contraste de elementos arquitectónicos característicos así como elementos etnográficos como símbolos e inscricións, nunha tentativa de situalas nun período de tempo máis ou menos concreto e que permiten inserilas entre os séculos XVI, XVII e XVIII.

- **Uso orixinal**

Non se puido atopar o uso orixinal de varias das estudadas por falta de información e de fontes ás que dirixirse, ou tamén polo mal estado de conservación no que se atopan. Partindo disto, establécese a posibilidade de que maioritariamente se tratan de edificacións dedicadas a vivenda unifamiliar. Como excepción atópase Codesás (ficha A4), que tivo función de adega, aínda que se descoñece se nalgún momento chegou a ser tamén vivenda.

Por outra parte, existen dúas que non combinaban este uso de vivenda co uso de oficio. No caso de Monterrei (ficha A1) albergaría unha carnicería e no da A Carixa (ficha A5), un obradoiro de zapateiro. En Marín (ficha A13) aparece un elemento na ventá da planta terrea a modo de mostrador, que podería facer interpretar que dito nivel usouse tamén como taller artesanal e venta dos artigos fabricados.

- **Uso actual e estado de conservación**

A maioría das edificacións atopadas están en estado ruinoso, a excepción de Monterrei que o concello sensibilizouse e converteuna en museo. No caso de Lucenza (ficha A9), Barcia (ficha A3), A Carixa (ficha A5) e Ordelles 1 (ficha A7), son empregadas como palleiros anexos a outra edificación principal e que non está na mesma parcela. Por outra parte, manteñen o uso de vivenda a de Vilanova (ficha A6), Marín (ficha A13) e a de Celanova (ficha A14).

Pódese observar que estas edificacións que manteñen o seu uso como vivenda son as situadas en contornas máis urbanas. O detrimento dos núcleos rurais en Galiza, sobre todo no interior (provincia de Ourense), viuse tremendamente acelerado nos últimos anos, incentivado en gran medida polo éxodo que se produce cara as cidades. Isto implica que, aquelas vivendas afincadas no rural que servían de lugar para a reunión familiar pero tamén para gardar os aparellos, animais e producións relacionadas co traballo no campo, pasan a quedar illadas e abandonadas.

- **Tipoloxía**

Este conxunto estudado trátase na súa totalidade de edificacións tradicionais con volumetrías orixinais, excepto os casos de Marín (ficha A13) e Celanova (ficha A14), dous casos urbanos. Polo xeral, adáptanse ó desnivel dos terreos, destacando varias delas construídas en ladeira. Mediante esta adecuación á topografía preténdese facer o espazo o máis eficiente posible.

É destacable que 13 dos obxectos de estudo se atopan contiguos a outras edificacións. Nos casos da Carixa (ficha A5) e Monterrei (ficha A1), atópanse illados pero próximos a outras construcións.
A maioría dos casos presentan formas e volumetrías bastante sinxelas e que aparecen como resultado de diversos condicionantes como son o nivel topográfico, o entorno e as súas vías, as necesidades económicas dos habitantes, etc. Así mesmo, a planta é sinxela en todos os casos, sendo de tipo trapezoidal ou rectangular, menos en Laxoso (ficha A2), que en lugar de ser un volume único, está formado por un maior número de volumes anexados entre si.

- **Materiais e sistemas construtivos**

Muros: O material empregado por excelencia nos casos analizados é o granito, sendo este o que máis abunda en Galiza, e que se utiliza tradicionalmente na arquitectura vernácula galega. A técnica construtiva máis repetida con este material para a configuración dos muros é a cachotería, caracterizada pola disposición de pedras medianas irregulares, formando muros de entre 60 e 70cm de ancho.

É común atopar as zonas das esquinas así como aquelas máis débiles, reforzadas co uso de pedras de granito de maior tamaño, labradas e que

presentan un formato bastante regular. Ademais desta función de reforzo dos muros, conseguen tamén darlle unha maior solidez á estrutura.

No caso de posuír encintado, característica correspondente ás casas mellor conservadas, destaca o uso de morteiro de cemento pola súa gran presenza. Na maioría dos casos carécese deste encintado, colocando a pedra a xunta seca.

É importante ter en conta a existencia de muros recebados polo interior a base de morteiro de barro e caleados, mestura tradicional usada en Galiza para evitar a humidade no interior das vivendas. Na vivenda de Laxoso (ficha A2), atópanse restos deste recebo cun remate de pintura en cor azul.

Vans: Polo xeral as edificacións analizadas posúen poucos vans e con tendencia a ser pequenos. En canto ás portas, os vans son rectangulares e de pouca altura, sendo, naquelas de dobre altura, o da entrada á corte de maior tamaño que o da a vivenda. Polo tanto, normalmente existen dúas portas independentes, unha para os animais e outra para a familia. Os peches serían de madeira, que co paso do tempo xa non se conservan ou só permanecen pequenos restos que permiten afirmar a súa existencia.

Noutra parte, ventás e bufardas, posúen forma rectangular e cadrada e tenden a ser tamén, ocos pequenos.

Todos os marcos están conformados por lumieiras, xambas e soleira, que lle outorgan a aparencia dunha porta da arquitectura vernácula galega.

Cuberta: Unha constante que se percibe nas edificacións analizadas é o tipo de cuberta a dúas augas, exceptuando o caso de Monterrei (ficha A1) que é a catro augas e o de Ordelles 2 (ficha A8), a tres. Naqueles casos nos que aínda se conserva a estrutura orixinal, obsérvase que a armazón que a conforma é de madeira, configurando tellados inclinados que responden a unha necesidade do entorno e o seu clima, buscando escorrentar de maneira eficiente das augas.

O material máis empregado na cubrición é o de tella cerámica curva, aínda que tamén se atopan de lousa nos casos da Carixa (ficha A5) e Codesás (ficha A4). Nas que non se conservou dita cubrición, substituíse por placas de fibrocemento e tella plana.

Obsérvase que os casos obxecto de estudo, non comparten cubrición con edificacións anexas.

Interior: As divisións horizontais na maior parte das situacións analizadas son ou eran de madeira, xa que moitas atópanse derrubadas. Conclúese que sufriron alteracións e substituíse esas estruturas de madeira por forxados de formigón.

Polo que se refire ás divisións verticais, descoñécese a súa existencia na metade dos casos analizados, feito que condiciona enormemente a investigación e os datos obtidos sobre os espazos internos que podían albergar. No caso de existir, estas divisións eran de madeira ou pallabarro e foron alteradas escollendo como material predominante o ladrillo.

O solado do piso terreo, normalmente, era de terra natural.

- **Organización espacial**

Normalmente as edificacións están distribuídas de maneira que as cortes, adegas e oficios se atopan na planta terrea e a vivenda no primeiro andar ou no sobrado. A comunicación entre ambos andares producíase sempre por fóra, mais supoñemos que no caso das edificacións con sobrado como as de Ordelles 1 (ficha A7) e Lucenza (ficha A9), terían unha escada moi sinxela de acceso ó mesmo polo interior.

Intúese que nas edificacións máis tradicionais a complexidade da distribución era menor, dispoñendo como moito de unha ou dúas estancias. Comunmente, unha dedicada a cociña e outra a cuarto.

Por outra parte, o acceso á edificación en si, faise directamente dende a rúa nos 15 edificios seleccionados.

Nas construcións urbanas, ó producirse unha variación na volumetría, atopamos acceso ás plantas altas a través dunha escaleira no interior.

Igual que é complicado determinar en varios casos a disposición das divisións verticais, coñecer as dependencias orixinais de varias das edificacións é case inviable. En varios casos non por non existir xa, e nos casos de ser aínda vivendas, pola imposibilidade de entrar e tomar anotacións.

- **Características da arquitectura xudaica**

A maioría das edificacións estudadas presentan unha asimetría marcada pola disposición dos ocos nas fachadas, sen aliñamento entre eles e tamén pola distribución interna da planta, coa falta de axialidade e desenvolvemento lineal, non descartando a posible apropiación xudía sobre algo que xa existía, ou que simplemente respondían a meros motivos funcionais.

Cabe destacar que a maior parte dos casos analizados están compostos por pezas moi simples e que en casos tan elementais, a disposición ordenada é a resposta inmediata que satisfai o desexo de equilibrio en termos formais, así que, a súa ausencia pódese explicar non tanto por desinterese senón porque atende a outros requirimentos.

Debe destacarse, a importancia que lle daban á porta de entrada á planta terrea, tanto pola simboloxía que aparece ó redor dela como polas súas dimensións. Neste caso existe a excepción nos caso de Lucenza (ficha A9), Barcia (ficha A3), Pazos (ficha A11) e Salón (ficha A10), nas que a simboloxía aparece marcada na porta de entrada ó primeiro andar.

- **Elementos arquitectónicos singulares**

Lacenas ou armarios que coa súa orientación ó leste, fai crear a hipótese de que se tratan de armarios sagrados ou *Hejal*, utilizados nas construcións xudeu-conversas. Atopámolas nas edificacións de Laxoso (ficha A2), A Carixa (ficha A5), Pazos (ficha A11), Salón (ficha A10) e Cabanelas (investigado). Cabe destacar o caso de A Graña, en que a suposta lacena ou armario, ocuparía todo o muro, posuíndo un remate en arco na parte superior. Curioso tamén o caso de Pazos, que estaría formado por dúas lacenas contiguas.

Portas de comunicación entre vivendas, que se atopan tapiadas na actualidade, mais é evidente a existencia dun van que, tal e como se nomeou no contexto histórico, en moitas ocasións poderían servir como vía de escape para fuxir en caso de persecución. Poden verse reflexados nas fichas de Barcia (ficha A3) e Ordelles 2 (ficha A8).

Arestas de xanelas e portas **biseladas**, elemento atopado na arquitectura popular que destaca pola súa relación con construcións relacionadas co seu pasado converso, e que foi atopado no caso da Graña (foto) e Ordelles 2 (ficha A8).

As peanas recollidas nas fichas de Codesás (ficha A4) e Cabanelas (investigado), insírense nas fachadas das mesmas. Na primeira, fai aparición na parte superior dereita da porta da planta terrea, e na segunda, no lado esquerdo das ventá, ambas orientadas ó sur.

Tanto os **arcos conopiais** como os **santos ou nichos en fachadas**, atopáronse en vivendas que non foron seleccionadas para o estudo de detalle pero si aparecen nas areas estudadas.

En canto ós nichos atopámolos en Lebosende (investigado) nunha casa dunha familia supostamente conversa, os Candendo, que lle levaban as rendas ós Condes Sarmiento de Ribadavia, atópase este nicho por encima da porta da entra á vivenda, na fachada da mesma. En Vilanova (ficha A6), xa nun contexto máis urbano, atópanse tamén en diversas edificacións.

Polo que se refire os arcos conopiais, a zona onde máis abundan son nos lugares investigados no val do Avia.

Destacan os **parladoiros** por ser un elemento común a varias delas, aínda que non se trata de algo característico ou singular en vivendas e edificacións xudeu-conversas.

Son citables os elementos non establecidos neste estudo como un elemento singular, pero que merece atención, como é o caso de balcóns e chemineas. En canto ó **balcón**, por ser un espazo exterior da propia edificación coa casa xudía que precisaba dun lugar no exterior para os seus ritos.

- **Simboloxía**

A simboloxía máis común entre o *corpus* recollido, son os **gravados cruciformes**. Poden verse representados de maneira sinxela, con ou sen topes nos extremos dos brazos, sobre base triangular ou redondeada. Destaca o seu emprazamento que é, comunmente en ambas xambas da porta, predominando no lado dereito, tanto no interior como no exterior.

Cabe facer unha mención especial a tres gravados que destacan pola súa posible similitude con **gravados *Menorah***. Un destes símbolos, situado na vivenda de Salón (ficha A10), está composto por unha base circular da que brota un tronco vertical. Deste mesmo saen outros sete, cinco en dirección cara arriba e dous cara abaixo.
Outro dos símbolos, brota un tronco perpendicular dunha base, cunha circunferencia no medio. A partir deste saen tres brazos cara abaixo, e remata o símbolo nunha figura máis rectangular.

Tendo en contra as características da *Menorah,* formada por unha base e 7 brazos, dos cales un se sitúa máis alto ou destacando fronte ós outros 6, e que que en moita da simboloxía atopada noutros puntos da Península se ve representada tamén "deformada".

Na edificación de Barcia (ficha A3), atópase o mesmo padrón de base, con círculo no medio e tronco, pero deste só se aprecia que parten dous brazos laterais e un central.

Común a estas tres, é a existencia de outras cruces nas xambas da mesma porta.

Mediante as **inscricións en lumieiras** como en Laxoso (ficha A2), onde podemos ver "Ano 1697" gravado na mesma, pódese coñecer non só unha aproximación temporal do asentamento se non tamén, unha conexión entre a hipotética historia xudeu-conversa e os demais elementos singulares da edificación.

Foron recollidas tamén, dúas **estrelas de David** atopadas nas edificación analizadas de Marín (ficha A13), na xamba esquerda da porta e que se sitúa ó carón doutra cruz sinxela de base triangular, e de Quintanela (ficha A12),

situándose na lumieira da porta da entrada e cunha flor de seis follas no seu interior.

Diversos **rebaixes pulidos** son detectados na xamba da porta das edificacións de Vilanova (ficha A6), Lucenza (ficha A9), Codesás (ficha A4). No caso de Vilanova e Codesás, dito pulido da pedra sitúase na xamba dereita da porta, e no caso de Lucenza, na esquerda.

En Pazos, atópase unha **apertura vertical** de profundidade media, de uns 12 cms de longo e 2,5 cms. de ancho, situada no interior da xamba dereita da porta a unha altura media. Todas estas características evidencian que se trata do oco onde se colocaría a *Mezuzah*.


ESIA

CAPÍTULO 6

CAPÍTULO 6. SISTEMATIZACIÓN

Trátase neste capítulo, dende un punto de vista diacrónico e crítico, de sistematizar e delimitar as análises realizadas correlacionándoas coa fundamentación teórica sobre os asentamentos urbanos e a arquitectura xudeu-conversa en Galiza. Tras realizar o estudo de contido, previa exploración e sistematización da información recollida sobre o tema aquí tratado, é preciso relacionalo coa fundamentación teórica realizada, sendo esta, base na que se apoia a investigación.

Polo tanto, o obxectivo principal deste capítulo é crear conexións coherentes, veraces e con sentido, entre a literatura seleccionada e os datos recollidos. Búscase sempre sustentar o que aquí se afirma co discurso doutros autores, e conseguir transmitir unha reflexión que estableza unhas conclusións aplicables a outros casos semellantes ós aquí presentados.

Conseguiuse trazar unhas características xerais, tanto para a estrutura dos asentamentos urbanísticos como para a estrutura das morfoloxías, materialidades e simboloxía arquitectónica. Presentouse así unha mostra de todo o atopado que, tras unha análise comparativa exhaustiva, deu lugar a unhas conclusións xerais que se desenvolven ó longo deste capítulo.

Considérase de importancia aportar outros descubrimentos que non foron detallados nas fichas, xa que aportan información e amplían a perspectiva aquí plasmada, enriquecendo o discurso pero tamén mostrando o grande potencial desta liña de investigación.

6.1 Sistematización da análise urbana

Realizouse nun primeiro momento a identificación dos núcleos máis importantes dentro dos asentamentos xudeus, así como a historia e desenvolvemento de dita comunidade nestes espazos. Foi viable estudar as posibles localizacións das xuderías ou rúas principais nas que habitaba a comunidade, distribuídas pola trama urbana de cidades e vilas galegas, e que se foron adaptando a un contexto social totalmente en contra.

Diversos autores expoñen, dende un punto de vista arqueolóxico ou histórico, a imposibilidade de diferenciar unha xudería dentro da trama urbana medieval. A súa inserción neste tecido non sería moi diferente da dos cristiáns, e só sería posible a súa identificación pola presenza dunha sinagoga e un cemiterio. No caso de Galiza, non se puido tampouco facer esta diferenciación, pero si foi posible reunir unhas características comúns a todos os lugares analizados.

Figura 58. (Páx.200) Posible edificación xudeu-conversa, da que destaca o arco conopial da porta principal. Reitoral de San Xoán da Fechas. Fonte: Xulio Pérez Pérez (2021).

Aínda que a situación social en Galiza era máis distendida que no resto da Península, xa que as relacións entre cristiáns e xudeus eran, polo xeral, de

cordialidade, chegando incluso a vivir mesturados dentro da trama urbana, existía unha tendencia de apartamento desta comunidade en **barrios**. Dita propensión observouse por todo o territorio, tal e como expón Antonio Rubio (2016), e prodúcese por dous motivos principais, aplicables ós lugares analizados. Por un lado, pola tendencia natural das minorías a agruparse para manter a súa identidade, protexerse e poder levar a cabo as súas costumes, e por outra parte, debido ó contexto no que vivían, no que non eran aceptados e integrados na súa totalidade.

Os asentamentos xudeus galegos, tanto os considerados xuderías (A Coruña, Allariz, Ribadavia e Ourense) coma os barrios, non posuirían a morfoloxía cerrada e autárquica característica das xuderías peninsulares máis grandes, pero si se asemellarían ás mesmas na selección da súa **implantación.** A busca de zonas máis seguras, motivado pola súa condición de minoría, levaría á situación das vivendas no interior do **perímetro amurallado** (previamente ó apartamento do 1480) así como próximas ó mesmo. Por outra parte, e como xa se viu reflexado na análise urbana comparativa, era común o emprazamento das súas rúas preto das saídas da cidade.



Figura 59. Rúa do Ouro en Tui. Fonte: Autoría propia (2020).

A situación nas zonas máis aloxadas do centro e con proximidade a unha **porta da muralla**, podía ser necesaria e buscada por diversas razóns. Por unha parte, e tendo en conta o contexto social galego, os seus oficios, que comunmente eran artesanais, levaban consigo prácticas insalubres que debían realizarse nas aforas da cerca (Espinosa Villegas, 1993). Outra razón que se atopa en xuderías hispanas de maior tamaño, é a necesidade de saír sen pasar polo centro da cidade medieval nos desprazamentos ó cemiterio. A porta conectada co exterior evitaría moitos problemas na convivencia cos cristiáns, non moi estable xa de por si (González Romero citado por Monterreal Gil, 2015).



Figura 60. Porta da muralla de Monterrei. Fonte: Autoría propia (2020).

Outra tendencia destacable e representada na análise é a implantación próxima ós **centros de poder**, tanto catedrais como casas de nobres así como castelos medievais. Estas situacións realizábanse, tamén, nunha busca de protección dos monarcas. Aínda que en Galiza a convivencia entre relixións era estable ata o século XV, a situación dos xudeus a nivel peninsular era inestable e desembocaría na súa expulsión nesa mesma etapa.

A cidade hispana medieval tendía a situarse nun alto, e dentro da mesma, existiría unha predisposición das xuderías a instalarse nas pendentes. Esta preferencia, quizais pode verse xustificada coas normas de hixiene do xudaísmo, estendidas neste caso tamén a nivel urbano (Espinosa Villegas, 1997). Grazas a esta situación a auga axudaría a limpar as vías. No caso de estar preto dos castelos, que por norma xeral alzábanse na parte máis elevada das vilas e cidades, esa colocación en pendente das xuderías parece unha adaptación das rúas á pendente inferior ó castelo.

De todas maneiras, o seu emprazamento preto de recursos de auga era común, tamén pola súas actividades profesionais artesanais, que debían atoparse a



Figura 61. Canella en Quintanela. Fonte: Autoría propia (2020).



Figura 62. Interior da suposta sinagoga da Graña. Fonte: Autoría propia (2020).



Figura 63. Inscrición na lumieira da suposta sinagoga da Graña. Fonte: Autoría propia (2020).

cincuenta *codos* da cidade segundo os textos sagrados (Espinosa Villegas, 1993).

Xeralmente, os seus comercios e obradoiros situaríanse na planta terrea da casa-vivenda, como acontece en Ribadavia. Por outra parte, as tendas adoitaban situarse nas rúas denominadas como Rúa Nova, vía que se correspondería, polo xeral, coa rúa principal onde se asentarían as familias xudías.

É primordial ter en conta que o **barrio xudeu**, non se trata dunha estrutura inmutable, se non que se adaptará ós cambios dos seus habitantes. Aínda así, nas xuderías españolas advírtense un protagonismo de canellas e recunchos. A alta presión demográfica levou á formación de irregularidades nas vías, e a creación de calellos sen saída deu como resultado mazás cerradas con interiores abertos.

Nos poucos vestixios xudeus que quedan nas vilas e cidades galegas, distínguese naquelas zonas ocupadas por eles, unha configuración con rúas máis estreitas e con escaleiras abruptas. Cabe destacar os casos de accesos a barrios xudeus, que semellan a entrada a unha casa, pretendendo pasar desapercibidos. Por outra parte, existe unha disposición aleatoria dos ocos nas fachadas de diversas edificacións, desembocando nunha percepción máis **asimétrica** das mesmas, feito que se repite nos lugares analizados.

Dentro deste tecido urbano, ergueríanse varias edificacións destacables: a sinagoga, o cemiterio e o Tribunal. Este último podía posuír un espazo propio ou, pola contra, estar inseridas as súas funcións, por exemplo, na sinagoga. En Galiza só se coñece a súa existencia en Ourense, pero non se sabe se tería unha edificación propia e tampouco onde se instalaría.

A **sinagoga** sería o centro neurálxico das xuderías da península e entorno á cal, xunto coas vivendas das autoridades, coma a do Rabino que se erguía á par dela, artellarían a distribución urbana das mesmas. Situaríase polo tanto, na rúa principal do barrio xudeu, que polo xeral adquiriría a toponimia de Rúa Nova.

Sería común que as sinagogas construídas na Península, exceptuando aquelas das xuderías de maior extensión coma a de Toledo, tiveran unha aparencia máis sinxela. No caso de Galiza daríase este feito tamén, podendo definirse máis correctamente como **casas de culto** de pequenas dimensións, que non destacarían dentro do conxunto de edificacións das vilas e cidades. A súa disposición nos baixos dalgunha casa tería como finalidade principal a oración.

En canto ós **cemiterios**, a súa referencia daría lugar a propoñer a existencia de comunidades dunha gran importancia ou incluso tamaño. A disposición deste terreo debía seguir varios preceptos recollidos nos textos sagrados, como son estar situado fóra do núcleo urbano, sobre terreo virxe e alto, preto dunha

corrente de auga e cercado. Cabe destacar, alén dos analizados, o cemiterio de Monterrei que estaría situado, tendo en conta as referencias da documentación (Antonio Rubio, 2010), debaixo do actual Parador de Turismo.

Dentro deste contexto, existe na tradición oral do lugar de Leiro, divulgada pola investigadora Celsa González Hermida, que existen varias pedras dispostas en fila no medio do camiño, baixo as cales estaban supostamente enterrados xudeus, ás que a xente do lugar adoitaba cuspirlle ó pasar. Ditos vestixios, interpretados como lápidas, posuían unha ou varias cruces gravadas. Poderíase reafirmar esa posible pertenza á comunidade xudía, posto que si se analiza a disposición das tumbas, coincide co que describe Eiroa Rodríguez (2018) nas súas investigacións arqueolóxicas, nas que os corpos se colocan dispostos de Oeste a Leste, estando os pes ca ou sur-leste. O que si deixa claro esta costume popular, son as continuas historias de escarnio elaboradas entorno á figura do xudeu creada pola mente cristiá.



Figura 64. Suposto cemiterio hebreo segundo tradición oral, na Oliveira en Ribadavia. Fonte: Autoría propia (2021).

En canto á **casa da Inquisición**, as presentadas nas fichas urbanísticas corresponden a aquelas inseridas nun entorno urbano. No transcurso desta investigación, chegaron a coñecerse e situarse outras en núcleos rurais como son en Monterrei, Arnoia, Gomariz, Leiro e Videferre, sendo esta última a única da que se atopou documentación. A implantación destas edificacións e con elas do Santo Oficio, pode dar a interpretar que existía unha actividade xudaizante bastante ampla que era preciso paliar. Relacionado con este feito pode estar o desprazamento, previo á expulsión, que moitos conversos realizaron cara o rural fuxindo dunha represión e persecución intensa nas vilas e cidades.



Figura 65. Detalle da lápida en Leiro. Fonte: Autoría propia (2020).

Por último, dentro da análise urbana realizada, a simboloxía que aínda perdura é escasa por estar inserida nun entorno urbano polo xeral moi modificado co paso dos séculos. A súa similitude coa analizada nas zonas rurais, fai que se conclúa sobre ela na sistematización da análise arquitectónica.



Figura 67. Porta da Inquisición en Corzáns, Salvaterra de Miño. Fonte: Autoría propia (2020).



Figura 66. Lápidas en Leiro. Fonte: Autoría propia (2020).

6.2 Sistematización da análise arquitectónica

Diversos autores coinciden na imposibilidade de poder diferenciar entre a tipoloxía de vivenda dun xudeu e dun cristián, baseándose sempre nunhas perspectivas arqueolóxicas e históricas, pero non arquitectónicas. Esta investigación está abordada dende dita perspectiva e busca poder debater esa afirmación. A desaparición da distribución orixinal de moitas das edificacións de xudeu-conversos, fai dificultosa a tarefa de contrastar dita hipótese. En detrimento desta organización espacial, tivéronse en conta as singularidades atopadas nas edificacións relacionadas cun suposto pasado xudeu-converso.

Dende un punto de vista do **emprazamento** e tendo en conta, ademais dos casos rurais analizados, os visitados e observados, permiten afirmar que se percibe unha tendencia a situarse fóra das murallas en caso de existir, como ocorre no lugar de Vilanova dos Infantes, así como tamén a situarse apartados dos núcleos centrais dos lugares, preferencia oposta ó que ocorreu nos barrios xudeus urbanos analizados previamente, que sempre intentaban implantarse ó abrigo da catedral, muralla ou outros centros de poder da sociedade cristián.



Figura 68. Entrada por canella a casas en Coruxal. Fonte: Autoría propia (2020).

É importante ter en conta neste sentido, que ambos emprazamentos se corresponden con dous momentos diferentes da historia, mentres que os asentamentos rurais corresponden a unha etapa de suposta conversión, os asentamentos urbanos relaciónanse cunha etapa na que aínda non estaban perseguidos, e vivían baixo a protección da monarquía.

No caso rural, vese reforzada esta idea de agocharse e pasar desapercibidos, para poder seguir practicando os seus ritos, polo acceso ás vivendas mediante patios pechados como no caso de Salón (ficha A10), e a través de canellas moi estreitas, como é o caso de Coruxal (investigado). De todas maneiras non se pode chegar a unha conclusión sobre si esta configuración era creada por eles ou ben habitaban as casas que xa estaban executadas, pero que reunían as características que buscaban. O máis probable é que tenderan a esta última opción, posto que non dispuñan de tempo para a execución das súas novas vivendas.



Figura 69. Tipoloxía sinxela dun andar na Graña. Fonte: Autoría propia (2020).

Polo que se refire á **tipoloxía** dos casos analizados, así como doutros observados, pódese afirmar que, na maior parte, trátase de construcións moi sinxelas e que non difiren da arquitectura vernácula galega. Existen algúns casos, como Laxoso (ficha A2), nos que a volumetría se presenta máis complexa, que debía variar en función do poder adquisitivo do propietario. Característica que coincide tamén coa tipoloxía da casas-vivenda xordana dos máis acomodados, formando parte dun conxunto volumétrico máis grande e dentro dun mesmo recinto ou parcela.

A **casa-vivenda con sobrado** corresponde a outra **tipoloxía** estendida polo territorio galego e representada no *corpus* arquitectónico. Normalmente o sobrado estaría dedicado á vivenda e a parte terrea a corte. Esta categoría

alberga unha similitude coas casas máis humildes da arquitectura popular xordana, onde se abrían dous espazos separados por unha diferencia de nivel (Espina, 2014).

Predomina nos casos analizados a tipoloxía de **casa de dúas plantas**. En xudarías coma as de Porto ou Lisboa aparece tamén esta tipoloxía, servindo a planta baixa para obradoiros de artesáns ou establecementos, e a superior para vivenda.
No caso das edificacións rurais incorporadas a este estudo, a parte de abaixo soia estar dedicada á corte ou adega, agás nas zonas máis urbanas que se dedicaban a tenda ou oficio, como é o caso analizado de Monterrei (ficha A1).

As **características construtivas** destacan pola súa relación coas utilizadas na arquitectura vernácula galega. Esta afirmación é totalmente entendible tendo en conta que, polo xeral, a arquitectura vernácula ou popular dun lugar concreto basease no uso dos materiais, medios e técnicas construtivas que se atopan no entorno máis inmediato.

Muros: Atópase unha uniformidade tanto na construción como na materialidade dos muros, non diferindo da arquitectura vernácula galega e si da casa tradicional xordana.


Figura 70. Casa tipo de dous andares en Cima de Vila. Fonte: Autoría propia (2020).

Vans: Polo xeral os vans son escasos e de pequeno tamaño, colocados sen orde aparente e sen pretender nada máis que a busca da funcionalidade, coincidindo coa vivenda tradicional de Xordania e diferindo desta na existencia de dúas portas de entrada en lugar dunha. A escaseza de luz e pouca dimensión que buscaban o campesiño no abrigo interior das casas podería ser aproveitada polos xudeus para a realización dos seus ritos sen ser vistos.

En canto á **cuberta** e as **divisións interiores**, advírtese que tampouco difiren da arquitectura vernácula galega, empregando tramados de madeira e coberturas de tella ou laxes de granito ou xisto, pero sempre con cubertas inclinadas, diferindo así da xordana na que as coberturas eran executadas totalmente planas, e podendo concluír que estas formas deberíanse máis a criterios climatolóxicos que doutro tipo.

Organización espacial
Na maior parte dos casos percíbese que se dividen as funcións no interior da casa en canto a persoas e animais. En común parten tamén de escasas ou nulas divisións interiores.


Figura 71. Patio da edificación en Laxoso. Fonte: Autoría propia (2020).

O **patio** aparece como un espazo moi importante na cultura xudía, tratándose dunha comunidade de familiaridade e unión, feito que se reflicte tamén na súa organización espacial mediante este elemento. Empregábase como área para a realización de actividades ó aire libre na casa tradicional do Val de Xordania, aparecendo representado como o corazón da casa na vivenda do mediterráneo. Reflexa unha conexión que se pode ver presente nas grandes

xudarías de Portugal, coma a de Lisboa, e noutras de España coma a de Toledo, servindo como punto de comunicación entre diversas vivendas, feito representado nun dos puntos xeográficos observados como é Salón (ficha A10).

No caso das casas populares xordanas dos máis acomodados, o patio correspondíase cun elemento central dunha agrupación de varios anexos. Dito espazo vese representado en construcións de Cabanelas, en Lebosende e en Laxoso (ficha A2). En varios dos obxectos de estudo, atópase unha eira privativa en substitución dos patios e que podería ter tamén esa mesma función.



Figura 72. Casa tipo de dous andares con tenda na parte inferior de familia xudeu-portuguesa en Bousés, Oimbra. Fonte: Autoría propia

As **terrazas** son espazos moi importantes na vida da comunidade hebrea. O seu uso está relacionado coa celebración da festividade do *Sukkôt*, na que o xudeu debería privarse de durmir baixo teito. No caso galego, o espazo ó aire libre proporcionado polos **balcóns** podería permitir esta función, na ficha A3 de Barcia móstrase este elemento como o único espazo exterior da vivenda. Nas xuderías urbanas coma a de Lisboa, o balcón posibilitaba, ademais, a conexión entre diversas primeiras plantas de edificacións.

En canto ó **soto** ou a cova, e sendo este un elemento imprescindible na vivenda mediterránea que aparece con frecuencia nas xudarías peninsulares, destaca a escasa presencia do mesmo nas vivendas analizadas e inspeccionadas.
No caso de Laxoso (ficha A2) aparece como cova anexa á parcela e que supostamente servía para gardar o viño. En Monforte a suposta sinagoga ou baño tamén aparece escavada no terreo da parecela.
Como soto atópase en Vilanova dos Infantes por debaixo da vivenda, existindo a hipótese de que tamén sería para gardar viño ou ben podería ser utilizado como sinagoga, e en Ribadavia, máis concretamente nunha edificación situada na rúa principal da xudaría, ó que se accede a través dunha trampa de madeira que se sitúa no piso da tenda e que segundo os actuais propietarios servía para esconder o sal.
Poderíase facer mención **ós lagares**, que a pesar de non facer parte de elementos que se distinguen na arquitectura tradicional xudaica, son elementos esencias da mesma, xa que eran necesarios para a elaboración do seu viño *kasher,* e que se repiten en varios dos casos analizados, como son Codesás (ficha A4), Quintanela (ficha A12) e Laxoso (ficha A2).

En canto ás **características da arquitectura xudaica** de acordo ao que propoñen Espinosa Villegas (1993) e Afonso (2008), si existirían uns trazos representativos da mesma. Aínda que se trata dunha teoría moi atractiva e sustentada por autores de prestixio intelectual na área da arquitectura, hai que asumilas con certa relatividade debido á escaseza de referencias bibliográficas atopadas que a inclúen e tamén pola falta de desenvolvemento da mesma noutros estudos; quizais pola novidade ou orixinalidade desta visión.

Podemos atopar que a sobriedade e sinxeleza exterior mencionada por Espinosa Villegas (1993), móstrase tamén nas edificacións escollidas para o estudo, pero establécese que non son trazos que permitan unha diferenza clara coa arquitectura vernácula galega. Ademais, a falta de asimetría e axialidade, elementos remarcados por Afonso (2008) como mensaxe da cultura xudaica, tamén se repiten en numerosas ocasións no resto da arquitectura popular. De todas maneiras, será discutible se ditas características arquitectónicas xorden soamente por unha concepción xudaica, e non influenciadas polo entorno e o contexto.

Obsérvase que nas entradas localizaban os poucos elementos ou símbolos claramente recoñecibles como xudeus, contradicindo a ese desexo de pasar desapercibidos. Tamén é destacable á sobriedade xeral e á ausencia de elementos decorativos, sendo esta contradición consecuencia da grande importancia que tiñan estes elementos para eles. Pódese resaltar, que a pesar da relevancia que lle dan á entrada, a contención buscada fai que este elemento non teña repercusión na organización dos espazos e ocos (como sería, por exemplo, mediante xerarquía, aliñamentos con ela ou simetrías).



Figura 73. Lacena en parede orientada ó leste en Cabanelas. Fonte: Autoría propia (2019).

Elementos arquitectónicos singulares

- **Lacena** ou **armario sagrado** ou ***Hejal***.

O descubrimento en diferentes localizacións portuguesas de varios nichos de pedra embutidos nas paredes e interpretados como armarios da liturxia xudía, levou á súa recompilación (Magro, 2011), que serviu de base teórica para o descuberto nesta investigación, na que foron achados e analizados tres. Debido a súa situación cara o Leste, e as súas características decorativas, levan a interpretalos como posibles lacenas ou armarios sagrados (*Hejal*). Estes son visualizados nas fichas de Laxoso (ficha A2), Pazos (ficha A11) e Salón (ficha A10). Non se pode asegurar que se traten de armarios sagrados, pero si se parte da base de que se atopan en lugares onde posiblemente se asentaran familias xudias, de que están en edificacións que amosan outra simboloxía aquí tamén representada, e que ademais da forma e orientación que posúen moi similar os atopados en Portugal, da lugar a que sexan recollidos e analizados.



Figura 74. Arco conopial nunha edificación sita en Cabanelas. Autoría propia (2019).

- **Conexión entre edificacións** mediante portas**,** presentes no caso de Barcia (ficha A3) e Ordelles 2 (ficha A8). Na actualidade están tapiadas aínda que se segue apreciando o oco feito no muro e que permitiría, supostamente, escapar ou agocharse en caso de persecución, tal e como acontecía en xudarías da Península.

- A situación de **arcos conopiais** relaciónase coa caracterización de lumieiras de estilo manuelino. Esta influencia arquitectónica que chegou a Galiza entre os séculos XV e XVI, supostamente xorde da relación que os canteiros galegos posuían co desenvolvemento do seu traballo en Portugal, durante o reinado de Manuel I, impulsor da mencionada corrente arquitectónica.



Figura 75. Arco conopial nunha edificación en Cabanelas. Fonte: Autoría propia (2019).



Figura 76. Capitel decorado en Lebosende. Fonte: Autoría propia (2019).



Figura 77. Capitel dun cruceiro decorado semellando unha palmeira, na Oliveira en Ribadavia. Fonte: Autoría propia (2021).

A aparición destas lumieiras en lugares remotos da xeografía galega, afastados de calquera núcleo no que puidera existir unha arquitectura culta, reforza a hipótese proposta por Fonseca Moretón (2004) sobre a conexión deste feito co regreso a Galiza de conversos portugueses, expulsados de Portugal, e que se ve materializado na aparición de arcos conopiais nas casas de xudeu-conversos no país lusitano.

Durante o transcurso desta investigación, este tipo de arcos apareceran reiteradamente en vivendas relacionadas con xudeu-conversos. Este é o caso, por exemplo en Tui (ficha U7), onde aparecen acompañados de cruces, así como en Allariz (ficha U1) ou Cabanelas (investigado).

- **Conducións de auga** ata as vivendas, que se atopan instaladas en tres casos: Cabanelas (investigado), A Coruña (ficha U4) e Laxoso (ficha A2). É sabido que a auga é un elemento moi importante para a cultura xudaica e a súa presenza foi visible xa en grandes xuderías da Península, nas que moitas das vivendas albergaban un pozo.

- **Outros** elementos arquitectónicos singulares que supostamente non están relacionados coa arquitectura xudaica:

  - **Parladoiros**. Dignos de mención por aparecer repetidamente nas edificacións analizadas. Estes elementos non son propios dunha arquitectura xudaica, mais son comúns a varias das edificacións analizadas e colocadas en case todos eles na orientación Norte.
  - **Cheminea**. Aparece no caso de Monterrei (ficha A1). Na arquitectura vernácula de Galicia, nas casas máis humildes, sería un compoñente substituído pola lareira. Este feito pode relacionarse coa casa popular xordana presentada con anterioridade no (2.3.3) contexto arquitectónico, onde se situaba un braseiro no centro da habitación.

Facer un breve inciso sobre a **decoración** que se atopou nesta investigación, destacando-se os capiteis ornamentados con motivos naturais nos soportais do barrio xudeu de Ribadavia e, moi preto desta, unha decoración moi similar nos capiteis sitos no pazo dos Candendo en Lebosende, na casa dunha familia supostamente conversa. Esta descuberta foi realizada polo profesor e investigador Eduardo González Filgueira, quen comenta que se dedicaban a administrar as rendas dos Condes de Ribadavia**.** Establécese aquí unha potencial conexión entre estes elementos achados e a caracterización da arquitectura con trazos da cultura hebrea, estudada por Espinosa Villegas (1995).

Aquela arquitectura que pode albergar ditos trazos, dentro dun contexto peninsular, exterioriza características do clasicismo pero sendo este reinterpretado, tal e como afirmaba Espinosa Villegas (1995). Como resultado

desa perspectiva diferente realízase, entre outras, unha decoración de trazos naturalistas. (fotos).

Simboloxía

Unha gran aportación ó corpo de simboloxía recollido ven por parte de **gravados** que se atoparon de maneira continua no desenvolvemento desta investigación. Varios deles foron rastrexados en puntos nos que xa se coñecía a existencia dunha comunidade xudía como poden ser Allariz (ficha U1), ou Tui (ficha U7), e recollido no traballo de só un autor anterior: Fonseca Moretón (2004). Outros estudos chegados dende o país veciño, Portugal, da man de autores como Afonso (2008) ou Martinho & Domingos (2018) permitiron tamén crear unha ampla catalogación de referencias, ás que acudir nunha necesidade de explicar toda a simboloxía atopada, así como elementos arquitectónicos singulares.



Figura 78. Cruz inserida no sitio correspondente á Mezuzah en Cima de Vila. Fonte: Autoría propia (2019).

Os **gravados cruciformes** estudados, referidos como cruces, **sitúanse** nas xambas das portas así como fachadas. Da súa colocación destaca que a maioría faino no interior da xamba dereita da porta, característica que determinaría esa relación con vivendas de xudeu-conversos, posto que nesta zona estaría inserida a *Mezuzah* nas vivendas xudías. É por isto que o encontro de cruces nesta parte concreta, reforza a conexión da edificación cun pasado xudaico.

Polo xeral están pouco escavadas na pedra, o cal dificulta a súa fotografía e consecuentemente tamén a representación das súas formas con recursos dixitais. As súas formas son sinxelas, podendo atopalas sobre bases redondeadas e triangulares, así como con topes nas súas extremidades, tanto nos brazos coma no tronco. A representación dese tronco é sempre bastante recto e perpendicular, podendo diferenciar claramente que non se trata dunha obra de cantería, pero si que se inverteu tempo na súa realización.



Figura 79. Gravados na lumieira dunha vivenda en Lucenza. Fonte: Autoría propia (2019).

Outras situacións tamén destacables son ó redor das portas, en partes como lumieiras, xambas esquerdas e partes da fachada próximas á mesma. Estaríase entón ante unha posible exteriorización das crenzas dos moradores da vivenda. Existen autores como Cruz Sánchez (2014), que caracterizan este acto como o resultado dunha fe exacerbada, marcada pola vivencia nunha sociedade medieval cun catolicismo acérrimo na que se precisaba mostrar publicamente ese crenza. Tendo como referencia o exposto por Fonseca Moretón (2004), considérase pouco coherente que un cristián vello precisara de mostrar de maneira tan repetitiva a súa fe, posto que, no caso de ser cristián sería practicante e todos os veciños serían testemuñas disto. Tendo en conta que a Inquisición forzaba ós veciños a delatar ós conversos ou xudaizantes, considérase obvia a necesitade destes, así como dos cristiáns novos, de presentarse como adeptos do cristianismo, rexeitando todo pasado familiar e relixioso relacionado co Xudaísmo.



Figura 80. Estrela de David na fachada dunha vivenda en Lebosende. Fonte: Autoría propia (2019).

O encontro sistemático de simboloxía cruciforme, gravada nas diferentes edificacións atopadas no transcurso desta investigación non se considera fortuíto. Tanto as que pertencen ó *corpus* concretado, como as que non foron englobadas no mesmo pero axudan a reforzar dita afirmación. Así, coa aportación deste traballo, apoiado polo dos autores previamente mencionados e ós que se acudiu durante o desenvolvemento desta investigación, existe unha posible conexión directa entre os xudeus-conversos e o establecemento destes símbolos nas xambas, lumieiras ou fachada principal. Polo tanto, tampouco se cre casual a relación directa que parece disporse entre a existencia de comunidades xudía-conversas e a disposición de cruces nas súas hipotéticas vivendas, e que aparecen contrastadas noutras partes da Península Ibérica.

Moitas destas cruces aparecen conxuntamente con outra simboloxía como pode ser a **Estrela de David,** no entorno de edificacións analizadas por exemplo en Quintanela (ficha A12), Lebosende (investigado) e Pazos de Arenteiro (investigado). No caso de Marín (ficha A13) aparece situada na mesma edificación e ó lado das cruces. É común a asociación feita entre esta representación e a comunidade xudía. Tamén aparece o **Selo do Salomón** en varias edificacións de Salón, sempre na lumieira da porta de entrada.



Figura 81. Selo do Salomón gravado na lumieira dunha vivenda en Salón. Fonte: Autoría propia (2020).



Figura 82. Selo de Salomón, con inscrición e cruz de converso nunha antiga lumieira dunha vivenda en Salón. Fonte: Autoría propia (2020).

Son destacables tamén gravados que se supoñen de estilo ***Menorah*****,** pola súa formación en sete brazos e relacionados con outros recollidos por autores coma Martihno & Domingos (2018) no Concello de Seia. Neste caso, tres foron recompilados e analizados en profundidade na presente *dissertação*.
Resulta curiosa a cara que aparece gravada en Lucenza preto da raia con Portugal, asociada tamén ás cruces e sita na lumieira da porta. Segundo Marcos Rodríguez, técnico municipal de Oímbra, no lugar de Bouses, moi cerca de Lucenza (ficha A9), aínda existe unha edificación de xudeus portugueses que tiña unhas caretas diabólicas gravadas, pero que actualmente desapareceron seguramente ó modificar as portas da fachada. No interior destaca-se a presenza dun pozo de auga, e un pombal que actualmente tamén está desaparecido.



Figura 83. Gravado tipo Menorah en Fechas. Fonte: Autoría propia (2020).

Os **rebaixes pulidos nas xambas das portas** foron encontrados de maneira sistemática durante a realización desta investigación, tanto nalgún dos casos obxecto de estudo, coma en diversas edificacións observadas, tanto no mesmo territorio que estas, como noutras vilas e aldeas diferentes. Cabe actuar de maneira rigorosa neste terreo e abordar diversas hipóteses con respecto á natureza destes pulidos. Existe a posibilidade innegable de que estas marcas sexan froito de usar a pedra como afiadoira, sobre todo tendo en conta o contexto rural no que se implantan moitas das edificacións observadas. Mais, tamén é necesario relacionar este feito cos rebaixes pulidos que aparecen nas portas das murallas medievais en lugares da Península coma Melgaço ou Ribadavia. Neste sentido, Fonseca Moretón (2004) establecía as bases do que se considera unha acertada posibilidade, nas casas dos séculos XVI e XVII, como é o caso do presente estudo. O cúmulo de características cando menos curiosas, como o seu establecemento no lugar xusto no que debía ir a *Mezuzah*, levan a este arquitecto a propoñer que se tratan de rebaixes por afiados rituais. Mediante este procedemento, afiábanse os instrumentos para matar o animal e poder consumir carne *Kasher*, e por outra parte, establecíase unha zona, que correspondería á *Mezuzah* e cuxo tacto suave pola superficie pulida, permitiría tocala e bicala ó entrar na súa morada, como ordenan o seus textos sagrados. Ademais, é tamén destacable que este afiado se realizara nas xambas da porta principal, e non nun lugar menos visible, e onde non danase a aparencia da fachada da casa. Tendo en conta as características das edificacións analizadas así como, cunha visión xeral do atopado por Galiza con respecto a estes rebaixe, acéptase dita hipótese e apórtanse recursos para apoiala. (fotos)



Figura 84. Rebaixe pulido na xamba lateral dereita da entrada a un patio en Pazos de Arenteiro. Fonte: Autoría propia (2020).

En canto as **peanas**, encontráronse sempre ó lado de portas ou ventás, no primeiro andar e tamén na planta baixa, en edificacións de Vilanova dos Infantes, Lucenza, Oimbra, Codesás e Val do Avia. As que aparecen na planta baixa, poderían identificarse tamén con pousadoiros, porque se sitúan na entrada da adega e poderían servir para deixar a carga. As das plantas altas, como as que se atoparon en lugares investigados como a de Cabanelas, aparece no lado esquerdo da ventá, mentres que en Oimbra e Lucenza aparecen a ambos lados, igual que ocorre coas de Valença e Castelo Rodrigo.



Figura 85. Peana no lateral esquerdo do van no primeiro andar en Cabanelas. Fonte: Autoría propia (2019).



Figura 86. Nicho na fachada dunha vivenda en Vilanova dos Infantes. Fonte: Autoría propia (2019).

Os **nichos**, atopáronse tamén en varias edificacións de Tui (ficha U7), Ares, Vilanova dos Infantes, Val do Avia, en zonas de supostos asentamentos ou casas de xudeu-conversos. Fonseca Moretón (2004) relaciona a situación destes, nos que se colocarían imaxes de santos, na parte esquerda das ventas, como substitución das peanas, e que puideron ter sido construídos por cristiáns novos en zonas como Valença. Por último é importante abordar a ***Mezuzah***, xa que a día de hoxe non hai ningunha referencia recollida sobre a existencia dalgún vestixio en Galiza. No transcurso desta investigación, atopouse soamente unha marca no lugar de Pazos de Arenteiro (ficha A11) que podería identificarse como a pegada que deixa a mesma cando se insire na pedra, tanto pola forma e dimensións, como pola altura e situación na parede. Ademais, nesa mesma edificación aparecen cruces gravadas e unha lacena orientada ó leste e que foi analizada nas fichas arquitectónicas. Considérase que esta marca debe ser analizada por expertos arqueólogos, a fin de determinar si se podería tratar efectivamente da pegada que deixa a ***Mezuzah*** (aportar fotos de outros lugares similares a esta).



Figura 87. Portas con lumieira manuelina, rebaixes pulidos e cruz de converso en Campo Lameiro, Pontevedra. Fonte: Autoría propia (2020).



CAPÍTULO 7

CAPÍTULO 7. CONSIDERACIÓNS FINAIS

7.1 Consideracións xerais

Este estudo intenta representar unha ampla **aportación** para o coñecemento, xa que se trata dunha investigación de campo, dunha investigación histórica, dunha análise arquitectónica e dunha análise urbanística, así como un levantamento das edificacións que posúen trazos diferenciais, elementos arquitectónicos singulares ou simboloxía relacionada cos falsos conversos.

A formulación inicial desta *dissertação* esta baseada nun pilar fundamental que é a colleita de datos, investigación de campo, a catalogación e a chamada de atención para a valorización de patrimonio en perigo de desaparecer. Debe referirse tamén, a contribución para a memoria xudía galega, e posta en valor da mesma, así como dos vestixios físicos que conseguiron sobrevivir ó paso do tempo e á intervención humana.

Como **limitacións da investigación** é necesario comezar puntualizando que esta *dissertação* foi realizada nun período de tempo limitado o que implica tamén que a indagación no terreo desenvolveuse durante un determinado espazo temporal, desenrolada ademais na situación que supuxo a pandemia e o consecuente confinamento pola covid-19. Ademais disto, a *dissertação* para o *mestrado* foi realizada durante un tempo coartado, condicionante que tamén delimitou o período de investigación e a actuación para a conformación do presente traballo.

As principais dificultades á hora de desenvolver este estudo foron de índole teórica, pero tamén práctica. Nas cuestións teóricas é destacable a escaseza así como dispersión de documentación en canto ás comunidades xudías no territorio galego, que reduce a bibliografía á que acudir nunha busca de emprazar os asentamentos e de xustificar tanto a simboloxía como os elementos arquitectónicos singulares atopados. Este feito, é medianamente aplacado grazas á relación de Galiza e Portugal na historia, e tamén ás conexións das comunidades xudías e xudeu-conversas, e que fai remitir ós estudos realizados no país veciño, tanto para coñecer as dinámicas sociais dos xudeus como minoría, como as marcas que quedaron en aldeas e vivendas habitadas por eles.

En canto á cuestión práctica, un problema que determinou en gran medida o desenvolvemento da metodoloxía proposta, foi a falta de vestixios físicos analizados, así como a destrución dunha gran parte de aqueles. Polo tanto, a busca e catalogación destes elementos pasa a ser ardua tarefa ó precisar un traballo de campo moi minucioso así como disperso por todo o territorio galego.

Figura 88. (Páx. 216) Cova de San Vivián, hipotética sinagoga en Vilanova dos Infantes. Fonte: Autoría propia (2019).

Ademais do profundo traballo de campo realizado e das entrevistas conseguidas durante dito proceso, pódese afirmar neste estudo que a consecución de información sobre xudeu-conversos, ou a relación destes con simboloxía atopada en diversos lugares, foi difícil pola reticencia das súas xentes a falar sobre temas que designarían en moitas ocasións como "bruxería". Aínda que poida parecer o antisemitismo unha realidade distante, o rexeitamento á comunidade hebrea segue permanecendo no ideario colectivo galego, moitas veces de maneira subconsciente.

Por outra parte, o método de análise comparativa a nivel arquitectónico, no contexto no que nos atopamos, está supeditado a unha escasa distinción no entorno. Quitando a simboloxía e algún elemento arquitectónico singular, sería moi difícil a diferenciación dunha edificación xudía ou xudeu-conversa, dunha edificación tradicional galega.

Levouse a cabo unha revisión exhaustiva da literatura existente, dende a documentación da época medieval analizada por diversos autores e autoras, ata as aportacións e teorías máis recentes. Dita revisión, coa súa consecuente selección da literatura e síntese da mesma, permite crear un camiño histórico-urbanístico-arquitectónico que posteriormente serve de base para a análise.

Toda a información e datos recollidos nestes dous ámbitos de estudo, tanto a nivel urbano como a nivel arquitectónico, e a súa interpretación levan a conformar:

- Unha representación cartográfica dos hipotéticos asentamentos documentados das comunidades xudías galegas en diversos lugares como son: Allariz, Ribadavia, Ourense, A Coruña, Betanzos, Monforte, Tui, Pontevedra, Santiago de Compostela e Mondoñedo. Faise ademais unha comparativa entre estes asentamentos e conclúese sobre a súa configuración urbana, dando lugar a unha ampla visión dos mesmos.
- Un *corpus* de 15 edificacións que presentan elementos arquitectónicos singulares e simboloxía de connotacións xudeu-conversas. Así mesmo, unha análise comparativa entre elas leva a definir unha serie de características concretas.

O **aportado** nesta investigación, non foi só resultado do coñecemento propio, o cal se foi configurando e expandindo durante o proceso de realización deste estudo, senón que foi tamén o aprendido no propio recorrido da investigación científica, o que permitiu estruturar mellor os resultados da análise.

Por outra parte, cabe destacar que probablemente sería imposible desenvolver esta investigación sen as entrevistas realizadas, posto que as evidencias físicas, en moitas ocasións, non eran suficientes para establecer conexións. Neste senso, as fontes de información non escritas, aportaron un coñecemento que, cruzado coas evidencias encontradas e coas publicacións analizadas, permitiu

o acceso a diferentes lugares e edificacións descoñecidos, así como a respostas e conclusións máis sólidas.

Estas aportacións da presente *dissertação* posúen **implicacións** en dúas ramas como son a académica e a social.

- Academicamente constitúe unha aportación ó ámbito de estudo, pasando a ser un estudo máis ó que acudir en calquera outra investigación de temática similar, mais tamén representa un plan metodolóxico interesante e que se pode seguir para aumentar dito *corpus* de edificacións analizadas.
- A nivel social significa unha chamada de atención á existencia de vivendas con trazos singulares asociados á arquitectura xudaica, dispostos en asentamentos rurais e urbanos, indo máis alá das clásicas xuderías galegas e núcleos de poboación tanto medianos como grandes. Por outra parte, implica unha aportación a incorporar ó patrimonio arquitectónico galego; coa recolla (identificación e catalogación) de ditas edificacións e simboloxía.

Neste sentido, e nunha tentativa de por en valor todo este patrimonio xudeu en Galiza, crese convinte definir unhas recomendacións xerais orientadas a mellorar e manter ditos vestixios, que corren o risco de desaparecer.

- A catalogación e consecuente protección non só das edificacións se non tamén da simboloxía atopada nelas.
- Realización e colocación de sinais nas rutas xudías para a súa posta en valor.
- Actividades de divulgación clara, rigorosa e informativa. Por querer facer máis grande o turismo, non se pode negar a realidade ou inventar.
- Reconstrución virtual dalgún asentamento.
- Determinar as coordenadas da simboloxía que permita encontralas, elaborando tamén un pequeno manuscrito.

7.2 Consideracións específicas

Tendo en conta que os obxectivos abordados para a súa consecución mediante esta *dissertação* foron os seguintes:

1. Identificar e caracterizar a forma particular dos asentamentos xudeu-conversos en Galiza.
2. Distinguir os elementos arquitectónicos na casa xudeu-conversa en Galiza.

Acéptase de maneira xeral, que se conseguiron ambos obxectivos pero que a resposta non é completa, mais si se logrou a súa concreción parcial e procédese, polo tanto, a pormenorizar as respostas obtidas para ambos.

En canto ó **primeiro obxectivo**, non se puido identificar unha forma urbana e estrutura particular como tal, debido á falta de vestixios identificábeis dentro da trama medieval. Pola contra, si que se consegue identificar e caracterizar a forma particular dos asentamentos, así como definir uns padróns urbanos comúns ós dez lugares analizados.

Por unha parte comprobouse que nos diversos asentamentos, tanto os estudados como os investigados, existiu historicamente unha tendencia da poboación xudía a concentrarse nun tramo concreto da cidade, dando lugar á creación de barrios xudeus. Máis exactamente, defínese que na maioría destes asentamentos, a comunidade xudía concentrábase unha rúa principal de cada vila ou cidade. Ponse de relevo tamén, a busca dunha localización dentro das murallas, preto das mesmas e das súas portas. Nun proceso de velar pola súa seguridade, como minoría social, inseríanse na contorna dos centro de poder. Estando, por exemplo, en Ribadavia preto do castelo e da casa dos Sarmiento, Condes da vila.

Non foi posible realizar unha comparativa coas demais xuderías da Península Ibérica, debido á diferenza de características derivada da pouca extensión dos asentamentos galegos. Isto desembocou en que, a pesar de tomar como referencia as características da trama urbana que existía nas grandes xuderías do espazo Ibérico, non se atoparan aquí esas configuracións nas mesmas dimensións.

É destacable que en cada vila e cidade galega visitada e analizar durante a realización desta investigación, aquela zona coñecida, popularmente ou documentalmente, como o barrio xudeu do lugar, albergaba un tramo urbano, por pequeno que fora. A grande compactación urbana, con trazados orgánicos formados por canellas estreitas e angostas, de escaleiras abruptas e dunha configuración de vías sinuosas, a recusa da malla ortogonal e a adaptación á morfoloxía do terreo, definirían estas zonas. Estas características, suxiren a presenza ou influenza do xudaísmo no urbanismo, pero terían gran similitude co resto do tecido medieval. Agás as entradas a certos barrios, que parecían pretender pasar desapercibidas con aparencia de entrada a espazos privados, e que no seu interior albergaban vivendas contiguas e de poucas dimensións.

A perda do efecto da perspectiva nas rúas, por non existir eixos, simetrías, ou ritmos regulares, ademais da ondulación das fachadas, e da disposición aleatoria dos vans nas fachadas, serán características que reforzan a presenza do xudaísmo nas proxeccións das vilas e cidades galegas percorridas.

Nun primeiro momento, co planteamento inicial desta investigación, críase posible a clara diferenciación dos asentamentos xudeus dentro da trama urbana, entendendo que as súas crenzas relixiosas e a súa cultura, serían condicionantes por encima de calquera contexto de censura, e, polo tanto, definirían a configuración dos seus asentamentos. Neste sentido, rebateuse ó comezo da *dissertação* a autores coma Eiroa Rodríguez (2016), o cal afirmaba

que o único elemento que permitiría diferenciar a xudería no tramado urbano, serían edificios singulares propios coma a sinagoga. Tras realizar a investigación, estableceuse, efectivamente, a dificultade para designar unha estrutura particular xudeu-conversa.

Polo que se refire ó **segundo obxectivo**, foi posible distinguir os elementos arquitectónicos relacionados coa casa xudeu-conversa, mais definir a estrutura particular da mesma non se conseguiu por completo. De novo, a falta de vestixios e mala ou nula conservación do patrimonio xudeu non permite facer unha caracterización tan xeral e aplicable a unha arquitectura propia dos asentamentos xudeu-conversos galegos. Si se pode afirmar que se observa nas edificacións da arquitectura civil a tendencia a recusar ás leis da asimetría, tanto nos alzados coma nas plantas. Nestas últimas, obsérvanse formas que prevalecen as formas irregulares e preferencia polas trapezoidais. En canto ás fachadas, prevalecendo os desaliñamentos e a falta de equidade nas proxección das dimensións dos vans, marcado ás veces pola inserción tímida dalgún elemento decorativo, como poden ser un arco conopial illado na lumieira nun dos vans, ou a simboloxía a redor dun diferenciándoo dos demais. Todas estas últimas características diféreancianse do clasicismo, onde predomina a forma regular nas plantas, o aliñamento na composición dos vans da fachada etc.

En canto á organización espacial, e segundo os poucos recursos existentes e tendo en conta a elementariedade de case todos os casos que se atoparon, si se pode afirmar que predomina unha actitude na configuración do espazo e na disposición dos seus elementos que pode explicarse dende unha perspectiva xudía máis pragmática en tanto que non están sometidos a xeometrías ríxidas e ordenadas. Estes casos analizados ou investigados, difiren doutras arquitecturas vernáculas nas mesmas zonas onde si existen edificacións que adoitan o linguaxe clásico.

Exponse a cuestión de que levou a esta arquitectura sen arquitectos, a preferir proxectar a súa vivenda seguindo pautas ou referencias clasicistas, ou pola contra, decantarse por certa despreocupación. Posiblemente ás razóns foran máis ben de orixe práctica en consonancia coa súa mentalidade.

Tamén, por outra banda, existen edificacións nos mesmos lugares, que adoptan esa aparencia xudaica, e nas que non se atopa ningunha simboloxía nin elemento característico xudaico, que leve a pensar que é o resultado a unha adaptación ó terreo, como fai a arquitectura vernácula, que por unha concepción xudía do espazo. O que si está claro e todas as edificacións investigadas decántanse por esa tendencia á asimetría e a falta de axialidade.

Sendo a simboloxía a que singularizou a escolla das edificacións estudadas e investigadas, con gravado de cruces de converso nas xambas das portas, as Estrelas de David e Selos e Salomón, os gravados estilo *Menorah* e a *Mezuzah,* representan a gran aportación desta investigación.

Á consecuencia da escolla das edificacións segundo a súa simboloxía, xurdiu a descuberta de supostas lacenas inseridas no interior das vivendas, que poderían ser interpretadas como armarios de culto xudaico.

Ó comezo da investigación, críase posible unha definición da estrutura e espacialidade concreta da casa xudeu-conversa. Debido á imposibilidade de acceder a algunhas vivendas atopadas, así como o estado ruinoso doutras, non se puido concretar dita caracterización. De todas maneiras, segundo criterio da investigadora despois da realización deste extenso traballo, séguese crendo na existencia de diferenzas na espacialidade das vivendas xudeu-conversas, aceptando o discurso dun autor como é Espinosa Villegas (1993).

En conclusión, aínda que a consecución dos obxectivos non fora completa, cabe destacar a identificación de padróns urbanos comúns ós asentamentos xudaicos galegos, e a recompilación dun *corpus* de elementos arquitectónicos singulares e simboloxía, relacionados coa vivenda xudía ou xudeu-conversa.

É preciso mencionar que todo o aquí tratado abre as portas para **futuras liñas de investigación**.

Ademais da colecta de datos que se encontra nas fichas de análise urbana e arquitectónica, hai outro tipo de información que foi investigada pero non houbo oportunidade de realizar un tratamento pormenorizado dos seus datos e a súa respectiva sistematización, o cal ficará para outros autores e autoras, así como outras investigacións máis extensas como pode ser un doutoramento.

Afírmase a posibilidade de poder continuar coa actual liña, nunha valoración e catalogación do patrimonio xudeu presente no territorio galego, posto que estando o presente estudo nunha fase final de traballo de campo e documentación de símbolos e vestixios, séguense descubrindo elementos arquitectónicos similares ós recompilados neste estudo, que precisan ser valorados e postos a disposición da comunidade.

Son destacables achados como o caso dos muíños e adegas, edificacións onde se atopa, polo xeral, simboloxía como son as cruces de sobremesa ou de converso, que non deben confundirse coas marcas *apotropaicas*, que segundo diversos autores como Caamaño Suárez (2003), serían de protección, ou realizadas como pasatempo, segundo Alonso Romero (en Caamaño Suárez, 2003).

Ó non ter atopadas referencias bibliográficas sobre a posible relación entre estas profesións e o seu compoñente xudeu ou xudeu-converso, non se pode establecer unha hipótese que reflicta isto e que poida ser contrastada. Ábrese, polo tanto, unha interesante liña de investigación neste ámbito das construcións adxectivas, aínda sen explorar.

Neste senso, sería interesante unha continuidade na investigación de campo, na recolla de vivendas e outras edificacións que poidan facer medrar este *corpus* e axuden a conseguir espertar o interese de Concellos e demais autoridades políticas e culturais, por protexer o seu patrimonio antes de que só sexan ruínas. Necesítase, polo tanto, un rastrexo en máis profundidade en cada zona das aquí expostas, porque debido ó período limitado de tempo non foi posible realizar unha tarefa de tales características.

Por outra parte, a recompilación de elementos arquitectónicos creada nesta investigación, nos que destacan as lacenas ou supostos armarios sagrados, suporía unha base para a realización doutras investigacións, sobre un fenómeno sen estudar en Galiza, e moi pouco coñecido en Portugal. Preséntase aquí, un desafío futuro para posteriores investigacións.

A posta en valor de todos os elementos atopados e relacionados coa cultura xudaica, significaría tamén valorar a historia galega. A catalogación destas edificacións, así como máis aportacións ó estudo das formas urbanas e rurais dos asentamentos xudeus, servirán para conformar un corpo de documentación maior e sobre todo para facer que estes espazos poidan recuperar a súa memoria.

Alhama *ou* ***Aljama*****:** Institución propia dos reinos hispanos medievais que se encargaba do goberno e a administración interna da comunidade xudía, buscando manter os servizos necesarios para os seus membros. A súa conformación prodúcese cando existen tres corpos: o lexislativo, o tribunal e os oficiais públicos propios.
É, polo tanto, unha institución xurídica que acolle á comunidade e que non se debe confundir ou utilizar como sinónimo de xudería, posto que a *alhama* sería un ente institucional.

Barrio xudeu: Espazo urbano no que habitaban maioritariamente xudeus, compartindo espazo con cristiáns. Este fenómeno prodúcese na maioría dos asentamentos xudeus galegos.

Bufardas: Simples fendas, tanto verticais como horizontais, realizadas no muro para ventilación.

Carnicerías rituais: O consumo de carne para os xudeus, dende o proceso de sacrificio do animal ata a súa preparación, debía seguir os preceptos da *Torah*, polo que só podían consumir carne *kasher*, é dicir, "permitida ritualmente".

Casa: Conxunto máis alá dunha mera estrutura, formado polas edificacións e as terras, así como as persoas que viven no seu núcleo central.

Casa-vivenda: Núcleo central da casa, onde viven os seus moradores.

Conversos: Adxectivo que en xeral, aplícase a calquera persoa que realice un cambio cara outra relixión. Polo que se refire ó contexto que nos concirne, trátanse de cristiáns recentes, xudeus convertidos.

Deuteronomio: Último texto da *Torah.*

Diáspora: Dispersión. Palabra de orixe grego, que quere dicir 'exilio' e coa que se designa a dispersión do pobo xudeu por todo o mundo.

Edictos de Fe: Inventarios minuciosos das prácticas heréticas [prohibidas], acompañados polo xeral dun chamamento público á delación.

Falsos conversos: Xudeus conversos dos que se sospeitaba que conservaban crenzas e prácticas "na sombra", é dicir, na súa intimidade, aínda que publicamente seguían as costumes características dos cristiáns. Denomínanse tamén ***criptoxudeus*** ou **conversos xudaizantes**.

Hanukkah *ou* ***Januká:*** Festividade xudaica e tamén lámpada de nove candelas das que unha se utiliza para manter a chama coa que se deben acender as oito restantes, unha por cada día que dura a celebración.

Lucillo: Estrutura de ladrillo de planta lixeiramente trapezoidal cuberta con bóveda. Identificador arqueolóxico clave sobre a existencia dun cemiterio xudeu.

Maçot: Pan ácimo da Pascua Xudía.

Menorah **ou Menorá:** Candelabro ou lámpada de aceite de sete brazos, un dos elementos rituais do xudaísmo e así mesmo un dos seus símbolos máis antigos; representaría os arbustos en chamas que viu Moisés no Monte Sinaí (Éxodo, 25).

Mezuzah**:** Significa, literalmente, xamba dunha porta. Tamén se denomina así ó pequeno pergamiño no que están escritos dous pasaxes do *Deuteronomio*. Dito pergamiño, enrolado co texto cara dentro, colocaríase dentro dunha pequena caixa e situaríase na xamba dereita da porta principal da casa. Todo xudeu, ó entrar ou saír da casa, toca ou bica a *mezuzah*, á vez que pronuncia unha bendición ou fai unha invocación da protección divina.

Micvé-tahará: Baño ritual situado, polo xeral, ó pe da sinagoga e utilizado na relixión xudía para a purificación prescrita nos textos sagrados.
Na literatura medieval definíase como "*banyo frío*", e actualmente como "baños xudeus".

Nicho: Concavidade nun muro ou parede para colocar algún adorno, imaxe etc. Neste contexto, estaría dedicado á inserir a imaxe de Santos pertencentes á relixión Católica.

Rúa Nova: Correspóndese nas diferentes vilas, tanto en Galiza como en Portugal, coa arteria principal das xudarías ou coa única rúa existente onde se asentarían as familias xudias.

Pogroms: Masacre aceptada ou promovida polo poder, cara xudeus, e por extensión, cara outros grupos ou minorías.

Sefarad: Nome hebraico outorgado para designar a Península Ibérica. A súa interpretación a partir dos textos sagrados, fai que os xudeus realicen esta asociación.

Shabat (Sábado)*:* Día que pon fin á semana no calendario xudeu. En conmemoración do descanso de *Yahveh,* tras a creación do mundo, é un día consagrado ó descanso.

Sobrado: Plataforma simple e de táboas, que ocupa unha parte da planta da edificación, á que se accede por unha esqueira dende a cociña (Llano, 1996, p.61).

Sukkôt: Festividade na que o xudeu debe privarse de durmir baixo teito cuberto.

Talmud: Textos sagrados, complementarios ó *Torah*. Constitúe un completo corpus legal e de descricións relativas ás máis diversas facetas da vida dos hebreos: festividades, vida matrimonial e familiar, liturxia, vida laboral, prescricións legais e rituais etc.

Torah* ou Torá*: Denominado en castelán como Pentateuco; os 5 primeiros libros da Biblia.

Xudería ou xudaría: Zona da cidade ou vila medieval na que vivían exclusivamente xudeus, xeralmente cerrada por unha muralla, na que se abrían unha ou máis portas. Unha delas comunicaba co resto da poboación e outra co exterior da muralla. É común que estivera conformada por canellas estreitas e sinuosas, que permitían o aproveitamento de espazo e tamén a defensa en caso de ataque ou persecución.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Afonso, J. da C. (2008). Judaísmo e Arquitectura Vernácula Civil na Beira Interior Quinhentista. *Actas das Sessões do Fórum Valorização e Promoção do Património Regional. 2*. 8-33. Recuperado de https://cutt.ly/jjoCkjv

Aira Pardo, F. (2019). *Judíos y conversos de Monforte de Lemos*. Monforte de Lemos, España: Agrasar editores.

Albarello, L., Digneffe, F., Hiernaux, J., Maroy, C., Ruquoy, D., & Saint-Georges, P. (1997). *Práticas e métodos de investigação em ciências sociais*. Lisboa: Ed. Gradiva.

Aldana Fernández, S. (2007). *Los judíos de valencia: Un mundo desvanecido*. Valencia, España: Carena Editors.

Alfeirán Rodríguez, X. (2019). La expulsión de los sefardíes coruñeses. *La Voz de Galicia.*

Álvarez Chillida, G. (13 de setembro 2015). Intolerancia Castiza: Un repaso histórico a los sentimientos antijudíos en España desde la expulsión de 1492 a los comentarios antisemitas en las redes sociales y las barras de bar. *El País.* Recuperado de https://cutt.ly/MjoCzr8

Andrade Cernadas, J.M. (1995) *O tombo de Celanova: estudio introductorio, edición e índices (SS. IX-XII)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega

Antonio Rubio, M. G. de, (2004). Distribución urbana de la minoría judía en Galicia: La judería. *Cuadernos de Estudios Gallegos 'Padre Sarmiento'. 11(*117*).* 263-279*.*

Antonio Rubio, M. G. de, (2006). Los judíos en Galicia: 1044-1492. A Coruña, España: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Antonio Rubio, M. G. de, (2007). Judíos en Galicia: visión panorámica y nuevas aportaciones documentales. *Espacio Tiempo y Forma*. Serie III, Historia Medieval, (20).

Antonio Rubio, M. G. de, (2009). *Judíos e Inquisición en Ribadavia*. Ribadavia, España: Concello de Ribadavia.

Antonio Rubio M. G. de, (2012). Judíos y juderías en la Galicia medieval. *Minius: Revista do Departamento de Historia, Arte e Xeografía*, (20), 7-28.

Antonio Rubio, M. G. de, (2015). ¿Eran ricos los judíos gallegos medievales? *Estudios de historia de España. 17*(2).

Antonio Rubio, M. G. de, (2016). Judá Pérez, Semblanza biográfica de un converso gallego a finales del siglo XV. *eHumanista/Conversos. 4*. 311-325.

Antonio Rubio, M. G. de, (2017). Nuevos y viejos documentos sobre la presencia judía y conversa en Galicia. *eHumanista/Conversos. 5.* 274-391.

Armas Castro, J. (1992). *Pontevedra en los siglos XII a XV. Configuración y desarrollo de una villa marinera en la Galicia medieval*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

As Xuderías Galegas (2002), catálogo da exposición Xuderías Galegas (A Coruña, 2002). Deputación da Coruña, A Coruña.

Azulay M. & Israel, E. (2009). *La Valencia Judía: Espacios, límites y vivencias hasta la expulsión*. Valencia: Consell Valenciá de Cultura.

Baglioni, E. (abril, 2012). *La arquitectura vernácula de Jordania en riesgo de desaparecer*. [Artigo de Conferencia]. XI Conferencia Internacional sobre el Estudio y Conservación del Patrimonio Arquitectónico de Tierra. Lima, Perú: Pontificia Universidad Católica del Perú.

Bango García, C. (2002). Un barrio de la ciudad: La judería. En AC/E Acción Cultural Española (Ed.), *Memoria de Sefarad* (63-71). Toledo, España: Sociedad Estatal para la Acción Cultural Exterior.

Barral Rivadulla, M. D. (1996). Nuevas aportaciones a la historia de la judería coruñesa, sus manifestaciones artísticas. *Sefarad, 56*(2).

Barros Guimeráns, C. (1998). Xudeus e conversos na historia: Actas do Congresso Internacional, Ribadavia, 14-17 de outubro de 1991. *Anuario De Estudios Medievales, 28*. 939.

Barros Guimeráns, C. (2009). *Celanova de las tres culturas, siglos X-XI.* Junta de Castilla y León, Consejería de Cultura y Turismo, Universidad.

Barros Guimeráns, C. (16 de maio de 2014). Galiza Judaica [Blog]. Questom Judaica. Recuperado de https://cutt.ly/qjuDzSn

Blanco Rodríguez, A. (2012). A presencia xudía en Allariz. *Raigame, revista de arte, cultura e tradicións populares* (11). 21-27.

Blasco Martínez, A. (2005). *Aragón Sefarad*. Zaragoza, España: Diputación de Zaragoza e Ibercaja Obra Social y Cultural.

Blanco Rodríguez, A. (2000). A presencia xudía en Allariz. A historia do pobo xudeo e o seu reflexo no urbanismo de Allariz. Raigame, revista de arte, cultura e tradicións populares (11). 20-27.

Bogdan, R. & Biklen, S. (1994). *Investigação qualitativa em educação.* Porto: Porto Editora.

Caamaño Suárez, M. (2003). As Construccións da arquitectura popular. Patrimonio Etnográfico de Galicia.

Cantera Burgos, F. (1972). *La sinagoga*. Toledo: Publicaciones del Centro Universitario de Toledo.

Cantera Montenegro, E. (1998). *Aspectos de la cotidiana de los judíos en la España medieval*. Madrid: Aula Abierta.

Casanovas Miró, J. (1993). Notas sobre arqueología funeraria judía en época medieval. *Espacio Tiempo y Forma*. Serie I, Prehistoria y Arqueología. (6).

Castillo Maldonado, P. (2006). *J*udíos, conversos y relapsos en la hagiografía narrativa tardoantigua hispana. *Studia Histórica*, Historia Antigua. *26*. 185-203.

Cordeiro, Gomes M. T. (2015). Inquisição e Cristãos novos na cidade de Viseu (Portugal): Morfologia, identidades e integração sociocultural (séculos XVI-XVII). [Tese Doutoral]. Salamanca, España: Universidad de Salamanca.

Cruz Sánchez, P. J. (2014). *Análisis y significado de la cruz en la cultura popular del occidente salmantino: El Abadengo.* [Tese Doutoral]. Valladolid, España: Universidad de Valladolid.

Cruz Sánchez, P. J., & Ruiz Trueba, E. (2019). Creencias, magia y otras manifestaciones de la religiosidad popular en la fotografía de Carlos Flores. *Aguanaz: Revista Crítica de Creencias Mágicas. 1*. 179-203.

Dias, C. (2015). *Os elementos urbanos 1.* Lisboa, Portugal: MUrb.

Días, P., Rodríguez, D., Grilo, F., Vassallo, & Silva, N. (2017). *El Manuelino*. Museum With No Frontiers, MWNF.

Díaz-Mas, P. (1996). *Occidente y el otro: una historia de miedo y rechazo*. Ayuntamiento de Vitoria-Gasteiz.

Díez Jorge, M. E., Espinosa Villegas, M. Á. (2000). Cristianas, judías y musulmanas: multiculturalidad de espacios femeninos en la arquitectura. XIII Congreso Nacional de Historia del Arte, Granada. *Volumen I.*

Eider, S. D. (s.d.). El Procedimiento para el encendido. Recuperado de https://cutt.ly/4jpjm1c

Eiján, P. S. (1992). *Historia de Ribadavia y sus alrededores*. Madrid, España: Alvarellos.

Eiroa Rodríguez, J. A. (2016). Indicadores arqueológicos para la identificación de las poblaciones judías medievales hispánicas. *Medievalismo*, (26), 87-108.

Eiroa Rodríguez, J. A. (2018). El estudio de las comunidades judías de la península ibérica durante la Edad Media a través de la arqueología: balance y nuevas perspectivas. *Rostros judíos del Occidente medieval*. 45. (220-250).

Espina, J.M. (12 de maio de 2014). *Arquitectura hebrea en tiempos de Jesús. Artesanía en el Belén* [Blog]. Recuperado de https://cutt.ly/8juGalo

Espinosa Villegas, M. Á. (1993). *La producción arquitectónica de los judíos en España: S. X-S. XV)* [Tese Doutoral]. Granada, España: Universidad de Granada.

Espinosa Villegas, M. A (1995). Los conceptos estéticos y la arquitectura de los judíos. *Cuadernos de Arte de la Universidad de Granada. 26*. 475-487.

Espinosa Villegas, M. Á., (1997). Ciudad Medieval y barrio judío: reflexiones. *Cuadernos de arte de la Universidad de Granada. 28*. 5-17.

Espinosa Villegas, M. Á. E. (1998). Anotaciones para una revisión de la casa entre los judíos españoles. *Cuadernos de arte de la Universidad de Granada*. *29.* 7-15.

Estévez Pérez, J. R., & Antonio Rubio, M. G. (2000). Xudeus galegos na Baixa Idade Media. *Raigame: Revista de Arte, Cultura e Tradicións Populares. 11*. 7-19.

Fernández Alonso, B. (1904). *Los judíos en Orense. Siglo XV al XVII.* Ourense, España: A. Otero.

Fernández Caamaño, (16 de setembro de 2018). La judería coruñesa de la que apenas quedan vestigios en la ciudad. *El ideal gallego*. Recuperado de https://cutt.ly/SjuKjW2

Fernández Sendín, M. F. (1995). *A Graña y los Grañudos*. Covelo, España: Maximino Fernández Sendín.

Ferreira Priegue, E. M. (1986). *Galicia en el comercio marítimo medieval* [Tese Doutoral]. Santiago de Compostela, España: Universidade de Santiago de Compostela.

Fine, E. (s.d.). *Writing a history of Jewish architecture*. Khan Academy. Recuperado de https://cutt.ly/xjuGd9j

Fonseca Moretón, E. (2004). Viviendas de judíos conversos en Galicia y en el Norte de Portugal. *Anuario Brigantino. 27.* 431-466.

Gallardo Carrillo, J. & González Ballesteros, J. Á. (2006). El Urbanismo de la Judería Medieval de Lorca a la Luz de las Últimas Excavaciones (2004-2006). *AlbercA. 4*. 129-152.

Galiza Sefarad (3 de xaneiro de 2015). Mondoñedo [Blog]. Recuperado de https://cutt.ly/wjuX9L1

Galiza Sefarad (24 de xullo de 2015). Santiago de Compostela [Blog]. Recuperado de https://cutt.ly/IjuBe5w

Galiza Sefarad (2 de outubro de 2015). Pontevedra [Blog]. Recuperado de https://cutt.ly/vjuVOcu

Galiza Sefarad (6 de novembro de 2015). A Coruña [Blog]. Recuperado de https://cutt.ly/7juCY82

García Iglesias, J. B. (7 de abril de 2017). Lampán dos xudeus. *Pontevedra Viva.* Recuperado de https://cutt.ly/1juV73w

Gil, A.C. (1994). *Métodos y técnicas de pesquisa social*. São Paulo. Brasil: Editora Atlas.

Gomes, S. R. C. (2014). A comunidade judaica do Porto: um percurso pelas judiarias da Sé, Miragaia e Vitória [Tese de Máster]. Porto, Portugal: Universidade Lusíada do Porto.

Gutkowski, H. (1999). *Érase una vez Sefarad: Los Sefardíes del Mediterráneo. Su historia, su cultura*. Buenos Aires, Argentina: Ed. Lumen.

Hinojosa Montalvo, J. (2000). Los judíos en la España medieval: De la tolerancia a la expulsión. *Los marginados en el mundo medieval y moderno: Almería, 5 a 7 de noviembre de 1998*, Instituto de Estudios Almerienses. 26-41.

Helal Ouriachen, E. H. (2011). Sinagogas y barrios judíos en el urbanismo tardo antiguo. Revista de Claseshistoria, Artículo nº. 248. Recuperado de https://cutt.ly/3joCnTH

Horowitz, E. (2001). Le peuple de l'image: les juifs et l'art. In *Annales. Histoire, Sciences Sociales*. *56* (3). 665-684. Éditions de l'EHESS.

Jabés, E. (1990). *El libro de las preguntas*. Madrid, España: Ediciones Siruela.

Jarrassé, D. (2013). *Existe-t-il un art juif?* Le Kremlin-Bicêtre, Francia: Editions Esthetiques Du Divers.

Lacave, J.L. (1992). Juderías y sinagogas españolas. Madrid, España: Editorial Mapfre S.A.

Llano Cabado, P. de (1996). *Arquitectura popular en Galicia: Razón e Construcción*. A Coruña, España: Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

López Carreira, A. (1998). *A cidade de Ourense no século XV. Sociedade urbana na Galicia Baixomedieval.* Ourense, España: Deputación Provincial de Ourense.

López Cortiñas, M. Á & Varela Barros, C. (2000). A historia do pobo xudeo e o seu reflexo no urbanismo de Allariz. *Raigame, revista de arte, cultura e tradicións populares* (11). 28-33.

Madrigal Castro, S. (2017). La reacción anti conversa del reinado de Felipe V: Los judaizantes de Cantillana. *Revista de la Inquisición: intolerancia y derechos humanos*. *21*. 135-144.

Magro, M. V. A. P. (2011). Vilar Maior: evolução de um castelo e povoado raiano de Riba-Côa. Séc. XI a XV. [Dissertação Mestrado]. Porto, Portugal: Universidade do Porto.

Martínez Risco, V. (1952). *Manual de Historia de Galicia*. Vigo, España: Galaxia.

Martínez Santiso, M. (1892). *Historia de la ciudad de Betanzos.* A Coruña, España: Deputación provincial de La Coruña. Recuperado de https://cutt.ly/TjuVlBq

Martinho, A. T., & Domingos, J. L. (2018). *Herança Judaica no Concelho de Seia*. Seia, Portugal: Câmara Municipal do Concelho de Seia.

Meruéndano, L. (1981). *Los judíos de Ribadavia. Origen de las cuatro parroquias*. Lugo, España: Alvarellos.

Medici de, A. (2020). 1868: "La Revolución Gloriosa". *National Geographic*. Recuperado de https://cutt.ly/ujuGlQK

Monterreal Gil, Ó. (2015). La judería de Toledo en la Edad Media: El Arte en su Entorno. [Tese Doutoral]. Madrid, España: Universidad Complutense de Madrid.

Navarrete Peláez, M. C. (2010). Cristianos nuevos en la Audiencia de Santa Fe, Popayán y Tierra Firme, entre los siglos XVI y XVII. Entre la aceptación y el rechazo. *Historia y espacio. 36.* 1-19.

Osório, M. (2009). Armários de pedra na arquitectura tradicional do Alto Côa. Testemunhos de culto judaico? *Sabucale. 1.* 75-88.

Osório, M. (2014). *Judeus, judiarias e cristaos-novos na beira interior*. Guarda, Portugal: Agência para a Promoção da Guarda.

Otero Pedrayo, R. (1980). *Guía de Galicia*. Vigo: Galaxia.

Paz, J. (19 de xaineiro de 2020). Ocho secretos del Ourense medieval. *La Voz de Galicia.* Recuperado de https://cutt.ly/4jvB0K7

Pérez, J. (2005). *Los judíos en España*. Madrid, España: Ediciones de Historia S.A.

Pérez Méndez, P. (2009). Los Judíos Gallegos Bajomedievales durante la expulsión. *Garoza: revista de la Sociedad Española de Estudios Literarios de Cultura Popular*, (9). 153-160.

Prats Canals, L. (1998). El concepto de patrimonio cultural. *Política y Sociedad, 27*. 63-76.

Redondo Jarillo, M. C. (2010). Delincuencia civil y criminal en las comunidades judías entre el Duero y el Tajo a fines de la Edad Media. Primera parte. *Clio & Crimen, 7*. 322-342.

Reyes Téllez, F. (1998). El espacio privado: una casa en la judería de Alcalá de Henares. En A. M. López Álvarez. & R. Izquierdo Benito (Ed.), El Legado material hispanojudío (181-208). Cuenca, España: Ediciones de la Universidad de Castilla la Mancha.

Rivera, G. (5 de xuño de 2000). Los judíos en Corcubión. *La Voz de Galicia*. Recuperado de https://cutt.ly/hjuGcYk

Roth, C. (1965). *La época europea*. Buenos Aires, Argentina: Paidós.

Rozenberg, D. (2010). *La España Contemporánea y la Cuestión Judía: Re-tejiendo los hilos de la memoria y de la historia*. Madrid, España: Marcial Pons Historia.

Ruiz Gómez, F. (1993). Aljamas y concejos en el Reino de Castilla durante la Edad Media. *Espacio, Tiempo y Forma, Serie III, Hª Medieval*, t.6. 57-78

Rumbao Cid, A. (1984). Historia de Allariz: villa y corte románica. Ourense, España: Deputación provincial de Ourense.

Salvatierra Cuenca, V. (2003). *La judería de Jaén: introducción a su análisis urbano. Boletín del Instituto de Estudios Giennenses*. (185). 421-458.

Sánchez Díaz, M., & Vega Valdés, J. C. (2003). Algunos aspectos teórico-conceptuales sobre el análisis documental y el análisis de información. *Ciencias de la Información*, *34*(2), 49-60.

Sánchez López, M. (2008). Los judíos en la Comarca de la Vera según "el Fuero" de Plasencia. *Alcántara, 69*. 91-98.

Sefarad Aragón (s.d.). *Símbolos Judíos*. Recuperado de https://cutt.ly/MjoCOWM

Sefardies (s.d.). Santiago de Compostela. Recuperado de https://cutt.ly/njuXXbk

Sobrado Pérez, X. L. *et al.* (2020). *As arquitecturas históricas do viño. Polos Ribeiros do Miño e do Avia.* Santiago de Compostela, España: Xunta de Galicia.

Tavares, M. J. P. F. (2010). *As Judiarias de Portugal*. Lisboa, Portugal: Ed. Clube do Coleccionador dos Correios.

Trindade, L. (2013). *Urbanismo na composição de Portugal*. Coimbra (Portugal): Imprensa da Universidade de Coimbra/Coimbra University Press.

Valdeón Barique, J. (2002). Los judíos en la España medieval (siglos VIII-XV). *Memoria de Sefarad* (43-53). Toledo, España: Centro Cultural San Marcos.

Valle Pérez, X. C. (1995). *Do tardogótico ó manierismo: Galicia e Portugal*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza/Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian.

Vila, S. (2013). *Judíos, Conversos e Inquisición en Tui*. Tui, España: Suso Vila.

Wistrich, R. (2004). Anti-zionism and anti-semitism. Jewish Political Studies Review, 27-31. Recuperado de https://cutt.ly/djuGWq5

ÍNDICE DE FIGURAS

Figura 1. Biblia Kennicott. Fonte: Wikipedia.....22

Figura 2. Pintura atopada na Igrexa parroquial de Xurenzás, Concello de Boborás. Fonte. Juan José Álvarez González (2019).....34

Figura 3. Rei Alfonso X (1221-1284), soberano de tres culturas. Fonte: Jular C. (4 de abril de 2016). Un rey, tres culturas: La corte de Alfonso X. *National Geographic*. Recuperado de https://cutt.ly/fj6FSu3 36

Figura 4. Pogroms de Barcelona do ano 1391, representado por Josep Segrelles. Fonte: Todocoleccion. Recuperado de Recuperado de https://cutt.ly/sj6GkRJ 37

Figura 5. A queima de xudeus por Hartmann Schedel, Crónica de Nuremberg 1493. Fonte: Koyama, M.; Jedwab R. & Johnson, N. (5 de maio de 2020). Las pandemias y la persecución de las minorías. *Letras Libres.* Recuperado de https://cutt.ly/4j6GI2j 38

Figura 6. Autos de fe realizados pola Inquisición en Lisboa, 1715. Fonte: Museu de Lisboa. Recuperado de https://cutt.ly/Vj6HDW2.....38

Figura 7. Espazo de Orixe dos conversos, séculos XVI e XVII. Fonte. Ing. Héctor Andrés Castro P. en Navarrete Peláez (2010). Cristianos nuevos en la Audiencia de Santa Fe, Popayán y Tierra Firme, entre los siglos XVI y XVII. Entre la aceptación y el rechazo. *Historia y espacio. 36.* 1-19 38

Figura 8. Comunidade de xudeus en Israel. Fonte: Balilti, O. (5 de abril de 2017). La protesta de los que tiemblan. *National Geographic.* Recuperado de https://cutt.ly/Nj6JwnY.....39

Figura 9. Localización dos xudeus en Galiza. Fonte. Raíces Doces. Recuperado de https://cutt.ly/sj6JWyo 40

Figura 10. Escena dunha zapatería. Retablo de San Marcos. Fonte: García, I. B. (2002). Memoria de Sefarad. Todelo, España: Seacex 41

Figura 11. Botica dun xudeu, Cantigas de Santa María. Fonte: Fonte: García, I. B. (2002). Memoria de Sefarad. Todelo, España: Seacex 41

Figura 12. Distribución da poboación xudía en Galiza. Fonte. Antonio Rubio, M. G. de (2009). *Judíos e Inquisición en Ribadavia.* Ribadavia, España: Concello de Ribadavia.....42

Figura 13. Retablo de San Francisco de Moure con escena de circuncisión, en Monforte de Lemos. Fonte: Lahornacina. Recuperado de https://cutt.ly/4j6KBZJ 43

Figura 14. Lumieira de estilo manuelino, na aldea portuguesa de Sortelha. Fonte: Aldeas Históricas de Portugal. Recuperado de https://cutt.ly/hj6LTgZ .44

Figura 15. (Páx. 46) Call Jueu, na Xudería de Girona, Cataluña. Fonte: Fotocommunity..... 48

Figura 16. Cidade medieval. Fonte: Dicionario Visual da Construción. COAG (2004)..... 48

Figura 17. Cidade Medieval de Marvão, Portugal. Fonte. VisitPortugal. Recuperado de https://cutt.ly/Pj6ZsEc..... 51

Figura 18. Porta de entrada á xudería de Toledo. Fonte: Andreu, E. & Paños, V. (2012). Nuevas propuestas de ubicación espacial de la judería medieval de Madrid: evidencias arqueológicas. *Revista Historia Autónoma* (1)*,* 53-72. 51

Figura 19. Calexón interior dende o que se accede á xudería de Montalbán, Aragón. Fonte: Moreno Koch, Y. (2005). Noticias sobre los judíos Aragoneses en las Crónicas Hispanohebreas. *Aragón Sefarad (1).* 117-188 52

Figura 20. Rúa do Rosario. Xudería de Fraga, Aragón. Fonte: Motis Dolader, M. (2004). Las Comunidades judías en Aragón Medieval. *Aragón Sefarad* (1), 23-114..... 52

Figura 21. Sinagoga de Castelo de Vide, Portugal. Fonte: Turismoenportugal. Recuperado de https://cutt.ly/jj6XKTU..... 53

Figura 22. Hipotética sinagoga de Óbidos, Portugal. Fonte: Historiaseviagens. Recuperado de https://cutt.ly/Zj6XMvM 53

Figura 23. Sinagoga do Tránsito, Toledo. Fonte: Archnet. Recuperado de https://cutt.ly/Qj6CeAM 53

Figura 24. Micvé en Besalú, Girona. Fonte: Visitpirineus. Recuperado de https://cutt.ly/0j6CpLq 54

Figura 25. Cemiterio hebreo de Sagunto, Valencia. Fonte: Valenciabonita (11 de decembro de 2020). Recuperado de https://cutt.ly/qj6CkU2. 55

Figura 26. Cemiterio hebreo de Ávila, Castela e León. Fonte: Terranostrum. Recuperado de https://cutt.ly/ej6C9OQ 55

Figura 27. Distribución interior da sinagoga de Lorca. Fonte: Lorca, luces de Sefarad (2009). Catálogo da exposición Lorca, Luces de Sefarad (Museo Arqueolóxico de Murcia, 2009). Ed. Tres Fronteras: Murcia 57

Figura 28. Reconstrución da Sinagoga de Lorca. Fonte: Minube. Recuperado de https://cutt.ly/dj605pV..... 57

Figura 29. Armario de pedra documentado en Vila Maior, Portugal. Fonte: Osório, M. (2009). Armários de pedra na arquitectura tradicional do Alto Côa. Testemunhos de culto judaico? *Sabucale. 1.* 75-88..... 58

Figura 30. Armario de pedra documentado en Sabugal, Portugal. Fonte: Osório, M. (2009). Armários de pedra na arquitectura tradicional do Alto Côa. Testemunhos de culto judaico? *Sabucale. 1.* 75-88 58

Figura 31. Representación de vivendas xordanas. Fonte: Espina J. M. (12 de maio de 2014). *Arquitectura hebrea en tiempos de Jesús. Artesanía en el Belén* [Blog]. Recuperado de https://cutt.ly/8juGalo 60

Figura 32. Patio na Xudería de Toledo. Fonte: Patiosdetoledo. Recuperado de https://cutt.ly/Pj62GJZ 62

Figura 33. Casa dun artesán na Idade Media. Fonte: Buxaweb. Recuperado de https://cutt.ly/4j6BjKR 63

Figura 34. Edificación con disposición asimétrica dos seus vans en Acinhoso, Portugal. Fonte: Questom Judaica (22 de xaneiro de 2016). Recuperado de https://cutt.ly/Pj61ra9 64

Figura 35. Cruces nas xambas dunha porta en Santibáñez, Extremadura. Fonte: Barroso Gutiérrez, F. (10 de abril de 2020). Por los montes de Cáparra (XV). PlanVe. Recuperado de https://cutt.ly/kj62Tmp 65

Figura 36. Gravado estilo Meronah en Seia, Portugal. Fonte: Martinho, A. T. & Domingos, J. L. (2018). *Herança Judaica no Concelho de Seia*. Seia, Portugal: Câmara Municipal do Concelho de Seia. 65

Figura 37. Marca onde se insería a Mezuzah en Castelo de Vide, Portugal. Fonte: López, J. (2 de xaneiro de 2018). Mezuzás, Castelo de Vide, Portugal. Extremos del Duero [Blog]. Recuperado de https://cutt.ly/Mj6NxwG. 66

Figura 38. Rebaixe pulido na porta da muralla de Melgaço, Portugal. Fonte: Fonseca Moretón, E. (2004). Viviendas de judíos conversos en Galicia y en el Norte de Portugal. *Anuario Brigantino. 27.* 431-466. 66

Figura 39. Arco conopial nunha casa en Belmonte, Portugal. Fonte: Turistrela. Recuperado de https://cutt.ly/8j6NSDo 67

Figura 40. Santos en nichos en Salzedas, Portugal. Fonte: Questom Judaica (25 de decembro de 2013). Salzedas. Recuperado de https://cutt.ly/Jj6N8A5 67

Figura 41. Peana en Monçao. Fonte. Fonseca Moretón, E. (2004). Viviendas de judíos conversos en Galicia y en el Norte de Portugal. *Anuario Brigantino. 27.* 431-466. 67

Figura 42. Estrela de David na Xudería de Úbeda, Jaén. Fonte: Francisco Miguel Merino Laguna (2012). Recuperado de https://cutt.ly/yj61TlW 68

Figura 43. Estrela de David con flor no centro en Tudela, Navarra. Fonte: Red de Juderías de España. Recuperado de https://cutt.ly/Ij61Gmq 68

Figura 44. Canella en Salón. Fonte: Cedida por Juan José Álvarez González (2020). 74

Figura U4.1. Debuxo da suposta sinagoga da Coruña en 1894, de Xosé A. García González.. Fonte: Antonio Rubio de, M. G. (2009). Los judíos en la Galicia Medieval. Recuperado de https://cutt.ly/ij6Q0gc..... 93

Figura U4.4. Lápida de 'Seti'. Fonte: Rodríguez, A. (27 de Abril de 2019). El legado judío que no está. La Opinión A Coruña. Recuperado de https://cutt.ly/ej51AUw 93

Figura U6.1. Porta da Carnicería en Monforte. Fonte: Concello de Monforte de Lemos. Recuperado de https://cutt.ly/Xj50OZJ 101

Figura U6.3. Estrela de cinco puntas ou Selo de Salomón. Fonte: Aira Pardo, F. (22 de abril de 2019). La estrella de David: Huella del pasado judío en la Torre del Homenaje. La Voz de Galicia. Recuperado de https://cutt.ly/Kj506a0..... 101

Figura U6.5. Inscrición na entrada da suposta sinagoga. Fonte: Dorado Vedia, C. (7 de novembro de 2014). Me llamo rojo. Tras las huellas de Sherezade [Blog]. Recuperado de https://cutt.ly/Dj6vA1P 101

Figura U6.4. Suposta sinagoga. Fonte: Parguiña L. E. (15 de setembro de 2014). Monforte de Lemos. Galiza Sefarad [Blog]. Recuperado de https://cutt.ly/Cj6c0m2. 101

Figura U8.1. Debuxo da Pontevedra do s. XV, por Celso García. Fonte: Enriquecervera (s.d.). Debuxos de Pontevedra. Recuperado de https://cutt.ly/Hj6mrOY..... 109

Figura U8.2. Eirado das Torres en 1873. Fonte: Vellapontevedra (18 de xullo de 2011). El palacete de Mendoza. Vellapontevedra [Blog]. Recuperado de https://cutt.ly/7j6b0U2 109

Figura U8.3. Casa das Campás con arcos conopiais. Fonte: Lorenzo y Macías de, P. (2020). La casa de las Campanas: Leyenda e historia [Comunicación en redes sociais]. Recuperado de https://cutt.ly/4j6mxhO 109

Figura U9.5. Casa Grande do Hórreo. Fonte: Galiza Sefarad (24 de xullo de 2015). Santiago de Compostela. Galiza Sefarad [Blog]. Recuperado de https://cutt.ly/vj6m9ep..... 113

Figura 55. Calexón dos Xudeos, en Betanzos. Fonte: autoría propia (2019). 122

Figura 56. Calexón dos xudeos en Betanzos. Fonte: Autoría propia (2020).. 123

Figura 57. Porta de entrada a patio en Salón. Fonte: Juan José Álvarez González e Patricia Armada Iglesias (2019). 126

Figura 58. Posible edificación xudeu-conversa, da que destaca o arco conopial da porta principal. Reitoral de San Xoán da Fechas. Fonte: Xulio Pérez Pérez (2021)..... 200

Figura 59. Rúa do Ouro en Tui. Fonte: Autoría propia (2020). 203

Figura 60. Porta da muralla de Monterrei. Fonte: Autoría propia (2020).....203

Figura 61. Canella en Quintanela. Fonte: Autoría propia (2020). 204

Figura 62. Interior da suposta sinagoga da Graña. Fonte: Autoría propia (2020). 204

Figura 63. Inscrición na lumieira da suposta sinagoga da Graña. Fonte: Autoría propia (2020). 204

Figura 64. Suposto cemiterio hebreo segundo tradición oral, na Oliveira en Ribadavia. Fonte: Autoría propia (2021). 205

Figura 65. Detalle da lápida en Leiro. Fonte: Autoría propia (2020). 205

Figura 66. Lápidas en Leiro. Fonte: Autoría propia (2020). 205

Figura 67. Porta da Inquisición en Corzáns, Salvaterra de Miño. Fonte: Autoría propia (2020).....205

Figura 68. Entrada por canella a casas en Coruxal. Fonte: Autoría propia (2020). 206

Figura 69. Tipoloxía sinxela dun andar na Graña. Fonte: Autoría propia (2020). 206

Figura 70. Casa tipo de dous andares en Cima de Vila. Fonte: Autoría propia (2020). 207

Figura 71. Patio da edificación en Laxoso. Fonte: Autoría propia (2020). 207

Figura 72. Casa tipo de dous andares con tenda na parte inferior de familia xudeu-portuguesa en Bousés, Oimbra. Fonte: Autoría propia (2020). 208

Figura 73. Lacena en parede orientada ó leste en Cabanelas. Fonte: Autoría propia (2019).....209

Figura 74. Arco conopial nunha edificación sita en Cabanelas. Fonte: Autoría propia (2019).....209

Figura 75. Arco conopial nunha edificación en Cabanelas. Fonte: Autoría propia (2019).....210

Figura 76. Capitel decorado en Lebosende. Fonte: Autoría propia (2019).....210

Figura 77. Capitel dun cruceiro decorado semellando unha palmeira, na Oliveira en Ribadavia. Fonte: Autoría propia (2021). 210

Figura 78. Cruz inserida no sitio correspondente á Mezuzah en Cima de Vila. Fonte: Autoría propia (2019).....211

Figura 79. Gravados na lumieira dunha vivenda en Lucenza. Fonte: Autoría propia (2019). 211

Figura 80. Estrela de David na fachada dunha vivenda en Lebosende. Fonte: Autoría propia (2019). 212

Figura 81. Selo do Salomón gravado na lumieira dunha vivenda en Salón. Fonte: Autoría propia (2020). 212

Figura 82. Selo de Salomón, con inscrición e cruz de converso nunha antiga lumieira dunha vivenda en Salón. Fonte: Autoría propia (2020). 212

Figura 83. Gravado tipo Menorah en Fechas. Fonte: Autoría propia (2020). 213

Figura 84. Rebaixe pulido na xamba lateral dereita da entrada a un patio en Pazos de Arenteiro. Fonte: Autoría propia (2020). 213

Figura 85. Peana no lateral esquerdo do van no primeiro andar en Cabanelas. Fonte: Autoría propia (2019). 213

Figura 86. Nicho na fachada dunha vivenda en Vilanova dos Infantes. Fonte: Autoría propia (2019). 214

Figura 87. Portas con lumieira manuelina, rebaixes pulidos e cruz de converso en Campo Lameiro, Pontevedra. Fonte: Autoría propia (2020). 214

Figura 88. Cova de San Vivián, hipotética sinagoga en Vilanova dos Infantes. Fonte: Autoría propia (2019). 216

ANEXOS

ANEXO I: Ficha de recollida de datos

INVENTARIO DE LUGARES VISITADOS. FICHA___ Propietario:_____ Lugar:_____

DATOS XERAIS

Enderezo:
Ref. Catastral:
Ano de construcción:
Estado de conservación:
Uso:

plantas

TIPOLOXIA EDIFICATORIA

- ☐ Volumetria orixinal
- ☐ Planta baixa ☐ Planta baixa e 1º andar
- ☐ Cobertura
- ☐ Illada ☐ Adosada
- ☐ Outros

SISTEMAS CONSTRUCTIVOS

- ☐ Fachadas
- ☐ Estructura
- ☐ Cobertura
- ☐ Carpintaria exterior
- ☐ Outros

alzados

SIMBOLOS

- ☐ Aristas exteriores biseladas en ocos e ventás
- ☐ Cruz de converso gravado na fachada
- ☐ Emblema da Inquisición
- ☐ Rebaixe da arista da xamba lateral dereita "afilados rituais"
- ☐ Inscripción en lumieira
- ☐ Estrela de David
- ☐ Inscripción invertida
- ☐ Imaxes xudeas
- ☐ Outros

ELEMENTOS ARQUITECTÓNICOS. Situación

- ☐ Falso arco conopial, carpanel. Dintel manuelino ou neomanuelino
- ☐ Falso arco con motivos tardogóticos ou renacentistas
- ☐ Pequeno banco exterior adosado a un lateral da fachada
- ☐ Peana en fachada, ó lado da porta ou ventá
- ☐ Hornacinas (con imaxes)
- ☐ Arco escarzano
- ☐ Outros

sección

ELEMENTOS ESPACIAIS

- ☐ Organización espacial
- ☐ Patio
- ☐ Outros

ESTRUCTURA URBANA

- ☐ Posición e orientación, con referencia ás murallas medievais. Interior - Exterior
- ☐ Xeometría irregular
- ☐ Adaptación á topografía
- ☐ Densidade do espazo urbano
- ☐ Frentes urbanos contínuos
- ☐ Existe barrio xudeo
- ☐ Porta de Entrada barrio
- ☐ Sinagoga
- ☐ Miqvé
- ☐ Cemiterio. Situación
- ☐ Outros

localización

OBSERVACIÓNS

ANEXO II. TRANSCRICIÓN DAS ENTREVISTAS

Guión da entrevista semi-estruturada

Datos identificativos da entrevista:

- **Lugar**
- **Provincia**
- **Data de realización**

Datos de identificación da persoa entrevistada:

- **Nome**
- **Apelidos**

Batería de preguntas:

- É vostede veciño deste lugar?
- Sabe algo da existencia de xudeus neste lugar?
- Sabe se hai algunha casa que teña algunha marca tipo cruz onda a porta da entrada?

  [En caso de afirmación]:
  - Onde se sitúa?
  - Sabe de que ano pode ser?
  - Quen viviu nesa casa?
  - Coñece ó actual dono?
  - Sufriu alteracións a edificación?

Entrevista I.

Entrevista semi-estruturada realizada a Jesús Chao Falcón o 7 de xullo de 2020. O entrevistado é veciño de Mondoñedo, Lugo. Chégase a esta localización porque se refire no libro da exposición As Xuderías Galegas (2002) que puidera existir unha comunidade xudía na zona. Atópase unha casa con simboloxía e fálase co seu dono.

P.A. (Patricia Armada). *É vostede veciño deste lugar?*

J.C.F. (Jesús Chao Falcón). *Si, aínda que nacín na parroquia de San Vicente de Trigás en Mondoñedo. Despois cando casei, acabei vivindo nesta outra casa da familia, xa na vila.*

P.A. *Sabe algo da existencia de xudeus neste lugar?*

J.C.F. *Si, eiqui nesta zona sempre se falou que viviron os xudeos.*

P.A. *Sabe si a súa familia ten ascendencia xudía.*

J.C.F. *Non, eu non che sei.*

P.A. *Vostede sabe o que significan as cruces gravadas ó redor da porta da casa contigua á súa?*

J.C.F. *Non, a verda é que non.*

P.A. *Recorda de quen era esta vivenda?*

J.C.F. *Si, era de meu tío curo que estaba en Madrid. Recibina de herdanza, aínda que algunhas partes tamén foron compradas. Chegou a ser pousada, aínda que agora mesmo utilizámola de almacén e para gardar aparellos de labranza, está practicamente en desuso. A miña familia vive nunha casa que comunica con esta polo jardín.*

P.A. *Sabe vostede se ten antepasados xudeus? Ou se sería capaz de facer algunha conexión desta vivenda con asuntos de tradición xudía ou coñeceu ás persoas que a habitaban?*

J.C.F. *Sorpréndeme esta pregunta. Pero a min aclárame e faime entender a forma de ser daquela xente que eu aínda coñecín que vivían nela. Eran moi deles e non sei, algo había, non sei explicalo, pero si que creo que tiñan algo especial que os distinguía do resto da xente desta zona, tiñan algo de portas cara adentro. Non vivín con eles, pero si que meus país tiñan algo de parentesco e si que recordo algo. Algo se falaba deles polo pueblo no sentido de que non eran xente como a demais.*

Entrevista II.

Entrevista semi-estruturada ó señor X en Quintanela, Carballiño, realizada o 9 de setembro de 2019. O obxectivo principal é coñecer máis historia sobre a denominada como "Casa dos Xudeus" (incorporada na ficha A12).

P.A. (Patricia Armada) *É vostede veciño deste lugar?*

X. *Si, de toda a vida.*

P.A. *Sabe algo da Existencia de xudeus neste lugar?*

X. *Sei da que lle chaman Casa dos Xudeus.*

P.A. *Onde se sitúa?*

X. *Elí arriba ó fondo, na cima do pueblo.*

P.A. *Sabe de que ano pode ser?*

X. *Pf! É moi antigua pero non che sabría dicir. Xa a acordaba meu abuelo.*

P.A. *Quen viviu nesa casa?*

X. *Vivían unhos señores que emigraron ó Brasil. Hai unha fonte alí cerca, tamén moi bonita, e unhas columnas que tamén pertenecen ó mismo dono. Sempre se lle chamou Casa dos Xudíos.*

Entrevista III.

Entrevista a José, que ten por oficio canteiro, en Cabanelas, Carballiño, a 15 de setembro de 2019. Realízaselle a entrevista co obxectivo principal de coñecer máis sobre a casa da súa propiedade que se supón casa de culto xudía. Chégase ata este home a través de Saúl, outro entrevistado.

P.A. (Patricia Armada) *É vostede veciño deste lugar?*

J. (José). *Si, caseime aquí, aínda que eu son da Arnoia*.

P.A. *Sabe algo da existencia de xudeus neste lugar?*

J. *Sei que a casa que comprei dicían que era dunhos xudíos. Ten unha canalización de auga que chega hasta a entrada do patio. E bueno, sempre se di que os xudíos tiñan a condición de meter a auga nas casas.*

P.A. *Encontrou algún resto no interior da edificación?*

J. *Non, de momento non. Viñeran unhos señores hai unhos anos a ver se fora unha capilla ou algo, pero non che sabría dicir quenes eran e bueno tampouco me dixeron nada, nin sei se se publicou nada.*

Entrevista IV.

Entrevista realizada a Saúl Rodríguez Balboa, asociado ó Grupo de Investigación Chamoso Lamas, a 20 de agosto de 2020. O obxectivo principal é coñecer máis sobre edificacións relacionadas con xudeus na zona do Val do Avia.

P.A. (Patricia Armada) *Coñece se no Val do Avia hai algunha edificación relacionada cos xudeus?*

S.R.B. (Saúl Rodríguez Balboa) *Creo que hai unha casa en Cabanelas que tradicionalmente din que está relacionada. Tamén outra en Lebosende que podería ter que ver cos xudeus. Podo presentarche a Eduardo González Filgueira, investigador, que saberá explicarche con precisión.*

Tamén en Avión existía un curtidoiro de peles onde agora é un restaurante "O Valderias", e pode ser que esa profesión estea relacionada coas actividades realizadas por xudeus.

P.A. Moitas gracias!

S.R.B. *Existen, tamén, unhas lápidas nun camiño da zona de Leiro, que popularmente albergan unha historia curiosa. Había uns rapaces que viñan de Leiro á escola de Lebosende, e que paraban no cemiterio a escupirlle a unhas tumbas que din que eran dos xudeus.*

P.A. *Sabe algún dato máis?*

S.R.B. *En Ribadavia hai unhas tumbas onda a Igrexa da Oliveira que se di que son de xudeus, pero non existe documentación, solo é por tradición oral.*

P.A. *Sóalle de ver algunha edificación con cruces ó lado da porta?*

S.R.B. Si, *hai un muíño que ten varias cruces e que se di que tamén puido ser de familia xudía. Ademais, hai outras adegas no Tombelo que pode ser que tamén teñan algunha cruz, pero teríamos que comprobalo.*

P.A. *Algún dato máis?*

S.R.B. *En Leiro, onde está agora o cuartel da garda civil, era o Pazo dos Hermida, eran conversos e ten un escudo. Está documentado que foron a Valladolid a facer unha depuración da sangue.*

P.A. *Sabe se posúe vostede antepasados hebreos?*

S.R.B. *Penso que sí, xa que os apelidos dos meus avós López, Martínez, Simón, son apelidos conversos, e unha casa en Quintanela coñecida como casa das caras ou dos xudeos era da familia de miña avoa.*

Entrevista V.

Entrevista semi-estruturada a Marisa, propietaria dunha edificación na Rúa Nova de Celanova. Acódese a ela por ser dona de dita edificación, con cruces gravadas e conséguese contactar con ela a través dun familiar, a 24 de Novembro de 2020. Realízaselle a entrevista co obxectivo principal de coñecer máis sobre a casa da súa propiedade.

P.A. (Patricia Armada) *É vostede veciña deste lugar?*

M. (Marisa) *Eu vivín aquí de pequena pero ahora vivo nun piso no medio de Celanova. Funme emigrada a Venezuela a traballar a un taller de telas do cal os donos eran xudeus. Nunca me dixeron porque acabei alí, miña nai traballaba alí de costureira e eu acabei chegando alí tamén. Sempre me valoraron moito, e pagábanme máis do que tiña que cobrar en realidade.*

P.A. *Vostede sabe si tiña ascendencia xudía?*

M. *Eu non sei, pero bueno, nesta rúa nova vivíamos todos artesáns e éramos todos familia. Meu avó era ferreiro e no baixo tiña unha ferreiría. Esta casa xa era del e eu herdeina.* Antes de irme para Venezuela comprei un libro dun historiador xudeo, que fala dos xudeus en Celanova, se o encontro, préstocho!

P.A. *Gracias! Sabe que poden significar as cruces que están gravadas na fachada da súa casa?*

M. *Non, a verdade e que o desconozco.*

P.A. *Sabe se sufriu aumentos ou cambios co paso dos anos?*

M. *Non, sempre a recordo así.*

P.A. *E a lacena que ten dentro? Recorda que tivera algún uso especial?*

M. *Non, a verda é que non.*

P.A. Moitas gracias!

M. Xa te chamarei para o do libro.

Entrevista VI.

Entrevista semi-estruturada realizada a Maximino Modesto Cendón, un dos veciños de máis idade da Graña, a 19 de Xuño de 2019. Acódese a el segundo indicacións de Adolfo Alonso Hermida, que interfire na entrevista tamén e é veciño de Mangüeiro, Avión, bastante coñecedor da zona da Graña e da súa particular historia. O señor Maximino é entrevistado co obxectivo de coñecer a existencia de simboloxía ou edificacións particulares.

A.A.H. (Adolfo Alonso Hermida) *Boas Maximino, veño cunhos amigos que están investigando sobre os xudíos, a ver se lle pode contestar a unha preguntas.*

P.A. (Patricia Armada) *É vostede veciño deste lugar?*

M.M.C (Maximino Modesto Cendón). *Si, de toda a vida*. *E logo?*

P.A. *Sabe algo da existencia de xudeus neste lugar?*

M.M.C. *Viñeron fai un tempo aquí a tomar mostras da saliva, a miña levárona. Unhos de Braga, para saber se tíñamos pasados xudíos ou relación con xentes de máis atrás, pero aínda non nos dixeron nada. Fixéronola a unhos cincuenta, pa mirarnos o ADN. Despois, bueno, hai unha zona aquí preto que lle chaman "Chan de xudeus".*

P.A. *Vostede sabe se ten antepasados xudeus?*

M.M.C. *Os meus antepasados sempre se dedicaron ó comercio de paños, primeiro iban a Asturias e despois emigramos para Venezuela, onde nos seguimos dedicando a eso, e solo nos relacionabamos entre nós.*

P.A. *Por que?*

M.M.C. *Porque máis vale malo coñecido, que o bo por coñecer, xa se sabe. Ademais que nós falábamos entre nós en barallete, e entón nadie nos entendía. Cando volvemos dalá de Venezuela fomos todos para a mesma zona en Vigo e comerciamos con telas, despois dedicámonos tamén naquela zona á construción de edificios.*

P.A. *Sabe se hai algunha casa que teña algunha marca tipo cruz onda a porta da entrada?*

M.M.C. *Deso non sei, o que si é dunha casa que din que era unha sinagoga, que ten dúas entradas.*

P.A. *Sabe de que ano pode ser?*

M.M.C. *Ten unha inscrición na lumieira da porta que debe por o ano, pero non se ve ben.*

P.A. *Sabe se alguén viviu nesa casa?*

M.M.C. *Que eu sepa aí non vivía nadie, sempre se utilizou como sinagoga*.

P.A. *Coñece ó actual dono? Ou se sufriu cambios a edificación?*

M.M.C. *Xa non sei de quen é, a verda, nin si cambiou cos anos.*

Entrevista VII. Técnico de cultura de Monterrei
Entrevista semi-estruturada realiza a, Rafael Castro Vaamonde, técnico de cultura do Concello Monterrei, en Outubro de 2020. Búscase coñecer se existe algunha edificación con simboloxía singular.

P.A. (Patricia Armada) *É vostede veciño deste lugar?*

R.C.V. (Rafael Castro Vaamonde) *Vivo nunha aldea de Monterrei, si.*

P.A. *Sabe algo da existencia de xudeus neste lugar?*

R.C.V. *Estase investigando sobre eles e recentemente atopáronse dúas casas con posible conexión cos xudeus, pola simboloxía que posúen e porque nunha delas houbo unha cata arqueolóxica non fai moito, onde se encontraron algunhos restos que confirman que si había esa existencia.*

P.A. *Coñece ó actual dono?*

R.C.V. *Agora mesmo, unha delas comprouna o concello e está dedicada a salas de exposicións.*

P.A. Sabe se hai algunha outra edificación a destacar?

R.C.V. *Hai tamén unha casa da Inquisición preto daquí, de Monterrei.*

Entrevista VIII.

Entrevista semi-estruturada realizada ó arquitecto técnico e asesor municipal de Oimbra, Marcos Rodríguez, en Outubro de 2020. O obxectivo é coñecer se hai algunha construción asociada con xudeus no Concello de Oimbra, despois de ter contactado previamente con el, realizoulle unhas preguntas ós veciños que relatou na entrevista.

P.A. (Patricia Armada) *É vostede veciño deste lugar?*

M.R. (Marcos Rodríguez) *Vivo nunha aldea próxima.*

P.A. *Sabe algo da existencia de xudeus neste lugar?*

M.R. *Bueno, a xente da zona recoñece unha casa en particular por posuír tradicionalmente dúas caras demoníacas, aínda que agora xa non as conserva.*

P.A. *Sábese se sufriu alteracións a edificación?*

M.R. *Unha veciña descríbea como unha casa que ten reformada a parte de adiante e que algún día foi toda unha. Di que era enorme e con símbolos xudeus dentro, unha galería de tres metros ou máis ata o teito, toda de madeira. Menciona tamén as caretas de aspecto diabólico que che contaba e tamén que tiña un pozo de auga dentro, escaleiras interiores, palomar e que os antigos donos eran comerciantes de orixe portugués. Parece ser que tiñan unha tenda na parte de abaixo.*

P.A. *Sería posible entrar na que foi antiga tenda?*

M.R. *Témome que non, os donos están no estranxeiro e ninguén ten chaves.*

Entrevista IX.

Entrevista semi-estruturada realizada a X, na primeira inspección a Salón o 28 de Maio de 2020. Inspeccionando, conséguese realizar unha entrevista a un dos veciños, co obxectivo de coñecer se hai algunha construción asociada con xudeus nesta aldea.

P.A. (Patricia Armada) *É vostede veciño deste lugar?*

X. *Si, son.*

P.A. *Sabe algo da existencia de xudeus neste lugar?*

X. *Algo din…*

P.A. *Sabe se hai algunha edificación que teña algunha marca tipo cruz onda a porta da entrada?*

X*. Si, existen: unha, que aínda está colocada, que é da miña casa, e outra que está desmontada pero aínda conservo a lumieira que era tamén da miña familia e estaba nunha porta da entrada.*

P.A. *Onde se sitúan?*

X. Acompáñote e vémolas.

P.A. *Pero estas inscricións non son cruces, non? Son estrelas de cinco puntas.*

X. *Bueno, nos chamámoslle cruces.*

P.A*. E non lle dicían por que marcaban estas estrelas ou quen o facía?*

X. *Non, non che sei.*

P.A. *Sabe algo dunha sinagoga nesta aldea?*

X. *Non, o único que sei diso, é que á capela cambiáronlle o sentido da colocación do altar. Antes estaba mirando para un lado e ahora está pa outro.*

Entrevista X.

Entrevista semi-estruturada realizada a Margarita Pérez Armada, en Outubro de 2020. Despois de ter lido sobre a posible existencia dun asentamento hebreo na zona do Val do Arnoia e nas proximidades das aldeas de Fechas e Soutomel, contáctase con ela por vivir nas proximidades das mesmas, en Outeiro. No comezo a entrevistada nega saber da existencia de simboloxía característica, pero días despois, e tendo en conta o que atopa, realízaselle unha entrevista.

P.A. (Patricia Armada) *Atopou algunha edificación que teña algunha marca tipo cruz onda a porta da entrada?*

M.P.A. (Margarita Pérez Armada) *Si, na miña casa. Ten unha inscrición na porta de entrada ó patio, dúas cruces na fachada principal e unha cruz no lado dereito da porta de entrada ó palleiro.*

P.A. *Sabería vostede quen viviu nesa casa antes?*

M.P.A. *Comproulla o avó do meu home, Juan, a unha tal Rabina, que era do pobo da Bola. Non sabemos máis dela, pero a edificación é coñecida como "A Casa da Rabina".*

P.A. *Atopou vostede algunha simboloxía máis?*

M.P.A. *Si! Tamén inscricións, que parecen letras, gravadas nas pedras do forno de leña. E despois, pola zona de Soutomel, tamén aparecen gravados en pedras de casas en ruínas.*

Entrevista XI.

Entrevista semi-estruturada realizada a Manuel o 14 de novembro de 2020. O entrevistado é veciño de Pontecaldelas, Pontevedra e é o dono da casa localizada en Laxoso, situado a uns 3 kms. de Pontecaldelas. Agora teñen a casa coa finca en venda. Chégase a esta localización por medio das redes sociais, e mais concretamente polo portal de venda inmobiliaria denominado El Idealista. A través das fotos dispoñibles, obsérvanse elementos peculiares e fálase co seu dono.

P.A. (Patricia Armada). *É vostede veciño deste lugar?*

M. (Manuel). *Eu non, era a miña muller a que viviu aquí, e a casa era das tías da muller, que eran tres e quedáronse coa casa e logo a muller quedou coa casa e con algo de terreo, como unha hectárea e media, pero a casa tiña unhas 25 hectáreas que foron repartidas entre os sobriños desas tías.*

Como xa tiña casa en Pontecaldelas xa non fixemos casa e eu quixen arranxarlle esta para os fillos, pero eles tamén fixeron en Pontecaldelas.

P.A *Entón era unha casa con moito terreo e historia, e vemos por aquí unha construción anexa que ten unhos símbolos que non son moi correntes, ten cruces e letras gravadas.*

M. (Manuel). *Ó final creo que esto foi usado para almacén, pero esta familia era de médicos ou curandeiros en todas as xeneracións que a muller coñece había médicos ou o que fosen ó seu tempo, parece que sempre foi así, aínda temos un tío médico en Cangas e dous dos primos da muller tamén son médicos, eran algo reservados.*

P.A. *Sabe algo da existencia de xudeus neste lugar?*

M. *Non, dubida, pero si que eles todos os anos facían como un ritual ou algo así, tiñan unha botella de cristal con moitos adornos ou brazos e un día escachábanlle esos brazos ou rompían a botella, non sei moi ben como facían, pero era como si practicasen algo prohibido, eso si que é verdade. .*

P.A. *Iso de que foran médicos ou menciñeiros da época si que da pa pensar que puidesen ter vinculación.*

M. *Eu non che sei.*

P.A. *Vostede sabe o que significan as cruces gravadas ó redor da porta da casa contigua á súa?*

J.C.F. *Non sei, hai bastantes e na entrada da parcela no gran dintel de entrada tamén ten unha letras e pon o ano e xa a casa ven de atrás pois ese dintel eu supoño que será posterior á primeira casa..*

P.A. *Parece que ten moitos elementos asociados á casa, ¿que mais cousas ten?*

M. *Si oh, ten unha cova que digo eu que era pa gardalo viño, pois ten un lagar e as uvas traíanas da propia viña, pois tiñan moita terra, ten un forno, que se ve desde o patio, está pegado á cociña, pero debeuse facer grande que ó final*

fixeron un mais pequeno dentro da cociña e desde a cociña tiña un ventanuco polo que lle botaban de comer os porcos sen sair por fora.

Ten unha fonte que restaurei eu e está igual ca estaba ten un arco moi bonito, e digno de ver. O peor foi cando fixeron a estrada a Pontecaldelas que tirou cun palomar grandísimo, puderon facelo noutro lado, pero tiraron con el e enterrárono.

P.A. *Parece que houbo modificacións na casa, ¿pero acórdase de cómo era?* M. *Por dentro tiven que tirar con todo porque estaba moi vello e boteille unha planchada, quería arranxala, pero fan falta moitos cartos e quedou a medias.*

A casa tiña unhas habitacións pequenas e seguidas pegadas ó lado este, mentras que as portas ian a un pasiño que daba coas ventás, é raro porque os parladoiros quedan no pasillo e non nas habitacións. E este altar tiña unhos santiños que levaron os sobriños desas tías que lle dixen.

P.A. *¿E ese altar tan bonito e tan ben feito sabe para que o usaban?*

M. *Non, pero tiñan os santiños, sería como a súa capela particular.*

ANEXO III: Recollida de datos documentais.

ARES (A Coruña)

Data de inspección: 21/12/2019

Vila situada na Provincia da Coruña á que se accede polas referencias de diversos autores e *websites* sobre a posible existencia dunha comunidade hebrea.

SITUACIÓN DA XUDARÍA

1. BARRIO DE O PORTO / DOS PESCADORES

Segundo Galiza Sefarad (2014), os xudeus procedentes da xudaría de Monforte de Lemos, escapando da persecución relixiosa propiciada polos Reis Católicos e co obxectivo de partir do seu porto para o exilio, establécense no barrio de O Porto, xa que esa saída non fora tan inmediata.

Segundo esta fonte, a casa que actualmente alberga o xulgado de Paz de Ares, é de ascendencia xudía.



Xulgado de Paz. Fotografía publicada no Libro Memoria Gráfica de Ares. Ed. Concello de Ares e Deputación da Coruña.



Fotografía actual do Xulgado de Paz. Fonte: Autoría propia (2020).

Segundo datos publicados pola profesora **Yolanda Castro**, autores como o **Marqués de Lozoya e D. Ramón Mendez Pidal** establecen o asentamento dos xudeus no Barrio de O Porto, á beira do mar para traballar no comercio do sal.

A súa situación quedaría reforzada se temos en conta o que di Espinosa Villegas (1998):

> *La situación marginal de estos barrios en el plano urbano, y su curiosa relación con el agua, permitían el desarrollo de todo tipo de actividades artesanales consideradas malsanas como la curtiduría, tintorería, salazón de pescado …*

En *"Anotaciones para una revisión de la casa entre judíos españoles"*, **Espinosa Villegas** (1998) publica que nun texto de P. Fidel Fita, recollido por Cantera Burgos, pódese ler unha referencia ao **aspecto exterior das casas da xudaría de Ares**, na provincia de A Coruña.

> *"es fama que fueron judíos de Monforte a poblar la villa de Ares... El vulgo los llamaba 'bichos': y las casas o habitaciones que les atribuyen se distinguen por cierta solana con escalera exterior que da acceso desde la calle a las habitaciones altas..."*

Segundo Espinosa Villegas, e a colación do aspecto exterior da casas suxire:

> *El tipo no es en absoluto desconocido en la arquitectura popular de otras zonas gallegas. Pero esa característica que se marca puede ser ciertamente típica de estas casas por constituir una forma original de acceso a una habitación de uso tan peculiar en la casa judía como **la terraza**, utilizada durante la festividad de Sukkót, cuando el judío debe privarse de dormir bajo techo cubierto y de su casa entera.*



Praza da Igrexa



Barrio de O Porto. Fotografía publicada no Libro Memoria Gráfica de Ares. E. Concello de Ares e Deputación da Coruña



Rúa do Consistorio en Barrio de Pescadores. Fonte: Autoría propia (2020).

Casas en Saledizo → Segundo Galiza Sefarad, este tipo de casas son herdeiras da época xudía → Non se pode afirmar esta hipótese.



Casa en Salerizo. Fonte: Google Maps.

A SINAGOGA

Segundo a información facilitada polo Concello na súa páxina web, autores como o Marqués de Lozoya e D. Ramón Mendez Pidal, comentan que os xudeus asentados en Ares tiñan a súa propia Sinagoga, da cal se conserva unha parte dunha estrela de David que hoxe serve de lumieira nunha casa.


Fonte: Yolanda Castro.

Descubertas na visita

- Sitúase dita estrela de David na igrexa de Sta. Eulalia de Ubre.

Segundo Galiza Sefarad (2014), a igrexa de Sta. Eulalia de Ubre, conserva arcos de ferradura que eran restos da antiga Sinagoga.


Fonte: Autoría propia (2020).

CEMITERIO

- *Non foi identificado*

ACTIVIDADES DOCUMENTADAS

COMERCIAIS

Sal (segundo Ramón Mendez Pidal).

No 1673 D. Manuel de Castro leva en arrendamento o sal en 5.000 ducados por Ares e 3.000 por Pontedeume (segundo datos publicados pola profesora Yolanda Castro).



Descargando o sal. Fotografía publicada Libro Memoria Gráfica de Ares. Ed. Concello de Ares e Deputación da Coruña

POLÍTICOS

Segundo datos publicados pola profesora Yolanda Castro, no arquivo municipal atópanse nomes de personaxes xudeus que interviron activamente na política e cultura da vila, coma D. Manuel de Castro e Almeida, xudeus procedentes de Portugal e que levaban en arrendo as salinas que existían en Ares.

ORIXE

Segundo datos publicados pola profesora Yolanda Castro, autores como o Marqués de Lozoya e D. Ramón Mendez Pidal, comentan que unha colonia xudía asentouse en Ares fuxindo da persecución dos Reis Católicos no século XV, establecéndose no Barrio de O Porto, á beira do mar para traballar no comercio do sal.

OUTROS DATOS

Apelidos xudeus existentes en Ares na época medieval son Coelho, Calamar, Flores, Coronel (segundo Yolanda Castro).

Segundo SefaradGaliza (2014), estes xudeus foron expulsados por mar e outros asasinados.

TEXTOS

- Mención a unha importante colonia hebrea, con sinagoga propia en:
  González, I. (16 de marzo de 2018). De A Palma a A Nogueirosa por tierras del Golfo Ártabro. *El Periódico*. Recuperado de https://cutt.ly/BjWyQO0
- *Web* do Concello de Ares.

CORISTANCO (A Coruña)

Data de inspección: 23/12/2019

Vila situada na Provincia da Coruña á que se accede polas referencias de diversos autores e *websites* sobre a posible existencia dunha comunidade hebrea.

SITUACIÓN DA XUDARÍA

Non se coñece nin se atopa documentación sobre a existencia dunha xudería como tal.
Existe historia da chegada de xudeu-conversos.

A SINAGOGA

- *Non foi identificada*

CEMITERIO

Antigo cemiterio civil de Corcoesto, na comarca de Bergantiños e Coristanco.



Fonte: Asociación Ambiental e cultural petón do Lobo (2016).

ACTIVIDADES DOCUMENTADAS

COMERCIAIS

Recóllese unha importante actividade comercial na zona.

ORIXE

- *Non se atopan datos.*

OUTROS DATOS

Varela (2016):

Existe unha antiga aldea, Aldemude, situada no Concello de Coristanco, que tivo moita importancia nos séculos pasados, pola realización semanal dun importante mercado. Ademais, durante os séculos XVI e XVII sábese da chegada de xente foránea. Este fluxo foi derivado de:

- O ouro da zona
- A distancia de Galicia cos centros de persecución relixiosa españois de xudeus e conversos, o que favorecía que moitos deles buscaran vivir nas vilas galegas, sobre todo do interior.

Segundo a mesma autora, existía a contradición de que a medida que se levaba a contrarreforma no resto de España, en Galicia aumentaba a entrada de xudeus e mouros, desterrados. Esta época,

correspóndese coa época máis brillante de Aldemude que, como o seu propio nome o indica, era unha aldea de mundo.

TEXTOS

- Asociación Ambiental e cultural petón do Lobo (31 de outubro de 2016). Alemude, val fluvial do Lourido [Blog]. Recuperado de https://cutt.ly/FjWomEW
- Varela, A. (6 de novembro de 2016). Antiga aldea de Aldemunde. *Patrimonio Galego*. Recuperado de https://cutt.ly/ZjWoAW5

FERROL (A Coruña)

Data de inspección: 22/12/2019

Cidade medieval situada na Provincia da Coruña á que se accede polas referencias de diversos autores e *websites* sobre a posible existencia dunha comunidade hebrea.

SITUACIÓN DA XUDARÍA

Segundo a páxina web de Paseando por Ferrol (2015):

- *Destacan entre los edificios una antigua iglesia parroquial, una alhóndiga para almacenar grano y vender pan, un* ***alfolí para la sal*** *, el hospital del Santo Espíritu y en las afueras un convento franciscano.*

- *Apenas se conservan edificaciones de planta baja características de los siglos anteriores al XVI; sin embargo,* ***el barrio conserva la tipología medieval, las primitivas calles y plazas, las calles estrechas*** *e irregulares y las casas de escasa altura adaptadas al relieve.*

- *El tipo de vivienda más común corresponde a casas de dos o tres plantas con carpintería de madera. Composiciones simétricas y elementos decorativos escasos (zócalo, recercado simple en las ventanas, tenue delimitación entre pisos, cornisas breves). Los balcones eran de madera en la etapa más antigua y tenían ventanas de apertura al exterior.*



Fonte: Paseando por Ferrol (2015).

Non existe constancia da localización da xudería de Ferrol.

Descubertas na visita

- Baseándonos na toponimia das rúas, atopamos:

- **Rúa Virxe**




Fonte: Autoría propia (2019).

- **Rúa Cristo**





Asimetría na fachada. Fonte: Autoría propia (2019).

- **Rúa Cruz**



Fonte: Autoría propia (2019).

Segundo Barrera Beitia (2018), no Arquivo Municipal de Ferrol existen 141 informes de **limpeza de sangue** e que datan de 1713 a 1808. Por exemplo o de Ana María Hennequin, e que di o seguinte:

> *«Ana María Hennequin Soltera vecina desta villa de Ferrol ante VM.. VM como mas lugar haia digo que a mi me conviene justificar y hacer ver en autentica y probada forma que soy hija legitima y de legitimo matrimonio de Luis Nicolas Hennequin natural y original de la ciudad de Metz y parroquia de San Martin de ella en el Reyno de Francia; y de Josefa Muñoz que lo es de la parroquia de San Cosme y San Damian extramuros de la ciudad de Burgos tambien vecina de esta villa por linea Paterna con la misma legitimidad de Esteban Hennequin y de Isabel German ahora difuntos que han sido de la propia ciudad de Metz; y por la Materna de Juan Muñoz y Maria Franco, esta asi mismo difunta vecina que fue y aquel lo es de la referida parroquia de San Cosme y San Damián de la ciudad de Burgos; y. y que unos y otros han sido y son cristianos rancios descendientes de tales y de pura y limpia sangre, sin macula ni raza de Moros, Judios penitenciados ni de los nuebamente conbertidos a la Santa Fe Catolica... **Catolica y por consiguiente que no han ejercido oficios viles ni se les prohibió de obtener los honorificos.** Por tanto suplico a VM se sirva mandar que con accion del Sindico General de esta villa seme pruebe la informacion que en el particular ofrezco, y de echo interponga a ella toda su atenticidad y derecho judicial, y ordene que de todo se me de testimonio y seguridad de que haciendo yo los usos y fines que me conbengan» Manuel de Olmos.*

Segundo as interpretacións de Barrera, a solicitante pretendía ter a autorización para usar os coñecementos que o seu avó paterno transmitiulle como xoieiro e *orfebre*.

A SINAGOGA

- *Non foi identificada*

CEMITERIO

- *Non foi identificado*

ACTIVIDADES DOCUMENTADAS

ORFEBRES/PLATEIROS/XOIEIRO

Profesión desenrolada por cristiáns novos.

MARINA REAL (cristiáns novos)

Segundo Barrera:

> *se solicitaban por ser la limpieza de sangre condición necesaria para obtener determinados empleos y grados en la Marina Real, manteniéndose este requisito hasta 1859.*

ORIXE

- 1493. Documento onde se fai constar a existencia dunha comunidade xudea en Ferrol (segundo Galiza Sefarad). Trátase dun requerimento realizado polos Reis Católicos no que solicitan que se pesquise o ouro, prata e pérolas que os xudeos sacaran da Galiza logo do edito de expulsión de 1492. Neste documento recóllese a procedencia dos Xudeos que utilizaron o porto da Coruña como vía de fuxida.

  > *"...levaram outros judeus da dita Vilafranca e de Ferrol e de Ponte d'Eume"*

- Segundo Antonio Rubio, (2017):

> *los judíos de Ferrol se mencionan en los repartimientos de los años 1490 y 1491, lo que indica que hacia final de siglo debió aumentar el número se judíos obligados a tributar, aunque se desconoce cualquier dato personal sobre ellos. La excepción es "Abrán Peyte, judío", vecino de Ferrol, quien, el 5 de julio de 14073 , fue testigo de un foro otorgado por el prior y monjes de San Martiño de Xuvia a favor de Nuño Freire de Andrade. La vecindad derivaba del nacimiento en la población o de la habitación en ella por cierto tiempo, acompañadas estas condiciones de la circunstancia de ser propietario en el lugar de bienes inmuebles y de la admisión como vecino por el Concejo (García 1992, 543). Circunstancias que precisan algo más la figura de "Abrán Peyte".*

TEXTOS

- Barrera Beitia, E. (29 de maio de 2018). Limpieza de sangre en Ferrol (1713-1808). *Galicia Ártabra Digital.* Recuperado de https://cutt.ly/4jWicCd
- Pardo, A. M. (1998). Entre 1770 y 1814 se establecen 14 fábricas de curtidos en la comarca ferrolana. *Anuario brigantino*, (21), 167-182.
- *Galicia Ártabra Digital* (23 de xaneiro de 2018). Conferencia del historiador ferrolano Juán Luís Beceiro, en la Casa de Galicia, sobre la expulsión de los judíos y la Inquisición española. Recuperado de https://cutt.ly/mjWiHW8

NOIA (A Coruña)

Data de inspección: 18/12/2019

Vila situada na Provincia da Coruña á que se accede polas referencias de diversos autores e *websites* sobre a posible existencia dunha comunidade hebrea.

SITUACIÓN DA XUDARÍA

- *Non foi identificada*

A SINAGOGA

- *Non foi identificada*

CEMITERIO

- *Non foi identificada*

ACTIVIDADES DOCUMENTADAS

- *Non se atopan datos*

ORIXE

- *Non se atopan datos*

OUTROS DATOS

- *Non se atopan máis datos*

TEXTOS

- Romero, A. (27 de xuño de 2019). Ría de Muros-Noia, cultura marinera en un entorno de ensueño. *León Noticias.* Recuperado de https://cutt.ly/JjWaU0z

- Antonio Rubio, M.G. (2012). Judíos y juderías en la Galicia medieval, iegps – csic – Xunta de Galicia. Minius, 20. 7-28.:

  En ocasiones, esta presencia se limitó a personajes viviendo aislados dentro de las comunidades cristianas, como por ejemplo en Betanzos o en Caldas de Reis y Noia,(p, 7)

  Caldas de Reis y Noia[5]. De estas últimas se tiene referencias datadas en 1385 y 1396, en las que se cita, respectivamente, a Rui Fernandes dito Judeo como testigo en el traslado de un testamento y a Judá Bembeniste, quien declara que le debe al cabildo de Santiago 2.700 maravedíes.(p, 8)

  [5] Cabana Otero, A. (2003): 51, 110 (docs. 7, 104).

PONTEDEUME (A Coruña)

Data de inspección: 21/12/2019

Vila situada na Provincia da Coruña á que se accede polas referencias de diversos autores e *websites* sobre a posible existencia dunha comunidade hebrea.

SITUACIÓN DA XUDARÍA

Non se atopan referencias documentais á posible situación de xudaría en Pontedeume.

Carlos de Castro Álvarez, é un investigador da vila e ten editado os nomes antigos das rúas.



Pormenor da lámina 33: *Pontes deume. Do Cartógrafo portugués Pedro Texeira, anterior a 1634 por encargo de Filipe IV.*

1. **INTRAMUROS.**

No rueiro aparecen as rúas:

- **Rúa Pescadería**, que estaba unida á do Alcácer por un pasadizo ata 1853.
  Paralela á de Santiago, ten un nome que non soe faltar nas vilas medievais costeiras, poñendo de manifesto, coma non podía ser doutra maneira, a importancia da actividade á que alude. É seguro que a denominación xurdiu cedo, aínda que non a atopamos citada ata 1574[141]
  [141]. Véaxe LÓPEZ CALVO, op. cit., nº 104, aparece citada tres veces máis,: números 55, 93 e 102.

  Transmisión oral do nome. Só se atopa documentada no 1973.

- **Rúa Ferreiros**

Segundo de Castro:

> *Nun principio era unha rúa sen saída á estrada de Betanzos a Xubia, circunstancia explicable porque non tiña porta e a pechaba a muralla. O aforamento ou venta desta, ou a construcción de casas a ámbolos lados da mesma, fixéronse sen arbitrar unha saída na parte baixa, nun momento onde non existía a Estrada Nacional.*

- **Rua de Atafona**

Segundo Lucía Costas Fernández e Carola Macedo Cordal (2008):

> *Era frecuente na Idade Media que os distintos* ***gremios profesionais se agrupasen en barrios propios****. Do mesmo xeito que noutras vilas de orixe medieval, en Pontedeume aínda se conserva a pegada destes oficios no rueiro, nomes como Ferreiros ou Pescadería testifícano, pero ningunha rúa nos recorda o asento do antigo gremio dos curtidores e zapateiros, a excepción do lugar de Pelamios, memoria das antigas pías de curtir. No entanto, como referimos anteriormente, é posíbel que a rúa da Tafona reciba este nome por un vello muíño de sangue utilizado para a moenda de casca e situado na porta da vila -porta da muralla situada no Empedrado-, este muíño atópase documentado no libro do gremio como "Atahona.*

- **Rúa Trepadizo**, chamábase rúa Nova segundo De Castro, C.
- **Rúa de San Agustín** ou rúa do Azogue, antiga rúa da carnicería. Tiña soportais, segundo De Castro Álvarez, Carlos. Alí atopábase a porta da carnicería.



Fonte de San Agustín (a máis antiga da vila. Fonte: Autoría propia (2019).



Rúa de San Agustín, ou da Carnicería. Fonte: Autoría propia (2019).



Rúa de San Agustín, ou da Carnicería. Fonte: Fernández & Cordal (2008) .

O baixo, no que está reunido o grupo de mulleres, corresponde ó nomeado por Dorotea no seu testamento:

> *"a la Manuela, mi nieta, la bodega que se halla debajo de la casa de Don Pedro Mosquera, escribano de número de esta citada villa...según confina por el levante con la calle San Agustín, por el norte con el Mesón de la villa, callejón en medio, y por el vendaval con calle traviesa que pasa de la de San Agustín a la plaza, según es bien conocida la cual le lego y mando para sí, sus hijos y herederos..."*
>
> *O convento de S. Agostiño foi fundado no 1538 fóra do recinto amurallado, polo que ata entón a rúa recibiu o nome de rúa da Carnicería ou da Cortaduría, coma indistintamente se a denomina no Catastro do Marqués da Ensenada ou no Libro Rexistrador de Propiedades do Concello; e rúa do Azogue, nomes que se manteñen ata a segunda metade do século XVIII. A primeira denominación débese ó feito, coma xa explicamos, da presencia ó final da rúa da Carnicería, cunha porta no extremo da mesma, nun principio chamada da Trabanca e logo da Carnicería; a segunda, **á***

***presencia do azougue**, espacio onde se realizaba o **comercio público**. En efecto, a vila posuía en propiedade, por doazón que lle fixera don Fernando de Andrade, o mesón, o cal estaba situado en fronte do convento de S. Agostiño e no que tiña o dereito de azougue156. A denominación de rúa do Azogue debeu prevalecer sobre a **de rúa da Carnicería**. E aínda en documentos de mediados do século XVIII a rúa se intitulaba do Azogue e de S. Agustín.*



Pontedeume na Idade Media. Fonte: Hermida (2005).

- **Praza do pan.**

Segundo Carlos, antes de ser praza era un solar onde había un antigo *alfolí* de sal.

> *O que levan a cabo os sinalados adxudicatarios é unha estrutura que ocupaba o antigo solar do alfolí, formada por unha serie de columnas e piares de cachotería sobre os cales se asentaba un armazón de madeira que soportaba a cuberta de pontóns, ripios e tellas do país. Polo demais, estaba a distinta altura con respecto á rúa Real e Ferreiros, sendo necesario para acceder a ela sendas escaleiras.*


Fonte: Autoría propia (2019).

Descubertas na visita.

- Varias casas coas xambas biseladas. Algún edificio con asimetría nas fachadas.

2. EXTRAMUROS. BARRIO NOVO. RÚA DAS VIRTUDES

Segundo Lucía Costas Fernández e Carola Macedo Cordal (2008):

> *"O que si podemos confirmar é que, ao longo do século XVII e primeira metade do XVIII, os artesáns deste oficio residían na súa maioría no denominado "Barrio Novo", tamén chamado "Barrio da nosa Señora do Souto", na mesma praza da Calzada ou San Roque, na actual rúa das Virtudes, nese momento un simple camiño, Corredoira das Virtudes, rúa do Empedrado, Tafona ou parte alta de Santo Agostiño.*

Establecendo a hipótese de que os curtidores que existiron en Pontedeume serian de ascendencia xudía, a súa situación quedaría reforzada se temos en conta o que di Espinosa Villegas (1998):



Plaza da Calzada ou San Roque. Fonte: Fernández & Cordal (2008).

> *La **situación marginal de estos barrios** en el plano urbano, y su curiosa relación con el agua, permitían el desarrollo de todo tipo de actividades artesanales consideradas malsanas como **la curtiduría**, tintorería, salazón de pescado …*

3. EXTRAMUROS. Rúa da Judea



Fonte: Google Maps (2019).

Segundo de Castro,

> *Con este nome alúdese a unha pequena rúa que, con dirección norte-sur, desemboca en Souto da Vila. O nome transmitiuse oralmente, ata tal punto que só o atopamos escrito no programa das festas do 1973.*
> *É posible que se trate do único vestixio que quede dun barrio xudes*

A SINAGOGA

- *Non foi identificada*

CEMITERIO

- *Non foi identificada*

ACTIVIDADES DOCUMENTADAS

COMERCIAIS

Comercio do Sal. Segundo a profesora Yolanda Castro, D. Manuel de Castro e Almeida, xudeu procedente de Portugal, levaba en arrendamento a salinas de Pontedeume e Ares.

ZAPATEIROS E CURTIDORES (poderíase facer un símil con Allariz?)

Segundo Lucía Costas Fernández e Carola Macedo Cordal en Achega ao gremio dos curtidores e zapateiros de Pontedeume nos séculos XVII-XVIII, p. 314 de Cátedra, revista eumesa de estudos, Premio de Investigación Concello de Pontedeume: *Unhas cantas familias firmemente asentadas na vila compoñen o núcleo do traballo do coiro.*



Fonte: Fernández & Cordal (2008).

As dúas casas centrais da fotografía pertenceron a Thadeo. A vivenda da esquina e a citada no seu testamento era a casa familiar no momento da súa morte; a da esquerda foi a que cedeu ao seu fillo Pablo Antonio para facerse presbítero. Ambas as dúas pertenceron á familia Roberes até ben entrado o século XX. No ano 1774 as dúas vivendas sufriron arranxos por conta do Concello, para utilizalas como hospital.

- Fernández, L. C., & Cordal, C. M. (2008). Achega ao gremio de curtidores e zapateiros de Pontedeume nos séculos XVII-XVIII. *Cátedra: revista eumesa de estudios*, (15), 289-380.
    - *Os curtidores e zapateiros teceron en Pontedeume un intricado mapa de relacións, de carácter amistoso e familiar.*

ORIXE

- 1493. Os Reis Católicos ordenan indagar si xudeus saen do porto da Coruña con destino África. Nese ano confírmase a existencia documentada de xudeus en Pontedeume.

> *"...levaram outros judeus da dita Vilafranca e de Ferrol e de Ponte d'Eume"*
>
> Zona de grande influencia do bispado de Mondoñedo. Os datos de recadación son posteriores ó Edicto de expulsión dos Reis Católicos (1492), momento de exaltación da cristiandade, só a homoxeneidade da fe garante a cohesión social.

- 1472. Documentado a contribución do "servizo" e medio servizo"

- 1482. Documentado a contribución do "servizo" e medio servizo"

- 1488, 1489 e 1491 fan parte do grupo de taxación formado pola xudarías de Coruña, Betanzos e Ribadeo, contribución ao "servizo dos castellanos de ouro".

OUTROS DATOS

Na exposición da Torre dos Andrade aparece a seguinte descrición das casas medievais:

> *Eran de pequenas dimensións, as fachadas non eran superiores a 4 metros e constaban de un baixo e un piso cunha superficie total construída aso redor de 32 m2. Na parte posterior das vivendas existía unha pequena horta ("eixido) cun pozo ou pía. Os materiais empregados para a súa construción eran pedra, barro e madeira, e as casas, en conxunto, eran moi semellantes.* ***Soamente as dos fidalgos, clero e mercadores destacaban polas súas arcadas ou polos escudos.***

Lumieira con diversos gravados de estrelas en Ventosa, parroquia de Centroña. Pontedeume**.**



Fonte: Galiciapuebloapueblo.blogspot.com.

TEXTOS

- Galiza Sefarad (12 de abril de 2015). Pontedeume. Recuperado de https://cutt.ly/LjWa8gt

VIMIANZO (A Coruña)

Data de inspección: 23/12/2019

Vila situada na Provincia da Coruña á que se accede polas referencias de diversos autores e *websites* sobre a posible existencia dunha comunidade hebrea.

SITUACIÓN DA XUDARÍA

Segundo (Antonio Rubio, 2017):

> *La revisión de fuentes, en lo que a distribución por el territorio gallego se refiere, ha permitido conocer la existencia de una nueva comunidad o, al menos, de un grupo judío en Vimianzo (A Coruña).*
>
> *En Vimianzo, en 1462, el monasterio de Santo Domingo de Bonaval de Santiago aforó a Roi de Reborado, vecino de la parroquia de Santa María de Vimianzo, una "casa del barrio judío de la citada parroquia." Si el "**barrio judío**" servía para precisar la ubicación de una casa, sólo puede significar que su localización era conocida por todos, aunque no fuera un área exclusivamente judía; y, que los judíos fueron los suficientemente numerosos como para tener una zona propia, aunque no lo suficiente como para cotizar al servicio y medio servicio.*

Descubertas na visita.

- Unha rúa da Cruz, sen algún interese especial. Está situada lonxe do Castelo, ó lado do río de Vimianzo. Hai que atravesar dito río para chegar ó Castelo. Tras a expulsión moitas das rúas habitadas por xudeus levaban ese nome. Incluso era normal chamar á rúa onde se situaba a sinagoga.





Fonte: Autoría propia (2019).



Fonte: Turismo.dacoruna.gal

A SINAGOGA

- *Non foi identificada*

CEMITERIO

- *Non foi identificado*

ACTIVIDADES DOCUMENTADAS

- *Non se atopan datos*

ORIXE

- *Non se atopan datos*

OUTROS DATOS

Suposta **casa da Inquisición** en Berdoias, Vimianzo.



Fonte: Colectivoarula.com



Fonte: Colectivoarula.com

RIBADEO (Lugo)

Data de inspección: 1/06/2020

Vila situada na Provincia de Lugo á que se accede polas referencias de diversos autores e *websites* sobre a posible existencia dunha comunidade hebrea.

SITUACIÓN DA XUDARÍA

O investigador de Estudos Galegos Padre Sarmiento, **Carlos Andrés González Paz** en García Fernández (2013) documenta a presencia de, polo menos, unha pequena comunidade xudía en Ribadeo no século XV.

> *«Aínda sen datos suficientes, a súa presencia tivo que ser pequena. Non a podemos cuantificar, pero tivo que ser una minoría».*

Un documento do mosteiro de Sta. María de Meira, no que se recolle que "*don Juan de Magilde, afora en Ribadeo a don Ares, capellán, varias "praças" sitas na rúa grande esta villa y que limitan con las que habían sido de Jacob, judío y que ahora son de su hijo Moisés"* (Antonio Rubio, 2006). Conclúe Antonio que se pode documentar a **presenza xudía** de, alo menos **dúas xeracións de xudeus vivindo na vila**. Tamén se apoia na existencia de xudeus a través da documentación fiscal que recolle as cantidades que as comunidades xudías pagaban á coroa, atopando referencias a un grupo tributario formado por "*La Coruña con Betanzos, Ribadeo y Puentedeume. Este dato foi publicado por Suárez Fernández, l. en Documentos acerca de la expulsión de los judíos".*

O termo "praça" cando se refire a solo urbán é sinónimo de solar para construír unha casa (Antonio Rubio, 2006).

> *Los judíos ele Ribadeo siguieron el modelo general ele distribución judía en el ámbito urbano gallego pues fue habitual que viviesen antes ele 1480, -fecha del apartamiento de los judíos a barrios separados ele los cristianos, tal y como ha quec!ac!o ele manifiesto en párrafos anteriores-, en calles principales, compartiendo el espacio con cristianos***.**

Segundo Sefarad Galiza (2014), poden establecerse dúas posibles situacións, aínda que non se poida determinar a súa existencia no mesmo período.

1. **RÚA GRANDE XV, RUA DA PAZ XVIII, RUA JOSÉ CALVO SOTELO 1928 RÚA AMANDO PÉREZ (1931)**

Datos de ALBERTO PARAJE (redes sociais).

> *Esta empinada calle, que durante siglos pasó por ser la principal de la villa de Ribadeo, fue maravillosamente definida en el libro "Ribanova" como trazada "para no ahorrar fatigas al viandante", provocando su bajada "vértigos de tobogán; la subida, emociones de alpinismo".*



Rúa de Ares Ares (s. XIV) = Rúa de las Angustias (s. XIX) = Calle Antonio Otero (1.912).

2. POR TOPONIMIA: RÚA NOVA, RUA DOS FORNOS, RUA DA CARNICERÍA

Mapa de Alsina. Nomea a Rúa nova pero non indica cal é.




Rúa Grande. Fonte: Alberto Paraje.

A SINAGOGA

Descubertas na visita.

- A Colexiata non tiña orientación este-oeste. Non hai ningún sitio onde digan nada de sinagoga, de todas maneiras Alberto Paraje (redes sociais) afirma:

Adjunto un plano muy clarificador, que calculo del XIX, extraído del "Ribadeo Antiguo" de Lanza, en el que viene reflejada la posición de la nueva colegiata, que ocupaba el mismo lugar de la demolida catedral-colegiata románica. Como se puede observar, era de dimensiones mucho mayores que la anterior, y tampoco mantenía su original orientación tradicional Este-Oeste.



CEMITERIO

- *Non foi identificado*

TRIBUNAL

- *Non foi identificado*

ACTIVIDADES DOCUMENTADAS

- *Non foi identificado*

ORIXE

En **1467**, (Judíos y Ribadeo, 2010) redactase un documento no que se di:

> *El abad del monasterio de Santa María de Meira, don Juan de Magilde, afora en Ribadeo a don Ares, capellán, varias "praças" sitas na* ***rúa grande*** *esta villa y que limitan con las que habían sido de Jacob, judío y que ahora son de su hijo Moisés.*

TEXTOS

- García Fernández, I. (1 de abril de 2013). Carlos Andrés González Paz: "El condado de Ribadeo estuvo en manos de mercenarios de los reyes". *El Progreso.* Recuperado de https://cutt.ly/vjWhM9I
- Judíos y Ribadeo (10 de Junio de 2010). Recuperado de https://cutt.ly/VjWZ9oj

VIVEIRO (Lugo)

Data de inspección: 15/02/2020

Vila situada na Provincia de Lugo á que se accede polas referencias de diversos autores e *websites* sobre a posible existencia dunha comunidade hebrea.

SITUACIÓN DA XUDARÍA

Non existía unha xudería como tal, mais si se sabe da existencia dunha comunidade xudía.
Antonio Rubio en Rodríguez (2012):

> *"se colige que la población judía asentada en Galicia estaba constituida por alrededor de mil personas distribuidas geográficamente en tres zonas: la Zona Norte (en las ciudades o villas de A Coruña, **Viveiro**, Ribadeo y Betanzos) ..."*

Segundo Sfarad (recuperado de https://cutt.ly/qjW1aWf):
En Viveiro, provincia de Lugo, donde vivieron muchos judíos, en 1986 se plantaron dos olivos en recuerdo de las víctimas del Holocausto.

A SINAGOGA

- *Non foi identificada*

CEMITERIO

- *Non foi identificado*

ACTIVIDADES DOCUMENTADAS

- *Non foron identificadas*

ORIXE

- *Non foi identificado*

OUTROS DATOS

- A Igrexa parroquial de Santa María de Magazos, no concello de Viveiro, é unha construción gótica do século XV, reformada nos séculos XVIII e XX. Chama a atención dela un pequeno rosetón co símbolo de Salomón, datado do século XV.



Fonte: Parguiña, Eva L. (Galiza Sefarad)

- Existe un apelido “de Viveiro”, asociado a familias conversas (De Lorenzo y Macías, 2020)
- Dous prestamistas de éxito en Cuba, de familia xudía e naturais de Viveiro (La Voz de Galicia, 2017).

TEXTOS

- Rodríguez, S. (28 de decembro de 2012). El renovado esplendor de las juderías de Galicia. *Faro de Vigo.* Recuperado de https://cutt.ly/yjWNzFl
- De Lorenzo y Macías, P. (11 de xullo de 2020). ¿Conocía Colón y la comunidad judía del siglo XV la existencia de la otra tierra? Tercera Parte. *Pontevedra Viva.* Recuperado de https://cutt.ly/PjW1HjW.
- *La Voz de Galicia* (25 de xuño de 2017). Los hermanos Casabella, Dionisio Balseiro y otros prestamistas de Viveiro en Cuba. Recuperado de https://cutt.ly/PjW2FS3

Montañas do Courel (Lugo)

Zona montañosa de Galiza situada na provincia de Lugo.



Fonte: Valcárcel Domínguez (2006).

Valcárcel Domínguez (2006) expón, baseándose en documentación de fidalguía e concesión de foros, que existen numerosas referencias a terras traballadas por persoas de "*mezcla con raza inmunda de moro o judío".* Os fidalgos do Courel, polo xeral labregos pobres e con escasas propiedades, debían demostrar a súa limpeza de sangue como cristiáns vellos.

O mesmo autor, refírese a familia Jato o Xato, instalados na zona do Courel no século XVI, e que previamente viviran en Monforte de Lemos. Tanto esta familia como outras, pertenceron á sinagoga de Monforte e foron forzados en moitas ocasións a cambiar de residencia polas políticas de persecución. Aínda **conversos**, moitos deles emigraron ó Novo Continente buscando una vida pacífica lonxe do Santo Oficio da Inquisición de Santiago, no cal xa tiveran sido procesados.

TEXTOS

- Valcárcel Domínguez, A. (16 de xaneiro de 2006). Las montañas de O Courel, refugio de judíos y conversos. *Galicia Digital*. Recuperado de https://cutt.ly/DjW3qWg

CASTRO CALDELAS (Ourense)

Data de inspección: 04/12/2019

Vila situada na Provincia de Ourense á que se accede polas referencias de diversos autores e *websites* sobre a posible existencia dunha comunidade hebrea.

SITUACIÓN DA XUDARÍA

Non se documenta unha xudaría como tal, pero si se menciona unha comunidade xudía, que segundo Galicia Máxica (2016) contribuíu ó auxe da economía da vila na Idade Media:

> *En la Edad Media, la fortaleza de Castro Caldelas perteneció a la casa de Trastámara, siendo su crecimiento de gran celeridad debido al comercio y a las actividades artesanales en los que los tejedores de lino hicieron de este lugar un importante emplazamiento para sus negocios, además de los* ***judíos con oficios liberales***.

Sábese tamén da existencia de **dous irmáns xudeus** nados en Castro Caldelas a comezos do século XVI, segundo Sefardies (s.f.). Estes irmáns, da familia Santa Cruz Guadalupe, conseguiron pasar inadvertidos ante os ollos da Inquisición, trala expulsión no 1492 grazas a veciños que os protexeron. Os seus pais enviáronos á capital para recibir leccións de literatura que remataron en convertelos auténticos mestres, con vastos coñecementos en medicina.
Convertéronse ó catolicismo na presenza dos Reis Católicos, e posteriormente nomeados como cabaleiros españois, polo emperador Carlos V, que os tiña en gran estima.

A SINAGOGA

- *Non foi identificada*

CEMITERIO

- *Non foi identificada*

ACTIVIDADES DOCUMENTADAS

"Xudeus con oficios liberais".

ORIXE

- *Non foi identificada*

OUTROS DATOS



Arco conopial nunha porta do castelo de Castro Caldelas.

Fonte: Jesus-manuel.com

TEXTOS

- Sefardies (s.f.). Biografías: Santa Cruz Guadalupe, Paulo y Antonio. Recuperado de https://cutt.ly/gjEqFnO
- Galicia Máxica (3 de marzo de 2016). Castillo de Castro Caldelas o de los Condes de Lemos. Recuperado de https://cutt.ly/vjEqH9g

CELANOVA (Ourense)

Datas de inspección: 01/03/2020
23/12/2020

Vila situada na Provincia de Ourense á que se accede polas referencias de diversos autores e *websites* sobre a posible existencia dunha comunidade hebrea.

SITUACIÓN DA XUDARÍA

Segundo Antonio Rubio (2007): *sólo se tiene constancia documental de la presencia aislada de algunos individuos. Tal es el caso de Celanova.*

Segundo Mendez Ferrin,

> *Gostaríamos de precisar que os Hebreus que aparecem mencionados em dous documentos do ano 1044 que se incluem no Tombo de Cela Nova, sendo os primeiros de tal naçom que figuram localizados na Galiza, nom viveram, segundo a informaçom que chegou a nós, em Cela Nova.*
>
> *Mal aparecem localizados (nem sequer fixados) no vale do Arnoia e nas proximidades das aldeias de Fechas e Souto-Mel, como dependente dum feudal e para nada do abade de Cela Nova.*
>
> *Em 1044 Cela Nova nom era um núcleo urbano, mas só um convento. Em todo o caso, a vila de Alhariz acha-se a uns 12 quilómetros do teatro dos acontecimentos nos que se mencionam estes primeiros Judeus advertidos na documentaçom galega.*
>
> *E Alhariz sim que teve judiaria bem povoada e documentada anos mais tarde.*

Segundo Carlos Barros,

> *La convergencia de la política protectora hacia los judíos en la Alta Edad Media de la monarquía y de la Iglesia, de los magnates laicos y los prelados, favoreció en las tierras de Celanova el inicio de una convivencia de las "tres culturas" que no tuvo, como sabemos, solución de continuidad en la Galicia medieval.*

A escasa documentación sobre a súa localización impide coñecer a localización precisa do asentamento xudeu de Celanova, sendo necesario o estabelecemento de diferentes hipóteses.

1. ARRABALES.

Recorrendo á toponimia, existe a **Rúa Nova**.

Segundo se publica en **Sefarad Galicia** (2015) nalgunhas casas de Celanova pódense ver cruciformes de conversos, indicativo de que viviron Xudeus que se converteran ao cristianismo. Para que non os perséguese a Inquisición marcaban a súa casa cunha cruz (cruciforme), símbolo do seu orgullo de ser cristiáns-novos.

Descubertas na visita.

- Só atopamos unha casa coa con cruz de converso no lado dereito da porta de entrada e sobre a fachada.

A SINAGOGA

- *Non foi identificada*

CEMITERIO

- *Non foi identificada*

ACTIVIDADES DOCUMENTADAS

COMERCIAIS

Segundo **Antonio Rubio (2007):**

> *judíos de Celanova a quienes, en el año 1044 (Andrade, 504-505, doc. 350) les fueron robadas sus pertenencias, paños, sedas, lienzos, etc., cuando fue asaltada la casa de Menendo Gundisalvi, donde ellos tenían su mercado.*

Segundo **Sefarad Galiza (2015)**, está demostado que a comunidade xudaica de Celanova mantiña relacións comerciais coa Xudiaría de Coimbra.

Segundo **Barros Guimeráns (2009)**,

> *desde el comienzo del proceso urbanizador que sigue al año mil, tenemos a mercaderes instalados en las **ciudades del Camino de Santiago**, **al igual que en sus proximidades y rutas secundarias** -fundamentales para entender la formación del sistema urbano en Galicia-, viajando cuando era preciso, actuando incluso como corresponsales de otros mercaderes europeos. Inferimos, pues, que los judíos asociados a Menendo en el interior de Galicia, conectados con el Camino de Santiago, utilizando como base circunstancial la casa limiense de su caballero defensor y, de forma tal vez más permanente, algún burgo altomedieval del sur orensano.*
>
> *"entre los siglos IX y XI, los judíos reforzaron su posición en casi todas las localidades de Europa donde veían posibilidades de comerciar".*

AGRICULTORES

Segundo José Mattoso en Carlos Barros,

> *La hermana y el cuñado de Rosendo cedían a Celanova un importante predio rústico con casas y viñas cuidadas, desde hacía tiempo, por sus judíos, junto con otras viñas adquiridas posteriormente. Estos judíos campesinos, ahora trabajadores de Celanova, instalados cuando menos en las afueras de Coimbra con anterioridad al reparto de 934, seguramente desde los tiempos del abuelo de Rosendo, el conde Hermenegildo Gutiérrez (869-911).*

ORIXE

1044 (cita anterior). É tamén o lugar de Galiza no que se documenta una comunidade xudía por primeira vez.

OUTROS DATOS

- *Además de la agricultura y de la ganadería, fue importante el empleo generado por las obras monacales (artistas, canteros) y el comercio (ferias de Milmanda desde el siglo XII y de Vilanova, en donde hubo un gremio de zapateros, desde el XV).*

- Sábese da existencia dunha familia ruso-xudía, reputados ortodoncistas, que se mudan a Celanova no século XX (Simón, s.f.).

- Hermano Saiva (2016), presenta a realidade sobre a Celanova do século XI, dicindo que non era unha gran vila, nin ía máis alá dun convento con actividades ó seu redor.

TEXTOS

- **Antonio Rubio, M. G. de (2012).** Judíos y juderías en la Galicia medieval. Minius, 20, (7-28). Páxina 8:

  …sólo se tiene constancia documental de la presencia aislada de algunos individuos. Tal es el caso de ***Celanova, cuya primera referencia a personajes judíos data del 16 de Mayo de 10442*** *y se inserta dentro del pleito entre Menendo González y Arias Oduáriz por los daños que este último había cometido en la casa del primero, entre ellos, el ataque a los hebreos que allí tenían un mercado.* ***La dedicación judía al comercio de textil en esta zona no debe ceñirse exclusivamente al siglo XI pues****, casi quinientos años después se hace referencia a esta actividad en las declaraciones de testigos en un pleito mantenido por los condes de Lemos y Monterrey.*

- **Guimerans Barros, C. (2009).** Celanova de las tres culturas, siglos X-XI. In *Castilla y el mundo feudal: homenaje al profesor Julio Valdeón* (pp. 9-24). Consejería de Cultura y Turismo.

- José MATTOSO, *A nobreza medieval portuguesa*, pp. 117-121.

- Simón, D. (s.f.). El médico dentista ruso-judío Salvador Rozental, la Comisión ProMilenario de Celanova (Ourense, primavera de 1936) y otros periplos. *Mozaika.* Recuperado de https://cutt.ly/qjExoPj

- Hermano Saraiva, J. (18 de setembro de 2016). A Inquisiçom Portuguesa [Blog]. Recuperado de https://cutt.ly/DjExT47

Data de inspección: 05/10/2019
20/09/2020
09/01/2021

MONTERREI (Ourense)

Vila situada na Provincia de Ourense á que se accede polas referencias de diversos autores e *websites* sobre a posible existencia dunha comunidade hebrea.

SITUACIÓN DA XUDARÍA

Segundo Antonio Rubio (2012) podería existir una comunidade hebrea e non só xudeus vivindo illados na vila, baseándose na referencia documental ó cementerio dos xudeus.

> *Existen otros casos, como Monterrei y Baiona, donde apenas se conserva documentación sobre personajes judíos viviendo en ellas. Sin embargo, es lo suficientemente significativa como para suponer la existencia de una comunidad importante. En Monterrei sólo se menciona la presencia de don Jacob, yerno de don Elías, morador en Monterrey[11], pero se documenta la existencia de un cementerio judío en el interrogatorio de testigos sobre la posesión y demarcación del Couto de Mixós: «sabian que syenpre en el dicho logar et Fosario de los judios estoviera syenpre una crus fecha por demarcaçion de entre Paaços e la Villa de Monterrey e que la dicha crus estava puesta en un penedo e que saben que Joana Gonçales de Paaços avia vendido una vinna a Gil Facote, que hera de fuero del monesterio que esta a par del dicho Otero de los Judios e par de la vinna del conde de Monterrey» [12]. Por lo tanto, si Monterrei contó con un cementerio judío parece lógico suponer la existencia de una comunidad hebrea y no sólo de judíos viviendo aislados en la villa. (p.10)*

A SINAGOGA

- *Non foi identificada*

CEMITERIO

CEMITERIO

Segundo Antonio Rubio (2017):

> *En Monterrei, las referencias al cementerio judío se inscriben dentro del interrogatorio sobre la posesión y demarcación del "Couto de Mixós", en el pleito entre el monasterio de Celanova y el Concejo de Monterrei. Uno de los testigos aseguraba saber que en el "Fosario de los judíos", es decir, el cementerio de los judíos, estuvo siempre una cruz de demarcación entre "Paaços" y la villa de Monterrei (Vaquero 2004, 201-212, doc. 837-I).*

Localizaríase fora da cidade de Monterrei, sobre un outeiro próximo ó Río Támega.

ACTIVIDADES DOCUMENTADAS

- *Non foron identificadas*

ORIXE

- *Non se atopan datos*

OUTROS DATOS

Descubertas na visita

- Rebaixes pulidos na porta da muralla.
- Dúas casas con inscricións de cruces de converso.
- Varias estrela *hexalfa* na fachada da igrexa

TEXTOS

- Antonio Rubio, M. G. de (2012). Judíos y juderías en la Galicia medieval. *Minius: Revista do Departamento de Historia, Arte e Xeografía*, (20), 7-28.
- APIT Galicia (6 de setembro de 2020). Judíos y conversos en Galicia. Parte 4. Los judíos de Ourense, Allariz y Monterrei [Arquivo de vídeo]. Recuperado de https://cutt.ly/mjEcA9P

VERÍN (Ourense)

Data de inspección: 20/09/2020

Vila situada na Provincia de Ourense á que se accede polas referencias de diversos autores e *websites* sobre a posible existencia dunha comunidade hebrea.

SITUACIÓN DA XUDARÍA

Segundo Dasairas Valsa (s.f.) o elemento xudeu atopou unha atracción por vilas máis despoboadas como foi o caso de Verín e Monterrei, que ademais posuían unha proximidade á fronteira, en caso de persecución.

Descubertas na visita

- Segundo Miguel Losada, historiador da zona, existe unha antiga aldea enterrada, Zacais, onde habitaría unha comunidade hebrea. Agora mesmo sitúase baixo o polígono industrial de Verín. Segundo refire o historiador, fíxose un arquivo arqueolóxico pero non se puido acceder ó resultado.
- Descóbrese tamén unha cruz de converso na xamba da porta dunha vivenda.

A SINAGOGA

Segundo Dasairas Valsa (s.f.) "*pervive en Verín aínda a tradición dunha sinagoga fronte a actual Igrexa Parroquial e o seu asentamento aquí aparece en continuas referencias poboacionais e toponímicas" (p.242).*

Descubertas na visita

- Segundo o historiador Miguel Losada, a súa localización actual sería: https://cutt.ly/UjEbvWc

CEMITERIO

O "*fosario dos xudeus*", sito en Monterrei, vila preto de Verín, coñecíase como o "Outeiro dos Xudeus" (Dasairas Valsa, s.f.).

OUTROS DATOS

- Existe unha **casa co emblema da Inquisición** gravado na lumieira, en **Videferre**, na zona de Verín, que documenta Fonseca Moretón (2004).
- Tamén na zona de Verín, en San Esteban de Valdeorras, se documentan varios veciños procesados por xudaizantes, e que eran cristiáns novos, de ascendencia portuguesa (Antonio Rubio, 2009).

TEXTOS

Segundo Aira Pardo (2017):

> *De vuelta en los documentos que he estudiado personalmente, mencionar que Blanca de Oliveira vuelve a aparecer en un documento del Archivo Histórico Nacional, Sección Inquisición de Santiago, Carpeta 41, año 1604, se cita: "Blanca de Olibeira vecina de Monforte de Lemos y natural de Berin de edad de veinte y siete años muger de enrrique lopez mercader fue testificada por cinco testigos mugeres de diversas cosas de la ley de moissen. […] Había ayunado en Verín".*

- Dasairas Valsa, X. (s.f.). *Crónicas Rexiomontanas I. Territorio e Historia na Comarca de Monterrei.* Concello de Verín.
- de Antonio Rubio, M. G. (2009). Judíos, conversos e Inquisición en Galicia (siglos XI-XVII). *Cuadernos de Estudios Gallegos*, *56*(122), 171-189.

Data de inspección: 01/03/2020

06/12/2020

VILANOVA DOS INFANTES (Ourense)

Vila situada na Provincia de Ourense á que se accede polas referencias de diversos autores e *websites* sobre a posible existencia dunha comunidade hebrea.

SITUACIÓN DA XUDARÍA

VILANOVA – Burgo medieval coa Torre do Homenaxe.

Segundo Sefarad Galiza (2015), en Vilanova dos Infantes está acreditada a presenza xudaica, existindo varias casas medievais con marcas de converso (cruciformes). Existe a crenza popular de que logo despois da expulsión decretada polos reis católicos, Vilanova dos Infantes, co apoio da comunidade cristiá, acolleu Xudeus.

Segundo Méndez Ferrín, importante escritor galego, nun artigo publicado no Faro de Vigo comenta

> *"Temos falado aqui da orixe xudaica, nunca probada, de certas familias de Vilanova dos Infantes, incluída a miña…."*.

O seu pai, Venancio Méndez Feijóo, era fillo dun comerciante de Vilanova.

1. **ARRABALES.** Sitúana nas **Rúas Arrabaldo**.

Descubertas na visita.

- Só atopamos unha casa coa con cruz de sobremesa no lateral dereito da porta de entrada. Ten catalogación ambiental. O propietario non me deixa entrar.

- Atópase unha casa na Praza coa con inscrición na lumieira.

- Atópase unha casa con santos na fachada e hornacinas na rúa da Barronca,

SINAGOGA

Exponse a hipótese de se a **Adega de San Vivián** podería ter sido sinagoga xudía, pola súa aparencia de cova e catacumbas. Esta bodega tradicional escavada na cova, mantén a súa estrutura orixinal.

Segundo Ríos Conde (2016) trátase dunha edificación moi relacionada popularmente coa realización de cultos perseguidos, idea fundamentada na existencia dunha comunidade xudaica en Celanova xa no século XI.



Fonte: Sefarad Galiza (2015).

Segundo PIÑEIRO, Antonio, *"Centro de Interpretación dos zapateiros en Vilanova dos Infantes",* en Raigame: revista de arte, cultura e tradicións populares, nº 34, Ourense, 2011:

- *Data de 1767*
- *Antonio Piñeiro señala que **no estaría al alcance de los propietarios** potenciales de este tipo de viviendas el **realizar trabajos de cantería como el de esta construcción**.*
- *Otra de las incógnitas que tiene la cueva es su nombre, San Vivián, un santo que no tiene tradición alguna en Galicia ni en España, pero sí esta relacionado con las cuevas. San Viviano fue un eremita italiano que vivió en una cueva de Vagli Sotto, una localidad de la Toscana; que se convirtió luego en ermita, donde recibe culto. Está muy cerca de Carrara, célebre por sus mármoles, y el santo es patrón de los canteros.*
- *Más enigmas son el de **sus constructores y su función**, además de la de bodega; confirmada por su orientación cara al norte, y la presencia de una serie de huecos transversales para albergar cubas. Según apuntan varios investigadores, Vilanova y las Terras de Celanova fueron lugar de asentamiento para las primeras **comunidades de judíos y musulmanes** en Galicia, conclusión a la que llegaron analizando la onomástica que aparece en documentos del siglo X del Tumbo de Celanova; esto ha dado pié a relacionar la cueva con cultos perseguidos.*

Pola súa traza, debe ser unha construción do século XVIII, ademais na súa cara norte pódese ler unha inscrición coa data de 1763.
A súa situación está no arrabalde da vila, igual que o suposto asentamento xudeu.

CEMITERIO

- *Non foi identificado*

ACTIVIDADES DOCUMENTADAS

COMERCIAIS

ZAPATEIROS

Ademais da agricultura e da gandería, foron importantes algunhas obras monacais para o desenvolvemento económico da vila e, sobre todo, de canteiros e artistas. Tamén foi de importancia o comercio (feiras de Milmanda dende o século XII e de Vilanova onde se sitúan zapateiros dende o século XV (https://cutt.ly/4jEnYhF).

ORIXE

1044. Aparece documentada por primeira vez a comunidade de Celanova, e pola proximidade de Vilanova dos Infantes á mesma, dedúcese a posibilidade de aparición da comunidade xudaica tamén nestas terras.

TEXTOS

- Ríos Conde, A. De los (27 de novembro de 2016). La enigmática Cueva de San Vivián en Vilanova dos Infantes. *Via Lethes.* Recuperado de https://cutt.ly/jjEnrgM
- Grandal, L. O. (2011). Estudo arqueolóxico de Vilanova dos Infantes. *Raigame: revista de arte, cultura e tradicións populares*, (34), 32-41.
- Rodríguez, L. M. (21 de xaneiro de 2014). Vilanova dos Infantes rescata el recuerdo de su historia. *La Voz de Galicia.* Recuperado de https://cutt.ly/GjEnSe9

Data de inspección: 06/10/2019

A GRAÑA (Pontevedra)

20/12/2020

Aldea situada na Provincia de Pontevedra á que se accede polas referencias de diversos autores e *websites* sobre a posible existencia dunha comunidade hebrea.

SITUACIÓN DA XUDARÍA

A Graña é unha parroquia pertencente ó concello de Covelo, na serra do Suído no val alto do río Tea.

Segundo divulga o investigador Maximino Fernández Sendín no seu libro *A Graña y los Grañudos*, outra versión popular afirma que, despois do decreto de expulsión dos Reis Católicos e da persecución dos xudeus pola Inquisición, máis concretamente dos que vivían en Ribadavia, éstos **refúxianse nas montañas** (entre elas a Serra do Suído) onde podían seguir practicando as súas crenzas en segredo.

En similitude con este suceso, compróbase tamén que, noutros lugares como Belmonte (Portugal) os xudeus tamén fuxiron das vilas e refuxiáronse no montes.

A hipótese de refuxiarse na Graña vese reforzada por tratarse de un lugar sito nas rutas de tráfico de mercadorías coñecida polos xudeus, a Pontevedra, a Portugal, a Santiago de Compostela, etc.

Sefarad Galicia, afirma a exisitencia de xudeos nesta zona, baseándose na semellanza das construcións e *arruamentos* que aínda se conservan na Graña coas da xudaría de Ribadavia

→ Despois da inspección visual a ambas localidades, desterramos dita hipótese, xa que mentres na Graña as construcións máis antigas son de planta baixa e con carácter máis rural, en Ribadavia todas superan as dúas plantas e coa tipoloxía das vilas medievais (planta baixa e un ou dous andares superiores).

Existe un documento de **1752** do Arquivo Diocesano de Tui e divulgado por Maximino Fernández Sendín onde se di:

> "***é tradición que os habitantes da Graña proceden dos Xudeus expulsos por dona Isabel e por don Fernando".***

O control da Igrexa Católica faise presente e dende **1741** instaurase unha capela, unha casa de Monxas no Munxidouro e un penal da Inquisición, de ahí que se perderá o coñecemento da súa orixe xudea (Sefarad Galiza, 2015).

Segundo os textos divulgados por Sefarad Galiza e tamén polo investigador Maximino Fernández Sendín, os habitantes da Graña, seguiron practicando costumes ligadas con prácticas de cristiáns novos como son:

- A endogamia. Os grañudos non casaban con cristiáns vellos, practicaron a endogamia ata mediados do século XX. Na actualidade seguen a ser un grupo unido, segundo entrevista a varios habitantes, na actualidade viven a meirande parte en Vigo, tendo un bar específico onde se reúnen e practicamente só se relacionan entre eles. Na emigración en Venezuela, comentan veciños de lugares próximos á Graña e que estiveron emigrados con eles, que só se relacionaban entre eles.

- Comercio itinerante temporal. A actividade tradicional desenvolvida polos membros desta comunidade non é a de agricultores e gandeiros desenvolvida maioritariamente polas xentes da zona, e si a de mercadores de panos, tecidos, fíos, café, contrabandistas de sal e tamén

arrieiros. Entre os séculos XVI-XIX o mercado deste produto era monopolio real, estando taxado con grandes impostos. Polo tanto o sal era traído das salinas de Portugal polos grañudos até os mercados finos. A venda de tecidos realizábase entre os meses de setembro e abril de cada ano, ausentándose tanto homes como mulleres da Graña, ficando criadas ao cargo das casas e crianzas.

O comercio itinerante temporal permitía escaparse do control ó que estaban sometidos os falsos cristiáns por parte da Inquisición, non asistindo os domingos á misa ou non traballando nos sábados, e así podían practicar os seus ritos nas Xudarías do Miño. Volvían no verán e no entroido.

Na actualidade a maioría dos habitantes da Graña concéntranse en cidades como Vigo, Pontevedra e seguen a dedicarse ó tráfico comercial.

- Xustiza interna. Os conflitos arranxábanos entre eles sen recorrer á xustiza.

En canto á toponimia, atópase a existencia nun monte da parroquia de Campo denominado "Chan de Xudeus" ou "Sesteiro dos Xudeos". Aparece nomeado nun documento do ano 1560 e noutro do século XIX.

Cando as persoas aséntanse nun territorio e cultívano acaban por nomear aos lugares polos seus usos, polos traballos que tiveron que realizar para facelos produtivos, polas súas dimensións, etc. Son topónimos que proveñen do mundo medieval cando o uso e xestión do espazo empezou a estar presente a través da presión económica manifesta que se estaba exercendo sobre a terra e os seus poboadores (Ballesteros).

Definicións de Sesteiro:

- *parcela de pasto, delimitada con piedras definiendo lo que se conoce como* ***sesteiro.***
- *Alá levaban o gando nos veráns, aos sitios que os labregos chaman* ***sesteiros****: unhas zonas case que reservadas para o gando de cada aldea*
- 7. Os sesteiros son os lugares situados nas zonas altas da serra onde repousa o gando nas horas de máxima insolación. Normalmente estes espazos están acoutados no seu perímetro por un valo de pedra no que se integran os afloramentos graníticos que abundan na zona. Cada chozo tiña o seu sesteiro demarcando, deste xeito, a súa propia área de pastoreo

Descubertas na visita.

- Varias casas coas xambas biseladas e cruces no lado dereito da porta da entrada (ver fotos). Algún edificio con asimetría nas fachadas.

- As casas máis antigas son de planta terrea, de forma rectangular, con unha ou dúas portas e algunha pequena ventá. Un lado da planta estaba ocupado pola cociña e o outro lado polo gando, separada interiormente por unha parede de pedra ou madeira. Normalmente dende a cociña accedíase por unhas escaleiras ó sobrado para durmir por riba da corte. Case todas teñen forno no interior.

Cando as edificacións pasan a ter dous andares, a corte sitúase na planta baixa e no primeiro andar a vivenda.

EDIFICACIÓN 1

- Edificación de planta baixa con cruz na xamba lateral dereita da porta de entrada.
- Ten un forno dentro

EDIFICACIÓN 2

- Edificación de planta baixa con cruz na xamba lateral esquerda da porta de entrada.

EDIFICACIÓN 3

- Edificación de planta baixa e semi-soto con xambas biseladas na porta de entrada.

EDIFICACIÓN 4

- Edificación de planta baixa e semi-soto con patio e con inscrición con cruz na lumieira da porta.

OUTRAS EDIFICACIÓNS

- Cantos biselados nunha construción tradicional
- Canastros sen cruces

A SINAGOGA

Situada no lugar de Salcedo. A tradición popular sitúaa na planta baixa dunha edificación de dúas plantas, que conta cunha lumieira gravada enriba da porta de entrada, sen tradución coñecida, e con un arco no interior nada usual nas construcións da época.



Fonte: Autoría propia (2019).

Segundo o investigador Maximino Fernández Sendín, dita construción podería datarse no ano **1669** e o seu acceso faise a través de dúas portas.

Descubertas na visita.

- Arco de medio punto no interior.

A favor da hipótese de que esta edificación era destinada a sinagoga, aportase, entre outras consideracións, que:

1. A entrada principal é moito máis sinxela que o resto de igrexas históricas da cidade (as sinagogas presentan accesos moi sinxelos)
2. A porta de entrada non queda frente ó altar maior **(as sinagogas nunca tiñan a porta de entrada frente á orientación do templo para que ó sair da mesma non se dera nunca a espalda á *Torá*)**
3. A orientación do templo cara o leste; o pavimento interior do templo a un nivel inferior ao da rúa (as sinagogas tendían a situarse por debaixo do resto de templos cristiáns)

4. A similitude artística da planta do templo coas igrexas de Santa María la Blanca, de Toledo, e a Igrexa do Corpus Christi de Segovia, ambas inicialmente sinagogas
5. A presencia de un patio que recordaría os patios de acceso das sinagogas



Arco no interior da hipotética Sinagoga. Fonte: Autoría propia (2019).

Descártanse outras hipóteses de similitudes de dito arco con outros atopados noutras construcións próximas. Por exemplo os que formaban parte das adegas medievais, que segundo o historiador Xosé Luís Sobrado, pertencente ó grupo de investigación Chamoso Lamas, carece do apoio que distinguía ós situados nestas adegas.

CEMITERIO

- *Non foi identificado*

ACTIVIDADES DOCUMENTADAS

COMERCIAIS

Vendedores ambulantes de panos, fíos, telas, café, sal.

AGRICULTORES?

Vivían tamén da arrieiría (**transportaban e vendían viño** de Ribadavia a Pontevedra, Padrón ou Santiago), contrabandean coa sal provinte da fronteira Portuguesa a través de camiños secundarios ata a Graña, onde se almacenaba e se **comercializaba**. Tamén se dedicaban á venta de produtos (sobre todo telas), tanto nacional (Asturias, León, Castela) como internacionalmente (Venezuela), convivindo en grupos pechados. Segundo datos recollidos no Catastro da Ensenada aparecen reflexados un **elevado número de arrieiros que vivían na Graña**. (Fernández, 2017)

TEXTOS

FERNÁNDEZ SENDÍN, M. *A Graña y los grañudos. Estudio histórico antropológico*. Pontevedra, 1995.

BALLESTEROS ARIAS, P. *A Paisaxe gandeira na serra do Suído. A construción social do espazo a través da memoria*. Laboratorio de Patrimonio. Consello Superior de Investigacións Científicas. El Museo de Pontevedra, 2008.

VIGO (Pontevedra)

Data de inspección: 29/11/2019

Cidade situada na Provincia de Pontevedra á que se accede polas referencias de diversos autores e *websites* sobre a posible existencia dunha comunidade hebrea.

SITUACIÓN DA XUDARÍA

Non se coñece documentación sobre unha xudería como tal. Refírese a familias conversas: Coronel e Saraiva. Mercadores con gran caudal e influencia que os veciños. Facían reunións con fins pouco claros para celebrar bautizos, matrimonios, festividades do calendario xudeu. (XVI, XVII).

Descubertas na visita

- Cruz na xamba dunha porta
- Cantos biselados na *Casa de Zeta*
- Asimetría nas fachadas dalgunha vivenda



Fonte: Autoría propia (2019).

1. **POR TOPONIMIA,** Nomes de rúas que poderían dar algún indicio:

Según **Daniel Antomil Pérez** en "Los nombres de las calles de Vigo", 2005.

- Travesía de la Cruz: Calle desaparecida en la zona de Ferrería. Se debe referir a la **Cruz Verde**.
- Según recoge la historia oficial de la ciudad, la calle Cruz Verde lleva dicho nombre porque o bien hubo un **cuartel de la Inquisición** en torno al siglo XVIII -existió hasta entrado el XIX- o porque alguno de sus miembros relevantes tenía allí su vivienda, lo que parece más probable. Como es conocido, sus representantes lucían una cruz verde como distintivo.
- Herrería: Traducida a Rúa da Ferrería
- Herreros: Traducida a Rúa dos Ferreiros
- **Rúa da Amargura ahora rua dos Cesteiros**
  Por toponímia, existe en Pontevedra unha rúa co mesmo nome e que formaba parte do asentamento xudeo.
- A rúa do gremio cesteiro:

  *Y por allí, andaba aún en los años 50 del pasado siglo "**el judío**", que vendía de todo aunque más que nada de **estraperlo** en aquellos tiempos autárquicos del franquismo inicial y del racionamiento posbélico en que hasta un café o unas medias tenían que ser de contrabando*.

A SINAGOGA

- *Non foi identificada*

CEMITERIO

- *Non foi identificado*

ACTIVIDADES DOCUMENTADAS

Los mercados solo podían celebrarse intramuros y en ellos los labradores intercambiaban sus productos por manufacturas. El atrio de las iglesias era el único espacio del que disponían las ciudades, mientras que los talleres de artesanos debían instalarse en calles concretas. Con la concesión de la Feira Franca a Pontevedra, los mercaderes podían instalarse en la Feira Vella, mientras que ***A Ferrería*** *debió de poseer escasa* ***actividad ferial****, teniendo en cuenta que los principales tratos comerciales no se hacían en un mercado sino mediante cartas de fletamento ya que se utilizaban barcos (Juan Juega, 2012).*

ORIXE

- *Non se atopan datos*

OUTROS DATOS

1501*. El obispo le concede a Bouzas el derecho de tener alfolí, depósito de sal, y de carga y descarga de mercancías.*

1622*. Es nombrado Inquisidor de Galicia Diego Correa Ozores Sotomayor, de la casa de Valladares.*

1696*. Existen datos de uno de los alcaldes de la ciudad, Marcos Percero y Lira, que perteneció desde este año hasta 1699 a la Santa Inquisición. Las dependencias de esta organización estaban situadas en la Calle Cruz Verde.*

Data de inspección: 10/06/2020

23/11/2019

BAIONA (Pontevedra)

Vila situada na Provincia de Pontevedra á que se accede polas referencias de diversos autores e *websites* sobre a posible existencia dunha comunidade hebrea.

SITUACIÓN DA XUDARÍA

Nas listas de impostos reais de 1474 a 1491 aparece comunidade xudía en Baiona (Guimeráns Barros, 1994).

1. CONVENTO E HORTA DAS MADRES DOMINICANAS

Segundo **Sefarad Galiza** (2015), os xudeus asentaríanse en Baiona, na zona que ocupa na actualidade o convento e a horta das Madres Dominicanas (Orde Católica especializada na persecución e represión dos xudeus. Baséanse no publicado por Sierra Ponce de León en Historia de Baiona e o seu Patrimonio Monumental.



Situación da suposta xudaría. Fonte: Google Maps (2019).

Tamén divulgan que cando se publica o edito de expulsión, en marzo de 1492, en Baiona practicamente non quedaban Xudeus. Estes fuxiran para Portugal en busca de tolerancia e mellor xeito de vida.

Segundo Suso Vila (2016), historiador:

> *Estos importantes vínculos con Portugal son los que explican la relevancia de la presencia de familias judeo-conversas en la villa al igual que un comercio internacional que hacía de Baiona el mayor puerto comercial de Galicia a lo largo del siglo XVI y comienzos del XVII.*
>
> *El tráfico de vino, sal, pescado y madera serían los principales productos de exportación mientras que los paños ingleses, los cueros irlandeses, el trigo y otros artículos manufacturados llegaban a su puerto para abastecer la región.*
>
> *Desde comienzos del siglo XVI la presencia de familias cristiano nuevas va a ser cada vez más intensa. Al bautismo forzado de los judíos en Portugal en 1497 se sumaría el papel de la Inquisición portuguesa a partir de 1536 que llevaría a una migración de familias hacia el sur de Galicia, lugar donde el papel de la Inquisición era residual hasta que asiente en Santiago el Tribunal en 1574. Entre 1550 y 1570 se hace más visible la llegada de familias como los Coronel, Méndez, Paz, Acosta, Pereira, Saravia, Núñez, Ocampo, Henríquez, Álvarez, Rodríguez, Sierra entre otros.*

A SINAGOGA

- *Non foi identificada*

CEMITERIO

- *Non foi identificado*

ACTIVIDADES DOCUMENTADAS

Segundo Sefarad Galiza (2015), unha das principais actividades dos xudeus **nos portos de mar** durante a Idade Media foi a de traballar como **armadores de navíos** cos que practicar o **comercio.**

Segundo Vila (2016):

> *Los oficios que ocuparían los judeoconversos muestran la necesidad de la movilidad en el territorio y la facilidad para salir del reino tanto en su ubicación fronteriza como su residencia en puertos marítimos o sus proximidades*.

COMERCIAIS

O historiador Suso Vila (2016) tamén refire:

> *Importantes mercaderes como Duarte Coronel, Enrique Gómez, Enrique Méndez o Gregorio de Acosta tendrían su vecindad en Baiona. Su poder económico también se traducía en la relevancia social con el comerciante Jerónimo Coronel como regidor de Baiona a comienzos del siglo XVII.*
>
> *Los mercaderes Enrique Gómez, Marcial Thomas (su yerno) y Pablos Núñez, vecinos en Baiona, viajaban a Francia a finales del siglo XVI. Los principales puertos para sus negocios era Bayonne, Burdeaux y La Rochelle, lugares con una amplia tolerancia religiosa en esos momentos sobre todo Burdeaux cuando se autoriza la presencia judía a partir de 1550 por el monarca Enrique II con su carta magna para los sefardíes. Son precisamente estos viajes a lugares de acogida sefardí lo que provoca las sospechas sobre su fe católica (Estatutos de Limpieza de Sangre, Catedral de Tui, 1601) y la acumulación de pruebas contra la familia Coronel.*

ORFEBRES/PLATEIROS

> *Otro oficio representativo en Baiona será el de los plateros también vinculados a la tradición judía. Sebastián Rodríguez, Antonio Méndez, Joam de Sosa, Juan Rodríguez o Pedro Rodríguez entre otros dejarán sus trabajos en toda la comarca desde la colegiata de Baiona a la Catedral de Tui.*
> *Pero quizás la más conocida sea Beatriz Álvarez, viuda del platero Sebastián Rodríguez. Ante informaciones y rumores decide vender sus propiedades y marchar con su familia junto algunos conversos procedentes de Portugal que se acercaran a su casa cerca de Baiona huyendo de la Inquisición. Una carraca holandesa los embarcaria en 1595 y los transportaría a Flandes. Serían vistos entre las comunidades judías no sólo de los Países Bajos sino también de Florencia, lugar donde el padre de Beatriz Álvarez, Rodrigo Álvarez sería recibido como un rabí* (Vila, 2016).

ARRENDADOR DAS RENTAS REAIS

> *Duarte Coronel, importante comerciante, llega a ser regidor en Tui en 1572 y arrendador de las rentas reales de Baiona poco después. Este papel de arrendador en Baiona le llevaría a defender sus intereses económicos (además del tesoro real) contra la venta de productos en la villa sin el pago del impuesto correspondiente. Será el caso de la nao inglesa de Robert Cru que descarga trigo*

en Baiona en 1580 pero su venta posterior en las lonjas contravenía la regulación de impuestos. La reclamación judicial de Duarte Coronel revelaría la presencia en Baiona de un personaje como Bartolomé Cruel, hombre preto, o de William Allen (que vive en la casa de Rafael Cotón) como mozo encargado de la venta del trigo en la lonja de Gregorio Fernández (Vila, 2016).

POLÍTICOS

Jerónimo Coronel era regidor en Baiona en la primera mitad del siglo XVII (Vila, 2016)

CARREIRA ECLESIÁSTICA

La carrera eclesiástica también sería una vía de ascenso social. Además de los canónigos Francisco y Tomé de León Coronel en 1601 y 1616, el abad de Parada, Antonio Coronel, también pertenecería a esta destacada familia. Los Coronel fundarían una obra pía en Baiona heredada por los Acebedo por su parentesco con esta familia judeoconversa del obispado de Tui (Vila, 2016).

ORIXE

- *Non se atopan datos*

TEXTOS

- Vila, S. (27 de febreiro de 2016). Los conversos en Galicia y Portugal a través de los sambenitos de la Catedral de Tui. *Agai* [Blog]. Recuperado de https://cutt.ly/xjEQ1k5

Tui ha conservado los únicos sambenitos de Europa, entre los ***penitenciados*** *comprobamos* ***varios naturales de Baiona****, un hecho que muestra la gran* ***movilidad de estas familias*** *en el territorio y como las visitas de los inquisidores con la recogida de testificaciones provocaba un efecto en cadena al confesar alguno de los reos a sus familiares radicados en diferentes localidades.*

SALVATERRA DE MIÑO (Pontevedra)

Vila situada na Provincia de Pontevedra á que se accede polas referencias de diversos autores e *websites* sobre a posible existencia dunha comunidade hebrea.

SITUACIÓN DA XUDARÍA

Fundouna Afonso VIII de Galiza-León.
Ata **1643** pertencía a Portugal.
Don Manuel pediu aos seus oficiais para que fixeran relación de concellos con poboación xudía. Nesa altura tributaban 1500 reais por taxación xudía e dereitos reais (Galiza Sefarad, 2015).

A SINAGOGA

- *Non foi identificada*

CEMITERIO

- *Non foi identificado*

ACTIVIDADES DOCUMENTADAS

- *Non se atopan datos*

ORIXE

- *Non se atopan datos*

TEXTOS

- Galiza Sefarad (24 de agosto de 2015). Salvaterra do Miño. Recuperado de https://cutt.ly/WjEWgKZ

CALDAS DE REIS (Pontevedra)

Vila situada na Provincia de Pontevedra á que se accede polas referencias de diversos autores e *websites* sobre a posible existencia dunha comunidade hebrea.

SITUACIÓN DA XUDARÍA

En ocasiones, esta presencia se limitó a ***personajes viviendo aislados*** *dentro de las comunidades cristianas, como por ejemplo en Betanzos o en Caldas de Reis y Noia* (Antonio Rubio, 2012).

A SINAGOGA

- *Non foi identificada*

CEMITERIO

- *Non foi identificado*

ACTIVIDADES DOCUMENTADAS

COMERCIAIS

Segundo Galiza Sefarad (2015):

> *En Monforte, Caldas de Reis, ...venden nos postos dos mercados* (non se precisa se viven ou só asisten ós mercados).

ZAPATEIROS

> *"No ano 1391 documenta-se a presença dumha comunidade hebraica em Caldas de Reis. Trata-se dum traslado de testamento, no que figura, como testemunha "Rui Fernandes dito Judeu, Johán Filhos, sapateiro, moradores na dita vila de Caldas".*

ORIXE

- *Non se atopan datos*

TEXTOS

- Galiza Sefarad (9 de outubro de 2015). Caldas de Reis. Recuperado de https://cutt.ly/4jEWmqs